

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**12902** *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### Índice

- Título preliminar. Disposicións xerais.
- Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación da lei.
  - Sección 1.<sup>a</sup> Obxecto e ámbito de aplicación.
    - Artigo 1. Obxecto e finalidade.
    - Artigo 2. Ámbito de aplicación.
    - Artigo 3. Ámbito subxectivo.
  - Sección 2.<sup>a</sup> Negocios e contratos excluídos.
    - Artigo 4. Réxime aplicable aos negocios xurídicos excluídos.
    - Artigo 5. Negocios xurídicos e contratos excluídos no ámbito da defensa e da seguranza.
    - Artigo 6. Convenios e encomendas de xestión.
    - Artigo 7. Negocios xurídicos e contratos excluídos no ámbito internacional.
    - Artigo 8. Negocios e contratos excluídos no ámbito da investigación, do desenvolvemento e da innovación.
    - Artigo 9. Relacións xurídicas, negocios e contratos excluídos no ámbito do dominio público e no ámbito patrimonial.
    - Artigo 10. Negocios e contratos excluídos no ámbito financeiro.
    - Artigo 11. Outros negocios ou contratos excluídos.
- Capítulo II. Contratos do sector público.
  - Sección 1.<sup>a</sup> Delimitación dos tipos contractuais.
    - Artigo 12. Cualificación dos contratos.
    - Artigo 13. Contrato de obras.
    - Artigo 14. Contrato de concesión de obras.
    - Artigo 15. Contrato de concesión de servizos.
    - Artigo 16. Contrato de subministración.
    - Artigo 17. Contrato de servizos.
    - Artigo 18. Contratos mixtos.
  - Sección 2.<sup>a</sup> Contratos suxeitos a unha regulación harmonizada.
    - Artigo 19. Delimitación xeral.

Artigo 20. Contratos de obras, de concesión de obras e de concesión de servizos suxeitos a unha regulación harmonizada: limiar.

Artigo 21. Contratos de subministración suxeitos a unha regulación harmonizada: limiar.

Artigo 22. Contratos de servizos suxeitos a unha regulación harmonizada: limiar.

Artigo 23. Contratos subvencionados suxeitos a unha regulación harmonizada.

Sección 3.<sup>a</sup> Contratos administrativos e contratos privados.

Artigo 24. Réxime xurídico aplicable aos contratos do sector público.

Artigo 25. Contratos administrativos.

Artigo 26. Contratos privados.

Artigo 27. Xurisdición competente.

Libro primeiro. Configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos.

Título I. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público.

Capítulo I. Racionalidade e consistencia da contratación do sector público.

Artigo 28. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

Artigo 29. Prazo de duración dos contratos e de execución da prestación.

Artigo 30. Execución directa de prestacións por parte da Administración pública coa colaboración de empresarios particulares ou a través de medios propios non personificados.

Artigo 31. Potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal.

Artigo 32. Encargas dos poderes adxudicadores a medios propios personificados.

Artigo 33. Encargas de entidades pertencentes ao sector público que non teñan a consideración de poder adxudicador a medios propios personificados.

Capítulo II. Liberdade de pactos e contido mínimo do contrato.

Artigo 34. Liberdade de pactos.

Artigo 35. Contido mínimo do contrato.

Capítulo III. Perfección e forma do contrato.

Artigo 36. Perfección dos contratos.

Artigo 37. Carácter formal da contratación do sector público.

Capítulo IV. Réxime de invalidez.

Artigo 38. Supostos de invalidez.

Artigo 39. Causas de nulidade de dereito administrativo.

Artigo 40. Causas de anulabilidade de dereito administrativo.

Artigo 41. Revisión de oficio.

Artigo 42. Efectos da declaración de nulidade e efectos en supostos de anulabilidade.

Artigo 43. Causas de invalidez de dereito civil.

Capítulo V. Do recurso especial.

Artigo 44. Recurso especial en materia de contratación: actos impugnables.

Artigo 45. Órgano competente para resolver o recurso na Administración xeral do Estado.

Artigo 46. Órgano competente para resolver o recurso nas comunidades autónomas e entidades locais.

Artigo 47. Recursos contra actos de poderes adxudicadores que non sexan Administración pública e en relación con contratos subvencionados.

- Artigo 48. Lexitimación.
- Artigo 49. Solicitud de medidas cautelares.
- Artigo 50. Iniciación do procedemento e prazo.
- Artigo 51. Forma e lugar de interposición do recurso especial.
- Artigo 52. Acceso ao expediente.
- Artigo 53. Efectos derivados da interposición do recurso.
- Artigo 54. Comunicacions e notificacións.
- Artigo 55. Inadmisión.
- Artigo 56. Tramitación do procedemento.
- Artigo 57. Resolución do recurso especial.
- Artigo 58. Indemnizacións e multas.
- Artigo 59. Efectos da resolución do recurso especial.
- Artigo 60. Emprazamento das partes ante os órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

## Título II. Partes no contrato.

### Capítulo I. Órgano de contratación.

- Artigo 61. Competencia para contratar.
- Artigo 62. Responsable do contrato.
- Artigo 63. Perfil de contratante.
- Artigo 64. Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses.

### Capítulo II. Capacidade e solvencia do empresario.

#### Sección 1.<sup>a</sup> Aptitude para contratar co sector público.

##### Subsección 1.<sup>a</sup> Normas xerais e normas especiais sobre capacidade.

- Artigo 65. Condicións de aptitude.
- Artigo 66. Persoas xurídicas.
- Artigo 67. Empresas comunitarias ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

- Artigo 68. Empresas non comunitarias.
- Artigo 69. Unións de empresarios.
- Artigo 70. Condicións especiais de compatibilidade.

##### Subsección 2.<sup>a</sup> Prohibicións de contratar.

- Artigo 71. Prohibicións de contratar.
- Artigo 72. Apreciación da prohibición de contratar. Competencia e procedemento.
- Artigo 73. Efectos da declaración da prohibición de contratar.

##### Subsección 3.<sup>a</sup> Solvencia.

- Artigo 74. Exixencia de solvencia.
- Artigo 75. Integración da solvencia con medios externos.
- Artigo 76. Concreción das condicións de solvencia.

##### Subsección 4.<sup>a</sup> Clasificación das empresas.

- Artigo 77. Exixencia e efectos da clasificación.
- Artigo 78. Exención da exixencia de clasificación.
- Artigo 79. Criterios aplicables e condicións para a clasificación.
- Artigo 80. Acordos ou decisións de clasificación: competencia, eficacia, recurso e clasificacións diverxentes.
- Artigo 81. Inscripción rexistral da clasificación.
- Artigo 82. Prazo de vixencia e revisión das clasificacións.

Artigo 83. Comprobación dos elementos da clasificación.

Sección 2.<sup>a</sup> Acreditación da aptitude para contratar.

Subsección 1.<sup>a</sup> Capacidade de obrar.

Artigo 84. Acreditación da capacidade de obrar.

Subsección 2.<sup>a</sup> Prohibicións de contratar.

Artigo 85. Proba da non concorrencia dunha prohibición de contratar.

Subsección 3.<sup>a</sup> Solvencia.

Artigo 86. Medios de acreditar a solvencia.

Artigo 87. Solvencia económica e financeira.

Artigo 88. Solvencia técnica nos contratos de obras.

Artigo 89. Solvencia técnica nos contratos de subministración.

Artigo 90. Solvencia técnica ou profesional nos contratos de servizos.

Artigo 91. Solvencia técnica ou profesional nos restantes contratos.

Artigo 92. Concreción dos requisitos e criterios de solvencia.

Artigo 93. Acreditación do cumprimento das normas de garantía da calidade.

Artigo 94. Acreditación do cumprimento das normas de xestión ambiental.

Artigo 95. Documentación e información complementaria.

Subsección 4.<sup>a</sup> Proba da clasificación e da aptitude para contratar a través de rexistros ou listas oficiais de contratistas.

Artigo 96. Certificacións de rexistros de licitadores.

Artigo 97. Certificados comunitarios de empresarios autorizados para contratar.

Capítulo III. Sucesión na persoa do contratista.

Artigo 98. Supostos de sucesión do contratista.

Título III. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión.

Capítulo I. Normas xerais.

Artigo 99. Obxecto do contrato.

Artigo 100. Orzamento base de licitación.

Artigo 101. Valor estimado.

Artigo 102. Prezo.

Capítulo II. Revisión de prezos nos contratos das entidades do sector público.

Artigo 103. Procedencia e límites.

Artigo 104. Revisión en casos de demora na execución.

Artigo 105. Pagamento do importe da revisión.

Título IV. Garantías exhibibles na contratación do sector público.

Capítulo I. Garantías exhibibles nos contratos subscritos coas administracións públicas.

Sección 1.<sup>a</sup> Garantía provisional.

Artigo 106. Exixencia e réxime da garantía provisional.

Sección 2.<sup>a</sup> Garantía definitiva.

Artigo 107. Exixencia da garantía definitiva.

Artigo 108. Garantías definitivas admisibles.

Artigo 109. Constitución, reposición e reaxuste de garantías.

Artigo 110. Responsabilidades a que están afectas as garantías.

Artigo 111. Devolución e cancelación das garantías definitivas.

Sección 3.<sup>a</sup> Garantías prestadas por terceiros e preferencia na execución de garantías.

Artigo 112. Réxime das garantías prestadas por terceiros.

Artigo 113. Preferencia na execución de garantías.

Capítulo II. Garantías exixibles noutros contratos do sector público.

Artigo 114. Supostos e réxime.

Libro segundo. Dos contratos das administracións públicas.

Título I. Disposicións xerais.

Capítulo I. Das actuacións relativas á contratación das administracións públicas.

Sección 1.<sup>a</sup> Da preparación dos contratos das administracións públicas.

Artigo 115. Consultas preliminares do mercado.

Subsección 1.<sup>a</sup> Expediente de contratación.

Artigo 116. Expediente de contratación: iniciación e contido.

Artigo 117. Aprobación do expediente.

Artigo 118. Expediente de contratación en contratos menores.

Artigo 119. Tramitación urxente do expediente.

Artigo 120. Tramitación de emerxencia.

Subsección 2.<sup>a</sup> Pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas.

Artigo 121. Pregos de cláusulas administrativas xerais.

Artigo 122. Pregos de cláusulas administrativas particulares.

Artigo 123. Pregos de prescripcións técnicas xerais.

Artigo 124. Pregos de prescripcións técnicas particulares.

Artigo 125. Definición de determinadas prescripcións técnicas.

Artigo 126. Regras para establecer prescripcións técnicas.

Artigo 127. Etiquetas.

Artigo 128. Informes de probas, certificación e outros medios de proba.

Artigo 129. Información sobre as obrigacións relativas á fiscalidade, protección do ambiente, emprego e condicións laborais e de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade.

Artigo 130. Información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo.

Sección 2.<sup>a</sup> Da adxudicación dos contratos das administracións públicas.

Subsección 1.<sup>a</sup> Normas xerais.

Artigo 131. Procedemento de adxudicación.

Artigo 132. Principios de igualdade e transparencia e libre competencia.

Artigo 133. Confidencialidade.

Artigo 134. Anuncio de información previa.

Artigo 135. Anuncio de licitación.

Artigo 136. Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións.

Artigo 137. Redución de prazos en caso de tramitación urgente.

Artigo 138. Información a interesados.

Artigo 139. Proposicións dos interesados.

Artigo 140. Presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

Artigo 141. Declaración responsable e outra documentación.

Artigo 142. Admisibilidade de variantes.

Artigo 143. Poxa electrónica.

Artigo 144. Sucesión no procedemento.

Artigo 145. Requisitos e clases de criterios de adxudicación do contrato.

Artigo 146. Aplicación dos criterios de adxudicación.

Artigo 147. Criterios de desempate.

Artigo 148. Definición e cálculo do ciclo de vida.

Artigo 149. Ofertas anormalmente baixas.

Artigo 150. Clasificación das ofertas e adxudicación do contrato.

Artigo 151. Resolución e notificación da adxudicación.

Artigo 152. Decisión de non adxudicar ou subscribir o contrato e desistencia do procedemento de adxudicación por parte da Administración.

Artigo 153. Formalización dos contratos.

Artigo 154. Anuncio de formalización dos contratos.

Artigo 155. Comunicación aos candidatos e aos licitadores.

Subsección 2.<sup>a</sup> Procedemento aberto.

Artigo 156. Delimitación, prazos para presentar proposicións e prazo de publicación do anuncio de licitación.

Artigo 157. Exame das proposicións e proposta de adxudicación.

Artigo 158. Adxudicación.

Artigo 159. Procedemento aberto simplificado.

Subsección 3.<sup>a</sup> Procedemento restrinxido.

Artigo 160. Caracterización.

Artigo 161. Solicitudes de participación.

Artigo 162. Selección de candidatos.

Artigo 163. Contido das invitacións e información aos candidatos.

Artigo 164. Proposicións.

Artigo 165. Adxudicación.

Subsección 4.<sup>a</sup> Procedementos con negociación.

Artigo 166. Caracterización e delimitación da materia obxecto de negociación.

Artigo 167. Supostos de aplicación do procedemento de licitación con negociación.

Artigo 168. Supostos de aplicación do procedemento negociado sen publicidade.

Artigo 169. Tramitación do procedemento de licitación con negociación.

Artigo 170. Especialidades na tramitación do procedemento negociado sen publicidade.

Artigo 171. Información aos licitadores.

Subsección 5.<sup>a</sup> Diálogo competitivo.

Artigo 172. Caracterización.

Artigo 173. Primas ou compensacións.

Artigo 174. Apertura do procedemento e solicitudes de participación.

Artigo 175. Diálogo cos candidatos.

Artigo 176. Presentación, exame das ofertas e adxudicación.

Subsección 6.<sup>a</sup> Procedemento de asociación para a innovación.

Artigo 177. Caracterización do procedemento de asociación para a innovación.

Artigo 178. Selección de candidatos.

Artigo 179. Negociación e adxudicación da asociación.

Artigo 180. Estrutura da asociación para a innovación.

Artigo 181. Adquisicións derivadas do procedemento de asociación para a innovación.

Artigo 182. Configuración e seguimento da asociación para a innovación por parte do órgano de contratación.

Subsección 7.<sup>a</sup> Normas especiais aplicables aos concursos de proxectos.

Artigo 183. Ámbito de aplicación.

Artigo 184. Bases do concurso.

Artigo 185. Participantes.

Artigo 186. Publicidade.

Artigo 187. Xurado e decisión do concurso.

Sección 3.<sup>a</sup> Dos efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.

Subsección 1.<sup>a</sup> Efectos dos contratos.

Artigo 188. Réxime xurídico.

Artigo 189. Vinculación ao contido contractual.

Subsección 2.<sup>a</sup> Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos.

Artigo 190. Enumeración.

Artigo 191. Procedemento de exercicio.

Subsección 3.<sup>a</sup> Execución dos contratos.

Artigo 192. Incumplimento parcial ou cumprimento defectuoso.

Artigo 193. Demora na execución.

Artigo 194. Danos e perdas e imposición de penalidades.

Artigo 195. Resolución por demora e ampliación do prazo de execución dos contratos.

Artigo 196. Indemnización de danos e perdas causados a terceiros.

Artigo 197. Principio de risco e ventura.

Artigo 198. Pagamento do prezo.

Artigo 199. Procedemento para facer efectivas as débedas das administracións públicas.

Artigo 200. Transmisión dos dereitos de cobramento.

Artigo 201. Obrigacións en materia ambiental, social ou laboral.

Artigo 202. Condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, ambiental ou doutra índole.

Subsección 4.<sup>a</sup> Modificación dos contratos.

Artigo 203. Potestade de modificación do contrato.

Artigo 204. Modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares.

Artigo 205. Modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares: prestacións adicionais, circunstancias imprevisibles e modificacións non substanciais.

Artigo 206. Obrigatoriedade das modificacións do contrato.

Artigo 207. Especialidades procedementais.

Subsección 5.<sup>a</sup> Suspensión e extinción dos contratos.

Artigo 208. Suspensión dos contratos.

Artigo 209. Extinción dos contratos.

Artigo 210. Cumprimento dos contratos e recepción da prestación.

Artigo 211. Causas de resolución.

Artigo 212. Aplicación das causas de resolución.

Artigo 213. Efectos da resolución.

Subsección 6.<sup>a</sup> Cesión dos contratos e subcontratación.

Artigo 214. Cesión dos contratos.

Artigo 215. Subcontratación.

Artigo 216. Pagamentos a subcontratistas e subministradores.

Artigo 217. Comprobación dos pagamentos aos subcontratistas ou subministradores.

Capítulo II. Racionalización técnica da contratación.

Sección 1.<sup>a</sup> Normas xerais.

Artigo 218. Sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas.

Sección 2.<sup>a</sup> Acordos marco.

Artigo 219. Funcionalidade e límites.

Artigo 220. Procedemento de subscripción de acordos marco.

Artigo 221. Adxudicación de contratos baseados nun acordo marco.

Artigo 222. Modificación dos acordos marco e dos contratos baseados nun acordo marco.

Sección 3.<sup>a</sup> Sistemas dinámicos de adquisición.

Artigo 223. Delimitación.

Artigo 224. Implementación.

Artigo 225. Incorporación de empresas ao sistema.

Artigo 226. Adxudicación dos contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición.

Sección 4.<sup>a</sup> Centrais de contratación.

Subsección 1.<sup>a</sup> Normas xerais.

Artigo 227. Funcionalidade e principios de actuación.

Artigo 228. Creación de centrais de contratación por parte das comunidades autónomas e entidades locais.

Subsección 2.<sup>a</sup> Contratación centralizada no ámbito estatal. Sistema estatal de contratación centralizada.

Artigo 229. Réxime xeral.

Artigo 230. Adquisición centralizada de equipamentos e sistemas para o tratamento da información.

Título II. Dos distintos tipos de contratos das administracións públicas.

Capítulo I. Do contrato de obras.

Sección 1.<sup>a</sup> Actuacións preparatorias do contrato de obras.

Artigo 231. Proxecto de obras.



- Artigo 232. Clasificación das obras.
- Artigo 233. Contido dos proxectos e responsabilidade derivada da súa elaboración.
- Artigo 234. Presentación do proxecto por parte do empresario.
- Artigo 235. Supervisión de proxectos.
- Artigo 236. Implantación do proxecto.
- Sección 2.<sup>a</sup> Execución do contrato de obras.
  - Artigo 237. Comprobación da implantación.
  - Artigo 238. Execución das obras e responsabilidade do contratista.
  - Artigo 239. Forza maior.
  - Artigo 240. Certificacións e aboamentos á conta.
  - Artigo 241. Obras a tanto global e obras con prezo pechado.
- Sección 3.<sup>a</sup> Modificación do contrato de obras.
  - Artigo 242. Modificación do contrato de obras.
- Sección 4.<sup>a</sup> Cumprimento do contrato de obras.
  - Artigo 243. Recepción e prazo de garantía.
  - Artigo 244. Responsabilidade por vicios ocultos.
- Sección 5.<sup>a</sup> Resolución do contrato de obras.
  - Artigo 245. Causas de resolución.
  - Artigo 246. Efectos da resolución.
- Capítulo II. Do contrato de concesión de obras.
  - Sección 1.<sup>a</sup> Actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras.
    - Artigo 247. Estudo de viabilidade.
    - Artigo 248. Anteprojecto de construción e explotación das obras.
    - Artigo 249. Proxecto das obras e implantación deste.
    - Artigo 250. Pregos de cláusulas administrativas particulares.
  - Sección 2.<sup>a</sup> Efectos, cumprimento e extinción das concesións.
    - Artigo 251. Efectos, cumprimento e extinción.
  - Sección 3.<sup>a</sup> Construción das obras obxecto de concesión.
    - Artigo 252. Modalidades de execución das obras.
    - Artigo 253. Responsabilidade na execución das obras por parte de terceiros.
    - Artigo 254. Principio de risco e ventura na execución das obras.
    - Artigo 255. Modificación do proxecto.
    - Artigo 256. Comprobación das obras.
  - Sección 4.<sup>a</sup> Dereitos e obrigacións do concesionario e prerrogativas da Administración concedente.
    - Subsección 1.<sup>a</sup> Dereitos e obrigacións do concesionario.
      - Artigo 257. Dereitos do concesionario.
      - Artigo 258. Obrigacións do concesionario.
      - Artigo 259. Uso e conservación das obras.
      - Artigo 260. Zonas complementarias de explotación comercial.

- Subsección 2.<sup>a</sup> Prerrogativas e dereitos da Administración.
- Artigo 261. Prerrogativas e dereitos da Administración.
  - Artigo 262. Modificación das obras.
  - Artigo 263. Secuestro ou intervención da concesión.
  - Artigo 264. Penalidades por incumprimento do concesionario.
- Sección 5.<sup>a</sup> Réxime económico financeiro da concesión.
- Artigo 265. Financiamento das obras.
  - Artigo 266. Achegas públicas á construción e garantías ao financiamento.
  - Artigo 267. Retribución pola utilización das obras.
  - Artigo 268. Achegas públicas á explotación.
  - Artigo 269. Obras diferenciadas.
  - Artigo 270. Mantemento do equilibrio económico do contrato.
- Sección 6.<sup>a</sup> Financiamento privado.
- Subsección 1.<sup>a</sup> Emisión de títulos polo concesionario.
- Artigo 271. Emisión de obrigacións e outros títulos.
  - Artigo 272. Incorporación a títulos negociables dos dereitos de crédito do concesionario.
- Subsección 2.<sup>a</sup> Hipoteca da concesión.
- Artigo 273. Obxecto da hipoteca da concesión e peñor de dereitos.
  - Artigo 274. Dereitos do acredor hipotecario.
  - Artigo 275. Execución da hipoteca.
  - Artigo 276. Dereitos de titulares de cargas inscritas ou anotadas sobre a concesión para o caso de resolución concesional.
- Subsección 3.<sup>a</sup> Outras fontes de financiamento.
- Artigo 277. Créditos participativos.
- Sección 7.<sup>a</sup> Extinción das concesións.
- Artigo 278. Prórroga do prazo das concesións e extinción da concesión por transcurso do prazo.
  - Artigo 279. Causas de resolución.
  - Artigo 280. Efectos da resolución.
  - Artigo 281. Novo proceso de adjudicación en concesión de obras nos casos en que a resolución obedeza a causas non imputables á Administración.
  - Artigo 282. Determinación do tipo de licitación da concesión de obras nos casos en que a resolución obedeza a causas non imputables á Administración.
  - Artigo 283. Destino das obras no momento da extinción da concesión.
- Capítulo III. Do contrato de concesión de servizos.
- Sección 1.<sup>a</sup> Delimitación do contrato de concesión de servizos.
- Artigo 284. Ámbito do contrato de concesión de servizos.
- Sección 2.<sup>a</sup> Réxime xurídico.
- Subsección 1.<sup>a</sup> Actuacións preparatorias do contrato de concesión de servizos.
- Artigo 285. Pregos e anteproxecto de obra e explotación.

Subsección 2.<sup>a</sup> Efectos, cumprimento e extinción do contrato de concesión de servizos.

Artigo 286. Efectos, cumprimento e extinción.

Sección 3.<sup>a</sup> Execución do contrato de concesión de servizos.

Artigo 287. Execución do contrato de concesión de servizos.

Artigo 288. Obrigacións xerais.

Artigo 289. Prestacións económicas.

Sección 4.<sup>a</sup> Modificación do contrato de concesión de servizos.

Artigo 290. Modificación do contrato e mantemento do seu equilibrio económico.

Sección 5.<sup>a</sup> Cumprimento e efectos do contrato de concesión de servizos.

Artigo 291. Reversión.

Artigo 292. Falta de entrega de contraprestacións económicas e medios auxiliares.

Artigo 293. Incumplimento do concesionario.

Sección 6.<sup>a</sup> Resolución do contrato de concesión de servizos.

Artigo 294. Causas de resolución.

Artigo 295. Efectos da resolución.

Sección 7.<sup>a</sup> Subcontratación do contrato de concesión de servizos.

Artigo 296. Subcontratación.

Sección 8.<sup>a</sup> Regulación supletoria do contrato de concesión de servizos.

Artigo 297. Regulación supletoria.

Capítulo IV. Do contrato de subministración.

Sección 1.<sup>a</sup> Regulación de determinados contratos de subministración.

Artigo 298. Arrendamento.

Artigo 299. Contratos de fabricación.

Sección 2.<sup>a</sup> Execución do contrato de subministración.

Artigo 300. Entrega e recepción.

Artigo 301. Pagamento do prezo.

Artigo 302. Pagamento en metálico e noutros bens.

Artigo 303. Facultades da Administración no proceso de fabricación.

Sección 3.<sup>a</sup> Cumprimento do contrato de subministración.

Artigo 304. Gastos de entrega e recepción.

Artigo 305. Vicios ou defectos durante o prazo de garantía.

Sección 4.<sup>a</sup> Resolución do contrato de subministración.

Artigo 306. Causas de resolución.

Artigo 307. Efectos da resolución.

Capítulo V. Do contrato de servizos.

Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais.

Artigo 308. Contido e límites.

- Artigo 309. Determinación do prezo.  
Artigo 310. Réxime de contratación para actividades docentes.
- Sección 2.<sup>a</sup> Execución dos contratos de servizos.
- Artigo 311. Execución, responsabilidade do contratista e cumprimento dos contratos de servizos.  
Artigo 312. Especialidades dos contratos de servizos que impliquen prestacións directas a favor da cidadanía.
- Sección 3.<sup>a</sup> Resolución dos contratos de servizos.
- Artigo 313. Causas e efectos da resolución.
- Sección 4.<sup>a</sup> Da emenda de erros, indemnizacións e responsabilidades no contrato de elaboración de proxectos de obras.
- Artigo 314. Emenda de erros e corrección de deficiencias.  
Artigo 315. Indemnizacións por desviacións na execución de obras e responsabilidade por defectos ou erros do proxecto.
- Libro terceiro. Dos contratos doutros entes do sector público.
- Título I. Contratos dos poderes adjudicadores que non teñan a condición de administracións públicas.
- Artigo 316. Réxime xurídico.  
Artigo 317. Preparación e adjudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.  
Artigo 318. Adjudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada.  
Artigo 319. Efectos e extinción.  
Artigo 320. Da responsabilidade do contratista por defectos ou erros do proxecto.
- Título II. Contratos das entidades do sector público que non teñan o carácter de poderes adjudicadores.
- Artigo 321. Adjudicación de contratos das entidades do sector público que non teñan o carácter de poderes adjudicadores.  
Artigo 322. Efectos, modificación e extinción dos contratos. Responsabilidade do contratista por defectos ou erros do proxecto.
- Libro cuarto. Organización administrativa para a xestión da contratación.
- Título I. Órganos competentes en materia de contratación.
- Capítulo I. Órganos de contratación.
- Artigo 323. Órganos de contratación estatais.  
Artigo 324. Autorización para contratar.  
Artigo 325. Desconcentración.
- Capítulo II. Órganos de asistencia.
- Artigo 326. Mesas de contratación.  
Artigo 327. Mesa especial do diálogo competitivo ou do procedemento de asociación para a innovación.
- Capítulo III. Órganos consultivos.
- Artigo 328. Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.  
Artigo 329. Comité de cooperación en materia de contratación pública.

Artigo 330. Órganos consultivos en materia de contratación pública das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Artigo 331. Acheга de información por parte das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Artigo 332. Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación.

Artigo 333. A Oficina Nacional de Avaliación.

Artigo 334. Estratexia nacional de contratación pública.

Capítulo IV. Elaboración e remisión de información.

Artigo 335. Remisión de contratos ao Tribunal de Contas.

Artigo 336. Informes específicos sobre os procedementos para a adxudicación dos contratos.

Título II. Rexistros oficiais.

Capítulo I. Rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas.

Artigo 337. Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

Artigo 338. Inscricións e publicacións de oficio.

Artigo 339. Inscricións por solicitude dos interesados.

Artigo 340. Competencia para a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

Artigo 341. Rexistros de licitadores e empresas clasificadas das comunidades autónomas.

Artigo 342. Voluntariedade da inscrición.

Artigo 343. Actualización da información rexistral.

Artigo 344. Publicidade.

Artigo 345. Colaboración entre rexistros.

Capítulo II. Rexistro de Contratos do Sector Público.

Artigo 346. Rexistro de Contratos do Sector Público.

Título III. Xestión da publicidade contractual por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Artigo 347. Plataforma de contratación do sector público.

Disposición adicional primeira. Contratación no estranxeiro.

Disposición adicional segunda. Competencias en materia de contratación nas entidades locais.

Disposición adicional terceira. Normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

Disposición adicional cuarta. Contratos reservados.

Disposición adicional quinta. Publicación de anuncios.

Disposición adicional sexta. Disposicións aplicables ás universidades públicas.

Disposición adicional sétima. Bens integrantes do patrimonio histórico español.

Disposición adicional oitava. Contratos subscritos nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais.

Disposición adicional novena. Normas especiais para a contratación do acceso a bases de datos e a subscrición a publicacións.

Disposición adicional décima. Modificacións de contías, prazos e outras derivadas dos anexos de directivas comunitarias.

Disposición adicional décimo primeira. Actualización de cifras fixadas pola Unión Europea.

Disposición adicional décimo segunda. Cómputo de prazos.

Disposición adicional décimo terceira. Referencias ao imposto sobre o valor engadido.

Disposición adicional décimo cuarta. Substitución de letrados nas mesas de contratación.

Disposición adicional décimo quinta. Normas relativas aos medios de comunicación utilizables nos procedementos regulados nesta lei.

Disposición adicional décimo sexta. Uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos regulados na lei.

Disposición adicional décimo sétima. Requisitos específicos relativos ás ferramentas e aos dispositivos de recepción electrónica de documentos.

Disposición adicional décimo oitava. Garantía de accesibilidade para persoas con discapacidade.

Disposición adicional décimo novena. Concertos para a prestación de asistencia sanitaria subscritos pola Mutualidade de Funcionarios Cívís do Estado, pola Mutualidade Xeral Xudicial e polo Instituto Social das Forzas Armadas.

Disposición adicional vixésima. Regras especiais sobre competencia para adquirir equipamentos e sistemas para o tratamento da información e das comunicacións.

Disposición adicional vixésimo primeira. Contratos de subministración con empresas estranxeiras.

Disposición adicional vixésimo segunda. Adxudicación de contratos de concesión de obras e de concesión de servizos a sociedades de economía mixta.

Disposición adicional vixésimo terceira. Coordinación entre os órganos de resolución de recursos especiais en materia de contratación.

Disposición adicional vixésimo cuarta. Réxime xurídico da «Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P.» (Tragsa), e da súa filial «Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P.» (Tragsatec).

Disposición adicional vixésimo quinta. Protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional vixésimo sexta. Agrupacións europeas de cooperación territorial.

Disposición adicional vixésimo sétima. Adquisición centralizada de medicamentos, produtos e servizos sanitarios en relación co Sistema nacional de saúde.

Disposición adicional vixésimo oitava. Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas.

Disposición adicional vixésimo novena. Réxime dos órganos competentes para resolver os recursos da Administración xeral do Estado e entidades contratantes adscritas a ela.

Disposición adicional trixésima. Autorización do Consello de Ministros en concesións de autoestradas de competencia estatal.

Disposición adicional trixésimo primeira. Formalización conxunta de acordos marco para a contratación de servizos que faciliten a intermediación laboral.

Disposición adicional trixésimo segunda. Obrigación de presentación de facturas nun rexistro administrativo e identificación de órganos.

Disposición adicional trixésimo terceira. Contratos de subministracións e servizos en función das necesidades.

Disposición adicional trixésimo cuarta. Referencias a contratos de xestión de servizos públicos.

Disposición adicional trixésimo quinta. Publicación de datos en e-Certis e informe sobre o enderezo do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

Disposición adicional trixésimo sexta. Convocatoria da licitación de contratos de concesión de servizos especiais do anexo IV.

Disposición adicional trixésimo sétima. Contratos declarados secretos ou reservados.

Disposición adicional trixésimo oitava. Non incremento de gastos.

Disposición adicional trixésimo novena. Réxime de contratación de Portos do Estado e das autoridades portuarias.

Disposición adicional cuadraxésima. Operadores públicos do sector das telecomunicacións.

Disposición adicional cuadraxésimo primeira. Normas específicas de contratación pública de servizos de arquitectura, enxeñaría, consultoría e urbanismo.

Disposición adicional cuadraxésimo segunda. En relación coa actividade comercial do Museo Nacional do Prado e do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

Disposición adicional cuadraxésimo terceira. Natureza xurídica das contraprestacións económicas pola explotación de obras públicas ou pola prestación de servizos públicos en réxime de dereito privado.

Disposición adicional cuadraxésimo cuarta. Réxime de contratación dos órganos constitucionais do Estado e dos órganos legislativos e de control autonómicos.

Disposición adicional cuadraxésimo quinta. Remisión de contratos de concesión de obras e de concesión de servizos ao Comité Técnico de Contas Nacionais.

Disposición adicional cuadraxésimo sexta. Remisión de información relativa á contratación do sector público autonómico e local ao Comité Técnico de Contas Nacionais.

Disposición adicional cuadraxésimo sétima. Principios aplicables aos contratos de concesión de servizos do anexo IV e aos contratos de servizos de carácter social, sanitario ou educativo do anexo IV.

Disposición adicional cuadraxésimo oitava. Reserva de certos contratos de servizos sociais, culturais e de saúde a determinadas organizacións.

Disposición adicional cuadraxésimo novena. Lexislación das comunidades autónomas relativa a instrumentos non contractuais para a prestación de servizos públicos de carácter social.

Disposición adicional quincuaxésima. Paraísos fiscais.

Disposición adicional quincuaxésimo primeira. Pagamentos directos aos subcontratistas.

Disposición adicional quincuaxésimo segunda. Referencias na lei ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Disposición adicional quincuaxésimo terceira. Servizo público de noticias de titularidade estatal.

Disposición transitoria primeira. Expedientes iniciados e contratos adjudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. Determinación de contías por parte dos departamentos ministeriais respecto das entidades que teñan a consideración de poder adjudicador e que estean adscritas aos primeiros.

Disposición transitoria terceira. Inscripción no Rexistro de Licitadores no procedemento aberto simplificado do artigo 159.

Disposición transitoria cuarta. Estatutos dos medios propios personificados.

Disposición transitoria quinta. Instrucións internas de contratación.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Títulos competenciais.

Disposición derradeira segunda. Comunidade Foral de Navarra.

Disposición derradeira terceira. Comunidade Autónoma do País Vasco.

Disposición derradeira cuarta. Normas aplicables aos procedementos regulados nesta lei e aos medios propios personificados.

Disposición derradeira quinta. Incorporación de dereito comunitario.

Disposición derradeira sexta. Habilitación normativa en materia de uso de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, e uso de factura electrónica.

Disposición derradeira sétima. Fomento da realización de negocios e subscripción de contratos en materia de investigación, desenvolvemento e innovación.

Disposición derradeira oitava. Desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira novena. Modificación da Lei 8/1989, do 13 de abril, do réxime xurídico das taxas e dos prezos públicos.

Disposición derradeira décima. Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Disposición derradeira décimo primeira. Modificación da disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición derradeira décimo segunda. Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición derradeira décimo terceira. Modificación da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Disposición derradeira décimo cuarta. Modificación do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro.

Disposición derradeira décimo quinta. Modificación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición derradeira décimo sexta. Entrada en vigor.

Anexo I. Traballos recollidos no artigo 13.

Anexo II. Lista de produtos recollidos no artigo 21.1.a), no que se refire aos contratos de subministración adxudicados polos órganos de contratación no sector da defensa.

Anexo III. Información que debe figurar nos anuncios.

Anexo IV. Servizos especiais a que se refiren os artigos 22.1.c), 135.5 e a disposición adicional trixésimo sexta.

Anexo V. Listaxe de convenios internacionais no ámbito social e ambiental a que se refire o artigo 201.

Anexo VI. Códigos CPV dos servizos e subministracións a que se refire a disposición adicional cuarta, relativa aos contratos reservados.

## PREÁMBULO

### I

A lexislación de contratos públicos, de marcado carácter nacional, atopa, con todo, o fundamento de moitas das súas institucións máis alá das nosas fronteiras, en concreto, dentro da actividade normativa de institucións de carácter internacional, como é o caso da OCDE, de Uncitral –no ámbito da ONU– ou, especialmente, da Unión Europea. A exigencia da adaptación do noso dereito nacional a esta normativa deu lugar, nos últimos trinta anos, á maior parte das reformas que se foron realizando nos textos legais españois.

En concreto, a última Lei de contratos do sector público atopou a súa xustificación, entre outras razóns, na exigencia de incorporar ao noso ordenamento unha nova disposición comunitaria, a Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministración e de servizos.

Na actualidade, atopámonos ante un panorama lexislativo marcado pola denominada «Estratexia Europa 2020», dentro da cal a contratación pública desempeña un papel clave, debido a que se configura como un dos instrumentos baseados no mercado interior que deben ser utilizados para conseguir un crecemento intelixente, sustentable e integrador, garantindo ao mesmo tempo un uso con maior racionalidade económica dos fondos públicos.

Con este fin, aparecen as tres novas directivas comunitarias: a Directiva 2014/24/UE, sobre contratación pública; a Directiva 2014/25/UE, relativa á contratación por entidades que operan nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais, e a máis innovadora, xa que carece de precedente na normativa comunitaria, a Directiva 2014/23/UE, relativa á adxudicación de contratos de concesión.

Estas directivas constitúen a culminación dun proceso iniciado no seo da Unión Europea no ano 2010 que, despois de diversas propostas e negociacións, primeiro na Comisión, logo no Consello da Unión Europea e, finalmente, entre o Parlamento e o



Consello, foi finalmente aprobado por aquel, o 15 de xaneiro de 2014. Estas normas foron publicadas no DOUE o 28 de marzo de 2014.

As novas directivas substitúen a Directiva 2004/18/CE, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministración e de servizos, e a Directiva 2004/17/CE sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais, aprobadas hai agora unha década, e que foran traspostas ao ordenamento xurídico español a través da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público –posteriormente derogada e substituída polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro–, e da Lei 31/2007 do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais, respectivamente.

Con esta normativa, a Unión Europea deu por concluído un proceso de revisión e modernización das vixentes normas sobre contratación pública, que permitan incrementar a eficiencia do gasto público e facilitar, en particular, a participación das pequenas e medianas empresas (pemes) na contratación pública, así como permitir que os poderes públicos empreguen a contratación en apoio de obxectivos sociais comúns. Así mesmo, facíase preciso aclarar determinadas nocións e conceptos básicos para garantir a seguranza xurídica e incorporar diversos aspectos salientados pola xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea relativa á contratación pública, o que tamén foi un logro destas directivas.

## II

Os obxectivos que inspiran a regulación contida na presente lei son, en primeiro lugar, lograr unha maior transparencia na contratación pública e, en segundo lugar, conseguir unha mellor relación calidade-prezo.

Para lograr este último obxectivo por primeira vez, establécese a obrigação dos órganos de contratación de velar por que o deseño dos criterios de adxudicación permita obter obras, subministracións e servizos de gran calidade, concretamente mediante a inclusión de aspectos cualitativos, ambientais, sociais e innovadores vinculados ao obxecto do contrato.

Tamén se dá satisfacción aquí á necesidade de simplificar os trámites e, con iso, de impor unha menor burocracia para os licitadores e mellor acceso para as pemes. O proceso de licitación debe resultar máis simple, coa idea de reducir as cargas administrativas de todos os operadores económicos intervinientes neste ámbito. Beneficiaránse así tanto os licitadores como os órganos de contratación.

Introdúcense normas máis estritas tanto en beneficio das empresas como dos seus traballadores, de maneira que as novas normas endurecen as disposicións sobre esta materia nas denominadas ofertas «anormalmente baixas». Así, establécese que os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque non cumpren as obrigações aplicables en materia ambiental, social ou laboral.

Por último, convén sinalar que mediante a presente lei se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, relativa á adxudicación de contratos de concesión, institución de longa tradición xurídica no dereito español, e a Directiva 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, e déixase a transposición da Directiva 2014/25/UE, do 26 de febreiro de 2014, relativa á contratación por entidades que operan nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais, a outra lei específica que, así mesmo, incorporará ao ordenamento xurídico español a parte da Directiva 2014/23/UE que resulte de aplicación aos sectores citados.

Así mesmo, tamén hai que destacar que, aínda que o motivo determinante da presente lei é a transposición das dúas directivas citadas, non é o único. Así, esta lei, tendo como punto de partida a dita transposición, non se limita a iso, senón que trata de deseñar un sistema de contratación pública máis eficiente, transparente e íntegro, mediante o cal se consiga un mellor cumprimento dos obxectivos públicos, tanto a través da satisfacción das

necesidades dos órganos de contratación como mediante unha mellora das condicións de acceso e participación dos operadores económicos nas licitacións públicas e, desde logo, a través da prestación de mellores servizos aos seus usuarios.

### III

O sistema legal de contratación pública que se establece na presente lei persegue aclarar as normas vixentes, en prol dunha maior seguranza xurídica, e trata de conseguir que se utilice a contratación pública como instrumento para implementar as políticas tanto europeas como nacionais en materia social, ambiental, de innovación e desenvolvemento, de promoción das pemes e de defensa da competencia. Todas estas cuestións se constitúen como verdadeiros obxectivos da lei; perséguese en todo momento a eficiencia no gasto público e o respecto aos principios de igualdade de trato, non discriminación, transparencia, proporcionalidade e integridade.

Neste sistema séguese o esquema creado pola anterior regulación de 2007, que establece como un dos eixes da aplicación da lei o concepto de poder adjudicador, que se impón como consecuencia da incorporación ao dereito español da anterior directiva comunitaria de 2004. Así, tradicionalmente, a normativa de contratos públicos fíxose pivotar sobre o concepto de contrato da Administración pública. Porén, a incorporación das anteriores directivas comunitarias deu lugar a un cambio de formulación, que agora se mantén na nova lei, salvo o referente ás instrucións internas de contratación, e que permitían distinguir réximes xurídicos dos contratos públicos segundo a entidade contratante fose ou non un poder adjudicador. Con todo, este cambio de formulación non impide que a regulación dos contratos das administracións públicas, tanto nas súas disposicións xerais como respecto de cada tipo de contrato, siga sendo a parte troncal desta lei e a referencia de calquera contrato que subscriba unha entidade do sector público.

Desde un punto de vista obxectivo, o outro eixe fundamental en que se apoia o sistema da regulación dos contratos públicos contido na presente lei, como xa se facía na regulación anterior, é o relativo á distinción entre os contratos suxeitos a regulación harmonizada e aqueles que non o están, baseada na superación de certas contías económicas ou limiares comunitarios, o que nos permite, pola súa vez, diferenciar o réxime xurídico que se aplica a cada un deles, proveniente da anterior regulación de 2007 e que se mantén na actualidade.

### IV

O articulado desta lei estruturouse nun título preliminar, dedicado a recoller as disposicións xerais nesta materia, e catro libros sucesivos, relativos á configuración xeral da contratación do sector público e aos elementos estruturais dos contratos (libro I), a preparación dos contratos administrativos, a selección do contratista e a adjudicación destes contratos, así como os efectos, cumprimento e extinción destes contratos (libro II), os contratos doutros entes do sector público (libro III) e, por último, a organización administrativa para a xestión da contratación (libro IV).

As principais novidades que presenta esta lei introducíronse ao longo de todo o seu articulado, aínda que queda a salvo o réxime xurídico específico correspondente ao contrato de obras, ao de subministración e ao contrato de servizos, en cuxas disposicións non se incluíron, salvo en cuestións moi concretas, excesivas reformas.

No título preliminar, relativo ás disposicións xerais, mantense a existencia de tres niveis de aplicabilidade da lei respecto das entidades do sector público que configuran o seu ámbito e, así mesmo, mantense a tradicional configuración negativa ou de exclusión dos contratos e negocios non regulados nela.

Respecto da delimitación dos diferentes tipos de contratos, as principais novidades neste ámbito introducíronse na regulación do contrato de concesión, no contrato mixto e no contrato de colaboración público-privada que se suprime.

No ámbito das concesións, desaparece a figura do contrato de xestión de servizo público e, con iso, a regulación dos diferentes modos de xestión indirecta dos servizos públicos que se facía no artigo 277 do anterior texto refundido. Xorde, no seu lugar e en virtude da nova directiva relativa á adxudicación de contratos de concesión, a nova figura da concesión de servizos, que se engade dentro da categoría das concesións á xa existente figura da concesión de obras.

Sen prexuízo do anterior, mantense a posibilidade de que se adxudique directamente a unha sociedade de economía mixta un contrato de concesión de obras ou de concesión de servizos nos termos recollidos na disposición adicional vixésimo segunda, seguindo o criterio recollido polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea na Sentenza 196/08 no caso Acoset, e na Comunicación interpretativa da Comisión Europea relativa á aplicación do dereito comunitario en materia de contratación pública e concesións á colaboración público-privada institucionalizada, do 5 de febreiro de 2008.

No que respecta aos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos, merece destacarse que en ambas as figuras necesariamente debe haber unha transferencia do risco operacional da Administración ao concesionario; no artigo 14 da lei delimitábase, en liña co establecido na nova directiva de adxudicación de contratos de concesión, os casos en que se considerará que o concesionario asume o dito risco operacional.

Por outra banda, como é sabido, o contrato de xestión de servizos públicos ata a regulación desta lei era un suposto de xestión indirecta do servizo, o que implicaba que mediante este contrato a Administración lle encomendaba a un terceiro, o empresario (normalmente, o concesionario), que xestionase un determinado servizo público. O que xestionaba o servizo, por tanto, era o empresario ou o concesionario, polo que en todo o relativo á utilización do servizo supoñía o establecemento dunha relación directa entre o concesionario e o seu usuario.

Por iso, na medida en que o que xestionaba o servizo público e, por tanto, se relacionaba co usuario era o concesionario, era preciso determinar previamente o réxime xurídico básico dese servizo, que atribuíse as competencias e determinase as prestacións a favor dos administrados. Igualmente, había que establecer que a actividade que realizaba o concesionario quedaba asumida pola Administración respectiva, debido a que non era a Administración a que prestaba directamente ese servizo.

En definitiva, había dous tipos de relacións, a que se establecía entre a Administración e o empresario, concesionario, que era contractual (contrato de xestión de servizos públicos), e a que se establecía entre o concesionario e o usuario do servizo, que se regulaba pola normativa propia do servizo que se prestaba.

Polo contrario, nas prestacións susceptibles de seren obxecto dun contrato de servizos, quen as prestaba e, por tanto, se relacionaba co usuario era a Administración, quen, no caso de insuficiencia de medios, subscribía un contrato (contrato de servizos) cun empresario particular.

Pois ben, neste esquema incide a regulación da Directiva 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, relativa á adxudicación de contratos de concesión. Para esta directiva o criterio delimitador do contrato de concesión de servizos respecto do contrato de servizos é, como se dixo antes, quen asume o risco operacional. No caso de que o asuma o contratista, o contrato será de concesión de servizos. Pola contra, cando o risco operacional o asuma a Administración, estaremos ante un contrato de servizos.

Este criterio delimitador do contrato de concesión de servizos respecto do contrato de servizos foi asumido pola presente lei. Por iso, determinados contratos que conforme o réxime xurídico ata agora vixente se cualificaban como de xestión de servizos públicos, pero nos cales o empresario non asumía o risco operacional, pasan agora a ser contratos de servizos. Agora ben, este cambio de cualificación non supón unha variación na estrutura das relacións xurídicas que resultan deste contrato: mediante este o empresario pasa a xestionar un servizo de titularidade dunha Administración pública, polo que as relacións se establecen directamente entre o empresario e o usuario do servizo.

Por esta razón, na medida en que a diferenza entre o contrato a que se refire o parágrafo anterior e o contrato de concesión de servizos é a asunción ou non do risco operacional por parte do empresario, é preciso que todo o relativo ao réxime da prestación do servizo sexa similar. Por iso, introduciuse un artigo, o 312, onde se recollen as normas específicas do antigo contrato de xestión de servizos públicos relativas ao réxime substantivo do servizo público que se contrata e que na nova regulación son comúns tanto ao contrato de concesión de servizos cando estes son servizos públicos, o que será o caso máis xeral, como ao contrato de servizos, cando se refira a un servizo público que presta directamente o empresario ao usuario do servizo.

Para identificar estes contratos, que conforme a lexislación anterior eran contratos de xestión de servizos públicos e nesta lei pasan a ser contratos de servizos, acudiuse a unha das súas características: que a relación se establece directamente entre o empresario e o usuario do servizo; por iso se denominan contratos de servizos que comporten prestacións directas a favor dos cidadáns.

Por último, a este respecto a lei, seguindo a Directiva 2014/23/UE, non limita a concesión de servizos aos servizos que se poidan cualificar como servizos públicos. En consecuencia, establécese a aplicación específica e diferenciada de determinadas normas á concesión de servizos cando esta se refira a servizos públicos. Así, por exemplo, a aplicación das normas específicas destes servizos a que se facía referencia anteriormente, é dicir, o establecemento do seu réxime xurídico e, entre outras cuestións, os aspectos xurídicos, económicos e administrativos relativos á prestación do servizo (o que se denomina a súa «publicatio»), a imposibilidade de embargo dos bens afectos, o secuestro ou a intervención do servizo público, o rescate deste ou o exercicio de poderes de policía en relación coa boa marcha do servizo público de que se trate.

Por outra banda, debe sinalarse que os poderes públicos seguen tendo liberdade para prestar por si mesmos determinadas categorías de servizos, en concreto os servizos que se coñecen como servizos ás persoas, como certos servizos sociais, sanitarios, incluíndo os farmacéuticos e educativos, ou organizalos de maneira que non sexa necesario subscribir contratos públicos, por exemplo, mediante o simple financiamento destes servizos ou a concesión de licenzas ou autorizacións a todos os operadores económicos que cumpran as condicións previamente fixadas polo poder adjudicador, sen límites nin cotas, sempre que o dito sistema garanta unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación.

Na regulación do contrato mixto distínguese entre a preparación e adjudicación do contrato, onde se recollen as normas que establecen as directivas, e os efectos e extinción. Respecto da preparación e adjudicación, a regra xeral é que ao contrato mixto se lle aplican, segundo os casos, as normas do contrato cuxa prestación sexa a principal ou cuxo valor estimado sexa máis elevado. En canto aos efectos e extinción, a lei fai remisión ao que se estableza nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas.

Por outra banda, suprímese a figura do contrato de colaboración público-privada, como consecuencia da escasa utilidade desta figura na práctica. A experiencia demostrou que o obxecto deste contrato se pode realizar a través doutras modalidades contractuais, como é, fundamentalmente, o contrato de concesión.

No que respecta aos contratos de obras, subministracións e servizos subscritos no ámbito da defensa e seguranza, estes seguirán rexéndose pola súa correspondente lei específica, nos supostos nela determinados. Con todo, as concesións de obras e servizos subscritas nestes mesmos ámbitos si se suxeitan a esta lei.

Por último, no que respecta aos procedementos de contratación que teñan por obxecto contratos nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais, pretendeuse establecer un esquema lóxico e consecuente coas correspondentes directivas, para os efectos da aplicación a aqueles ben da presente lei ou ben da Lei de procedementos de contratación nos citados sectores. Así, rexeranse pola presente lei todos os contratos que subscriban as entidades que teñan a consideración de administracións públicas, independentemente do sector a que se refiran.

Pola súa banda, os contratos que subscriban as entidades que non gocen da consideración de administracións públicas rexeranse pola Lei de procedementos de contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais cando operen nestes ámbitos e os contratos superen os limiares establecidos na citada Lei de procedementos de contratación nos ditos sectores. Se, pola contra, as entidades que non gocen da consideración de administracións públicas subscriben contratos que non superen os mencionados limiares, aínda que a actividade se refira aos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais, aplicaráselles a presente lei.

No libro I, relativo á configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos, aparece en primeiro lugar unha nova regulación do chamado «medio propio» da Administración, encomendas de xestión ou aplicación práctica da técnica denominada «in house», que pasa agora a chamarse «encargas a medios propios». Así, atopamos os casos de encargas entre entidades do sector público, como supostos de execución directa de prestacións a través de medios propios personificados, distinguíndose entre a encarga feita por un poder adxudicador daquela que realizou outra entidade que non teña a consideración de poder adxudicador, e mantéñense os casos da execución directa de prestacións por parte da Administración pública coa colaboración de empresarios particulares ou a través de medios propios non personificados. Na lei, seguindo as directrices da nova directiva de contratación, aumentaron as exigencias que deben cumprir estas entidades, co que se evitan adxudicacións directas que poden menoscabar o principio de libre competencia. Atópanse aquí requisitos tales como que a entidade que teña o carácter de medio «propio» dispoña de medios persoais e materiais adecuados para cumprir a encarga que se lle faga, que solicítase autorización do poder adxudicador de que dependa, que non teña participación dunha empresa privada e que non poida realizar libremente no mercado máis dun 20 por cento da súa actividade.

Dentro do libro I suprímese a cuestión de nulidade, aínda que as súas causas se poderán facer valer a través do recurso especial en materia de contratación, e mantense a regulación do réxime de invalidez dos contratos do sector público e do recurso especial en materia de contratación.

Amplíase o ámbito de aplicación deste recurso, sen que a dita ampliación afecte a necesaria axilidade que debe ter o sistema na resolución destes recursos, que deixa de estar vinculado aos contratos suxeitos a regulación harmonizada, de tal maneira que se pode interpor no caso de contratos de obras, concesións de obras e de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros e contratos de servizos e de subministracións cuxo valor supere os cen mil euros.

O recurso, que mantén o carácter potestativo que ten na actualidade, terá efectos suspensivos automáticos sempre que o acto contra o cal se recorre sexa o de adxudicación, salvo no caso de contratos baseados nun acordo marco ou de contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición. Esta última excepción atopa o seu fundamento en que neste tipo de contratos un prazo suspensivo obrigatorio podería afectar os aumentos de eficiencia que se pretende obter con estes procedementos de licitación, tal e como establece o considerando 9 da Directiva 2007/66/CE pola que se modifican as directivas 89/665/CEE e 92/13/CEE no que respecta á mellora da eficacia nos procedementos de recurso en materia de adxudicación de contratos públicos.

Para concluír a referencia ao recurso especial, este poderase interpor contra os anuncios de licitación, pregos, documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación, actos de trámite que cumpran os requisitos desta lei, acordos de adxudicación adoptados por poderes adxudicadores, así como modificacións contractuais, encargas a medios propios sempre que non cumpran as condicións previstas nesta lei e acordos de rescate de concesións.

Tamén dentro do libro I se introduce unha norma especial relativa á loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses, mediante a cal se impón aos órganos de contratación a obriga de tomar as medidas adecuadas para loitar contra a fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación. En liña coas medidas para

loitar contra a corrupción, faise unha nova regulación das prohibicións de contratar, que aumenta os casos de prohibición e modifica a competencia, o procedemento e os efectos dunha declaración deste tipo; á vez que traspón as denominadas polas directivas comunitarias como «medidas de autocorrección», de maneira que determinadas prohibicións de contratar ben non se declararán ou ben non se aplicarán, segundo o caso, cando a empresa adoptase medidas de cumprimento destinadas a reparar os danos causados pola súa conduta ilícita, nas condicións que se regulan nesta lei.

Destaca tamén dentro deste libro a regulación do réxime de clasificación empresarial, no cal se inclúen as últimas novidades legislativas existentes nesta materia ata agora.

Así mesmo, revisáronse para os efectos da súa homoxeneización as diversas expresións que se utilizaban no texto refundido anterior para referirse ao valor dos contratos, por exemplo «contía» ou «importe do contrato», e reconducíronse na maior parte dos casos ao concepto de «valor estimado» do contrato, que resulta ser o correcto. Este concepto queda perfectamente delimitado na nova lei, do mesmo xeito que o están o de «orçamento base de licitación» e o de «prezo do contrato»; evítase, desta forma, calquera posible confusión entre eles.

Por outra banda, acomódanse as normas correspondentes á revisión de prezos nos contratos públicos ao disposto na Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, de maneira que a revisión de prezos non se fará con índices xerais, senón en función de índices específicos, que operarán a través de fórmulas que reflectan os compoñentes de custo da prestación contratada.

No libro II, dentro da parte correspondente á preparación dos contratos, incorpórase a regulación das consultas preliminares do mercado, coa finalidade de preparar correctamente a licitación e informar os operadores económicos acerca dos plans de contratación do órgano correspondente e dos requisitos que exixirá para concorrer ao procedemento.

Esténdese a regulación de novos medios de acreditación que confirmen que as obras, produtos, servizos, procesos ou procedementos de que se trata cumpren determinados requisitos; para iso incorpóranse aquí as novas etiquetas, informes de probas, certificacións e outros medios. Por outra banda, incorpórase o réxime comunitario de publicidade dos contratos establecidos nas novas directivas, o cal, dentro da marxe permitida por estas, se tentou simplificar o máis posible para facilitar o labor dos órganos de contratación á hora de publicar os distintos anuncios relativos aos contratos que subscriban.

Na regulación da adxudicación dos contratos das administracións públicas destaca especialmente a regulación da declaración responsable, cuxo contido recolle o establecido na nova directiva de contratación e garda coherencia co formulario do Documento europeo único de contratación establecido no Regulamento de execución (UE) 2016/7 da Comisión, do 5 de xaneiro de 2016, así como a definición e o cálculo do custo do ciclo de vida e das ofertas anormalmente baixas.

Na parte correspondente aos procedementos de adxudicación, ademais dos procedementos existentes ata a actualidade, como o aberto, o negociado, o dialogo competitivo e o restrinxido, que é un procedemento, este último, especialmente apto para a adxudicación dos contratos cuxo obxecto teña prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñaría e arquitectura, introdúcese un novo procedemento denominado asociación para a innovación, ao cal se fará referencia máis adiante.

No ámbito do procedemento aberto, créase a figura do procedemento aberto simplificado, que resultará de aplicación ata uns limiares determinados, e nace coa vocación de converterse nun procedemento moi áxil que, polo seu deseño, debería permitir que o contrato estivese adxudicado no prazo dun mes desde que se convoque a licitación. Os seus trámites simplifícanse ao máximo; por exemplo, presentárase a documentación nun só sobre; non se exixirá a constitución de garantía provisional; resultará obrigatoria a inscrición no Rexistro de Licitadores e a fiscalización do compromiso do gasto realizarase nun só momento, antes da adxudicación.

Respecto do procedemento negociado, suprímese a posibilidade do uso do procedemento negociado con e sen publicidade por razón da contía, suprímese a

aplicación deste procedemento respecto das obras e servizos complementarios, e aparece unha nova regulación das primas e compensacións que se poden entregar aos licitadores no diálogo competitivo.

Respecto da parte correspondente á execución dos contratos, hai que facer unha especial referencia á novidade que supón o réxime de modificación do contrato, en liña co establecido nas directivas comunitarias, que por primeira vez regulan esta materia, á subcontratación e ás medidas de racionalización técnica da contratación, estruturadas en dous elementos, os acordos marco e os sistemas dinámicos de adquisición; destaca aquí o novo réxime que se establece nesta lei respecto da contratación centralizada. Toda esta materia, a racionalización técnica da contratación, se regula nun capítulo específico dentro do título I do libro segundo, diferente das normas referidas á preparación e á adxudicación dos contratos, por canto aquela ten substantividade propia, e aínda que moitos dos artigos que a regulan entrarían dentro desa preparación e adxudicación dos contratos, tamén hai outros que regulan aspectos referidos aos efectos e á extinción.

No libro III recóllese a regulación dos contratos de poderes adxudicadores non Administración pública, onde a principal novidade é a supresión das instrucións de contratación, así como do resto de entes do sector público que non teñan o carácter de poderes adxudicadores, e establécese claramente a regulación que lles resulta aplicable. En efecto, como se dixo antes, suprímense para os contratos non suxeitos a regulación harmonizada as instrucións no caso dos poderes adxudicadores non administracións públicas, contratos que se deberán adxudicar polos mesmos procedementos establecidos para as ditas administracións públicas, aínda que se lles permite utilizar de forma indistinta calquera deles, con excepción do negociado sen publicidade, que só se poderá facer uso del nos mesmos supostos que as citadas administracións. Por outra banda, cabe destacar a introdución da necesaria autorización, logo de ditame do Consello de Estado, da Administración de tutela ou adscrición para modificacións superiores ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído, no caso de contratos de importe superior a seis millóns de euros.

No libro IV establécese un ambicioso esquema de tres órganos colexiados no ámbito estatal co dobre obxectivo de dar cumprimento ás obrigacións de gobernanza que establecen as directivas comunitarias e de combater as irregularidades na aplicación da lexislación sobre contratación pública.

En primeiro lugar, a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, que é designada como o punto de referencia para a cooperación coa Comisión Europea e, en consecuencia, se lle atribúe a obrigación de remisión dos informes que establecen as directivas comunitarias, e que continúa sendo o órgano específico de regulación e consulta en materia de contratación pública do sector público estatal.

Por outra banda, créase no seo da Xunta Consultiva o denominado Comité de cooperación en materia de contratación pública, principalmente, para articular un espazo de coordinación e cooperación en áreas de acción común coas comunidades autónomas e coas entidades locais, así como para elaborar a proposta de Estratexia nacional de contratación pública, sen que iso impida que as comunidades autónomas aproben estratexias, coherentes coa primeira, para os seus respectivos ámbitos territoriais.

En terceiro lugar, créase a Oficina de Supervisión da Contratación, tamén no ámbito estatal, con plena independencia orgánica e funcional, integrada por un presidente e catro vogais que gozan da condición de independentes e inamovibles, que debe render contas anualmente ás Cortes Xerais e ao Tribunal de Contas sobre as súas actuacións. Esta deberá coordinar a supervisión en materia de contratación pública dos poderes adxudicadores do conxunto do sector público coa finalidade de velar pola correcta aplicación da lexislación nesta materia, dado que as comunidades autónomas poden crear as súas propias oficinas de supervisión. A Oficina está facultada para dar traslado á Fiscalía ou aos órganos xudiciais ou administrativos competentes de feitos de que teña coñecemento e que sexan constitutivos de delito ou infracción. Adicionalmente, é o órgano competente para aprobar a xa mencionada Estratexia nacional, en cuxa execución se

verán involucrados os tres órganos que se citaron, así como os seus equivalentes no ámbito autonómico.

Adicionalmente, no libro IV faise unha nova regulación da mesa de contratación e da obriga de remisión de información de fiscalización ao Tribunal de Contas ou órgano correspondente da comunidade autónoma.

Por último, neste punto inclúese no anexo III do texto a información que debe figurar nos distintos anuncios, a cal foi normalizada pola Comisión Europea no Regulamento de execución 2015/1986 da Comisión, do 11 de novembro de 2015, polo que se establecen formularios normalizados para publicar anuncios no ámbito da contratación pública e se derroga o Regulamento de execución (UE) 842/2011.

#### V

Polo que respecta ao contido, tomando como referencia as directivas europeas e os principios que guiaron a elaboración desta lei, as principais novidades que presenta afectan, en primeiro lugar, o seu ámbito de aplicación, dentro do cal se estendeu o ámbito subxectivo, coa idea de aplicar estas normas a entidades non suxeitas.

Así, incluíronse os partidos políticos, as organizacións sindicais e as empresariais, así como as fundacións e asociacións vinculadas a calquera deles sempre que se cumpran determinadas circunstancias, como que o seu financiamento sexa maioritariamente público, e respecto dos contratos sometidos a regulación harmonizada. Por outra banda, adaptouse a tipoloxía das entidades incluídas dentro do ámbito subxectivo á establecida na nova Lei de réxime xurídico do sector público, Lei 40/2015, do 1 de outubro. No ámbito obxectivo de aplicación estruturáronse de forma máis definida os supostos de contratos e negocios xurídicos non incluídos na lexislación contractual, aclaráronse algúns supostos, como os contratos patrimoniais, e engadiuse algún caso novo, como os contratos que teñan por obxecto a realización de campañas políticas, que non seguirán as normas desta lei.

Inclúense nos contratos públicos consideracións de tipo social, ambiental e de innovación e desenvolvemento. Estas consideracións poderanse incluír tanto ao deseñarse os criterios de adxudicación como criterios cualitativos para avaliar a mellor relación calidade-prezo, ou como condicións especiais de execución, aínda que a súa introdución está supeditada a que se relacionen co obxecto do contrato que se vai subscribir. En particular, no caso das condicións especiais de execución, a lei impón a obriga de establecer no prego polo menos unha das condicións especiais de execución de tipo ambiental, social ou relativas ao emprego que se citan no artigo 202.

No ámbito ambiental, exíxenselles certificados de xestión ambiental ás empresas licitadoras, como condición de solvencia técnica, é dicir, para acreditar a experiencia ou o «bo facer» desa empresa no ámbito da protección do ambiente. Respecto dos temas sociais, séguense regulando os contratos reservados a centros especiais de emprego ou a posibilidade de reservar a súa execución no marco de programas de emprego protexido; esta reserva esténdese ás empresas de inserción e exíxenselles a todas as entidades citadas que teñan no seu persoal a porcentaxe de traballadores discapacitados que se estableza na súa respectiva regulación. No ámbito da discapacidade, recóllese como causa de prohibición de contratar coas entidades do sector público non cumprir o requisito de que polo menos o 2 por cento dos empregados das empresas de 50 ou máis traballadores sexan traballadores con discapacidade, cuestión xa adiantada mediante a modificación do ata agora vixente texto refundido da Lei de contratos do sector público pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ademais, co ánimo de favorecer o respecto cara aos dereitos humanos e, en especial, cara aos dereitos laborais básicos das persoas traballadoras e dos pequenos produtores de países en vías de desenvolvemento, introdúcese a posibilidade de que tanto os criterios de adxudicación como as condicións especiais de execución incorporen aspectos sociais do proceso de produción e comercialización referidos ás obras, subministracións ou servizos que se deban facilitar conforme o contrato de que se trate e, en especial, poderá exixirse que o dito proceso cumpra os principios de comercio xusto que establece a



Resolución do Parlamento Europeo sobre comercio xusto e desenvolvemento (2005/2245(INI)) no seu número 2.

No ámbito da innovación e desenvolvemento, coa idea de favorecer as empresas máis innovadoras, destaca especialmente a introdución do novo procedemento de asociación para a innovación, o cal se previu expresamente para aqueles casos en que resulte necesario realizar actividades de investigación e desenvolvemento respecto de obras, servizos e produtos innovadores, para a súa posterior adquisición por parte da Administración. Trátase, por tanto, de supostos en que as solucións dispoñibles no mercado non satisfagan as necesidades do órgano de contratación.

En relación con este novo procedemento, a nova directiva perfila un proceso en que, tras unha convocatoria de licitación, calquera empresario pode formular unha solicitude de participación e, logo desta, os candidatos que resulten seleccionados poderán formular ofertas, converténdose así en licitadores, no marco dun proceso de negociación. Este poderá desenvolverse en fases sucesivas e culminará coa creación da asociación para a innovación. Esta asociación para a innovación estruturarase, pola súa vez, en fases sucesivas, pero xa non terá lugar entre o órgano de contratación e os licitadores, senón entre aquel e un ou máis socios, e xeralmente culminará coa adquisición das subministracións, servizos ou obras resultantes.

Trátase, por tanto, dun procedemento no cal se poderían distinguir, esquematicamente, catro momentos diferenciados: a selección de candidatos, a negociación cos licitadores, a asociación cos socios e a adquisición do produto resultante. A este esquema responden os artigos da lei dedicados á regulación deste novo procedemento.

Con independencia das normas chamadas a facilitar a loita contra a fraude e a corrupción, inclúense novas normas tendentes ao fomento da transparencia nos contratos. Así, debe mencionarse, entre outras cuestións, a introdución dunha novidade significativa: a supresión do suposto de aplicación do procedemento negociado sen publicidade por razón de contía.

O dito procedemento, moi utilizado na práctica, resultaba moi áxil pero posuía un déficit de transparencia, ao carecer de publicidade, polo que se corría o risco de xerar desigualdades entre licitadores. Para paliar estas deficiencias, créase na lei un novo procedemento de adxudicación, o denominado procedemento aberto simplificado, xa citado anteriormente ao aludirse aos procedementos de adxudicación, no cal o proceso de contratación está concibido para que a súa duración sexa moi breve e a tramitación moi sinxela, pero sen descoidar, porén, as necesarias publicidade e transparencia no procedemento de licitación do contrato. Neste procedemento habilítase, ademais, unha tramitación especialmente sumaria para contratos de escasa contía, que debe supor a consolidación da publicidade e da eficiencia en calquera contrato público, de maneira que se reduza a contratación directa a situacións extraordinarias.

A todo o anterior debe engadirse a nova regulación da figura do perfil de contratante, máis exhaustiva que a anterior, que lle outorga un papel principal como instrumento de publicidade dos distintos actos e fases da tramitación dos contratos de cada entidade, así como a regulación do Rexistro de Contratos do Sector Público, no cal se inscribirán todos os contratos adxudicados polas entidades do sector público. Para estes efectos, será obrigatoria a comunicación dos datos relativos a todos os contratos subscritos por importe igual ou superior a cinco mil euros.

Co obxectivo de conseguir unha simplificación e redución das cargas administrativas, mantense o uso da declaración responsable, pero amplíase o espectro de casos en que se utiliza e régúlase pormenorizadamente o seu contido segundo o establecido na nova directiva de contratación e de forma coherente, como xa se sinalou, co formulario do Documento europeo único de contratación aprobado pola Comisión Europea.

Xunto a todo o anteriormente sinalado, debe necesariamente aludirse á decidida aposta que o novo texto legal realiza en favor da contratación electrónica, que establece como obrigatoria, nos termos sinalados nel, desde a súa entrada en vigor; anticipase, por tanto, aos prazos previstos no ámbito comunitario.

Como medidas en beneficio das pemes, inclúense neste texto legal as medidas que xa aparecían dentro da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, co que pasan a estar comprendidas dentro do seu ámbito natural de aplicación; e dáse un paso máis alá ao establecerse a obrigaón para o órgano de contratación, nos contratos que máis frecuentemente acoden á subcontratación, como son os de obras e de servizos dun determinado importe, de comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que o contratista principal fai ao subcontratista, así como o réxime máis rigorista que respecto dos prazos de pagamento deben cumprir tanto a Administración como o contratista principal, co fin de evitar a secuela da morosidade que pesa sobre as administracións públicas. Cúmrese así o disposto na Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Ademais das anteriores, atópanse aquí como medidas de apoio ás pemes todas as medidas de simplificación do procedemento e redución de cargas administrativas, introducidas co obxectivo de dar un decidido impulso ás empresas. Como medidas máis específicas, introduciuse unha nova regulación da división en lotes dos contratos (inverténdose a regra xeral que se utilizaba ata agora, xa que arestora se debe xustificar o expediente a non división do contrato en lotes, o que facilitará o acceso á contratación pública a un maior número de empresas); e inclúese, de forma nova, como criterio de solvencia que terá que xustificar o adxudicatario do contrato, cumprir cos prazos establecidos pola normativa vixente sobre pagamento a provedores, medida que pretende contribuír a que as pemes con que subcontrate o adxudicatario cobren os seus servizos en prazo.

Debe lembrarse que a política de fomento da contratación pública con pequenas e medianas empresas impregna as novas directivas de contratación pública, xa desde os seus primeiros considerandos, medida destacada na Estratexia Europa 2020, na cal a contratación pública desempeña un papel esencial e que se traslada ao ordenamento xurídico español mediante o presente texto legal.

Por último, non poden deixar de mencionarse as medidas incorporadas na lei en materia de defensa da competencia, co fin de que se produza un avance significativo neste ámbito, con medidas que perseguen a súa realización efectiva. Así, por exemplo, prevese a obrigaón de pór á disposición da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia unha maior información en materia de contratación pública (por exemplo, remitíraselle copia do informe de supervisión que na materia se debe enviar cada tres anos á Comisión Europea).

Especialmente destacable resulta, ademais, a regulación que realiza o artigo 150.1 da lei ao prever que as mesas de contratación lle poidan trasladar, con carácter previo á adxudicación do contrato, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou, de ser o caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente indicios fundados de condutas colusorias no procedemento de contratación. O procedemento a través do cal se pronunciarán aquelas será sumarísimo e será definido regulamentariamente. Si se establecen na lei, con todo, os efectos suspensivos no procedemento de contratación do dito traslado.

## VI

Nas súas disposicións derradeiras, a lei modifica a regulación establecida en determinadas normas tributarias.

Así, aclárase a natureza xurídica das tarifas que aboan os usuarios pola utilización das obras ou pola recepción dos servizos, tanto nos casos de xestión directa destes, a través da propia Administración, como nos supostos de xestión indirecta, a través de concesionarios, como prestacións patrimoniais de carácter público non tributario. Para estes efectos, dáselles nova redacción á disposición adicional primeira da Lei 58/2013, do 17 de decembro, xeral tributaria; ao artigo 20 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao

cal se lle engade un novo número 6, e ao artigo 2 da Lei 8/1989, do 13 de abril, do réxime xurídico das taxas e dos prezos públicos, ao cal se lle engade unha nova letra c).

Igualmente, é precisa a modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, coa finalidade de aclarar a non suxeición ao imposto de determinadas operacións realizadas por entes públicos, así como clarificar o concepto de subvención vinculada a prezo para efectos da súa inclusión na base imponible do IVE.

A Lei 28/2014, do 27 de novembro, modificou o artigo 7.8.º da Lei do IVE co obxectivo de establecer a non suxeición das operacións que as administracións públicas realicen sen contraprestación ou con contraprestación de natureza tributaria, así como dos servizos que as entidades do sector público prestan no ámbito interno ás administracións públicas de que dependen.

Con todo, a normativa comunitaria establece expresamente unha serie de sectores de actividade que, en todo caso, deben quedar suxeitos ao imposto aínda que sexan realizados por unha Administración pública, e que se sinalan na propia lei. Dentro destas actividades, o mesmo acomodo á normativa e xurisprudencia comunitarias (Sentenza do 22 de xuño de 2016, do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, ditada no asunto Český Rozhlas) exige clarificar o réxime de suxeición da actividade de radiotelevisión efectuada polas entidades do sector público, que só deben quedar suxeitas ao imposto e ser xeradoras do dereito á dedución cando teñan carácter comercial.

Por todo o anterior dáse unha nova redacción ao ordinal 8.º do artigo 7 da Lei do IVE.

Por outra banda, faise necesario excluír, desde a entrada en vigor desta modificación normativa, da consideración de subvencións vinculadas ao prezo das operacións que constitúen a base imponible das operacións suxeitas ao IVE aquelas achegas financeiras que as administracións públicas realizan ao operador de determinados servizos de competencia pública cando non existe distorsión da competencia, xeralmente porque ao tratarse de actividades financiadas total ou parcialmente pola Administración non se prestan en réxime de libre concorrencia, por exemplo, os servizos de transporte municipal ou determinadas actividades culturais financiadas con estas achegas.

Estas achegas financeiras que non constitúen subvencións vinculadas ao prezo das operacións non limitarán o dereito á dedución do imposto soportado por estes operadores.

Con independencia do anterior, parece razoable excluír do concepto de subvención vinculada ao prezo as achegas efectuadas pola Administración pública para financiar actividades de interese xeral cuxo destinatario é o conxunto da sociedade, ao non existir un destinatario identificable nin tampouco usuarios que satisfagan ningunha contraprestación. Este sería o caso das achegas efectuadas para financiar actividades de investigación, desenvolvemento e innovación ou os servizos de radiodifusión pública, nas condicións sinaladas, sen prexuízo das consecuencias que diso poidan derivar en canto ao exercicio do dereito á dedución.

Con independencia do anterior, e co obxectivo de facilitar a determinación do réxime de dedución das entidades do sector público que realizan simultaneamente operacións suxeitas e non suxeitas ao imposto, dáse nova redacción ao artigo 93.cinco.

Procede adaptar o vixente réxime de financiamento do servizo público de noticias de titularidade estatal, prestado pola sociedade mercantil estatal Agencia EFE, S.A.U. ás exixencias do artigo 106 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, de conformidade coa Decisión da Comisión Europea do 9 de decembro de 2016. A adaptación, suxeita a reserva de lei en virtude do disposto en artigo 128, número 2, da Constitución española, exige regular os requisitos básicos deste servizo público, definindo a súa función e o método para o cálculo das modalidades de compensación con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### CAPÍTULO I

#### Obxecto e ámbito de aplicación da lei

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Obxecto e ámbito de aplicación*

##### Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. A presente lei ten por obxecto regular a contratación do sector público, co fin de garantir que esta se axusta aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e co principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, á adquisición de bens e á contratación de servizos mediante a exigencia da definición previa das necesidades que se deban satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

2. É igualmente obxecto desta lei a regulación do réxime xurídico aplicable aos efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos, en atención aos fins institucionais de carácter público que a través deles se tratan de realizar.

3. En toda contratación pública se incorporarán de maneira transversal e preceptiva criterios sociais e ambientais sempre que garden relación co obxecto do contrato, na convicción de que a súa inclusión proporciona unha mellor relación calidade-prezo na prestación contractual, así como unha maior e mellor eficiencia na utilización dos fondos públicos. Igualmente, facilitarase o acceso á contratación pública das pequenas e medianas empresas, así como das empresas de economía social.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Son contratos do sector público e, en consecuencia, están sometidos a esta lei, na forma e nos termos previstos nela, os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que subscriban as entidades enumeradas no artigo 3.

Entenderase que un contrato ten carácter oneroso nos casos en que o contratista obteña algún tipo de beneficio económico, xa sexa de forma directa ou indirecta.

2. Están tamén suxeitos á presente lei, nos termos que nela se sinalan, os contratos subvencionados por entidades que teñan a consideración de poderes adxudicadores que subscriban outras persoas físicas ou xurídicas nos supostos previstos no artigo 23, relativo aos contratos subvencionados suxeitos a unha regulación harmonizada.

3. A aplicación desta lei aos contratos que subscriban as comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local, ou os organismos dependentes delas, así como aos contratos subvencionados por calquera destas entidades, efectuarase nos termos previstos na disposición derradeira primeira da presente lei, relativa aos títulos competenciais.

4. Para os efectos de identificar as prestacións que son obxecto dos contratos regulados nesta lei, utilizarase o Vocabulario común de contratos públicos, aprobado polo Regulamento (CE) n.º 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), ou normativa comunitaria que o substitúa.

Artigo 3. *Ámbito subxectivo.*

1. Para os efectos desta lei, considérase que forman parte do sector público as seguintes entidades:

a) A Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla e as entidades que integran a Administración local.

b) As entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social.

c) Os organismos autónomos, as universidades públicas e as autoridades administrativas independentes.

d) Os consorcios dotados de personalidade xurídica propia a que se refire a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a lexislación de réxime local, así como os consorcios regulados pola lexislación alfandegueira.

e) As fundacións públicas. Para os efectos desta lei, entenderase por fundacións públicas aquelas que reúnan algún dos seguintes requisitos:

1.º Que se constituán de forma inicial, cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, dunha ou varias entidades integradas no sector público, ou ben reciban a dita achega con posterioridade á súa constitución.

2.º Que o patrimonio da fundación estea integrado en máis dun 50 por cento por bens ou dereitos achegados ou cedidos por suxeitos integrantes do sector público con carácter permanente.

3.º Que a maioría de dereitos de voto no seu padroado corresponda a representantes do sector público.

f) As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.

g) As entidades públicas empresariais a que se refire a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e calquera entidade de dereito público con personalidade xurídica propia vinculada a un suxeito que pertenza ao sector público ou dependente del.

h) As sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, de entidades das mencionadas nas letras a), b), c), d), e), g) e h) do presente número sexa superior ao 50 por 100, ou nos casos en que, sen superar esa porcentaxe, se encontre respecto das referidas entidades no suposto previsto no artigo 5 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

i) Os fondos sen personalidade xurídica.

j) Calquera entidade con personalidade xurídica propia que fose creada especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teña carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos pertencentes ao sector público financien maioritariamente a súa actividade, controlen a súa xestión ou nomeen máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

k) As asociacións constituídas polas entidades mencionadas nas letras anteriores.

l) Para os efectos desta lei, enténdese que tamén forman parte do sector público as deputacións forais e as xuntas xerais dos territorios históricos do País Vasco no que respecta á súa actividade de contratación.

2. Dentro do sector público, e para os efectos desta lei, terán a consideración de administracións públicas as seguintes entidades:

a) As mencionadas nas letras a), b), c) e l) do punto primeiro do presente artigo.

b) Os consorcios e outras entidades de dereito público en que, dándose as circunstancias establecidas na letra d) do número seguinte para poder ser considerados poder adxudicador e estando vinculados a unha ou varias administracións públicas ou dependentes delas, non se financien maioritariamente con ingresos de mercado. Enténdese que se financian maioritariamente con ingresos de mercado cando teñan a consideración de produtor de mercado de conformidade co Sistema europeo de contas.

3. Consideraranse poderes adxudicadores, para os efectos desta lei, as seguintes entidades:

- a) As administracións públicas.
- b) As fundacións públicas.
- c) As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.
- d) Todas as demais entidades con personalidade xurídica propia distintas das expresadas nas letras anteriores que fosen creadas especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos que deban considerarse poder adxudicador de acordo cos criterios deste número 3, ben financien maioritariamente a súa actividade, ben controlen a súa xestión ou ben nomeen máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.
- e) As asociacións constituídas polas entidades mencionadas nas letras anteriores.

4. Os partidos políticos, no sentido definido no artigo 1 da Lei orgánica 8/2007, de financiamento dos partidos políticos, así como as organizacións sindicais reguladas na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e as organizacións empresariais e asociacións profesionais a que se refire a Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, ademais das fundacións e asociacións vinculadas a calquera deles, cando cumpran os requisitos para seren poder adxudicador de acordo coa letra d) do número 3 do presente artigo, e respecto dos contratos suxeitos a regulación harmonizada, deberán actuar conforme os principios de publicidade, concorrencia, transparencia, igualdade e non discriminación, sen prexuízo do respecto á autonomía da vontade e da confidencialidade cando sexa procedente.

Os suxeitos obrigados deberán aprobar unhas instrucións internas en materia de contratación que se adecuarán ao previsto no parágrafo anterior e á normativa comunitaria, e que deberán ser sometidas a informe antes da súa aprobación por parte do órgano ao cal lle corresponda o seu asesoramento xurídico. Estas instrucións deberanse publicar nas súas respectivas páxinas web.

5. Así mesmo, quedarán suxeitas a esta lei as corporacións de dereito público cando cumpran os requisitos para seren poder adxudicador de acordo co punto terceiro, letra d), do presente artigo.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Negocios e contratos excluídos*

**Artigo 4.** *Réxime aplicable aos negocios xurídicos excluídos.*

As relacións xurídicas, os negocios e os contratos citados nesta sección quedan excluídos do ámbito da presente lei e rexeranse polas súas normas especiais, e aplicaranse os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

**Artigo 5.** *Negocios xurídicos e contratos excluídos no ámbito da defensa e da seguranza.*

1. Quedan excluídos do ámbito da presente lei os convenios incluídos no ámbito do artigo 346 do Tratado de funcionamento da Unión Europea que se conclúan no sector da defensa e da seguranza.

2. Exclúense, así mesmo, do ámbito da presente lei os contratos de obras, subministracións e servizos que se subscriban no ámbito da seguranza ou da defensa que estean comprendidos dentro do ámbito de aplicación da Lei 24/2011, do 1 de agosto, de contratos do sector público, nos ámbitos da defensa e da seguranza, así como os contratos nos cales non resulte de aplicación a citada lei en virtude do seu artigo 7.

Quedan tamén excluídos os contratos de concesións de obras e concesións de servizos que se subscriban no ámbito da seguranza e da defensa nos cales concorra algunha das circunstancias seguintes:

a) Que sexan adxudicados no marco dun programa de cooperación baseado na investigación e no desenvolvemento dun novo produto e, de ser o caso, tamén relacionados co seu ciclo de vida ou partes do dito ciclo, sempre que participen no programa polo menos dous Estados membros da Unión Europea.

b) Os que se adxudiquen nun terceiro Estado non membro da Unión Europea para efectuar compras, incluídas as de carácter civil, cando as Forzas Armadas estean despregadas fóra do territorio da Unión e as necesidades operativas fagan necesario que estes contratos se conclúan con empresarios situados na zona de operacións. Para os efectos desta lei, entenderanse incluídos na zona de operacións os territorios de influencia desta e as bases loxísticas avanzadas.

c) As concesións que se adxudiquen a outro Estado en relación con obras e servizos directamente relacionados co equipamento militar sensible, ou obras e servizos especificamente con fins militares, ou obras e servizos sensibles.

3. O establecido nos dous puntos anteriores aplicarase mesmo no caso de que parte das prestacións correspondentes estean sometidas a esta lei, e non se optase por adxudicar un contrato separado por cada unha das distintas prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

Con todo, constituirá unha condición necesaria para aplicar o sinalado no parágrafo anterior o feito de que non se exerza a opción entre adxudicar un único contrato ou varios contratos por separado, co obxectivo de excluír o contrato ou contratos do ámbito de aplicación da presente lei.

4. Quedan tamén excluídos do ámbito da presente lei os contratos e convenios que se subscriban nos ámbitos da defensa ou da seguranza e que deban adxudicarse de conformidade cun procedemento de contratación específico que fose establecido dalgunha das seguintes maneiras:

a) En virtude dun acordo ou convenio internacional realizado de conformidade co Tratado de funcionamento da Unión Europea cun ou varios Estados non signatarios deste último, relativo ás obras, subministracións ou servizos que resulten necesarios para a explotación ou o desenvolvemento conxunto dun proxecto por parte dos Estados asinantes.

b) En virtude dun acordo ou convenio internacional relativo ao estacionamento de tropas e que se refira ás empresas dun Estado membro da Unión Europea ou dun terceiro Estado.

c) En virtude das normas de contratación establecidas por unha organización internacional ou por unha institución financeira internacional cando, ademais, os contratos que se adxudiquen estean financiados integramente ou na súa maior parte por esa institución.

#### Artigo 6. *Convenios e encomendas de xestión.*

1. Quedan excluídos do ámbito da presente lei os convenios cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais subscritos entre si pola Administración xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as universidades públicas, as comunidades autónomas e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións:

a) As entidades intervenientes non deben ter vocación de mercado, a cal se presumirá cando realicen no mercado aberto unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por

cento das actividades obxecto de colaboración. Para calcular a dita porcentaxe tomarase en consideración a media do volume de negocios total ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos soportados considerados en relación coa prestación que constituía o obxecto do convenio nos tres exercicios anteriores á adxudicación do contrato. Cando, debido á data de creación ou de inicio de actividade ou á reorganización das actividades, o volume de negocios ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos, non estivesen dispoñibles respecto dos tres exercicios anteriores ou perdesen a súa vixencia, será suficiente con demostrar que o cálculo do nivel de actividade se corresponde coa realidade, en especial, mediante proxeccións de negocio.

b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se prestan de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.

c) Que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

2. Estarán tamén excluídos do ámbito da presente lei os convenios que subscriban as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais.

3. Así mesmo, quedan excluídas do ámbito da presente lei as encomendas de xestión reguladas na lexislación vixente en materia de réxime xurídico do sector público.

#### *Artigo 7. Negocios xurídicos e contratos excluídos no ámbito internacional.*

1. Exclúense do ámbito da presente lei os acordos que realice o Estado con outros Estados ou con outros suxeitos de dereito internacional.

2. Estarán tamén excluídos do ámbito da presente lei os contratos que se deban adxudicar de conformidade cun procedemento de contratación específico que fose establecido en virtude dun instrumento xurídico, realizado de conformidade co Tratado de funcionamento da Unión Europea cun ou con varios Estados non signatarios deste último, que cree obrigacións de dereito internacional relativo ás obras, subministracións ou servizos que resulten necesarios para a execución ou a realización conxunta dun proxecto por parte dos seus signatarios.

3. Así mesmo, quedarán excluídos do ámbito da presente lei os contratos que se deban adxudicar de conformidade cun procedemento de contratación específico que fose establecido en virtude das normas de contratación aprobadas por unha organización internacional ou por unha institución financeira internacional, sempre que estean financiados integramente ou maioritariamente por esa institución.

#### *Artigo 8. Negocios e contratos excluídos no ámbito da investigación, do desenvolvemento e da innovación.*

Quedan excluídos da presente lei os contratos de investigación e desenvolvemento, excepto aqueles que, ademais de estaren incluídos nos códigos CPV 73000000-2 (servizos de investigación e desenvolvemento e servizos de consultoría conexas); 73100000-3 (servizos de investigación e desenvolvemento experimental); 73110000-6 (servizos de investigación); 73111000-3 (servizos de laboratorio de investigación); 73112000-0 (servizos de investigación mariña); 73120000-9 (servizos de desenvolvemento experimental); 73300000-5 (deseño e execución en materia de investigación e desenvolvemento); 73420000-2 (estudo de previabilidade e demostración tecnolóxica) e 73430000-5 (ensaio e avaliación), cumpran as dúas condicións seguintes:

a) Que os beneficios pertencan exclusivamente ao poder adxudicador para a súa utilización no exercicio da súa propia actividade.

b) Que o servizo prestado sexa remunerado integramente polo poder adxudicador.



Artigo 9. *Relacións xurídicas, negocios e contratos excluídos no ámbito do dominio público e no ámbito patrimonial.*

1. Encóntranse excluídas da presente lei as autorizacións e concesións sobre bens de dominio público e os contratos de explotación de bens patrimoniais distintos aos definidos no artigo 14, que se regularán pola súa lexislación específica, salvo nos casos en que expresamente se declaren de aplicación as prescricións da presente lei.

2. Quedan, así mesmo, excluídos da presente lei os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoables, valores negociables e propiedades incorporais, a non ser que recaian sobre programas de computador e deban ser cualificados como contratos de subministración ou servizos, que terán sempre o carácter de contratos privados e que se rexerán pola lexislación patrimonial. Nestes contratos só se poderán incluír prestacións que sexan propias dos contratos típicos regulados na sección 1.<sup>a</sup> do capítulo II do título preliminar, se o seu valor estimado non é superior ao 50 por 100 do importe total do negocio e, pola súa vez, manteñen coa prestación característica do contrato patrimonial relacións de vinculación e complementariedade nos termos previstos no artigo 34.2.

Artigo 10. *Negocios e contratos excluídos no ámbito financeiro.*

Están excluídos do ámbito da presente lei os contratos relativos a servizos financeiros relacionados coa emisión, compra, venda ou transferencia de valores ou doutros instrumentos financeiros no sentido da Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, pola que se modifican as directivas 85/611/CEE e 93/6/CEE do Consello e a Directiva 2000/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello e se derroga a Directiva 93/22/CEE do Consello. Así mesmo, quedan excluídos os servizos prestados polo Banco de España e as operacións realizadas coa Facilitade Europea de Estabilización Financeira e co Mecanismo Europeo de Estabilidade e os contratos de préstamo e operacións de tesouraría, estean ou non relacionados coa emisión, venda, compra ou transferencia de valores ou doutros instrumentos financeiros.

Artigo 11. *Outros negocios ou contratos excluídos.*

1. A relación de servizo dos funcionarios públicos e os contratos regulados na lexislación laboral quedan excluídos do ámbito da presente lei.

2. Exclúense, así mesmo, da presente lei as relacións xurídicas consistentes na prestación dun servizo público cuxa utilización por parte dos usuarios requira o aboamento dunha tarifa, taxa ou prezo público de aplicación xeral.

3. Os contratos relativos a servizos de arbitraje e conciliación quedan excluídos da presente lei.

4. Así mesmo, están excluídos os contratos polos cales unha entidade do sector público se obrigue a entregar bens ou dereitos ou a prestar algún servizo, sen prexuízo de que o adquirente dos bens ou o receptor dos servizos, se é unha entidade do sector público suxeita a esta lei, se deba axustar ás súas prescricións para subscribir o correspondente contrato.

5. Están, así mesmo, excluídos os contratos que teñan por obxecto servizos relacionados con campañas políticas, incluídos nos códigos CPV 79341400-0, 92111230-3 e 92111240-6, cando sexan adxudicados por un partido político.

6. Queda excluída da presente lei a prestación de servizos sociais por entidades privadas, sempre que esta se realice sen necesidade de subscribir contratos públicos, a través, entre outros medios, do simple financiamento destes servizos ou a concesión de licenzas ou autorizacións a todas as entidades que cumpran as condicións previamente fixadas polo poder adxudicador, sen límites nin cotas, e que o dito sistema garanta unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación.

## CAPÍTULO II

**Contratos do sector público***Sección 1.<sup>a</sup> Delimitación dos tipos contractuais*Artigo 12. *Cualificación dos contratos.*

1. Os contratos de obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministración e servizos que subscriban as entidades pertencentes ao sector público cualificaranse de acordo coas normas contidas na presente sección.

2. Os restantes contratos do sector público cualificaranse segundo as normas de dereito administrativo ou de dereito privado que lles sexan de aplicación.

Artigo 13. *Contrato de obras.*

1. Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto un dos seguintes:

a) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no anexo I.

b) A realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados pola entidade do sector público contratante que exerza unha influencia decisiva no tipo ou proxecto da obra.

2. Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir en por si unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible.

Tamén se considerará «obra» a realización de traballos que modifiquen a forma ou substancia do terreo ou do seu voo, ou de mellora do medio físico ou natural.

3. Os contratos de obras referiranse a unha obra completa, entendendo por esta a susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo das ampliacións de que posteriormente poida ser obxecto, e abranguerán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para utilizar a obra.

Non obstante o anterior, poderanse contratar obras definidas mediante proxectos independentes relativos a cada unha das partes dunha obra completa, sempre que estas sexan susceptibles de utilización independente, no sentido do uso xeral ou do servizo, ou poidan ser substancialmente definidas e preceda autorización administrativa do órgano de contratación que funde a conveniencia da referida contratación.

Poderanse subscribir contratos de obras sen referirse a unha obra completa nos supostos previstos no número 4 do artigo 30 da presente lei cando a responsabilidade da obra completa corresponda á Administración por tratarse dun suposto de execución de obras pola propia Administración pública.

Artigo 14. *Contrato de concesión de obras.*

1. A concesión de obras é un contrato que ten por obxecto que o concesionario realice algunhas das prestacións a que se refire o artigo anterior, incluídas as de restauración e reparación de construcións existentes, así como a conservación e mantemento dos elementos construídos, e no cal a contraprestación a favor daquel consiste, ou ben unicamente no dereito para explotar a obra no sentido do punto cuarto seguinte, ou ben no dito dereito xunto co de percibir un prezo.

2. O contrato poderá abranguer, ademais, o seguinte contido:

a) A adecuación, reforma e modernización da obra para adaptala ás características técnicas e funcionais requiridas para a correcta prestación dos servizos ou a realización das actividades económicas a que serve de soporte material.

b) As actuacións de reposición e gran reparación que sexan exixibles en relación cos elementos que debe reunir cada unha das obras para manterse apta, co fin de que os servizos e actividades a que aquelas serven poidan ser desenvolvidos adecuadamente de acordo coas exixencias económicas e as demandas sociais.

3. O contrato de concesión de obras poderá tamén prever que o concesionario estea obrigado a proxectar, executar, conservar, repor e reparar aquelas obras que sexan accesorias ou estean vinculadas coa principal e que sexan necesarias para que esta cumpra a finalidade determinante da súa construción e que permitan o seu mellor funcionamento e explotación, así como a efectuar as actuacións ambientais relacionadas con elas que se prevexan nel. No caso de que as obras vinculadas ou accesorias poidan ser obxecto de explotación ou aproveitamento económico, estes corresponderán ao concesionario conxuntamente coa explotación da obra principal, na forma determinada polos pregos respectivos.

4. O dereito de explotación das obras, a que se refire o punto primeiro deste artigo, deberá implicar a transferencia ao concesionario dun risco operacional na explotación das ditas obras, que abranguerá o risco de demanda ou o de subministración, ou ambos. Enténdese por risco de demanda o que se debe á demanda real das obras ou servizos obxecto do contrato e risco de subministración o relativo á subministración das obras ou servizos obxecto do contrato, en particular o risco de que a prestación dos servizos non se axuste á demanda.

Considerarase que o concesionario asume un risco operacional cando non estea garantido que, en condicións normais de funcionamento, vaia recuperar os investimentos realizados nin cubrir os custos en que incorrese como consecuencia da explotación das obras que sexan obxecto da concesión. A parte dos riscos transferidos ao concesionario debe supor unha exposición real ás incertezas do mercado que implique que calquera perda potencial estimada en que incorra o concesionario non é meramente nominal ou desdefiable.

#### Artigo 15. *Contrato de concesión de servizos.*

1. O contrato de concesión de servizos é aquel en cuxa virtude un ou varios poderes adxudicadores encomendan a título oneroso a unha ou a varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo cuxa prestación sexa da súa titularidade ou competencia, e cuxa contrapartida veña constituída ben polo dereito para explotar os servizos obxecto do contrato ou ben polo dito dereito xunto co de percibir un prezo.

2. O dereito de explotación dos servizos implicará a transferencia ao concesionario do risco operacional, nos termos sinalados no punto cuarto do artigo anterior.

#### Artigo 16. *Contrato de subministración.*

1. Son contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

2. Sen prexuízo do disposto na letra b) do número 3 deste artigo respecto dos contratos que teñan por obxecto programas de computador, non terán a consideración de contrato de subministración os contratos relativos a propiedades incorporais ou valores negociables.

3. En todo caso, consideraranse contratos de subministración os seguintes:

a) Aqueles en que o empresario se obligue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude no momento de subscribir o contrato, por estaren subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

b) Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipamentos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, dos seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas

modalidades de posta á disposición, con excepción dos contratos de adquisición de programas de computador desenvolvidos a medida, que se considerarán contratos de servizos.

c) Os de fabricación, polos que a cousa ou cousas que deba entregar o empresario deban ser elaboradas conforme características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, aínda cando esta se obrigue a achegar, total ou parcialmente, os materiais precisos.

d) Os que teñan por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou enerxía transformada.

#### Artigo 17. *Contrato de servizos.*

Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obter un resultado distinto dunha obra ou subministración, incluídos aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.

#### Artigo 18. *Contratos mixtos.*

1. Entenderase por contrato mixto aquel que conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.

Unicamente se poderán subscribir contratos mixtos nas condicións establecidas no artigo 34.2 da presente lei.

O réxime xurídico da preparación e adxudicación dos contratos mixtos determinarase de conformidade co establecido neste artigo, e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2.

Para determinar as normas que rexerán a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto conteña prestacións de varios contratos regulados nesta lei, observaranse as seguintes regras:

a) Cando un contrato mixto comprenda prestacións propias de dous ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos, atenderase ao carácter da prestación principal.

No caso dos contratos mixtos que comprendan en parte servizos especiais do anexo IV, e en parte outros servizos, ou no caso dos contratos mixtos compostos en parte por servizos e en parte por subministracións, o obxecto principal determinarase en función de cal sexa o maior dos valores estimados dos respectivos servizos ou subministracións.

b) Cando o contrato mixto conteña prestacións dos contratos de obras, subministracións ou servizos, por unha banda, e contratos de concesións de obra ou concesións de servizos, por outra, actuarase do seguinte modo:

1.º Se as distintas prestacións non son separables, atenderase ao carácter da prestación principal.

2.º Se as distintas prestacións son separables e se decide adxudicar un contrato único, aplicaranse as normas relativas aos contratos de obras, subministracións ou servizos cando o valor estimado das prestacións correspondentes a estes contratos supere as contías establecidas nos artigos 20, 21 e 22 da presente lei, respectivamente. Noutro caso, aplicaranse as normas relativas aos contratos de concesión de obras e concesión de servizos.

2. Cando o contrato mixto prevexa prestacións de contratos regulados nesta lei con prestacións doutros contratos distintos dos regulados nela, para determinar as normas aplicables á súa adxudicación atenderase ás seguintes regras:

a) Se as distintas prestacións non son separables atenderase ao carácter da prestación principal.

b) Se as prestacións son separables e se decide subscribir un único contrato, aplicarase o disposto nesta lei.

3. Non obstante o establecido no número 1, nos casos en que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000 euros, deberase elaborar e tramitar un proxecto de conformidade cos artigos 231 e seguintes da presente lei.

No caso de que o contrato mixto conteña elementos dunha concesión de obras ou dunha concesión de servizos, deberá xuntarse o correspondente estudo de viabilidade e, de ser o caso, o anteproxecto de construción e explotación das obras previstos nos artigos 247, 248 e 285 desta lei.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Contratos suxeitos a unha regulación harmonizada*

#### *Artigo 19. Delimitación xeral.*

1. Son contratos suxeitos a unha regulación harmonizada os contratos de obras, os de concesión de obras, os de concesión de servizos, os de subministración e os de servizos, cuxo valor estimado, calculado conforme as regras que se establecen no artigo 101, sexa igual ou superior ás contías que se indican nos artigos seguintes, sempre que a entidade contratante teña o carácter de poder adxudicador. Terán tamén a consideración de contratos suxeitos a regulación harmonizada os contratos subvencionados por estas entidades a que se refire o artigo 23.

2. Non obstante o sinalado no número anterior, non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado, os contratos seguintes:

a) Os que teñan por obxecto a adquisición, o desenvolvemento, a produción ou a coprodución de programas destinados a servizos de comunicación audiovisual ou servizos de comunicación radiofónica, que sexan adxudicados por provedores do servizo de comunicación audiovisual ou radiofónica, ou os relativos ao tempo de radiodifusión ou á subministración de programas que sexan adxudicados a provedores do servizo de comunicación audiovisual ou radiofónica. Para os efectos da presente letra, por «servizo de comunicación audiovisual» e «provedor do servizo de comunicación» entenderase, respectivamente, o mesmo que no artigo 1, número 1, letras a) e d), da Directiva 2010/13/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2010, sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual. Por «programa» entenderase o mesmo que no artigo 1, número 1, letra b), da dita directiva, aínda que se incluírán tamén os programas radiofónicos e os contidos dos programas radiofónicos. Ademais, para os efectos da presente disposición, «contidos do programa» terá o mesmo significado que «programa».

b) Os incluídos dentro do ámbito definido polo artigo 346 do Tratado de funcionamento da Unión Europea que se conclúan no sector da defensa.

c) Os declarados secretos ou reservados, ou aqueles cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguranza especiais conforme a lexislación vixente, ou nos cales o exixa a protección de intereses esenciais para a seguranza do Estado, cando a protección dos intereses esenciais de que se trate non se poida garantir mediante a aplicación das normas que rexen os contratos suxeitos a regulación harmonizada nesta lei.

A declaración de que concorre a circunstancia relativa á protección de intereses esenciais para a seguranza do Estado deberaa facer de forma expresa en cada caso o titular do departamento ministerial de que dependa o órgano de contratación no ámbito da Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas integrantes do sector público estatal, o órgano competente das comunidades autónomas, das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, ou o órgano a que estea atribuída a competencia para subscribir o correspondente contrato nas entidades locais. A competencia para efectuar

esta declaración non será susceptible de delegación, salvo que unha lei expresamente o autorice.

d) Aqueles cuxo obxecto principal sexa permitirles aos órganos de contratación a posta á disposición ou a explotación de redes públicas de comunicacións ou a prestación ao público dun ou varios servizos de comunicacións electrónicas. Para os efectos da presente letra «rede pública de comunicacións» e «servizo de comunicacións electrónicas» terán o mesmo significado que o que figura na Directiva 2002/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa a un marco regulador común das redes e servizos de comunicacións electrónicas.

e) Aqueles que teñan por obxecto calquera dos seguintes servizos xurídicos:

1.º A representación e defensa legal dun cliente por un procurador ou un avogado, xa sexa nunha arbitraxe ou nunha conciliación realizada nun Estado ou ante unha instancia internacional de conciliación ou arbitraxe, ou xa sexa nun procedemento xudicial ante os órganos xurisdicionais ou as autoridades públicas dun Estado ou ante órganos xurisdicionais ou institucións internacionais.

2.º O asesoramento xurídico prestado como preparación dun dos procedementos mencionados no punto anterior da presente letra, ou cando exista unha probabilidade alta de que o asunto sobre o cal se asesora será obxecto dos ditos procedementos, sempre que o asesoramento o preste un avogado.

3.º Os servizos de certificación e autenticación de documentos que deban ser prestados por un notario público.

4.º Os servizos xurídicos prestados por administradores, titores ou outros servizos xurídicos cuxos prestadores sexan designados por un órgano xurisdicional ou designados por lei para desempeñar funcións específicas baixo a supervisión dos ditos órganos xurisdicionais.

5.º Outros servizos xurídicos que estean relacionados, mesmo de forma ocasional, co exercicio do poder público.

f) Os que teñan por obxecto servizos de defensa civil, protección civil e prevención de riscos laborais prestados por organizacións ou asociacións sen ánimo de lucro e incluídos nos seguintes códigos CPV: 75250000-3, 75251000-0, 75251100-1, 75251110-4, 75251120-7, 75252000-7, 75222000-8; 98113100-9; 85143000-3, salvo os servizos de transporte en ambulancia de pacientes.

g) Os que teñan por obxecto servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril ou en metro, así como as concesións de servizos de transporte de viaxeiros, sen prexuízo da aplicación do Regulamento (UE) n.º 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 1191/69 e (CEE) n.º 1107/70 do Consello.

h) Os contratos de concesión adxudicados para:

1.º A posta á disposición ou a explotación de redes fixas destinadas a prestar un servizo ao público en relación coa produción, co transporte ou coa distribución de auga potable;

2.º A subministración de auga potable ás ditas redes.

Así mesmo, tampouco se considerarán suxeitos a regulación harmonizada os contratos de concesión que se refiran a un dos obxectos seguintes ou a ambos que estean relacionados cunha das actividades recollidas nos ordinais 1.º e 2.º anteriores:

I. Proxectos de enxeñaría hidráulica, irrigación ou drenaxe, sempre que o volume de auga destinada ao abastecemento de auga potable represente máis do 20 por cento do volume total de auga dispoñible grazas aos ditos proxectos ou ás ditas instalacións de irrigación ou drenaxe, ou

II. Eliminación ou tratamento de augas residuais.

Artigo 20. *Contratos de obras, de concesión de obras e de concesión de servizos suxeitos a unha regulación harmonizada: limiar.*

1. Están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras, de concesión de obras e de concesión de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 5.225.000 euros.

2. No suposto previsto no artigo 101.12, relativo ao cálculo do valor estimado nos contratos de obras que se adxudiquen por lotes separados, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a obra iguale ou supere a cantidade indicada no número anterior, aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os órganos de contratación poderán exceptuar destas normas os lotes cuxo valor estimado sexa inferior a un millón de euros, sempre que o importe acumulado dos lotes exceptuados non exceda o 20 por 100 do valor acumulado da totalidade deles.

Artigo 21. *Contratos de subministración suxeitos a unha regulación harmonizada: limiar.*

1. Están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de subministración cuxo valor estimado sexa igual ou superior ás seguintes cantidades:

a) 135.000 euros, cando se trate de contratos adxudicados pola Administración xeral do Estado, polos seus organismos autónomos ou polas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social. Con todo, cando os contratos os adxudiquen órganos de contratación que pertencen ao sector da defensa, este limiar só se aplicará respecto dos contratos de subministración que teñan por obxecto os produtos enumerados no anexo II.

b) 209.000 euros, cando se trate de contratos de subministración distintos, por razón do suxeito contratante ou por razón do seu obxecto, dos recollidos na letra anterior.

2. No suposto previsto no artigo 101.12, relativo ao cálculo do valor estimado nos contratos que se adxudiquen por lotes separados, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a subministración iguale ou supere as cantidades indicadas no número anterior, aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote. Con todo, os órganos de contratación poderán exceptuar destas normas os lotes cuxo valor estimado sexa inferior a 80.000 euros, sempre que o importe acumulado dos lotes exceptuados non exceda o 20 por 100 do valor acumulado da totalidade deles.

Artigo 22. *Contratos de servizos suxeitos a unha regulación harmonizada: limiar.*

1. Están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior ás seguintes cantidades:

a) 135.000 euros, cando os contratos deban ser adxudicados pola Administración xeral do Estado, polos seus organismos autónomos ou polas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

b) 209.000 euros, cando os contratos os deban adxudicar entidades do sector público distintas da Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos ou as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

c) 750.000 euros, cando se trate de contratos que teñan por obxecto os servizos sociais e outros servizos específicos enumerados no anexo IV.

2. No suposto previsto no artigo 101.12, relativo ao cálculo do valor estimado nos contratos que se adxudiquen por lotes separados, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a contratación de servizos iguale ou supere os importes indicados no número anterior, aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote. Con todo, os órganos de contratación poderán exceptuar destas normas os lotes cuxo valor estimado sexa inferior a 80.000 euros, sempre que o importe acumulado dos lotes exceptuados non exceda o 20 por 100 do valor acumulado da totalidade deles.

Artigo 23. *Contratos subvencionados suxeitos a unha regulación harmonizada.*

1. Son contratos subvencionados suxeitos a unha regulación harmonizada os contratos de obras e os contratos de servizos definidos conforme o previsto nos artigos 13 e 17, respectivamente, que sexan subvencionados, de forma directa e en máis dun 50 por 100 do seu importe, por entidades que teñan a consideración de poderes adjudicadores, sempre que pertencen a algunha das categorías seguintes:

a) Contratos de obras que teñan por obxecto actividades de enxeñaría civil da sección F, división 45, grupo 45.2 da Nomenclatura xeral de actividades económicas das comunidades europeas (NACE), ou a construción de hospitais, centros deportivos, recreativos ou de lecer, edificios escolares ou universitarios e edificios de uso administrativo, sempre que o seu valor estimado sexa igual ou superior a 5.225.000 euros.

b) Contratos de servizos vinculados a un contrato de obras dos definidos na letra a), cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 209.000 euros.

2. As normas previstas para os contratos subvencionados aplicaranse a aqueles subscritos por particulares ou por entidades do sector público que non teñan a consideración de poderes adjudicadores, conxuntamente, neste último caso, coas establecidas no título II do libro terceiro desta lei. Cando o contrato subvencionado o adxudiquen entidades do sector público que teñan a consideración de poder adjudicador, aplicaranse as normas de contratación previstas para estas entidades, de acordo coa súa natureza, salvo a relativa á determinación da competencia para resolver o recurso especial en materia de contratación e para adoptar medidas cautelares no procedemento de adxudicación, que se rexerá, en todo caso, pola regra establecida no número 2 do artigo 47.

*Sección 3.<sup>a</sup> Contratos administrativos e contratos privados*

Artigo 24. *Réxime xurídico aplicable aos contratos do sector público.*

Os contratos do sector público poderán estar sometidos a un réxime xurídico de dereito administrativo ou de dereito privado.

Artigo 25. *Contratos administrativos.*

1. Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que os subscriba unha Administración pública:

a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos. Con todo, terán carácter privado os seguintes contratos:

1.º Os contratos de servizos que teñan por obxecto servizos financeiros con número de referencia CPV de 66100000-1 a 66720000-3 e os que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos con número de referencia CPV de 79995000-5 a 79995200-7, e de 92000000-1 a 92700000-8, excepto 92230000-2, 92231000-9 e 92232000-6.

2.º Aqueles cuxo obxecto sexa a subscripción a revistas, publicacións periódicas e bases de datos.

b) Os contratos declarados así expresamente por unha lei e aqueloutros de obxecto distinto aos expresados na letra anterior, pero que teñan natureza administrativa especial por estaren vinculados ao xiro ou tráfico específico da Administración contratante ou por satisfacer de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela.

2. Os contratos administrativos rexeranse, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción, por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito



administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado. Con todo, aos contratos administrativos especiais a que se refire a letra b) do número anterior seranlles de aplicación, en primeiro termo, as súas normas específicas.

#### Artigo 26. *Contratos privados.*

1. Terán a consideración de contratos privados:

- a) Os que subscriban as administracións públicas cuxo obxecto sexa distinto dos referidos nas letras a) e b) do punto primeiro do artigo anterior.
- b) Os subscritos por entidades do sector público que, sendo poder adxudicador, non reúnan a condición de administracións públicas.
- c) Os subscritos por entidades do sector público que non reúnan a condición de poder adxudicador.

2. Os contratos privados que subscriban as administracións públicas rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, na falta de normas específicas, polas seccións 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> do capítulo I do título I do libro segundo da presente lei, con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento. Aplicaranse supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, de ser o caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou da entidade contratante. No que respecta aos seus efectos, modificación e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

Malia o establecido no parágrafo anterior, aos contratos mencionados nos ordinais 1.<sup>o</sup> e 2.<sup>o</sup> da letra a) do punto primeiro do artigo anterior resultaralles de aplicación, ademais do libro primeiro da presente lei, o seu libro segundo en canto á súa preparación e adxudicación. En canto aos seus efectos e extinción, seranlles aplicables as normas de dereito privado, salvo o establecido nos artigos desta lei relativos ás condicións especiais de execución, modificación, cesión, subcontratación e resolución dos contratos, que lles serán de aplicación cando o contrato estea suxeito a regulación harmonizada.

3. Os contratos privados que subscriban os poderes adxudicadores que non pertencen á categoría de administracións públicas mencionados na letra b) do punto primeiro do presente artigo, cuxo obxecto estea comprendido no ámbito da presente lei, rexeranse polo disposto no título I do seu libro terceiro, en canto á súa preparación e adxudicación.

En canto aos seus efectos e extinción, seranlles aplicables as normas de dereito privado e aquelas normas a que se refire o parágrafo primeiro do artigo 319 en materia ambiental, social ou laboral, de condicións especiais de execución, de modificación do contrato, de cesión e subcontratación, de racionalización técnica da contratación; e a causa de resolución do contrato referida á imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme os artigos 204 e 205.

4. Os contratos que subscriban as entidades do sector público que non posúan a condición de poder adxudicador rexeranse polo disposto nos artigos 321 e 322.

No que se refire aos seus efectos, modificación e extinción, regularanse polas normas de dereito privado que lles resulten de aplicación.

#### Artigo 27. *Xurisdición competente.*

1. Serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa as seguintes cuestións:

- a) As relativas á preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción dos contratos administrativos.
- b) As que se susciten en relación coa preparación e adxudicación dos contratos privados das administracións públicas.

Adicionalmente, respecto dos contratos referidos nos ordinais 1.<sup>o</sup> e 2.<sup>o</sup> da letra a) do punto primeiro do artigo 25 da presente lei que estean suxeitos a regulación harmonizada,

as impugnacións das modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

c) As referidas á preparación, adxudicación e modificacións contractuais, cando a impugnación destas últimas se basee no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, cando se entenda que a dita modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación dos contratos subscritos polos poderes adxudicadores que non teñan a consideración de Administración pública.

d) As relativas á preparación e adxudicación dos contratos de entidades do sector público que non teñan o carácter de poderes adxudicadores.

e) Os recursos interpostos contra as resolucións que diten os órganos administrativos de resolución dos recursos previstos no artigo 44 desta lei, así como no artigo 321.5.

f) As cuestións que se susciten en relación coa preparación, adxudicación e modificación dos contratos subvencionados a que se refire o artigo 23 da presente lei.

2. A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver:

a) As controversias que se susciten entre as partes en relación cos efectos e extinción dos contratos privados das entidades que teñan a consideración de poderes adxudicadores, sexan ou non administracións públicas, con excepción das modificacións contractuais citadas nas letras b) e c) do punto anterior.

b) Das cuestións referidas aos efectos e á extinción dos contratos que subscriban as entidades do sector público que non teñan o carácter de poderes adxudicadores.

c) O coñecemento das cuestións litixiosas relativas ao financiamento privado do contrato de concesión de obra pública ou de concesión de servizos, salvo no relativo ás actuacións en exercicio das obrigacións e potestades administrativas que, consonte o disposto nesta lei, se lle atribúen á Administración concedente, e nas cales será competente a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

## LIBRO PRIMEIRO

### Configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos

#### TÍTULO I

##### Disposicións xerais sobre a contratación do sector público

#### CAPÍTULO I

##### Racionalidade e consistencia da contratación do sector público

Artigo 28. *Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.*

1. As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

2. As entidades do sector público velarán pola eficiencia e polo mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, favorecerán a axilización de trámites, valorarán a incorporación de consideracións sociais, ambientais e de innovación como aspectos positivos nos procedementos de contratación pública e

promoverán a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na presente lei.

3. De acordo cos principios de necesidade, idoneidade e eficiencia establecidos neste artigo, as entidades do sector público poderán, logo do cumprimento dos requisitos legalmente establecidos, subscribir contratos derivados de proxectos promovidos pola iniciativa privada, en particular con respecto aos contratos de concesión de obras e concesión de servizos, incluídos na súa modalidade de sociedade de economía mixta.

4. As entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto no artigo 134 que, polo menos, recolla aqueles contratos que quedarán suxeitos a unha regulación harmonizada.

#### Artigo 29. *Prazo de duración dos contratos e de execución da prestación.*

1. A duración dos contratos do sector público deberase establecer tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a súa realización, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

2. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 ao 207 da presente lei.

A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obrigaçión de aviso previo os contratos cuxa duración sexa inferior a dous meses.

En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.

A prórroga do contrato establecida neste número non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dea a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por demorarse a Administración no aboamento do prezo máis de seis meses.

3. Cando se produza demora na execución da prestación por parte do empresario, o órgano de contratación poderá conceder unha ampliación do prazo de execución, sen prexuízo das penalidades que, de ser o caso, procedan. No caso dos contratos administrativos será aplicable o previsto nos artigos 192 e seguintes desta lei.

4. Os contratos de subministracións e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluídas as posibles prórrogas que, en aplicación do punto segundo deste artigo, acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e os límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

Excepcionalmente, nos contratos de servizos poderase establecer un prazo de duración superior ao establecido no parágrafo anterior, cando o exixa o período de recuperación dos investimentos directamente relacionados co contrato e estes non sexan susceptibles de utilizarse no resto da actividade produtiva do contratista ou a súa utilización fose antieconómica, sempre que a amortización dos ditos investimentos sexa un custo relevante na prestación do servizo, circunstancias que deberán ser xustificadas no expediente de contratación, con indicación dos investimentos a que se refira e do seu período de recuperación. O concepto de custo relevante na prestación do servizo será obxecto de desenvolvemento regulamentario.

O contrato de servizos de mantemento que se concerte conxuntamente co da compra do ben que se pretende manter, cando o dito mantemento só poida ser prestado por razóns de exclusividade pola empresa que forneceu o dito ben, poderá ter como prazo de duración o da vida útil do produto adquirido.

Así mesmo, nos contratos de servizos relativos aos servizos ás persoas poderase establecer un prazo de duración maior cando iso sexa necesario para a continuidade

daqueles tratamentos aos usuarios en que o cambio do prestador puiden repercutir negativamente.

Non obstante o establecido nos números anteriores, cando no momento do vencemento dun contrato non se formalizou o novo contrato que garanta a continuidade da prestación que debe realizar o contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adjudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicase cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.

5. A duración dos contratos de arrendamento de bens mobles non poderá exceder os cinco anos, incluídas as posibles prórrogas que, en aplicación do punto segundo deste artigo, acorde o órgano de contratación.

6. Os contratos de concesión de obras e de concesión de servizos terán un prazo de duración limitado, que se calculará en función das obras e dos servizos que constitúan o seu obxecto, e farase constar no prego de cláusulas administrativas particulares.

Se a concesión de obras ou de servizos excede o prazo de cinco anos, a duración máxima daquela non poderá exceder o tempo que se calcule razoable para que o concesionario recupere os investimentos realizados para a explotación das obras ou servizos, xunto cun rendemento sobre o capital investido, tendo en conta os investimentos necesarios para alcanzar os obxectivos contractuais específicos.

Os investimentos que se teñan en conta para os efectos do cálculo incluírán tanto os investimentos iniciais como os realizados durante a vida da concesión.

En calquera caso, a duración dos contratos de concesión de obras ou de concesión de servizos a que se refire o segundo parágrafo do presente número non poderá exceder, incluíndo as posibles prórrogas:

- a) Os corenta anos para os contratos de concesión de obras e de concesión de servizos que comprendan a execución de obras e a explotación de servizo.
- b) Os vinte e cinco anos nos contratos de concesión de servizos que comprendan a explotación dun servizo non relacionado coa prestación de servizos sanitarios.
- c) Os dez anos nos contratos de concesión de servizos que comprendan a explotación dun servizo cuxo obxecto consista na prestación de servizos sanitarios, sempre que non estean comprendidos na letra a).

Os prazos fixados nos pregos de condicións só poderán ser ampliados nun 15 por cento da súa duración inicial para restablecer o equilibrio económico do contrato nas circunstancias previstas nos artigos 270 e 290.

Non se terán en conta, para os efectos do cómputo do prazo de duración da concesión e do establecido para a execución das obras, aqueles períodos en que estas se deban suspender por unha causa imputable á Administración concedente ou debida a forza maior. Se o concesionario é responsable do atraso na execución das obras, observarase o disposto no réxime de penalidades contido no prego de cláusulas administrativas particulares e nesta lei, sen que proceda a ampliación do prazo da concesión.

7. Non obstante o disposto anteriormente, os contratos de servizos que sexan complementarios doutros contratos de obras ou de subministración poderán ter un prazo de vixencia superior ao sinalado no número 4, que en ningún caso excederá o prazo de duración do contrato principal, salvo nos contratos que comprendan traballos relacionados coa liquidación do contrato principal, cuxo prazo final o excederá no tempo necesario para realizalos. A iniciación do contrato complementario a que se refire este número quedará en suspenso, salvo causa xustificada derivada do seu obxecto e contido, ata que comece a execución do correspondente contrato principal.

Debe entenderse por contratos complementarios aqueles que teñen unha relación de dependencia respecto doutro, o principal, e cuxo obxecto se considere necesario para a correcta realización da prestación ou prestacións a que se refira o dito contrato principal.

8. Os contratos menores definidos no punto primeiro do artigo 118 non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

9. O período de recuperación do investimento a que se refiren os números 4 e 6 deste artigo será calculado de acordo co establecido no real decreto a que se refiren os artigos 4 e 5 da Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

*Artigo 30. Execución directa de prestacións por parte da Administración pública coa colaboración de empresarios particulares ou a través de medios propios non personificados.*

1. A execución de obras poderán realizala os servizos da Administración pública, xa sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou coa colaboración de empresarios particulares, cando concorra algunha destas circunstancias:

a) Que a Administración teña montadas fábricas, arsenais, mestranzas ou servizos técnicos ou industriais suficientemente aptos para realizar a prestación, caso en que deberá normalmente utilizarse este sistema de execución.

b) Que a Administración posúa elementos auxiliares utilizables, cuxo emprego supoña unha economía superior ao 5 por 100 do importe do orzamento do contrato ou unha maior celeridade na súa execución; neste caso xustificaranse as vantaxes que deriven dela.

c) Que non houberse ofertas de empresarios na licitación previamente efectuada.

d) Cando se trate dun suposto de emerxencia, de acordo co previsto no artigo 120.

e) Cando, dada a natureza da prestación, sexa imposible a fixación previa dun prezo certo ou a dun orzamento por unidades simples de traballo.

f) Cando sexa necesario relevar o contratista de realizar algunhas unidades de obra por non chegarse a un acordo nos prezos contradictorios correspondentes.

g) As obras de mera conservación e mantemento, definidas no artigo 232.5.

h) Excepcionalmente, a execución de obras definidas en virtude dun anteproxecto, cando non se aplique o artigo 146.2, relativo á valoración das ofertas con máis dun criterio de adxudicación.

Nos supostos recollidos nas letras a), b), c), e) e f) anteriores deberase redactar o correspondente proxecto, cuxo contido se fixará regulamentariamente.

2. A fabricación de bens mobles poderana efectuar os servizos da Administración, xa sexa empregando de forma exclusiva medios propios non personificados ou coa colaboración de empresarios particulares, cando concorra algunha das circunstancias previstas nas letras a), c), d) e e) do número anterior, ou cando, no suposto definido na letra b) deste mesmo número, o aforro que se poida obter sexa superior ao 20 por 100 do orzamento da subministración ou se poida obter unha maior celeridade na súa execución.

Exceptúanse destas limitacións aquelas fabricación de bens mobles que, por razóns de defensa ou de interese militar, resulte conveniente que execute a Administración.

3. A prestación de servizos realizaraa normalmente a propia Administración polos seus propios medios. Con todo, cando careza de medios suficientes, logo da debida xustificación no expediente, poderase contratar de conformidade co establecido no capítulo V do título II do libro II da presente lei.

4. Cando, de conformidade cos números anteriores deste artigo, a execución das obras ou a fabricación dos bens mobles se efectúe en colaboración con empresarios particulares, o réxime xurídico aplicable a estes contratos será o previsto na presente lei para os contratos de obras ou de subministración. A selección do empresario colaborador efectuarase polos procedementos de adxudicación establecidos no artigo 131, salvo no caso previsto na letra d) do número 1 do presente artigo.

Nos supostos de obras incluídas nas letras a) e b) do número 1 do presente artigo, a contratación con colaboradores non poderá exceder o 60 por cento do importe total do proxecto.

5. A autorización da execución de obras e da fabricación de bens mobles e, de ser o caso, a aprobación do proxecto corresponderán ao órgano competente para a aprobación do gasto ou ao órgano que determinen as disposicións orgánicas das comunidades autónomas, no seu respectivo ámbito.

O disposto no parágrafo anterior tamén resulta de aplicación ás encargas a medios propios personificados regulados nos artigos 32 e 33.

#### Artigo 31. *Potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal.*

1. As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación se poida cualificar de contractual:

a) Mediante sistemas de cooperación vertical consistentes no uso de medios propios personificados no sentido e cos límites establecidos no artigo 32 para os poderes adxudicadores, e no artigo 33 para os entes do sector público que non teñan a consideración de poder adxudicador, no exercicio da súa potestade de autoorganización, mediante o oportuno acordo de encarga.

b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, logo de realización dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no número 1 do artigo 6.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, as entidades pertencentes ao sector público poderán, en todo caso, acordar a realización conxunta de contratacións específicas.

3. Cando un procedemento de contratación se desenvolva na súa totalidade de forma conxunta en nome e por conta de varias entidades, estas terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigacións. Iso aplicarase tamén naqueles casos en que unha soa entidade administre o procedemento, por conta propia e por conta das demais entidades interesadas.

Cando un procedemento de contratación non se desenvolva na súa totalidade en nome e por conta das entidades interesadas, estas só terán a responsabilidade conxunta por aquelas partes que se levaron a cabo conxuntamente. Cada entidade será única responsable do cumprimento das súas obrigacións con respecto ás partes que leve a cabo no seu propio nome e por conta propia.

#### Artigo 32. *Encargas dos poderes adxudicadores a medios propios personificados.*

1. Os poderes adxudicadores poderán organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose doutra persoa xurídica distinta deles, xa sexa de dereito público ou de dereito privado, logo de encarga a esta, con suxeición ao disposto neste artigo, sempre que a persoa xurídica que utilicen mereza cualificación xurídica de medio propio personificado respecto deles, de conformidade co disposto nos tres puntos seguintes, e sen prexuízo dos requisitos establecidos para os medios propios do ámbito estatal na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A encarga que cumpra os ditos requisitos non terá a consideración de contrato.

2. Terán a consideración de medio propio personificado respecto dunha única entidade concreta do sector público aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:

a) Que o poder adxudicador que poida conferirlle encargas exerza sobre o ente

destinatario deles un control, directo ou indirecto, análogo ao que tería sobre os seus propios servizos ou unidades, de maneira que o primeiro poida exercer sobre o segundo unha influencia decisiva sobre os seus obxectivos estratéxicos e decisións significativas.

En todo caso, entenderase que o poder adxudicador que pode conferirlle encargas posúe sobre o seu ente destinatario un control análogo ao que exerce sobre os seus propios servizos ou unidades cando el mesmo ou ben outro ou outros poderes adxudicadores ou persoas xurídicas controlados do mesmo xeito polo primeiro poidan conferirlle encargas que sexan de execución obrigatoria para o ente destinatario da encarga por así establecelo os estatutos ou o acto de creación, de maneira que exista unha unidade de decisión entre eles, de acordo con instrucións fixadas unilateralmente polo ente que pode realizar a encarga.

A compensación establecerase por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública de que depende o medio propio personificado para as actividades obxecto de encarga realizadas polo medio propio directamente e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades obxecto da encarga que se subcontraten con empresarios particulares nos casos en que este custo sexa inferior ao resultante de aplicar as tarifas ás actividades subcontratadas.

As ditas tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais de realización das unidades producidas directamente polo medio propio.

b) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario da encarga se leven a cabo no exercicio dos labores que lle foron confiados polo poder adxudicador que fai a encarga e que o controla ou por outras persoas xurídicas controladas do mesmo xeito pola entidade que fai a encarga.

Para estes efectos, para calcular o 80 por cento das actividades do ente destinatario da encarga tomaranse en consideración a media do volume global de negocios, os gastos soportados polos servizos prestados ao poder adxudicador en relación coa totalidade dos gastos en que incorrese o medio propio por razón das prestacións que realizase a calquera entidade, ou outro indicador alternativo de actividade que sexa fiable, e todo iso referido aos tres exercicios anteriores ao de formalización da encarga.

Cando, debido á data de creación ou de inicio de actividade do poder adxudicador que fai a encarga, ou debido á reorganización das actividades deste, o volume global de negocios, ou outro indicador alternativo de actividade, de acordo co establecido no parágrafo anterior, non estivesen dispoñibles respecto dos tres exercicios anteriores á formalización da encarga ou perdesen a súa vixencia, será suficiente con xustificar que o cálculo do nivel de actividade se corresponde coa realidade, en especial mediante proxeccións de negocio.

O cumprimento efectivo do requisito establecido na presente letra deberá quedar reflectido na memoria integrante das contas anuais do ente destinatario da encarga e, en consecuencia, ser obxecto de verificación por parte do auditor de contas na realización da auditoría das ditas contas anuais, de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas.

c) Cando o ente destinatario da encarga sexa un ente de personificación xurídico-privada, ademais, a totalidade do seu capital ou patrimonio terá que ser de titularidade ou achega pública.

d) A condición de medio propio personificado da entidade destinataria da encarga respecto do concreto poder adxudicador que fai a encarga deberase recoñecer expresamente nos seus estatutos ou actos de creación, logo de cumprimento dos seguintes requisitos:

1.º Conformidade ou autorización expresa do poder adxudicador respecto do que vaia ser medio propio.

2.º Verificación por parte da entidade pública de que dependa o ente que vaia ser medio propio de que conta con medios persoais e materiais apropiados para realizar as encargas de conformidade co seu obxecto social.

Os estatutos ou acto de creación do ente destinatario da encarga deberán determinar o poder adxudicador respecto do cal ten esa condición, precisar o réxime xurídico e administrativo das encargas que se lle poidan conferir e establecer a imposibilidade de que participe en licitacións públicas convocadas polo poder adxudicador de que sexa medio propio personificado, sen prexuízo de que, cando non concorran ningún licitador, se lle poida encargar a execución da prestación obxecto delas.

En todo caso, presumirase que cumpre o requisito establecido no ordinal 2.º da presente letra cando obtivese a correspondente clasificación respecto dos grupos, subgrupos e categorías que teña recoñecidos.

3. O número 2 do presente artigo tamén se aplicará nos casos en que a persoa xurídica controlada, sendo un poder adxudicador, realice unha encarga ao poder adxudicador que a controla ou a outra persoa xurídica controlada, directa ou indirectamente, polo mesmo poder adxudicador, sempre que non exista participación directa de capital privado na persoa xurídica a que se realice a encarga.

4. Terán a consideración de medio propio personificado respecto de dous ou máis poderes adxudicadores que sexan independentes entre si aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:

a) Que os poderes adxudicadores que poidan conferirlle encargas exerzan sobre o ente destinatario deste un control conxunto análogo ao que terían sobre os seus propios servizos ou unidades.

Entenderase que existe control conxunto cando se cumpran todas as condicións seguintes:

1.º Que nos órganos decisorios do ente destinatario da encarga estean representados todos os entes que poidan conferirlle encargas, e cada representante poderá representar varios destes últimos ou a totalidade deles.

2.º Que estes últimos poidan exercer directa e conxuntamente unha influencia decisiva sobre os obxectivos estratéxicos e sobre as decisións significativas do ente destinatario da encarga.

3.º Que o ente destinatario da encarga non persiga intereses contrarios aos intereses dos entes que lle poidan conferir encargas.

A compensación establecerase, por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública de que depende o medio propio personificado para as actividades obxecto de encarga realizadas polo medio propio directamente e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades obxecto da encarga que se subcontraten con empresarios particulares nos casos en que este custo sexa inferior ao resultante de aplicar as tarifas ás actividades subcontratadas.

As ditas tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais de realización das unidades producidas directamente polo medio propio.

b) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario da encarga se leven a cabo no exercicio dos labores que lle foron confiados polos poderes adxudicadores que o controlan ou por outras persoas xurídicas controladas polos mesmos poderes adxudicadores. O cálculo do 80 por cento farase de acordo co establecido na letra b) do número 2 deste artigo.

O cumprimento do requisito establecido na presente letra deberá quedar reflectido na memoria integrante das contas anuais do ente destinatario da encarga, e, en consecuencia, ser obxecto de verificación por parte do auditor de contas na realización da auditoría das ditas contas anuais, de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas.

c) Que cumpran os requisitos que establece este artigo no seu número 2, letras c) e d).

5. O incumprimento sobrevido de calquera dos requisitos establecidos nos números 2 ou 4, segundo corresponda en cada caso, comportará a perda da condición de medio



propio personificado e, en consecuencia, a imposibilidade de seguir efectuando encargas á persoa xurídica afectada, sen prexuízo da conclusión das encargas que estivesen en fase de execución.

6. As encargas que realicen as entidades do sector público a un ente que, de acordo cos puntos segundo, terceiro ou cuarto deste artigo, poida ser cualificado como medio propio personificado do primeiro ou primeiros non terán a consideración xurídica de contrato, e unicamente deberán cumprir as seguintes normas:

a) O medio propio personificado deberá ter publicado na plataforma de contratación correspondente a súa condición de tal, respecto de que poderes adjudicadores a posúe e os sectores de actividade nos cales, estando comprendidos no seu obxecto social, sería apto para executar as prestacións que vaian ser obxecto de encarga.

b) A encarga deberá ser obxecto de formalización nun documento que será publicado na plataforma de contratación correspondente nos supostos previstos no artigo 63.6. O documento de formalización establecerá o prazo de duración da encarga.

c) Os órganos das entidades do sector público estatal que teñan a condición de poder adjudicador en virtude do disposto no artigo 3.3 desta lei necesitarán autorización do Consello de Ministros cando o importe do gasto que derive da encarga sexa igual ou superior a doce millóns de euros.

A autorización do Consello de Ministros a que se refire o parágrafo anterior deberá obterse antes da subscripción da encarga por parte do órgano competente. Unha vez obtida a autorización, corresponderá aos órganos competentes a aprobación do gasto e a subscripción da encarga, de conformidade co disposto nas respectivas normas.

Para os efectos de obter a citada autorización, os órganos competentes deberán remitir, polo menos, os seguintes documentos: o texto da encarga e o informe do servizo xurídico, así como o certificado de existencia de crédito ou, de se tratar de poderes adjudicadores con orzamento estimativo, os documentos equivalentes que acrediten a existencia de financiamento.

Requirirán igualmente a autorización previa do Consello de Ministros as modificacións de encargas autorizadas polo Consello de Ministros, cando superen o 20 por cento do importe da encarga.

A autorización que outorgue o Consello de Ministros será xenérica para subscribir a encarga, sen que en ningún caso implique unha validación dos trámites realizados, nin exima da responsabilidade que corresponda ás partes respecto da correcta tramitación e realización da encarga.

7. Aos negocios xurídicos que os entes destinatarios da encarga realicen en execución da encarga recibida de conformidade co presente artigo aplicaráselles as seguintes regras:

a) O contrato quedará sometido a esta lei, nos termos procedentes, de acordo coa natureza da entidade que os realice e co tipo e valor estimado deles e, en todo caso, cando o medio propio non sexa un poder adjudicador, aplicaráselle as normas contidas no título I do libro terceiro da presente lei.

b) O importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá o 50 por cento da contía da encarga.

Non será aplicable o establecido nesta letra aos contratos de obras que subscriban os medios propios a que se lles encargou unha concesión, xa sexa de obras ou de servizos. Igualmente, non será de aplicación nos supostos en que a xestión do servizo público se efectúe mediante a creación de entidades de dereito público destinadas a este fin nin a aqueles en que esta se atribúa a unha sociedade de dereito privado cuxo capital sexa, na súa totalidade, de titularidade pública.

Artigo 33. *Encargas de entidades pertencentes ao sector público que non teñan a consideración de poder adxudicador a medios propios personificados.*

1. As entidades do sector público que non teñan a consideración de poder adxudicador poderán executar de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos a cambio dunha compensación, valéndose doutra persoa xurídica distinta a eles, logo de encarga a esta, con suxeición ao disposto neste artigo, sempre que a persoa xurídica que utilicen mereza a cualificación xurídica de medio propio personificado respecto deles, de conformidade co disposto no número seguinte. A encarga que cumpra estes requisitos non terá a consideración de contrato.

2. Terán a consideración de medio propio personificado respecto dunha entidade pertencente ao sector público que non teña a consideración de poder adxudicador aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos seguintes:

- a) Que o ente que fai a encarga teña control, directo ou indirecto, no sentido do artigo 42 do Código de comercio, sobre o seu ente destinatario.
- b) Que a totalidade do capital social ou patrimonio do ente destinatario da encarga sexa de titularidade pública.
- c) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario da encarga se leven a cabo no exercicio dos labores que lle foron confiados pola entidade que realiza a encarga e que o controla ou por outras persoas xurídicas controladas do mesmo xeito pola entidade que realiza a encarga.

O cumprimento efectivo do requisito establecido na presente letra deberá quedar reflectido na memoria integrante das contas anuais do ente destinatario da encarga e, en consecuencia, ser obxecto de verificación por parte do auditor de contas na realización da auditoría das ditas contas anuais, de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas.

3. O número 2 do presente artigo tamén se aplicará nos casos en que unha persoa xurídica do sector público estatal realice unha encarga a outra persoa xurídica do sector público estatal, sempre que unha delas, xa sexa a que realiza a encarga ou a que a recibe, exerza o control da outra ou participe directa ou indirectamente no seu capital social.

## CAPÍTULO II

### **Liberdade de pactos e contido mínimo do contrato**

Artigo 34. *Liberdade de pactos.*

1. Nos contratos do sector público poderase incluír calquera pacto, cláusula e condición, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración.

2. Só se poderán fusionar prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto cando esas prestacións estean directamente vinculadas entre si e manteñan relacións de complementariedade que exixan a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin institucional propio da entidade contratante.

Artigo 35. *Contido mínimo do contrato.*

1. Os documentos en que se formalicen os contratos que subscriban as entidades do sector público, salvo que xa estean recollidas nos pregos, deberán incluír, necesariamente, as seguintes mencións:

- a) A identificación das partes.

- b) A acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato.
- c) A definición do obxecto e do tipo do contrato, tendo en conta na definición do obxecto as consideracións sociais, ambientais e de innovación.
- d) A referencia á lexislación aplicable ao contrato.
- e) A enumeración dos documentos que integran o contrato. Se así se expresa no contrato, esta enumeración poderá estar xerarquizada e ordenada segundo a orde de prioridade acordada polas partes, suposto en que, e salvo caso de erro manifesto, a orde pactada se utilizará para determinar a prevalencia respectiva, no caso de que existan contradicións entre diversos documentos.
- f) O prezo certo ou o modo de determinalo.
- g) A duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a da prórroga ou prórrogas, se estivesen previstas.
- h) As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
- i) As condicións de pagamento.
- j) Os supostos en que procede a modificación, de ser o caso.
- k) Os supostos en que procede a resolución.
- l) O crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable con cargo ao cal se aboará o prezo, de ser o caso.
- m) A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, de ser o caso, se impoña ao contratista.
- n) A obrigaición da empresa contratista de cumprir durante todo o período de execución de contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación.

2. O documento contractual non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigaicións para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, de ser o caso, na forma que resulte da proposición do adxudicatario, ou dos precisados no acto de adxudicación do contrato, de acordo co actuado no procedemento, de non existiren aqueles.

### CAPÍTULO III

#### Perfección e forma do contrato

##### Artigo 36. *Perfección dos contratos.*

1. Os contratos que subscriban os poderes adxudicadores, con excepción dos contratos menores e dos contratos baseados nun acordo marco e dos contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición a que se refire o número 3 deste artigo, perfecciónanse coa súa formalización.

2. Os contratos subvencionados que, de conformidade co disposto no artigo 23 desta lei, se deban considerar suxeitos a regulación harmonizada, perfeccionaranse de conformidade coa lexislación pola cal se rexan. As partes deberán notificar a súa formalización ao órgano que outorgou a subvención.

3. Os contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición perfecciónanse coa súa adxudicación.

4. Salvo que se indique outra cousa no seu clausulado, os contratos do sector público entenderanse subscritos no lugar onde estea a sede do órgano de contratación.

##### Artigo 37. *Carácter formal da contratación do sector público.*

1. As entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, conforme o sinalado no artigo 120.1, carácter de emerxencia.

2. Os contratos que subscriban as administracións públicas formalizaranse de acordo co previsto no artigo 153, sen prexuízo do sinalado para os contratos menores no artigo 118.

3. Os contratos que subscriban os poderes adxudicadores que non teñan a consideración de administracións públicas cando sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación, conforme o artigo 44, deberanse formalizar nos prazos establecidos no artigo 153.

## CAPÍTULO IV

**Réxime de invalidez****Artigo 38. *Supostos de invalidez.***

Os contratos subscritos polos poderes adxudicadores, incluídos os contratos subvencionados a que se refire o artigo 23, serán inválidos:

- a) Cando concorra neles algunha das causas que os invalidan de conformidade coas disposicións do dereito civil.
- b) Cando o sexa algún dos seus actos preparatorios ou do procedemento de adxudicación, por concorrer neles algunha das causas de dereito administrativo a que se refiren os artigos seguintes.
- c) Naqueles casos en que a invalidez derive da ilegalidade do seu clausulado.

**Artigo 39. *Causas de nulidade de dereito administrativo.***

1. Son causas de nulidade de dereito administrativo as indicadas no artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Serán igualmente nulos de pleno dereito os contratos subscritos por poderes adxudicadores en que concorra algunha das causas seguintes:

a) A falta de capacidade de obrar ou de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional; ou a falta de habilitación empresarial ou profesional cando sexa exigible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato; ou a falta de clasificación, cando esta proceda, debidamente acreditada, do adxudicatario; ou que estea incurso nalgunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 71.

b) A carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou nas normas orzamentarias das restantes administracións públicas suxeitas a esta lei, salvo os supostos de emerxencia.

c) A falta de publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de contratación do sector público ou nos servizos de información similares das comunidades autónomas, no «Diario Oficial de la Unión Europea» ou no medio de publicidade en que sexa preceptivo, de conformidade co artigo 135.

d) A inobservancia por parte do órgano de contratación do prazo para a formalización do contrato, sempre que concorran os dous seguintes requisitos:

1.º Que, por esta causa, o licitador se vise privado da posibilidade de interpor recurso contra algún dos actos do procedemento de adxudicación e,

2.º Que, ademais, concorra algunha infracción dos preceptos que regulan o procedemento de adxudicación dos contratos que lle impedisese obtela.

e) Levar a efecto a formalización do contrato, nos casos en que se interpuxese o recurso especial en materia de contratación a que se refiren os artigos 44 e seguintes, sen respectar a suspensión automática do acto impugnado nos casos en que fose procedente, ou a medida cautelar de suspensión acordada polo órgano competente para coñecer do recurso especial en materia de contratación que se interpuxese.

f) O incumprimento das normas establecidas para a adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco realizado con varios empresarios ou dos contratos específicos baseados nun sistema dinámico de adquisición en que estivesen admitidos varios empresarios, sempre que o dito incumprimento determinase a adxudicación do contrato de que se trate a outro licitador.

g) O incumprimento grave de normas de dereito da Unión Europea en materia de contratación pública que comportase que o contrato non se debería ter adxudicado ao contratista, declarado polo TXUE nun procedemento conforme o artigo 260 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Artigo 40. *Causas de anulabilidade de dereito administrativo.*

Son causas de anulabilidade de dereito administrativo as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, as das regras contidas na presente lei, de conformidade co establecido no artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En particular, entre as causas de anulabilidade a que se refire o parágrafo anterior, inclúense as seguintes:

- a) O incumprimento das circunstancias e dos requisitos exixidos para a modificación dos contratos nos artigos 204 e 205.
- b) Todas aquelas disposicións, resolucións, cláusulas ou actos emanados de calquera poder adxudicador que outorguen, de forma directa ou indirecta, vantaxes ás empresas que contratasen previamente con calquera Administración.
- c) As encargas que acorden os poderes adxudicadores para a execución directa de prestacións a través de medios propios, cando non observen algún dos requisitos establecidos nos números 2, 3 e 4 do artigo 32, relativos á condición de medio propio.

Artigo 41. *Revisión de oficio.*

1. A revisión de oficio dos actos preparatorios e dos actos de adxudicación dos contratos efectuarase de conformidade co establecido no capítulo I do título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Para os exclusivos efectos da presente lei, terán a consideración de actos administrativos os actos preparatorios e os actos de adxudicación dos contratos das entidades do sector público que non sexan administracións públicas, así como os actos preparatorios e os actos de adxudicación dos contratos subvencionados a que se refire o artigo 23 da presente lei. A revisión de oficio dos ditos actos efectuarase de conformidade co disposto no número anterior.

3. Sen prexuízo do que para o ámbito das comunidades autónomas establezan as súas normas respectivas que, en todo caso, deberán atribuír esta competencia a un órgano cuxas resolucións esgoten a vía administrativa, serán competentes para declarar a nulidade ou lesividade dos actos a que se refiren os números anteriores o órgano de contratación, cando se trate de contratos dunha Administración pública, ou o titular do departamento, órgano, ente ou organismo a que estea adscrita a entidade contratante ou ao que corresponda a súa tutela, cando esta non teña o carácter de Administración pública. Neste último caso, se a entidade contratante está vinculada a máis dunha Administración, será competente o órgano correspondente da que teña o control ou participación maioritaria.

No suposto de contratos subvencionados, a competencia corresponderalle ao titular do departamento, presidente ou director da entidade que outorgase a subvención, ou ao que estea adscrita a entidade que a concedese, cando esta non teña o carácter de Administración pública. No suposto de concorrencia de subvencións por parte de distintos suxeitos do sector público, a competencia determinarase atendendo á subvención de maior contía e, no caso de igualdade de importe, atendendo á subvención primeiramente concedida.

4. Salvo determinación expresa en contrario, a competencia para declarar a nulidade ou a lesividade entenderase delegada conxuntamente coa competencia para contratar. Con todo, a facultade de acordar unha indemnización por prexuízos en caso de nulidade non será susceptible de delegación e deberá resolver sobre ela, en todo caso, o órgano delegante; para estes efectos, se se considera pertinente recoñecer unha indemnización, elevarase o expediente ao órgano delegante, o cal, sen necesidade de avocación previa e expresa, resolverá o procedente sobre a declaración de nulidade conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Nos supostos de nulidade e anulabilidade, e en relación coa suspensión da execución dos actos dos órganos de contratación, observarase o disposto no artigo 108 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Artigo 42. Efectos da declaración de nulidade e efectos en supostos de anulabilidade.**

1. A declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, cando sexa firme, suporá en todo caso a do mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación, e as partes deberán restituír reciprocamente as cousas que recibisen en virtude del e, se isto non fose posible, devolverase o seu valor. A parte que resulte culpable deberá indemnizar a contraria polos danos e perdas que sufrise.

2. A nulidade dos actos que non sexan preparatorios só afectará estes e as súas consecuencias.

3. Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá disporse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo as súas mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo.

4. Os efectos establecidos nos números anteriores poderán ser acordados pola sentenza que poña fin ao recurso contencioso-administrativo interposto logo de declaración de lesividade, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Artigo 43. Causas de invalidez de dereito civil.**

A invalidez dos contratos por causas recoñecidas no dereito civil, en canto resulten de aplicación aos contratos a que se refire o artigo 38, suxeitarase aos requisitos e prazos de exercicio das accións establecidos no ordenamento civil, pero o procedemento para facelas valer, cando o contrato o subscribise unha Administración pública, someterase ao previsto nos artigos anteriores para os actos e contratos administrativos anulables.

## CAPÍTULO V

### Do recurso especial

**Artigo 44. Recurso especial en materia de contratación: actos impugnables.**

1. Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os actos e decisións relacionados no número 2 deste mesmo artigo, cando se refiran aos seguintes contratos que pretendan concertar as administracións públicas ou as restantes entidades que teñan a condición de poderes adxudicadores:

a) Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.

b) Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.

c) Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.

Poderase igualmente recorrer contra os contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.

Así mesmo, serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os contratos subvencionados a que se refire o artigo 23 e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en

conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

2. Poderán ser obxecto do recurso as seguintes actuacións:

a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.

b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

c) Os acordos de adxudicación.

d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

e) A formalización de encargas a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.

f) Os acordos de rescate de concesións.

3. Os defectos de tramitación que afecten actos distintos dos recollidos no número 2 poderán ser postos de manifesto polos interesados ao órgano a que corresponda a instrución do expediente ou ao órgano de contratación, para os efectos da súa corrección conforme dereito, e sen prexuízo de que as irregularidades que os afecten poidan ser alegadas polos interesados ao recorrer contra o acto de adxudicación.

4. Non se dará este recurso en relación cos procedementos de adxudicación que se sigan polo trámite de emerxencia.

5. Contra as actuacións mencionadas no presente artigo como susceptibles de seren impugnadas mediante o recurso especial, non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

6. Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do número 1 poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de actuacións realizadas por poderes adxudicadores que non teñan a condición de administracións públicas, aquelas impugnaranse na vía administrativa de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o titular do departamento, órgano, ente ou organismo a que estea adscrita a entidade contratante ou a que corresponda a súa tutela. Se a entidade contratante está vinculada a máis dunha Administración, será competente o órgano correspondente da que posúa o control ou participación maioritaria.

7. A interposición do recurso especial en materia de contratación terá carácter potestativo e será gratuíto para os recurrentes.

*Artigo 45. Órgano competente para resolver o recurso na Administración xeral do Estado.*

1. No ámbito dos poderes adxudicadores do sector público estatal, o coñecemento e a resolución dos recursos a que se refire o artigo anterior estarán encomendados ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, órgano especializado que actuará con plena independencia funcional no exercicio das súas competencias. O dito órgano estará adscrito ao Ministerio de Facenda e Función Pública e estará composto por un presidente e un mínimo de dous vogais. Mediante acordo do Consello de Ministros

poderase incrementar o número de vogais que deban integrar o Tribunal cando o volume de asuntos sometidos ao seu coñecemento o aconselle.

2. Poderán ser designados vogais deste tribunal os funcionarios de carreira de corpos e escalas a que se acceda con título de licenciado ou de grao e que desempeñasen a súa actividade profesional por tempo superior a dez anos, preferentemente no ámbito do dereito administrativo relacionado directamente coa contratación pública.

3. O presidente do Tribunal deberá ser funcionario de carreira, de corpo ou escala para cuxo acceso sexa requisito necesario o título de licenciado ou grao en dereito e ter desempeñado a súa actividade profesional por tempo superior a quince anos, preferentemente no ámbito do dereito administrativo relacionado directamente coa contratación pública.

No caso de que os vogais ou o presidente fosen designados entre funcionarios de carreira incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, estes deberán pertencer a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1 do artigo 76 da dita lei.

4. A designación do presidente e dos vogais deste tribunal realizaraa o Goberno por proposta conxunta do ministro de Facenda e Función Pública e do ministro de Xustiza. Os designados terán carácter independente e inamovible, e non poderán ser removidos dos seus postos senón polas causas seguintes:

- a) Por finalización do seu mandato.
- b) Por renuncia aceptada polo Goberno.
- c) Por perda da nacionalidade española.
- d) Por incumprimento grave das súas obrigacións.
- e) Por condena mediante sentenza firme á pena privativa de liberdade ou de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por razón de delito.
- f) Por incapacidade sobrevida para o exercicio da súa función.

A remoción polas causas previstas nas letras c), d), e) e f) anteriores acordaraa o Goberno logo de expediente.

5. A duración do nomeamento efectuado de conformidade con este punto será de seis anos e non se poderá prorrogar. Durante o tempo en que estean prestando servizo no tribunal, tanto o presidente como os vogais pasarán á situación de servizos especiais dentro do seu corpo de orixe.

6. En calquera caso, unha vez cesado un membro do Tribunal, este continuará no exercicio das súas funcións ata que tome posesión do seu cargo o que o deba substituír.

7. Formará parte do tribunal, con voz pero sen voto, o seu secretario xeral.

O Tribunal contará cos servizos administrativos precisos para o seu funcionamento.

O nomeamento do secretario xeral e o do persoal integrante dos servizos administrativos farase nos termos previstos na lexislación reguladora da función pública.

8. Serán de aplicación ao réxime de constitución e funcionamento do tribunal as disposicións relativas a órganos colexiados contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

*Artigo 46. Órgano competente para resolver o recurso nas comunidades autónomas e entidades locais.*

1. No ámbito das comunidades autónomas, a competencia para resolver os recursos será establecida polas súas normas respectivas e deberase crear un órgano independente cuxo titular, ou no caso de que fose colexiado polo menos o seu presidente, posúa cualificacións xurídicas e profesionais que garantan un adecuado coñecemento das materias que sexan da súa competencia. O nomeamento dos membros desta instancia independente e a terminación do seu mandato estarán suxeitos, no relativo á autoridade responsable do seu nomeamento, á duración do seu mandato e á súa revogabilidade, a condicións que garantan a súa independencia e inamovibilidade.



2. As comunidades autónomas poderán, así mesmo, atribuír a competencia para a resolución dos recursos ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais. Para ese efecto, deberán realizar o correspondente convenio coa Administración xeral do Estado, no cal se estipulen as condicións en que a comunidade sufragará os gastos derivados desta asunción de competencias.

3. As cidades autónomas de Ceuta e Melilla poderán designar os seus propios órganos independentes axustándose aos requisitos establecidos neste número para os órganos das comunidades autónomas, ou ben atribuír a competencia ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais subscribindo para o efecto un convenio nos termos previstos no número anterior.

4. No relativo á contratación no ámbito das corporacións locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das comunidades autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación.

No caso de que non exista previsión expresa na lexislación autonómica e sen prexuízo do disposto no parágrafo seguinte, a competencia para resolver os recursos corresponderá ao mesmo órgano ao cal as comunidades autónomas en cuxo territorio se integran as corporacións locais atribúsen a competencia para resolver os recursos do seu ámbito.

En todo caso, os concellos dos municipios de gran poboación a que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as deputacións provinciais poderán crear un órgano especializado e funcionalmente independente que posuirá a competencia para resolver os recursos. A súa constitución e funcionamento e os requisitos que deben reunir os seus membros, o seu nomeamento, remoción e a duración do seu mandato rexeranse polo que estableza a lexislación autonómica ou, na súa falta, polo establecido no artigo 45 desta lei. O pleno da corporación será o competente para acordar a súa creación e nomear e remover os seus membros. O resto dos concellos poderán atribuír a competencia para resolver o recurso ao órgano creado pola deputación da provincia a que pertencen.

5. No relativo á contratación no ámbito dos territorios históricos forais, a competencia para resolver os recursos poderá corresponder aos órganos e tribunais administrativos forais de recursos contractuais.

#### Artigo 47. *Recursos contra actos de poderes adjudicadores que non sexan Administración pública e en relación con contratos subvencionados.*

1. Cando se trate dos recursos interpostos contra actos dos poderes adjudicadores que non teñan a consideración de administracións públicas, a competencia estará atribuída ao órgano independente que a posúa respecto da Administración a que estea vinculada a entidade autora do acto impugnado.

Se a entidade contratante está vinculada con máis dunha Administración, o órgano competente para resolver o recurso será aquel que teña atribuída a competencia respecto da que posúa o control ou participación maioritaria e, no caso de que todas ou varias delas posúan unha participación igual, ante o órgano que elixa o recorrente de entre os que resulten competentes conforme as normas deste punto.

2. Nos contratos subvencionados a competencia corresponderalle ao órgano independente que exerza as súas funcións respecto da Administración a que estea adscrito o ente ou organismo que outorgase a subvención, ou ao que estea adscrita a entidade que a concedese, cando esta non teña o carácter de Administración pública. No suposto de concorrencia de subvencións por parte de distintos suxeitos do sector público, a competencia determinarase atendendo á subvención de maior contía e, no caso de igualdade de importe, ao órgano ante o cal o recorrente decida interpor o recurso de entre os que resulten competentes conforme as normas deste punto.

**Artigo 48. *Lexitimación.***

Poderá interpor o recurso especial en materia de contratación calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.

Estarán tamén lexitimadas para interpor este recurso contra os actos susceptibles de seren impugnados as organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundamentamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

**Artigo 49. *Solicitud de medidas cautelares.***

1. Antes de interpor o recurso especial, as persoas lexitimadas para iso poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adjudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

2. O órgano competente para resolver o recurso deberá adoptar decisión en forma motivada sobre as medidas cautelares dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da presentación do escrito en que se soliciten.

Para estes efectos, o órgano que deba resolver, no mesmo día en que se reciba a petición da medida cautelar, comunicará esta ao órgano de contratación, que disporá dun prazo de dous días hábiles para presentar as alegacións que considere oportunas referidas á adopción das medidas solicitadas ou ás propostas polo propio órgano decisorio. Se transcorrido este prazo non se formularon alegacións, continuarase o procedemento.

Se antes de ditar resolución se interpuxo o recurso, o órgano competente para resolvelo acumulará a este a solicitude de medidas cautelares.

Contra as resolucións ditadas neste procedemento non caberá ningún recurso, sen prexuízo daqueles que procedan contra as resolucións que se diten no procedemento principal.

3. Cando da adopción das medidas cautelares poidan derivar prexuízos de calquera natureza, a resolución poderá impor a constitución de caución ou garantía suficiente para responder deles, sen que aquelas produzan efectos ata que a dita caución ou garantía sexa constituída.

Determinaranse regulamentariamente a contía e a forma da garantía que se deberá constituír, así como os requisitos para a súa devolución que, en todo caso, deberán atender ao principio de proporcionalidade e ter en conta o suxeito e o obxecto afectados.

4. Salvo que o órgano competente acorde o contrario, a suspensión do procedemento que se poida acordar preventivamente non afectará o prazo concedido para a presentación de ofertas ou proposicións por parte dos interesados.

5. As medidas cautelares que se soliciten e acorden con anterioridade á presentación do recurso especial en materia de contratación decaerán unha vez que transcorra o prazo establecido para a súa interposición sen que o interesado o deducise.

**Artigo 50. *Iniciación do procedemento e prazo.***

1. O procedemento de recurso iniciárase mediante escrito que deberá presentarse no prazo de quince días hábiles. O dito prazo computarase:

a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.

b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

No caso do procedemento negociado sen publicidade, o cómputo do prazo comezará desde o día seguinte a aquel en que se remita a invitación aos candidatos seleccionados.

Nos supostos en que, de conformidade co establecido no artigo 138.2 da presente lei, os pregos non puidesen ser postos á disposición por medios electrónicos, o prazo computarase a partir do día seguinte a aquel en que se entregaron ao recorrente.

Con carácter xeral, non se admitirá o recurso contra os pregos e documentos contractuais que deban rexer unha contratación se o recorrente, con carácter previo á súa interposición, presentase oferta ou solicitude de participación na licitación correspondente, sen prexuízo do previsto para os supostos de nulidade de pleno dereito.

c) Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación ou contra un acto resultante da aplicación do procedemento negociado sen publicidade, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que se tivo coñecemento da posible infracción.

d) Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento.

e) Cando o recurso se interpoña en relación con algunha modificación baseada no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación, desde o día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante.

f) Cando o recurso se interpoña contra unha encarga a medio propio por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 32 da presente lei, desde o día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante.

g) En todos os demais casos, o prazo comezará a contar desde o día seguinte ao da notificación realizada de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta.

2. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o recurso se funde nalgunha das causas de nulidade previstas no número 2, letras c), d), e) ou f) do artigo 39, o prazo de interposición será o seguinte:

a) Trinta días contados desde a publicación da formalización do contrato na forma prevista nesta lei, incluíndo as razóns xustificativas polas cales non se publicou en forma legal a convocatoria da licitación ou desde a notificación aos candidatos ou licitadores afectados dos motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

b) Nos restantes casos, antes de que transcorran seis meses contados desde a formalización do contrato.

#### Artigo 51. *Forma e lugar de interposición do recurso especial.*

1. No escrito de interposición farase constar o acto contra o cal se recorre, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, de ser o caso, as medidas da mesma natureza que as mencionadas no artigo 49, cuxa adopción solicite, e xuntarase tamén:

a) O documento que acredite a representación do comparecente, salvo se figura unido ás actuacións doutro recurso pendente ante o mesmo órgano, caso en que se poderá solicitar que se expida certificación para unir ao procedemento.

b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do demandante cando a posúa porque lla transmitiu outro por herdanza ou por calquera outro título.

c) A copia ou traslado do acto expreso contra o cal se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante en que se publicou.

d) O documento ou documentos en que funde o seu dereito.

e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ao cal enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

2. Para a emenda dos defectos que poidan afectar o escrito de recurso, requirirase o interesado co fin de que, nun prazo de tres días hábiles desde o seguinte ao da súa notificación, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fai así, se terá por desistido da súa petición, e quedará suspendida a tramitación do expediente cos efectos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A presentación de documentación emendada farase, necesariamente, no rexistro do órgano competente para resolver o recurso.

3. O escrito de interposición poderase presentar nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso.

Os escritos presentados en rexistros distintos dos dous citados especificamente no parágrafo anterior deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

4. O órgano competente para resolver o recurso fará públicos a través da súa páxina web, mediante resolución do seu presidente, os enderezos de rexistro en que se debe facer a presentación dos escritos para entendela efectuada ante o propio tribunal.

#### Artigo 52. *Acceso ao expediente.*

1. Se o interesado desexa examinar o expediente de contratación antes de interpor o recurso especial, deberá solicitalo ao órgano de contratación, o cal terá a obrigaçión de o pór de manifesto sen prexuízo dos límites de confidencialidade establecidos na lei.

2. Os interesados poderán facer a solicitude de acceso ao expediente dentro do prazo de interposición do recurso especial, e o órgano de contratación deberá facilitar o acceso nos cinco días hábiles seguintes ao de recepción da solicitude. A presentación desta solicitude non paralizará en ningún caso o prazo para interpor o recurso especial.

3. O incumprimento das previsións contidas no número 1 anterior non eximirá os interesados da obrigaçión de interpor o recurso especial dentro do prazo legalmente establecido. Malia iso, o citado incumprimento poderá ser alegado polo recorrente no seu recurso; nese caso o órgano competente para resolvelo deberá conceder ao recorrente o acceso ao expediente de contratación nas súas oficinas durante o prazo de dez días, con carácter previo ao trámite de alegacións, para que complete o seu recurso. Neste suposto concederá un prazo de dous días hábiles ao órgano de contratación para que emita o informe correspondente e cinco días hábiles aos restantes interesados para que efectúen as alegacións que consideren convenientes.

#### Artigo 53. *Efectos derivados da interposición do recurso.*

Unha vez interposto o recurso, quedará en suspenso a tramitación do procedemento cando o acto impugnado sexa o de adxudicación, salvo no suposto de contratos baseados nun acordo marco ou de contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, sen prexuízo das medidas cautelares que, en relación con estes últimos, se poderían adoptar en virtude do sinalado no artigo 56.3.

Artigo 54. *Comunicacións e notificacións.*

As comunicacións e o intercambio de documentación entre os órganos competentes para resolver os recursos, os órganos de contratación e os interesados no procedemento faranse por medios electrónicos.

Artigo 55. *Inadmisión.*

O órgano encargado de resolver o recurso, tras a reclamación e o exame do expediente administrativo, poderá declarar a súa inadmisión cando constar de modo inequívoco e manifesto calquera dos seguintes supostos:

- a) A incompetencia do órgano para coñecer do recurso.
- b) A falta de lexitimación do recorrente ou de acreditación da representación da persoa que interpón o recurso en nome doutra, mediante poder que sexa suficiente para ese efecto.
- c) A interposición do recurso contra actos non susceptibles de impugnación, de conformidade co disposto no artigo 44.
- d) A interposición do recurso unha vez finalizado o prazo establecido para a súa interposición.

Se o órgano encargado de resolvelo aprecia que concorre algún deles, sen prexuízo do previsto no artigo 51.2, ditará resolución en que se acorde a inadmisión do recurso.

Artigo 56. *Tramitación do procedemento.*

1. O procedemento para tramitar os recursos especiais en materia de contratación rexeráse polas disposicións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coas especialidades que se recollen nos números seguintes.

2. Unha vez interposto o recurso, o órgano competente para resolver o recurso notificarallo no mesmo día ao órgano de contratación con remisión da copia do escrito de interposición e reclamará o expediente de contratación á entidade, órgano ou servizo que o tramitase, quen deberá remitilo dentro dos dous días hábiles seguintes xunto co correspondente informe.

Se o recurso se interpuxo ante o órgano de contratación autor do acto impugnado, este deberá remitirilo ao órgano competente para resolver o recurso, dentro dos dous días hábiles seguintes ao da súa recepción, xunto co expediente administrativo e co informe a que se refire o parágrafo anterior.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 52 con respecto ao acceso ao expediente por parte do recorrente, dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da interposición, o órgano competente para resolver o recurso dará traslado deste aos restantes interesados, e concederá un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións, que deberán presentarse necesariamente, no rexistro do órgano competente para resolver o recurso.

De forma simultánea a este trámite, decidirá, no prazo de cinco días hábiles, acerca das medidas cautelares, se se solicitou a adopción dalgunha no escrito de interposición do recurso ou se se acumulou, no caso de que a solicitude de tales medidas se realizase con anterioridade á presentación do recurso.

Así mesmo, neste prazo, resolverá, de ser o caso, sobre se procede ou non o mantemento da suspensión automática prevista no artigo 53, entendéndose vixente esta mentres non se dite resolución expresa que acorde o levantamento. Se as medidas cautelares se solicitaron despois da interposición do recurso, o órgano competente resolverá sobre elas nos termos previstos no parágrafo anterior sen suspender o procedemento principal.

En todo caso, as medidas cautelares poderaas acordar de oficio o órgano competente en calquera fase do procedemento e dará audiencia sobre iso ao órgano de contratación autor do acto impugnado, polo prazo de dous días.

4. Os feitos relevantes para a decisión do recurso poderanse acreditar por calquera medio de proba admisible en dereito. Cando os interesados o soliciten ou o órgano encargado da resolución do recurso non teña por certos os feitos alegados polos interesados ou a natureza do procedemento o exixa, poderase acordar a apertura do período de proba polo prazo de dez días hábiles, co fin de que se poidan practicar cantas xulgue pertinentes.

O órgano competente para resolver o recurso poderá rexeitar as probas propostas polos interesados cando sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias, mediante resolución motivada.

A práctica das probas anunciarase con antelación suficiente aos interesados.

5. O órgano competente para resolver o recurso deberá, en todo caso, garantir a confidencialidade e o dereito á protección dos segredos comerciais en relación coa información contida no expediente de contratación, sen prexuízo de que poida coñecer e tomar en consideración a dita información á hora de resolver. Corresponderá ao dito órgano resolver acerca de como garantir a confidencialidade e o segredo da información que conste no expediente de contratación, sen que por iso resulten prexudicados os dereitos dos demais interesados á protección xurídica efectiva e ao dereito de defensa no procedemento.

#### Artigo 57. *Resolución do recurso especial.*

1. Unha vez recibidas as alegacións dos interesados, ou transcorrido o prazo sinalado para a súa formulación, e o da proba, de ser o caso, o órgano competente deberá resolver o recurso dentro dos cinco días hábiles seguintes, e a continuación notificaráselles a resolución a todos os interesados.

2. A resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimarás as pretensións formuladas ou declarará a súa inadmisión, e decidiranse motivadamente cantas cuestións se formularon. En todo caso, a resolución será congruente coa petición e, de ser procedente, pronunciarase sobre a anulación das decisións non conformes a dereito adoptadas durante o procedemento de adxudicación, incluída a supresión das características técnicas, económicas ou financeiras discriminatorias contidas no anuncio de licitación, anuncio indicativo, pregos, condicións reguladoras do contrato ou calquera outro documento relacionado coa licitación ou adxudicación, así como, se procede, sobre a retroacción de actuacións. En todo caso, a estimación do recurso que implique anulación de cláusulas ou condicións dos pregos ou documentación contractual de natureza análoga determinará a anulación dos actos do expediente de contratación relacionados coa súa aprobación.

3. A resolución deberá acordar o levantamento da suspensión do acto de adxudicación se no momento de ditala continúa suspendido, así como das restantes medidas cautelares que se acordaron e a devolución das garantías cuxa constitución se exixiu para a súa efectividade, se procede.

4. En caso de estimación total ou parcial do recurso, o órgano de contratación deberá dar coñecemento ao órgano que ditase a resolución das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento.

5. Transcorridos dous meses contados desde o seguinte ao da interposición do recurso sen que se notificase a súa resolución, o interesado poderá consideralo desestimado para os efectos de interpor recurso contencioso-administrativo.

#### Artigo 58. *Indemnizacións e multas.*

1. O órgano competente para resolver o recurso, por solicitude do interesado, poderá impor á entidade contratante a obrigaçión de indemnizar a persoa interesada polos danos e perdas que lle puidese ocasionar a infracción legal que dese lugar ao recurso, e resarciraa, cando menos, dos gastos ocasionados pola preparación da oferta ou pola participación no procedemento de contratación. A contía da indemnización fixarase

atendendo no posible aos criterios establecidos no capítulo IV do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. No caso de que o órgano competente aprecie temeridade ou mala fe na interposición do recurso ou na solicitude de medidas cautelares, poderá acordar a imposición dunha multa ao seu responsable.

O importe da multa será de entre 1.000 e 30.000 euros e a súa contía determinarase en función da mala fe apreciada e do prexuízo ocasionado ao órgano de contratación e aos restantes licitadores, así como do cálculo dos beneficios obtidos.

O importe da multa imposta ingresarase en todo caso no Tesouro público.

As contías indicadas neste número poderán ser actualizadas mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública.

#### Artigo 59. *Efectos da resolución do recurso especial.*

1. Contra a resolución ditada neste procedemento só caberá interpor recurso contencioso-administrativo conforme o disposto no artigo 10, letras k) e l) do número 1 e no artigo 11, letra f), do número 1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, a resolución será directamente executiva.

3. Non procederá a revisión de oficio da resolución nin de ningún dos actos ditados polos órganos competentes para resolver o recurso. Tampouco estarán suxeitos á fiscalización por parte dos órganos de control interno das administracións a que cada un deles estea adscrito.

Os órganos competentes para resolver o recurso poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, incluída a resolución do recurso.

#### Artigo 60. *Emprazamento das partes ante os órganos da xurisdición contencioso-administrativa.*

1. Cando se interpoña recurso contencioso administrativo contra unha resolución do órgano competente para resolver o recurso, aquel, unha vez recibida a dilixencia do tribunal xurisdiccional en que se reclame o expediente administrativo, emprazará, para a súa comparecencia ante a sala correspondente, o órgano de contratación autor do acto que fose obxecto do recurso e os restantes que sexan parte no procedemento.

2. O emprazamento indicado no parágrafo anterior farase na forma prevista no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## TÍTULO II

### Partes no contrato

#### CAPÍTULO I

### Órgano de contratación

#### Artigo 61. *Competencia para contratar.*

1. A representación das entidades do sector público en materia contractual correspóndelles aos órganos de contratación, unipersoais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída a facultade de subscribir contratos no seu nome.

2. Os órganos de contratación poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades nesta materia con cumprimento das normas e formalidades aplicables en cada caso para a delegación ou desconcentración de competencias, no caso

de que se trate de órganos administrativos, ou para o outorgamento de poderes, cando se trate de órganos societarios ou dunha fundación.

Artigo 62. *Responsable do contrato.*

1. Con independencia da unidade encargada do seguimento e da execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a ela.

2. Nos contratos de obras, as facultades do responsable do contrato serán exercidas polo director facultativo conforme o disposto nos artigos 237 ao 246.

3. Nos casos de concesións de obra pública e de concesións de servizos, a Administración designará unha persoa que actúe en defensa do interese xeral, para obter e verificar o cumprimento das obrigacións do concesionario, especialmente no que se refire á calidade na prestación do servizo ou da obra.

Artigo 63. *Perfil de contratante.*

1. Os órganos de contratación difundirán exclusivamente a través da internet o seu perfil de contratante, como elemento que agrupa a información e os documentos relativos á súa actividade contractual, co obxecto de asegurar a transparencia e o acceso público a eles. A forma de acceso ao perfil de contratante deberase facer constar nos pregos e documentos equivalentes, así como nos anuncios de licitación en todos os casos. A difusión do perfil de contratante non obstará a utilización doutros medios de publicidade adicionais nos casos en que así se estableza.

O acceso á información do perfil de contratante será libre, sen que requira identificación previa. Con todo, poderase requirir esta para o acceso a servizos personalizados asociados ao contido do perfil de contratante tales como subscricións, envío de alertas, comunicacións electrónicas e envío de ofertas, entre outras. Toda a información contida nos perfís de contratante se publicará en formatos abertos e reutilizables, e permanecerá accesible ao público durante un período de tempo non inferior a 5 anos, sen prexuízo de que se permita o acceso a expedientes anteriores ante solicitudes de información.

2. O perfil de contratante poderá incluír calquera dato e documento referente á actividade contractual dos órganos de contratación. En calquera caso, deberá conter tanto a información de tipo xeral que se pode utilizar para relacionarse co órgano de contratación como puntos de contacto, números de teléfono e de fax, enderezo postal e enderezo electrónico, informacións, anuncios e documentos xerais, tales como as instrucións internas de contratación e os modelos de documentos, así como a información particular relativa aos contratos que subscriba.

3. No caso da información relativa aos contratos, deberase publicar polo menos a seguinte información:

a) A memoria xustificativa do contrato, o informe de insuficiencia de medios no caso de contratos de servizos, a xustificación do procedemento utilizado para a súa adxudicación cando se utilice un procedemento distinto do aberto ou do restrinxido, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que deban rexer o contrato ou documentos equivalentes, de ser o caso, e o documento de aprobación do expediente.

b) O obxecto detallado do contrato, a súa duración, o orzamento base de licitación e o importe de adxudicación, incluído o imposto sobre o valor engadido.

c) Os anuncios de información previa, de convocatoria das licitacións, de adxudicación e de formalización dos contratos, os anuncios de modificación e a súa xustificación, os anuncios de concursos de proxectos e de resultados de concursos de proxectos, coas excepcións establecidas nas normas dos negociados sen publicidade.



d) Os medios a través dos cales, de ser o caso, se publicitou o contrato e as ligazóns a esas publicacións.

e) O número e a identidade dos licitadores participantes no procedemento, así como todas as actas da mesa de contratación relativas ao procedemento de adxudicación ou, no caso de non actuar a mesa, as resolucións do servizo ou órgano de contratación correspondente, o informe de valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante un xuízo de valor de cada unha das ofertas, de ser o caso, os informes sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade a que se refire o artigo 149.4 e, en todo caso, a resolución de adxudicación do contrato.

Igualmente, será obxecto de publicación no perfil de contratante a decisión de non adxudicar ou subscribir o contrato, a desistencia do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos.

4. A publicación da información relativa aos contratos menores deberase realizar polo menos trimestralmente. A información que se publicará para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, importe de adxudicación, incluído o imposto sobre o valor engadido, e a identidade do adxudicatario. Os contratos ordenaranse pola identidade do adxudicatario.

Quedan exceptuados da publicación a que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado sexa inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pagamento utilizado polos poderes adxudicadores sexa o de anticipo de caixa fixa ou outro sistema similar para realizar pagamentos menores.

5. Deberán ser obxecto de publicación no perfil de contratante, así mesmo, os procedementos anulados, a composición das mesas de contratación que asistan os órganos de contratación, así como a designación dos membros do comité de expertos ou dos organismos técnicos especializados para a aplicación de criterios de adxudicación que dependan dun xuízo de valor nos procedementos en que sexan necesarios.

En todo caso, deberase publicar o cargo dos membros das mesas de contratación e dos comités de expertos, e non se permitirán alusións xenéricas ou indeterminadas ou que se refiran unicamente á Administración, organismo ou entidade a que representen ou en que prestasen os seus servizos.

6. A formalización das encargas a medios propios cuxo importe sexa superior 50.000 euros, IVE excluído, serán obxecto, así mesmo, de publicación no perfil de contratante.

A información relativa ás encargas de importe superior a 5.000 euros deberase publicar polo menos trimestralmente. A información que se publicará para este tipo de encargas será, polo menos, o seu obxecto, a súa duración, as tarifas aplicables e a identidade do medio propio destinatario da encarga. As encargas ordenaranse pola identidade do medio propio.

7. O sistema informático que soporte o perfil de contratante deberá contar cun dispositivo que permita acreditar fidedignamente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa nel.

8. Poderán non publicarse determinados datos relativos á subscripción do contrato nos supostos que establece o artigo 154.7.

En todo caso, cada vez que o órgano de contratación decida excluír algunha información de acordo co disposto no parágrafo anterior, deberá xustificalo no expediente.

#### Artigo 64. *Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses.*

1. Os órganos de contratación deberán tomar as medidas adecuadas para loitar contra a fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación, co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

2. Para estes efectos, o concepto de conflito de intereses abranguerá, polo menos, calquera situación en que o persoal ao servizo do órgano de contratación que, ademais,

participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no seu resultado, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que poida parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación.

Aquelas persoas ou entidades que teñan coñecemento dun posible conflito de interese deberano pór inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.

## CAPÍTULO II

### Capacidade e solvencia do empresario

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Aptitude para contratar co sector público*

##### *Subsección 1.<sup>a</sup> Normas xerais e normas especiais sobre capacidade*

#### *Artigo 65. Condicións de aptitude.*

1. Só poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nalgunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o exixa esta lei, se encontren debidamente clasificadas.

Cando, por así determinalo a normativa aplicable, se lle requiran ao contratista determinados requisitos relativos á súa organización, ao destino dos seus beneficios, ao sistema de financiamento ou outros para poder participar no correspondente procedemento de adxudicación, estes deberán ser acreditados polo licitador ao concorrer nel.

2. Os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa exigible para realizar as prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

3. Nos contratos subvencionados a que se refire o artigo 23 desta lei, o contratista deberá acreditar a súa solvencia e non poderá estar incurso na prohibición de contratar a que se refire a letra a) do número 1 do artigo 71.

#### *Artigo 66. Persoas xurídicas.*

1. As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

2. Quen concorra individual ou conxuntamente con outros á licitación dunha concesión de obras ou de servizos poderao facer co compromiso de constituír unha sociedade, que será a titular da concesión. A constitución e, de ser o caso, a forma da sociedade deberanse axustar ao que estableza, para determinados tipos de concesións, a correspondente lexislación específica.

#### *Artigo 67. Empresas comunitarias ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

1. Terán capacidade para contratar co sector público, en todo caso, as empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou dos Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que, conforme a lexislación do Estado en que estean establecidas, se encontren habilitadas para realizar a prestación de que se trate.

2. Cando a lexislación do Estado en que estean establecidas estas empresas exixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

Artigo 68. *Empresas non comunitarias.*

1. Sen prexuízo da aplicación das obrigacións de España derivadas de acordos internacionais, as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán xustificar mediante informe que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite, pola súa vez, a participación de empresas españolas na contratación cos entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3, en forma substancialmente análoga. O dito informe será elaborado pola correspondente oficina económica e comercial de España no exterior e xuntarase coa documentación que se presente. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial de Comercio.

2. Adicionalmente, o prego de cláusulas administrativas particulares poderalles exixir ás empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias de contratos de obras que abran unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

Artigo 69. *Unións de empresarios.*

1. Poderán contratar co sector público as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

2. Cando no exercicio das súas funcións a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación aprecie posibles indicios de colusión entre empresas que concorran agrupadas nunha unión temporal, aqueles requirirán estas empresas para que, dándolles o prazo suficiente, xustifiquen de forma expresa e motivada as razóns para concorreren agrupadas.

Cando a mesa ou o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polas empresas, estime que existen indicios fundados de colusión entre elas, trasladaraos á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou, de ser o caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente, para os efectos de que se pronuncie sobre aqueles, logo da tramitación do procedemento sumarísimo a que se refire o artigo 150.1, terceiro parágrafo.

3. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato deriven ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobramentos e pagamentos de contía significativa.

Para os efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e as circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de se constituíren formalmente en unión temporal en caso de resultaren adxudicatarios do contrato.

4. A duración das unións temporais de empresarios será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción.

5. Para os casos en que sexa exixible a clasificación e concorran en unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea nin dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertencen aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

6. Para os efectos de valorar e apreciar a concorrencia do requisito de clasificación respecto dos empresarios que concorran agrupados, atenderase, na forma que regulamentariamente se determine, ás características acumuladas de cada un deles, expresadas nas súas respectivas clasificacións. En todo caso, será necesario para

proceder a esta acumulación que todas as empresas obtivesen previamente a clasificación como empresa de obras, sen prexuízo do establecido para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea e de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo no número 4 do presente artigo.

7. Os empresarios que estean interesados en formar as unións a que se refire o presente artigo poderanse dar de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que especificará esta circunstancia. Se xa están inscritos no citado rexistro unicamente lle deberán comunicar a este, na forma que se estableza regulamentariamente, o seu interese no sentido indicado.

8. Se durante a tramitación dun procedemento e antes da formalización do contrato se produce a modificación da composición da unión temporal de empresas, esta quedará excluída do procedemento. Non terá a consideración de modificación da composición a alteración da participación das empresas sempre que se manteña a mesma clasificación. Quedará excluída tamén do procedemento de adxudicación do contrato a unión temporal de empresas cando algunha ou algunhas das empresas que a integren quede incurso en prohibición de contratar.

As operacións de fusión, escisión e achega ou transmisión da rama de actividade de que sexan obxecto algunha ou algunhas empresas integradas nunha unión temporal non impedirán que esta continúe no procedemento de adxudicación. No caso de que a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente da rama de actividade non sexan empresas integrantes de unión temporal, será necesario que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar e que se manteñan a solvencia, a capacidade ou clasificación exixidas.

9. Unha vez formalizado o contrato cunha unión temporal de empresas, observaranse as seguintes regras:

a) Cando a modificación da composición da unión temporal supoña o aumento do número de empresas, a diminución deste ou a substitución dunha ou varias por outra ou outras, necesitarase a autorización previa e expresa do órgano de contratación, e o contrato deberase ter executado, polo menos, nun 20 por cento do seu importe ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, terse efectuado a súa explotación durante, polo menos, a quinta parte do prazo de duración do contrato. En todo caso, será necesario que se manteña a solvencia ou a clasificación exixidas e que na nova configuración de unión temporal as empresas que a integren teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibición de contratar.

b) Cando teñan lugar respecto dalgunha ou dalgunhas empresas integrantes de unión temporal operacións de fusión, escisión ou transmisión de rama de actividade, continuará a execución do contrato coa unión temporal adxudicataria. No caso de que a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente da rama de actividade non sexan empresas integrantes de unión temporal, será necesario que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar e que se manteña a solvencia, a capacidade ou a clasificación exixidas.

c) Cando algunha ou algunhas das empresas integrantes de unión temporal fosen declaradas en concurso de acredores e aínda cando se abra a fase de liquidación, continuará a execución do contrato coa empresa ou empresas restantes sempre que estas cumpran os requisitos de solvencia ou clasificación exixidos.

10. A información pública dos contratos adxudicados a estas unións incluírá os nomes das empresas participantes e a participación porcentual de cada unha delas en unión temporal de empresas, sen prexuízo da publicación no Rexistro Especial de Unións Temporais de Empresas.

#### Artigo 70. *Condicións especiais de compatibilidade.*

1. O órgano de contratación tomará as medidas adecuadas para garantir que a participación na licitación das empresas que participaron previamente na elaboración das

especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato ou asesoraron o órgano de contratación durante a preparación do procedemento de contratación non falsee a competencia. Entre esas medidas poderá chegar a establecerse que as citadas empresas, e as empresas a elas vinculadas, entendéndose por tales as que estean nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio, poidan ser excluídas das ditas licitacións cando non haxa outro medio de garantir o cumprimento do principio de igualdade de trato.

En todo caso, antes de excluír o candidato ou licitador que participou na preparación do contrato, deberá dársele audiencia para que xustifique que a súa participación na fase preparatoria non pode ter o efecto de falsear a competencia ou de lle dispensar un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

Entre as medidas a que se refire o primeiro parágrafo do presente número, atoparase a comunicación aos demais candidatos ou licitadores da información intercambiada no marco da participación na preparación do procedemento de contratación ou como resultado dela, e o establecemento de prazos adecuados para presentar ofertas.

As medidas adoptadas consignarase nos informes específicos previstos no artigo 336.

2. Os contratos que teñan por obxecto a vixilancia, a supervisión, o control e a dirección da execución de calquera contrato, así como a coordinación en materia de seguranza e saúde, non se poderán adjudicar ás mesmas empresas adjudicatarias dos correspondentes contratos, nin ás empresas a estas vinculadas, no sentido establecido no número anterior.

#### Subsección 2.<sup>a</sup> Prohibicións de contratar

##### Artigo 71. *Prohibicións de contratar.*

1. Non poderán contratar coas entidades previstas no artigo 3 da presente lei, cos efectos establecidos no artigo 73, as persoas nas cales conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Teren sido condenadas mediante sentenza firme por delitos de terrorismo, constitución ou integración dunha organización ou grupo criminal, asociación ilícita, financiamento ilegal dos partidos políticos, tráfico de seres humanos, corrupción nos negocios, tráfico de influencias, suborno, fraudes, delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social, delitos contra os dereitos dos traballadores, prevaricación, malversación, negociacións prohibidas aos funcionarios, branqueo de capitais, delitos relativos á ordenación do territorio e ao urbanismo, á protección do patrimonio histórico e ao ambiente, ou á pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio.

A prohibición de contratar alcanzará as persoas xurídicas que sexan declaradas penalmente responsables, e aquelas cuxos administradores ou representantes, sexan de feito ou de dereito, co seu cargo ou representación en vigor, e ata o seu cesamento, estean na situación mencionada neste número.

b) Teren sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia profesional que poña en dúbida a súa integridade, de disciplina de mercado, de falseamento da competencia, de integración laboral e de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, ou de estranxeiría, de conformidade co establecido na normativa vixente; ou por infracción moi grave en materia ambiental, de conformidade co establecido na normativa vixente; ou por infracción moi grave en materia laboral ou social, de acordo co disposto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, así como pola infracción grave prevista no artigo 22.2 do citado texto.

c) Teren solicitado a declaración de concurso voluntario, teren sido declaradas insolventes en calquera procedemento, encontrarse declaradas en concurso, salvo que neste adquirise eficacia un convenio ou se iniciase un expediente de acordo extraxudicial

de pagamentos, estaren suxeitas a intervención xudicial ou seren inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que conclúese o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

d) Non estaren ao día no cumprimento das obrigacións tributarias ou da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen; ou no caso de empresas de 50 ou máis traballadores, non cumprir o requisito de que polo menos o 2 por cento dos seus empregados sexan traballadores con discapacidade, de conformidade co artigo 42 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nas condicións que regulamentariamente se determinen; ou no caso de empresas de máis de 250 traballadores, non cumprir coa obrigación de contar cun plan de igualdade conforme o disposto no artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes.

En relación co cumprimento das súas obrigacións tributarias ou coa Seguridade Social, considerarase que as empresas están ao día cando as débedas estean aprazadas, fraccionadas ou se acordase a súa suspensión con ocasión da impugnación de tales débedas.

A acreditación do cumprimento da cota de reserva de postos de traballo do 2 por cento para persoas con discapacidade e da obrigación de contar cun plan de igualdade, a que se refire o primeiro parágrafo desta letra, farase mediante presentación da declaración responsable a que se refire o artigo 140.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o Consello de Ministros, mediante real decreto, poderá establecer unha forma alternativa de acreditación que, en todo caso, será ben mediante certificación do órgano administrativo correspondente, con vixencia mínima de seis meses, ou ben mediante certificación do correspondente rexistro de licitadores, nos casos en que a dita circunstancia figure inscrita nel.

e) Teren incorrido en falsidade ao efectuar a declaración responsable a que se refire o artigo 140 ou ao facilitar calquera outro dato relativo á súa capacidade e solvencia, ou incumplir, por causa que lle sexa imputable, a obrigación de comunicar a información prevista no artigo 82.4 e no artigo 343.1.

f) Estaren afectadas por unha prohibición de contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme, conforme o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A presente causa de prohibición de contratar deixarase de aplicar cando o órgano de contratación, en aplicación do disposto no artigo 72.1, comprobe que a empresa cumpriu as súas obrigacións de pagamento ou realizou un acordo vinculante con vistas ao pagamento das cantidades debidas, incluídos, de ser o caso, os xuros acumulados ou as multas impostas.

g) Estaren incursos a persoa física ou os administradores da persoa xurídica nalgún dos supostos da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, ou das respectivas normas das comunidades autónomas, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nela.

A prohibición alcanzará as persoas xurídicas en cuxo capital participen, nos termos e contías establecidos na lexislación citada, o persoal e os altos cargos a que se refire o parágrafo anterior, así como os cargos electos ao servizo delas.

A prohibición esténdese, igualmente, en ambos os casos, aos cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva, ascendentes e descendentes, así como a parentes en segundo grao por consanguinidade ou afinidade das persoas a que se refiren os parágrafos anteriores, cando se produza conflito de intereses co titular do órgano de contratación ou cos titulares dos órganos en que se delegue a facultade para contratar ou cos que substitúan o primeiro.

h) Teren contratado persoas respecto das cales se publicou no «Boletín Oficial del Estado» o incumplimento a que se refire o artigo 15.1 da Lei 3/2015, do 30 de marzo,

reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, ou nas respectivas normas das comunidades autónomas, por pasaren a prestar servizos en empresas ou sociedades privadas directamente relacionadas coas competencias do cargo desempeñado durante os dous anos seguintes á data de cesamento nel. A prohibición de contratar manterase durante o tempo que permaneza dentro da organización da empresa a persoa contratada, co límite máximo de dous anos contados desde o cesamento como alto cargo.

2. Ademais das previstas no número anterior, son circunstancias que impedirán aos empresarios contratar coas entidades comprendidas no artigo 3 da presente lei, nas condicións establecidas no artigo 73, as seguintes:

a) Ter retirado indebidamente a súa proposición ou candidatura nun procedemento de adxudicación, ou imposibilitar a adxudicación do contrato ao seu favor por non cumprir o establecido no número 2 do artigo 150 dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia.

b) Ter deixado de formalizar o contrato, adxudicado ao seu favor, nos prazos previstos no artigo 153, por causa imputable ao adxudicatario.

c) Ter incumplido as cláusulas que son esenciais no contrato, incluíndo as condicións especiais de execución establecidas de acordo co sinalado no artigo 202, cando o dito incumprimento fose definido nos pregos ou no contrato como infracción grave, concorrendo dolo, culpa ou negligencia no empresario, e sempre que dese lugar á imposición de penalidades ou á indemnización de danos e perdas.

d) Ter dado lugar, por causa da cal fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito cunha entidade das comprendidas no artigo 3 da presente lei.

3. As prohibicións de contratar afectarán tamén aquelas empresas das cales, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, se poida presumir que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas en que concorresen aquelas.

#### Artigo 72. *Apreciación da prohibición de contratar. Competencia e procedemento.*

1. As prohibicións de contratar relativas ás circunstancias contidas nas letras c), d), f), g) e h) do número 1 do artigo anterior apreciaranas directamente os órganos de contratación, e subsistirán mentres concorran as circunstancias que en cada caso as determinan.

2. A prohibición de contratar polas causas previstas nas letras a) e b) do número 1 do artigo anterior apreciarana directamente os órganos de contratación, cando a sentenza ou a resolución administrativa se pronunciase expresamente sobre o seu alcance e duración, e subsistirán durante o prazo sinalado nelas.

No caso de que a sentenza ou a resolución administrativa non conteñan pronunciamento sobre o alcance ou a duración da prohibición de contratar, nos casos da letra e) do punto primeiro do artigo anterior, e nos supostos recollidos no punto segundo, tamén do artigo anterior, o alcance e a duración da prohibición deberanse determinar mediante procedemento instruído para o efecto, de conformidade co disposto neste artigo.

3. A competencia para fixar a duración e o alcance da prohibición de contratar no caso das letras a) e b) do número 1 do artigo anterior, nos casos en que non figure na correspondente sentenza ou resolución, e a competencia para declarar a prohibición de contratar no caso da letra e) do punto primeiro do artigo anterior respecto da obrigaçión de comunicar a información prevista no artigo 82.4 e no artigo 343, corresponderá ao ministro de Facenda e Función Pública logo de proposta da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, ou aos órganos que resulten competentes no ámbito das comunidades autónomas no caso da letra e) citada.

Para os efectos de poder dar cumprimento ao establecido no parágrafo anterior, o órgano xudicial ou administrativo de que emane a sentenza ou resolución administrativa deberá remitir de oficio testemuño daquela ou copia desta á Xunta Consultiva de

Contratación Pública do Estado, sen prexuízo de que este órgano, de ter coñecemento da súa existencia e ao non recibir o citado testemuño da sentenza ou copia da resolución administrativa, poida solicitalos ao órgano de que emanaron.

Nos supostos previstos na letra e) do número 1 do artigo anterior referido a casos en que se incorreu en falsidade ao efectuar a declaración responsable a que se refire o artigo 140, ou ao facilitar calquera outro dato relativo á súa capacidade e solvencia, e nos supostos previstos no punto segundo do artigo 71, a declaración da prohibición de contratar corresponderá ao órgano de contratación.

4. A competencia para declarar a prohibición de contratar nos casos en que a entidade contratante non teña o carácter de Administración pública corresponderá ao titular do departamento, presidente ou director do organismo a que estea adscrita ou de que dependa a entidade contratante ou aquel a que corresponda a súa tutela ou control. Se a entidade contratante está vinculada a máis dunha Administración, será competente o órgano correspondente da que teña o control ou participación maioritaria.

5. Cando, conforme o sinalado neste artigo, sexa necesaria unha declaración previa sobre a concurrencia da prohibición, o alcance e a duración desta determinaranse seguindo o procedemento que se estableza nas normas de desenvolvemento desta lei.

Non procederá, con todo, declarar a prohibición de contratar cando, no trámite de audiencia do procedemento correspondente, a persoa incurso na causa de prohibición acredite o pagamento ou compromiso de pagamento das multas e indemnizacións fixadas por sentenza ou resolución administrativa de que derive a causa de prohibición de contratar, sempre e cando as citadas persoas fosen declaradas responsables do seu pagamento na citada sentenza ou resolución, e a adopción de medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar cometer futuras infraccións administrativas, entre as cales quedará incluído o feito de acollerse ao programa de clemencia en materia de falseamento da competencia. Este parágrafo non resultará de aplicación cando resulte aplicable a causa de prohibición de contratar a que se refire o artigo 71.1, letra a).

A prohibición de contratar, así declarada, poderá ser revisada en calquera momento da súa vixencia, cando a persoa que fose declarada en situación de prohibición de contratar acredite o cumprimento dos aspectos a que se refire o parágrafo anterior. O órgano competente para coñecer da citada revisión será o mesmo que ditou a resolución de declaración de prohibición de contratar.

6. Nos casos en que por sentenza penal firme así se prevexa, a duración da prohibición de contratar será a prevista nela. Nos casos en que esta non establecese prazo, esa duración non poderá exceder os cinco anos desde a data da condena por sentenza firme.

No resto dos supostos, o prazo de duración non poderá exceder os tres anos e para o seu cómputo observarse o establecido no punto terceiro do artigo 73.

7. No caso da letra a) do número 1 do artigo anterior, o procedemento, de ser necesario, non se poderá iniciar unha vez transcorrido o prazo previsto para a prescrición da correspondente pena e, no caso da letra b) do número 2 do mesmo artigo, se transcorreron máis de tres meses desde que se produciu a adxudicación.

Nos restantes supostos previstos no dito artigo, o procedemento para declarar a prohibición de contratar non se poderá iniciar se transcorreron máis de tres anos contados a partir das seguintes datas:

a) Desde a firmeza da resolución sancionadora, no caso da causa prevista na letra b) do número 1 do artigo anterior.

b) Desde a data en que se facilitaron os datos falsos ou desde aquela en que se debese comunicar a correspondente información, nos casos previstos na letra e) do número 1 do artigo anterior.

c) Desde a data en que fose firme a resolución do contrato, no caso previsto na letra d) do número 2 do artigo anterior;

d) Nos casos previstos na letra a) do número 2 do artigo anterior, desde a data en que se adxudicou o contrato, se a causa é a retirada indebida de proposicións ou



candidaturas; ou desde a data en que se debería ter adxudicado, se a prohibición se fundamenta no incumprimento do establecido no punto segundo do artigo 150.

e) Desde que a entidade contratante tivo coñecemento do incumprimento das condicións especiais de execución do contrato, nos casos previstos na letra c) do punto segundo do artigo 71.

#### Artigo 73. *Efectos da declaración da prohibición de contratar.*

1. Nos supostos en que se dean as circunstancias establecidas no punto segundo do artigo 71 e na letra e) do punto primeiro do mesmo artigo, no referente a ter incorrido en falsidade ao efectuar a declaración responsable do artigo 140 ou ao facilitar outros datos relativos á súa capacidade e solvencia, a prohibición de contratar afectará o ámbito do órgano de contratación competente para a súa declaración.

A dita prohibición poderase estender ao correspondente sector público en que se integre o órgano de contratación. No caso do sector público estatal, a extensión de efectos corresponderalle ao ministro de Facenda e Función Pública, logo de proposta da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.

Nos supostos en que, de conformidade co establecido no primeiro parágrafo do punto terceiro do artigo anterior respecto da letra e) do punto primeiro do artigo 71, a competencia para declarar a prohibición de contratar corresponda aos órganos que resulten competentes no ámbito das comunidades autónomas, a citada prohibición de contratar afectará todos os órganos de contratación do correspondente sector público.

Excepcionalmente, e sempre que previamente se estendesen ao correspondente sector público territorial, os efectos das prohibicións de contratar a que se refiren os parágrafos anteriores poderanse estender ao conxunto do sector público. A dita extensión de efectos a todo o sector público realizaraa o ministro de Facenda e Función Pública, logo de proposta da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, e por solicitude da comunidade autónoma ou entidade local correspondente nos casos en que a prohibición de contratar proveña de tales ámbitos.

Nos casos en que a competencia para declarar a prohibición de contratar corresponda ao ministro de Facenda e Función Pública, esta producirá efectos en todo o sector público.

2. Todas as prohibicións de contratar, salvo aquelas en que se dea algunha das circunstancias previstas nas letras c), d), g) e h) do punto primeiro do artigo 71, unha vez adoptada a resolución correspondente, comunicaranse sen dilación para a súa inscrición ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou o equivalente no ámbito das comunidades autónomas, en función do ámbito da prohibición de contratar e do órgano que a declarase.

Os órganos de contratación do ámbito das comunidades autónomas, das cidades autónomas de Ceuta e Melilla ou das entidades locais situadas no seu territorio notificarán a prohibición de contratar aos rexistros de licitadores das comunidades autónomas correspondentes ou, de non existiren, no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

A inscrición da prohibición de contratar no Rexistro de Licitadores correspondente caducará pasados 3 meses desde que termine a súa duración, e deberase cancelar de oficio no dito rexistro tras o citado prazo.

3. As prohibicións de contratar recollidas nas letras a) e b) do punto primeiro do artigo 71 producirán efectos desde a data en que deviñeron firmes a sentenza ou a resolución administrativa nos casos en que aquela ou esta se pronunciase sobre o alcance e a duración da prohibición.

No resto de supostos, os efectos produciranse desde a data de inscrición no rexistro correspondente.

Non obstante o anterior, nos supostos previstos nas letras a) e b) do punto primeiro do artigo 71, nos casos en que os efectos da prohibición de contratar se produzan desde a inscrición no correspondente rexistro, o órgano competente para resolver o procedemento de determinación do alcance e duración da prohibición poderá adoptar, de ser o caso, de

oficio ou por instancia de parte, as medidas provisionais que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se poida adoptar.

4. As prohibicións de contratar cuxa causa fose a prevista na letra f) do punto primeiro do artigo 71 producirán efectos respecto das administracións públicas que se establezan na resolución sancionadora que as impuxo, desde a data en que esta deveu firme.

#### Subsección 3.<sup>a</sup> Solvencia

##### Artigo 74. *Exixencia de solvencia.*

1. Para subscribir contratos co sector público, os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que determine o órgano de contratación. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa exixible conforme o disposto nesta lei.

2. Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditarlos indicaranse no anuncio de licitación e especificaranse no prego do contrato, e deberán estar vinculados ao seu obxecto e ser proporcionais a el.

##### Artigo 75. *Integración da solvencia con medios externos.*

1. Para acreditar a solvencia necesaria para subscribir un contrato determinado, o empresario poderase basear na solvencia e nos medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade a que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 poderán recorrer ás capacidades de entidades alleas á unión temporal.

Con todo, con respecto aos criterios relativos aos títulos de estudos e profesionais que se indican no artigo 90.1.e), ou á experiencia profesional pertinente, as empresas unicamente poderán recorrer ás capacidades doutras entidades se estas van executar as obras ou prestar servizos para os cales son necesarias as ditas capacidades.

2. Cando unha empresa desexe recorrer ás capacidades doutras entidades, demostrará ao poder adxudicador que vai dispor dos recursos necesarios mediante a presentación, para ese efecto, do compromiso por escrito das ditas entidades.

O compromiso a que se refire o parágrafo anterior presentarao o licitador que presentase a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145, logo de requirimento formalizado de conformidade co disposto no número 2 do artigo 150, sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 140.

3. Cando unha empresa recorra ás capacidades doutras entidades no que respecta aos criterios relativos á solvencia económica e financeira, o poder adxudicador poderá exixir formas de responsabilidade conxunta entre aquela entidade e as outras na execución do contrato, mesmo con carácter solidario.

4. No caso dos contratos de obras, dos contratos de servizos, ou dos servizos ou traballos de colocación ou instalación no contexto dun contrato de subministración, os poderes adxudicadores poderán exixir que determinadas partes ou traballos, en atención á súa especial natureza, os execute directamente o propio licitador ou, no caso dunha oferta presentada por unha unión de empresarios, un participante nela, sempre que así se previse no correspondente prego, con indicación dos traballos a que se refira.

##### Artigo 76. *Concreción das condicións de solvencia.*

1. Nos contratos de obras, de servizos, 1. concesión de obras e concesión de servizos, así como nos contratos de subministración que inclúan servizos ou traballos de colocación

e instalación, poderáselles exixir ás persoas xurídicas que especifiquen, na oferta ou na solicitude de participación, os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación.

2. Os órganos de contratación poderánlles exixir aos candidatos ou licitadores, facéndoo constar nos pregos, que, ademais de acreditar a súa solvencia ou, de ser o caso, clasificación, se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso. Estes compromisos integraranse no contrato e os pregos ou o documento contractual deberán atribuírlles o carácter de obrigacións esenciais para os efectos previstos no artigo 211, ou establecer penalidades, conforme o sinalado no artigo 192.2, para o caso de que o adxudicatario as incumpra.

No caso de contratos en que, atendida a súa complexidade técnica, sexa determinante a concreción dos medios persoais ou materiais necesarios para a execución do contrato, os órganos de contratación exixirán o compromiso a que se refire o parágrafo anterior.

3. A adscrición dos medios persoais ou materiais como requisitos de solvencia adicionais á clasificación do contratista deberá ser razoable, xustificada e proporcional á entidade e ás características do contrato, de forma que non limite a participación das empresas na licitación.

#### Subsección 4.<sup>a</sup> Clasificación das empresas

##### Artigo 77. *Exixencia e efectos da clasificación.*

1. A clasificación dos empresarios como contratistas de obras ou como contratistas de servizos dos poderes adxudicadores será exixible e producirá efectos para a acreditación da súa solvencia para contratar nos seguintes casos e termos:

a) Para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros será requisito indispensable que o empresario se encontre debidamente clasificado como contratista de obras dos poderes adxudicadores. Para os ditos contratos, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, con categoría igual ou superior á exixida para o contrato, acreditará as súas condicións de solvencia para contratar.

Para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, e que será recollida nos pregos do contrato, acreditará a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar. En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia exixidos no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato. Se os pregos non concretan os requisitos de solvencia económica e financeira ou os requisitos de solvencia técnica ou profesional, a acreditación da solvencia efectuarase conforme os criterios, requisitos e medios recollidos no segundo inciso do número 3 do artigo 87, que terán carácter supletorio do que respecto deles se omitise ou non se concretase nos pregos.

b) Para os contratos de servizos non será exixible a clasificación do empresario. No anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato estableceranse os criterios e requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional, tanto nos termos establecidos nos artigos 87 e 90 da lei como en termos de grupo ou subgrupo de clasificación e de categoría mínima exixible, sempre que o obxecto do contrato estea incluído no ámbito de clasificación dalgún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, atendendo para iso ao código CPV do contrato, segundo o Vocabulario común de contratos públicos aprobado polo Regulamento (CE) 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002.

En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación correspondentes ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia exixidos no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato. Se os pregos non concretan os requisitos de solvencia económica e financeira ou os requisitos de solvencia técnica ou profesional, a acreditación da solvencia efectuarase conforme os criterios, requisitos e medios recollidos no segundo inciso do número 3 do artigo 87, que terán carácter supletorio do que respecto deles se omitise ou non se concretase nos pregos.

c) A clasificación non será exixible para os demais tipos de contratos. Para os ditos contratos, os requisitos específicos de solvencia exixidos indicaranse no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallaranse nos pregos do contrato.

2. A clasificación será exixible igualmente ao cesionario dun contrato no caso en que fose requirida ao cedente.

3. Mediante real decreto poderase exceptuar a necesidade de clasificación para determinados tipos de contratos de obras en que este requisito sexa exixible, e deberase motivar a dita excepción nas circunstancias especiais e excepcionais concorrentes neles.

4. Cando non concorrese ningunha empresa clasificada nun procedemento de adxudicación dun contrato para o cal se requira clasificación, o órgano de contratación poderá excluír a necesidade de cumprir este requisito no seguinte procedemento que se convoque para a adxudicación do mesmo contrato, sempre e cando non se alteren as súas condicións, e deberá precisar no prego de cláusulas e no anuncio, de ser o caso, os medios de acreditación da solvencia que deban ser utilizados de entre os especificados nos artigos 87 e 88.

5. As entidades do sector público que non teñan o carácter de poderes adxudicadores poderán acordar a aplicación do réxime disposto no número 1 deste artigo.

#### Artigo 78. *Exención da exixencia de clasificación.*

1. Non será exixible a clasificación aos empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, xa concorran ao contrato illadamente xa integrados nunha unión, sen prexuízo da obrigaición de acreditar a súa solvencia.

2. Excepcionalmente, cando así sexa conveniente para os intereses públicos, a contratación da Administración xeral do Estado e dos entes, organismos e entidades dela dependentes con persoas que non estean clasificadas poderá ser autorizada polo Consello de Ministros, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado. No ámbito das comunidades autónomas, a autorización outorgarana os órganos que estas designen como competentes.

#### Artigo 79. *Criterios aplicables e condicións para a clasificación.*

1. A clasificación das empresas farase en función da súa solvencia, valorada conforme os criterios regulamentariamente establecidos de entre os recollidos nos artigos 87, 88 e 90, e determinará os contratos a cuxa adxudicación poidan concorrer ou optar por razón do seu obxecto e da súa contía. Para estes efectos, os contratos dividiranse en grupos xerais e subgrupos, pola súa peculiar natureza, e dentro destes, por categorías, en función da súa contía.

A expresión da contía efectuarase por referencia ao valor estimado do contrato, cando a duración deste sexa igual ou inferior a un ano, e por referencia ao seu valor medio anual, cando se trate de contratos de duración superior.

2. Para proceder á clasificación será necesario que o empresario acredite a súa personalidade e capacidade de obrar, así como que está legalmente habilitado para realizar a correspondente actividade, por dispor das correspondentes autorizacións ou

habilitacións empresariais ou profesionais, e reunir os requisitos de colexiación ou inscrición ou outros semellantes que poidan ser necesarios, e que non está incurso en prohibicións de contratar.

3. No suposto de persoas xurídicas pertencentes a un grupo de sociedades, e para os efectos da valoración da súa solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, poderanse ter en conta as sociedades pertencentes ao grupo, sempre que a persoa xurídica en cuestión acredite que terá efectivamente á súa disposición, durante o prazo a que se refire o número 2 do artigo 82, os medios das ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

No caso de posta á disposición de medios persoais, tal circunstancia deberá en todo caso ser compatible coas disposicións aplicables en materia laboral e de dereito do traballo e contar co consentimento dos traballadores afectados.

O suposto previsto no presente número non poderá supor, en ningún caso, a posta á disposición exclusivamente de medios persoais.

4. Denegarase a clasificación daquelas empresas das cales, á vista das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, se poida presumir que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras afectadas por unha prohibición de contratar.

5. Naquelas obras cuxa natureza se corresponda con algúns dos tipos establecidos como subgrupo e non presenten singularidades diferentes ás normais e xerais á súa clase, exixirase soamente a clasificación no subgrupo xenérico correspondente.

Cando, no caso anterior, as obras presenten singularidades non normais ou xerais ás da súa clase e si, en cambio, asimilables a tipos de obra correspondentes a outros subgrupos diferentes do principal, a exixencia de clasificación estenderase tamén a estes subgrupos, coas limitacións seguintes:

a) O número de subgrupos exixibles, salvo casos excepcionais, non poderá ser superior a catro.

b) O importe da obra parcial que, pola súa singularidade, dea lugar á exixencia de clasificación no subgrupo correspondente deberá ser superior ao 20 por 100 do prezo total do contrato, salvo casos excepcionais, que se deberán acreditar razoadamente nos pregos.

*Artigo 80. Acordos ou decisións de clasificación: competencia, eficacia, recurso e clasificacións diverxentes.*

1. Os acordos relativos á clasificación das empresas adoptaranos, con eficacia xeral fronte a todos os órganos de contratación, as comisións clasificadoras da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado. Estes acordos poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o ministro de Facenda e Función Pública.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán adoptar decisións sobre clasificación das empresas, que serán eficaces unicamente para os efectos de contratar coa comunidade autónoma que as adoptase, coas entidades locais incluídas no seu ámbito territorial e cos entes, organismos e entidades do sector público dependentes dunha e doutras. Na adopción destes acordos deberanse respectar, en todo caso, as regras e os criterios establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Con todo, unha empresa non poderá dispor simultaneamente de clasificación nun determinado grupo ou subgrupo outorgada polas comisións clasificadoras da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado e por unha ou máis comunidades autónomas, ou por dúas ou máis comunidades autónomas, con distintas categorías de clasificación. Para ese efecto, as empresas indicarán nas súas solicitudes de clasificación ou de revisión de clasificación as clasificacións que teñen vixentes e que fosen outorgadas por outras administracións distintas daquela a que dirixen a súa solicitude, e non se lle poderá outorgar á empresa solicitante unha categoría superior en ningún subgrupo a aquela de que xa dispoña, outorgada por calquera outra Administración, no dito subgrupo.

Articularanse regulamentariamente os mecanismos necesarios para evitar a coexistencia sobrevida de clasificacións en vigor contraditorias para unha mesma empresa nun mesmo grupo ou subgrupo de clasificación.

*Artigo 81. Inscripción rexistral da clasificación.*

Os acordos relativos á clasificación das empresas adoptados polas comisións clasificadoras da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado inscribíranse de oficio no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

Os acordos relativos á clasificación das empresas adoptados polos órganos competentes das comunidades autónomas que asumisen a dita competencia serán inscritos de oficio no rexistro de licitadores da respectiva comunidade autónoma, se dispón de tal rexistro, e comunicados polo órgano que os adoptou ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público para a súa inscrición.

*Artigo 82. Prazo de vixencia e revisión das clasificacións.*

1. A clasificación das empresas terá unha vixencia indefinida mentres o empresario manteña as condicións e circunstancias en que se baseou a súa concesión.

2. Con todo, e sen prexuízo do sinalado no número 3 deste artigo e no artigo seguinte, para conservar a clasificación deberase xustificar anualmente o mantemento da solvencia económica e financeira e, cada tres anos, o da solvencia técnica e profesional. Para este efecto, o empresario achegará a correspondente declaración responsable ou, na súa falta, a documentación actualizada nos termos que se establezan regulamentariamente.

A non achega nos prazos regulamentariamente establecidos das declaracións ou documentos a que se refire o parágrafo anterior dará lugar á suspensión automática das clasificacións que se posúan, así como á apertura dun expediente de revisión de clasificación. A suspensión das clasificacións levantarase pola achega das ditas declaracións ou documentos, se aínda non se comunicou ao interesado o inicio do expediente de revisión, ou polo acordo de revisión de clasificación adoptado polo órgano competente, no caso contrario.

3. A clasificación será revisable por petición dos interesados ou de oficio pola Administración en canto varíen as circunstancias tomadas en consideración para concedela.

4. En todo caso, o empresario está obrigado a pór en coñecemento do órgano competente en materia de clasificación calquera variación nas circunstancias que se tivesen en conta para concedela que poida dar lugar a unha revisión desta. A omisión desta comunicación fará que o empresario incorra na prohibición de contratar prevista na letra e) do número 1 do artigo 71.

*Artigo 83. Comprobación dos elementos da clasificación.*

Os órganos competentes en materia de clasificación poderán solicitar, en calquera momento, das empresas clasificadas ou pendentes de clasificación os documentos que consideren necesarios para comprobar as declaracións e os feitos manifestados por elas nos expedientes que tramiten, así como pedir informe a calquera órgano das administracións públicas sobre estes aspectos.

*Sección 2.<sup>a</sup> Acreditación da aptitude para contratar*

*Subsección 1.<sup>a</sup> Capacidade de obrar*

*Artigo 84. Acreditación da capacidade de obrar.*

1. A capacidade de obrar dos empresarios que sexan persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta fundacional, en

que consten as normas polas cales se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

2. A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

3. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

#### Subsección 2.<sup>a</sup> Prohibicións de contratar

##### Artigo 85. *Proba da non concorrencia dunha prohibición de contratar.*

Sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do número 3 do artigo 140, a proba, por parte dos empresarios, de non estaren incurso en prohibicións para contratar poderase realizar mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos.

Cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

#### Subsección 3.<sup>a</sup> Solvencia

##### Artigo 86. *Medios de acreditar a solvencia.*

1. A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional para un contrato acreditarase mediante a achega dos documentos que determine o órgano de contratación de entre os previstos nos artigos 87 ao 91 da presente lei.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte, para os contratos que non estean suxeitos a regulación harmonizada o órgano de contratación, ademais dos documentos a que se refire o parágrafo primeiro, poderá admitir de forma xustificada outros medios de proba da solvencia distintos dos previstos nos artigos 87 ao 91.

Cando, por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, será autorizado para acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado.

2. A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional para a clasificación de empresas acreditarase mediante a achega dos documentos regulamentariamente establecidos de entre os previstos nos artigos 87 ao 91 da presente lei.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para subscribir contratos do mesmo tipo e importe que aqueles para os cales se obtivo e para cuxa subscripción non se exixa estar en posesión dela.

3. Nos contratos de concesión de obras e concesións de servizos en que se poidan identificar sucesivas fases na súa execución que requiran medios e capacidades distintas, os pregos poderán diferenciar requisitos de solvencia distintos para as sucesivas fases do contrato, e os licitadores poderán acreditar a dita solvencia con anterioridade ao comezo da execución de cada unha das fases.

No caso daqueles empresarios que, acolléndose á posibilidade prevista no parágrafo anterior, non acreditasen a súa solvencia antes do inicio da execución da correspondente fase, resolverase o contrato por causas imputables ao empresario.

Artigo 87. *Solvencia económica e financeira.*

1. A solvencia económica e financeira do empresario deberase acreditar por un ou varios dos medios seguintes, á elección do órgano de contratación:

a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito a que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao exixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente. O volume de negocios mínimo anual exixido non excederá unha vez e media o valor estimado do contrato, excepto en casos debidamente xustificadas como os relacionados cos riscos especiais vinculados á natureza das obras, dos servizos ou das subministracións. O órgano de contratación indicará as principais razóns da imposición do dito requisito nos pregos da contratación ou no informe específico a que se refire o artigo 336.

Cando un contrato se divida en lotes, o presente criterio aplicarase en relación con cada un dos lotes. Con todo, o órgano de contratación poderá establecer o volume de negocios mínimo anual exixido aos licitadores por referencia a grupos de lotes no caso de que ao adxudicatario se lle adxudiquen varios lotes que se deban executar ao mesmo tempo.

b) Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao exixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

c) Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, no peche do último exercicio económico para o cal estea vencida a obrigaición de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior ao exixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente. A ratio entre activo e pasivo poderase ter en conta se o poder adxudicador especifica nos pregos da contratación os métodos e criterios que se utilizarán para valorar este dato. Estes métodos e criterios deberán ser transparentes, obxectivos e non discriminatorios.

Como medio adicional aos previstos nas letras anteriores deste punto, o órgano de contratación poderá exixir que o período medio de pagamento a provedores do empresario, sempre que se trate dunha sociedade que non poida presentar conta de perdas e ganancias abreviada, non supere o límite que, para estes efectos, se estableza mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública, tendo en conta a normativa sobre morosidade.

d) Para os contratos de concesión de obras e de servizos, ou para aqueloutros que inclúan no seu obxecto investimentos relevantes que deban ser financiados polo contratista, o órgano de contratación poderá establecer medios de acreditación da solvencia económica e financeira alternativos aos anteriores, sempre que aseguren a capacidade do contratista de achegar os fondos necesarios para a correcta execución do contrato.

2. A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante a achega dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regulamentariamente, de entre os seguintes: certificación bancaria, póliza ou certificado de seguro por riscos profesionais, contas anuais e declaración do empresario en que se indique o volume de negocios global da empresa. En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, segundo o reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.



3. No anuncio de licitación ou invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato especificaranse os medios, de entre os recollidos neste artigo, admitidos para acreditar a solvencia económica e financeira dos empresarios que opten á adxudicación do contrato, con indicación expresa do importe mínimo, expresado en euros, de cada un deles. Para os contratos non suxeitos ao requisito de clasificación, cando os pregos non concreten os criterios e requisitos mínimos para a súa acreditación aos licitadores ou candidatos que non dispoñan da clasificación que, de ser o caso, corresponda ao contrato, acreditarán a súa solvencia económica e financeira cos seguintes criterios, requisitos mínimos e medios de acreditación:

a) O criterio para acreditar a solvencia económica e financeira será o volume anual de negocios do licitador ou candidato que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, deberá ser polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario está inscrito no dito rexistro; no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Nos contratos cuxo obxecto consista en servizos profesionais, en lugar do volume anual de negocio a solvencia económica e financeira poderase acreditar mediante a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata a fin do prazo de presentación de ofertas, por importe non inferior ao valor estimado do contrato. Ademais, deberase achegar o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que, no caso de resultar adxudicatario, inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscrición do seguro exixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles a que se refire o número 2 do artigo 150 desta lei.

A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no cal consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

4. A solvencia económica e financeira requirida deberá resultar proporcional ao obxecto contractual, de conformidade co establecido no artigo 74.2, e non deberá en ningún caso supor un obstáculo á participación das pequenas e medianas empresas.

#### Artigo 88. *Solvencia técnica nos contratos de obras.*

1. Nos contratos de obras, a solvencia técnica do empresario deberá ser acreditada por un ou varios dos medios seguintes, á elección do órgano de contratación:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas cales se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo; de ser o caso, os ditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. Cando sexa necesario para garantir un nivel adecuado de competencia, os poderes adxudicadores poderán indicar que se terán en conta as probas das obras pertinentes efectuadas máis de cinco anos antes.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último posúa directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio. Cando se trate de

obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra a dita condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

b) Declaración en que se indique o persoal técnico ou os organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, de que esta dispoña para executar as obras, xunto cos documentos acreditativos correspondentes cando llo requiran os servizos dependentes do órgano de contratación.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras, así como dos técnicos encargados directamente delas, sempre que non se avalíen como un criterio de adxudicación.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente cando requiriran os servizos dependentes do órgano de contratación.

f) Declaración en que se indiquen a maquinaria, o material e o equipamento técnico de que se disporá para executar as obras, á cal se achegará a documentación acreditativa pertinente cando llo requiran os servizos dependentes do órgano de contratación.

2. Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) a f) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obras.

3. No anuncio de licitación ou invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato especificaranse os medios, de entre os recollidos neste artigo, admitidos para acreditar a solvencia técnica dos empresarios que opten á adxudicación do contrato, con indicación expresa, de ser o caso, dos valores mínimos exixidos para cada un deles. Na súa falta, e para cando non sexa exixible a clasificación, a acreditación da solvencia técnica efectuarase mediante a relación de obras executadas nos últimos cinco anos, que sexan do mesmo grupo ou subgrupo de clasificación que o correspondente ao contrato, ou do grupo ou subgrupo máis relevante para o contrato se este inclúe traballos correspondentes a distintos subgrupos, cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento da anualidade media do contrato.

#### Artigo 89. *Solvencia técnica nos contratos de subministración.*

1. Nos contratos de subministración a solvencia técnica dos empresarios deberase acreditar por un ou varios dos seguintes medios, á elección do órgano de contratación:

a) Unha relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na cal se indiquen o importe, a data e o destinatario, público ou privado deles; cando sexa necesario para garantir un nivel adecuado de competencia, os poderes adxudicadores poderán indicar que se terán en conta as probas das subministracións pertinentes efectuadas máis de tres anos antes. Cando así o requiran os servizos dependentes do órgano de contratación, as subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario xunto cos documentos que constan no seu poder que acrediten a realización da prestación; de ser o caso, estes certificados comunicarllos directamente ao órgano de contratación a autoridade competente.

Para determinar que unha subministración é de igual ou similar natureza á que constitúe o obxecto do contrato, o prego de cláusulas administrativas particulares poderá acudir, ademais de ao CPV, a outros sistemas de clasificación de actividades ou produtos como o Código normalizado de produtos e servizos das Nacións Unidas (UNSPSC), á Clasificación central de produtos (CPC) ou á Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE), que en todo caso deberá garantir a competencia efectiva para a adxudicación do contrato. Na falta de previsión no prego, atenderase aos tres primeiros díxitos dos respectivos códigos da CPV. A Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado poderá efectuar recomendacións para indicar qué códigos das respectivas clasificacións se axustan con maior precisión ás prestacións máis habituais na contratación pública.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, de que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo do dito organismo, cando os produtos que se vaian fornecer sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade.

e) Mostras, descricións e fotografías dos produtos que se vaian fornecer, cuxa autenticidade se poida certificar por petición da entidade contratante.

f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas técnicas.

g) Indicación dos sistemas de xestión da cadea de subministración, incluídos os que garantan o cumprimento das convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, e de seguimento que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

h) Nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) a g) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de subministracións.

2. Nos contratos de subministración que requiran obras de colocación ou instalación, a prestación de servizos ou a execución de obras, a capacidade dos operadores económicos para prestar os ditos servizos ou executar a dita instalación ou obras poderanse avaliar tendo en conta especialmente os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade.

3. No anuncio de licitación ou invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato especificaranse os medios, de entre os recollidos neste artigo, admitidos para acreditar a solvencia técnica dos empresarios que opten á adxudicación do contrato, con indicación expresa, se é o caso, dos valores mínimos exixidos para cada un deles e, de ser o caso, das normas ou especificacións técnicas respecto das cales se acreditará a conformidade dos produtos. Na súa falta, a acreditación da solvencia técnica efectuarase mediante a relación das principais subministracións efectuadas, nos tres últimos anos, de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato, cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento da anualidade media do contrato.

Artigo 90. *Solvencia técnica ou profesional nos contratos de servizos.*

1. Nos contratos de servizos, a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberase apreciar tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que se deberá acreditar, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes, á elección do órgano de contratación:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo os tres últimos anos, na cal se indiquen o importe, a data e o destinatario, público ou privado deles; cando sexa necesario para garantir un nivel adecuado de competencia, os poderes adjudicadores poderán indicar que se terán en conta as probas dos servizos pertinentes efectuados máis de tres anos antes. Cando os servizos dependentes do órgano de contratación o requiran, os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario xunto cos documentos que constan no seu poder que acrediten a realización da prestación; de ser o caso, estes certificados comunicaraos directamente ao órgano de contratación a autoridade competente.

Para determinar que un traballo ou servizo é de igual ou similar natureza ao que constitúe o obxecto do contrato, o prego de cláusulas administrativas particulares poderá acudir, ademais de ao CPV, a outros sistemas de clasificación de actividades ou produtos como o Código normalizado de produtos e servizos das Nacións Unidas (UNSPSC), á Clasificación central de produtos (CPC) ou á Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE), que en todo caso deberá garantir a competencia efectiva para a adjudicación do contrato. Na falta de previsión, no prego atenderase aos tres primeiros díxitos dos respectivos códigos da CPV. A Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado poderá efectuar recomendacións para indicar qué códigos das respectivas clasificacións se axustan con maior precisión ás prestacións máis habituais na contratación pública.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables da execución do contrato, así como dos técnicos encargados directamente dela, sempre que non se avalíen como un criterio de adjudicación.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e o número de directivos durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente cando llo requiriran os servizos dependentes do órgano de contratación.

h) Declaración en que se indiquen a maquinaria, o material e o equipamento técnico de que se disporá para executar os traballos ou prestacións, coa cal se achegará a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

2. No anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato especificaranse os medios, de entre os recollidos neste artigo, admitidos para acreditar a solvencia técnica dos empresarios que opten á adxudicación do contrato, con indicación expresa, de ser o caso, dos valores mínimos exixidos para cada un deles e, nos casos en que resulte de aplicación, con especificación das titulacións académicas ou profesionais, dos medios de estudo e investigación, dos controis de calidade, dos certificados de capacidade técnica, da maquinaria, equipamentos e instalacións, e dos certificados de xestión ambiental exixidos. Na súa falta, a acreditación da solvencia técnica ou profesional efectuarase mediante a relación dos principais servizos efectuados nos tres últimos anos, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento da anualidade media do contrato.

3. Se o obxecto contractual require aptitudes específicas en materia social, de prestación de servizos de proximidade ou outras análogas, exixirase en todo caso como requisito de solvencia técnica ou profesional a concreta experiencia, coñecementos e medios nas referidas materias, o que se deberá acreditar polos medios que establece o número 1 deste artigo.

4. Nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) a i) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de servizos.

#### Artigo 91. *Solvencia técnica ou profesional nos restantes contratos.*

A acreditación da solvencia profesional ou técnica en contratos distintos dos de obras, servizos ou subministración poderase realizar por medio dos documentos e medios que se indican no artigo anterior.

#### Artigo 92. *Concreción dos requisitos e criterios de solvencia.*

A concreción dos requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional exixidos para un contrato, así como dos medios admitidos para a súa acreditación, determinaraa o órgano de contratación, indicarse no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallarse nos pregos, nos cales se concretarán as magnitudes, parámetros ou ratios e os limiares ou rangos de valores que determinarán a admisión ou exclusión dos licitadores ou candidatos. Na súa falta serán de aplicación os establecidos nos artigos 87 ao 90 para o tipo de contratos correspondente, que terán igualmente carácter supletorio para os non concretados nos pregos.

En todo caso, a clasificación do empresario nun determinado grupo ou subgrupo considerarase proba bastante da súa solvencia para os contratos cuxo obxecto estea incluído ou se corresponda co ámbito de actividades ou traballos do dito grupo ou subgrupo, e cuxo importe anual medio sexa igual ou inferior ao correspondente á súa categoría de clasificación no grupo ou subgrupo. Para ese efecto, no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos deberase indicar o código ou códigos do Vocabulario común dos contratos públicos (CPV) correspondentes ao obxecto do contrato, os cales determinarán o grupo ou subgrupo de clasificación, se o houber, en que se considera incluído o contrato.

Poderase eximir regulamentariamente a exixencia de acreditación da solvencia económica e financeira ou da solvencia técnica ou profesional para os contratos cuxo importe non supere un determinado limiar.

Artigo 93. *Acreditación do cumprimento das normas de garantía da calidade.*

1. Nos contratos suxeitos a unha regulación harmonizada, cando os órganos de contratación exixan a presentación de certificados expedidos por organismos independentes que acrediten que o empresario cumpre determinadas normas de garantías de calidade, en particular en materia de accesibilidade para persoas con discapacidade, deberán facer referencia aos sistemas de aseguramento da calidade baseados na serie de normas na materia, certificados por organismos conformes coas normas europeas relativas á certificación.

2. Os órganos de contratación recoñecerán os certificados equivalentes expedidos por organismos establecidos en calquera Estado membro da Unión Europea, e tamén aceptarán outras probas de medidas equivalentes de garantía da calidade que presenten os empresarios.

Artigo 94. *Acreditación do cumprimento das normas de xestión ambiental.*

1. Nos contratos suxeitos a unha regulación harmonizada, cando os órganos de contratación exixan como medio para acreditar a solvencia técnica ou profesional a presentación de certificados expedidos por organismos independentes que acrediten que o licitador cumpre determinadas normas de xestión ambiental, farán referencia ao sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS) da Unión Europea, ou a outros sistemas de xestión ambiental recoñecidos de conformidade co artigo 45 do Regulamento (CE) n.º 1221/2009, do 25 de novembro de 2009, ou a outras normas de xestión ambiental baseadas nas normas europeas ou internacionais pertinentes de organismos acreditados.

2. Os órganos de contratación recoñecerán os certificados equivalentes expedidos por organismos establecidos en calquera Estado membro da Unión Europea e tamén aceptarán outras probas de medidas equivalentes de xestión ambiental que presente o licitador e, en particular, unha descrición das medidas de xestión ambiental executadas, sempre que o licitador demostre que as ditas medidas son equivalentes ás exixidas conforme o sistema ou a norma de xestión ambiental aplicable.

Artigo 95. *Documentación e información complementaria.*

O órgano de contratación ou o órgano auxiliar deste poderá solicitar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados en aplicación dos artigos anteriores ou requirilo para presentar outros complementarios.

Subsección 4.<sup>a</sup> Proba da clasificación e da aptitude para contratar a través de rexistros ou listas oficiais de contratistas

Artigo 96. *Certificacións de rexistros de licitadores.*

1. A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, segundo o reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar nel.

2. A inscrición no Rexistro de Licitadores dunha comunidade autónoma acreditará idénticas circunstancias para os efectos da contratación con ela, coas entidades locais incluídas no seu ámbito territorial e cos restantes entes, organismos ou entidades do sector público dependentes dunha e doutras.

3. A proba do contido dos rexistros de licitadores efectuarase mediante certificación do órgano encargado del, que se poderá expedir por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. Os certificados deberán indicar as referencias que permitisen a inscrición do

empresario na lista ou a expedición da certificación, así como, de ser o caso, a clasificación obtida.

Artigo 97. *Certificados comunitarios de empresarios autorizados para contratar.*

1. Os certificados de inscrición expedidos polos órganos competentes da xestión das listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea, referidos a empresarios establecidos no Estado membro que expide o certificado, constituirán unha presunción de aptitude con respecto aos requisitos de selección cualitativa que neles figuren.

2. Igual valor presuntivo producirán, respecto dos aspectos neles certificados, as certificacións emitidas por organismos de certificación competentes que respondan ás normas europeas de certificación expedidas de conformidade coa lexislación do Estado membro en que estea establecido o empresario.

3. Os documentos a que se refire o número anterior deberán indicar as referencias que permiten a inscrición do empresario no lista ou a expedición da certificación, así como a clasificación obtida.

### CAPÍTULO III

#### Sucesión na persoa do contratista

Artigo 98. *Supostos de sucesión do contratista.*

1. Nos casos de fusión de empresas en que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigacións dimanantes del. Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade delas, continuará o contrato coa entidade a que se atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e nas obrigacións dimanantes del, sempre que reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia exixida ao acordarse a adxudicación ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, en caso de subsistir, a sociedade de que proveñan o patrimonio, empresas ou ramas segregadas se responsabilicen solidariamente con aquelas da execución do contrato. Se non se puidese producir a subrogación por non reunir a entidade a que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias, resolverase o contrato e considerarse, para todos os efectos, como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

Para os efectos anteriores, a empresa deberalle comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se produciu.

Cando, como consecuencia das operacións mercantís a que se refire o parágrafo primeiro, se lle atribúa o contrato a unha entidade distinta, a garantía definitiva poderá ser, a criterio da entidade outorgante dela, renovada ou substituída por unha nova garantía que subscriba a nova entidade, tendo en conta as especiais características do risco que constituía esta última entidade. Neste caso, a antiga garantía definitiva conservará a súa vixencia ata que estea constituída a nova garantía.

2. Cando o contratista inicial sexa unha unión temporal de empresas, observarse o establecido no artigo 69.

## TÍTULO III

### Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión

#### CAPÍTULO I

##### Normas xerais

Artigo 99. *Obxecto do contrato.*

1. O obxecto dos contratos do sector público deberá ser determinado e poderase definir en atención ás necesidades ou funcionalidades concretas que se pretenden satisfacer, sen pechar o obxecto do contrato a unha solución única. En especial, definiranse deste xeito naqueles contratos en que se considere que se poden incorporar innovacións tecnolóxicas, sociais ou ambientais que melloren a eficiencia e sustentabilidade dos bens, obras ou servizos que se contraten.

2. Non se poderá fraccionar un contrato coa finalidade de diminuír a súa contía e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

3. Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberase prever a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, e poderanse reservar lotes de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que se deberán xustificar debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras.

En todo caso, consideraranse motivos válidos, para os efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

a) O feito de que a división en lotes do obxecto do contrato implique o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia. Para os efectos de aplicar este criterio, o órgano de contratación deberá solicitar informe previo á autoridade de defensa da competencia correspondente para que se pronuncie sobre a apreciación da dita circunstancia.

b) O feito de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulte a súa correcta execución desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do seu obxecto, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que se podería ver imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos os aspectos deberán ser, de ser o caso, xustificados debidamente no expediente.

4. Cando o órgano de contratación divida en lotes o obxecto do contrato, este poderá introducir as seguintes limitacións, xustificándoas debidamente no expediente:

a) Poderá limitar o número de lotes para os cales pode presentar oferta un mesmo candidato ou licitador.

b) Tamén poderá limitar o número de lotes que se poden adxudicar a cada licitador.

Cando o órgano de contratación considere oportuno introducir algunha das dúas limitacións a que se refiren as letras a) e b) anteriores, así o deberá indicar expresamente no anuncio de licitación e no prego de cláusulas administrativas particulares.

Cando se introduza a limitación a que se refire a letra b) anterior, deberanse incluír ademais nos pregos de cláusulas administrativas particulares os criterios ou as normas que se aplicarán cando, como consecuencia da aplicación dos criterios de adxudicación, un licitador poida resultar adxudicatario dun número de lotes que exceda o máximo



indicado no anuncio e no prego. Estes criterios ou normas, en todo caso, deberán ser obxectivos e non discriminatorios.

Salvo o que dispoña o prego de cláusulas administrativas particulares, para os efectos das limitacións previstas nas letras a) e b) anteriores, nas unións de empresarios serán estas e non os seus compoñentes as consideradas candidato ou licitador.

Poderá reservar algún ou algúns dos lotes para centros especiais de emprego ou para empresas de inserción, ou unha porcentaxe mínima de reserva da execución destes contratos no marco de programas de emprego protexido, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta. Igualmente, poderanse reservar lotes a favor das entidades a que se refire a disposición adicional cuadraxésimo oitava, nas condicións establecidas na citada disposición.

5. Cando o órgano de contratación decidise dividir en lotes o obxecto do contrato e, ademais, permitir que se poida adxudicar máis dun lote ao mesmo licitador, aquel poderá adxudicalo a unha oferta integradora, sempre que se cumpran todos e cada un dos requisitos seguintes:

a) Que esta posibilidade se estableza no prego que rexa o contrato e se recolla no anuncio de licitación. A dita previsión deberá concretar a combinación ou combinacións que se admitirán, de ser o caso, así como a solvencia e capacidade exixidas en cada unha delas.

b) Que se trate de supostos en que existan varios criterios de adxudicación.

c) Que, previamente, se leve a cabo unha avaliación comparativa para determinar se as ofertas presentadas por un licitador concreto para unha combinación particular de lotes cumpriría mellor, en conxunto, os criterios de adxudicación establecidos no prego con respecto aos ditos lotes que as ofertas presentadas para os lotes separados de que se trate, considerados illadamente.

d) Que os empresarios acrediten a solvencia económica, financeira e técnica correspondente ou, de ser o caso, a clasificación, ao conxunto de lotes polos cales licite.

6. Cando se divida en lotes, as normas procedementais e de publicidade que se deben aplicar na adxudicación de cada lote ou prestación diferenciada determinaranse en función do valor acumulado do conxunto, calculado segundo o establecido no artigo 101, salvo que se dea algunha das excepcións a que se refiren os artigos 20.2, 21.2 e 22.2.

7. Nos contratos adxudicados por lotes, e salvo que se estableza outra previsión no prego que rexa o contrato, cada lote constituirá un contrato, salvo nos casos en que se presenten ofertas integradoras, nos cales todas as ofertas constituirán un contrato.

#### Artigo 100. *Orzamento base de licitación.*

1. Para os efectos desta lei, por orzamento base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que, en virtude do contrato, pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.

2. No momento de elaboralo, os órganos de contratación coidarán de que o orzamento base de licitación sexa adecuado aos prezos do mercado. Para ese efecto, o orzamento base de licitación desagregarase e no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación indicaranse os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución forme parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará, de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional, os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia.

3. Con carácter previo á tramitación dun acordo marco ou dun sistema dinámico de adquisición non será necesario que se aprobe un orzamento base de licitación.

Artigo 101. *Valor estimado.*

1. Para todos os efectos previstos nesta lei, o valor estimado dos contratos será determinado como segue:

a) No caso dos contratos de obras, subministracións e servizos, o órgano de contratación tomará o importe total, sen incluír o imposto sobre o valor engadido, pagadoiro segundo as súas estimacións.

b) No caso dos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos, o órgano de contratación tomará o importe neto da cifra de negocios, sen incluír o imposto sobre o valor engadido que, segundo as súas estimacións, xerará a empresa concesionaria durante a súa execución como contraprestación polas obras e servizos obxecto do contrato, así como polas subministracións relacionadas con estas obras e servizos.

2. No cálculo do valor estimado deberanse ter en conta, como mínimo, ademais dos custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, outros custos que deriven da execución material dos servizos, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial. Así mesmo, deberanse ter en conta:

a) Calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato.

b) Cando se previse aboar primas ou efectuar pagamentos aos candidatos ou licitadores, a contía destes.

c) No caso de que, de conformidade co disposto no artigo 204, se previse no prego de cláusulas administrativas particulares ou no anuncio de licitación a posibilidade de que o contrato sexa modificado, considerarase valor estimado do contrato o importe máximo que este poida alcanzar, tendo en conta a totalidade das modificacións á alza previstas.

Nos contratos de servizos e de concesión de servizos en que sexa relevante a man de obra, na aplicación da normativa laboral vixente a que se refire o parágrafo anterior teranse especialmente en conta os custos laborais derivados dos convenios colectivos sectoriais de aplicación.

3. Adicionalmente ao previsto no número anterior, no cálculo do valor estimado dos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos teranse en conta, cando cumpra, os seguintes conceptos:

a) A renda procedente do pagamento de taxas e multas por parte dos usuarios das obras ou servizos, distintas das recadadas en nome do poder adxudicador.

b) Os pagamentos ou vantaxes financeiras, calquera que sexa a súa forma, concedidos ao concesionario polo poder adxudicador ou por calquera outra autoridade pública, incluída a compensación polo cumprimento dunha obrigaçión de servizo público e subvencións ao investimento público.

c) O valor dos subsidios ou vantaxes financeiras, calquera que sexa a súa forma, procedentes de terceiros a cambio da execución da concesión.

d) O prezo da venda de calquera activo que forme parte da concesión.

e) O valor de todas as subministracións e servizos que o poder adxudicador poña á disposición do concesionario, sempre que sexan necesarios para a execución das obras ou a prestación de servizos.

4. A elección do método para calcular o valor estimado non se poderá efectuar coa intención de subtraer o contrato á aplicación das normas de adxudicación que correspondan.

5. O método de cálculo aplicado polo órgano de contratación para calcular o valor estimado deberá figurar, en todo caso, nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

6. Cando un órgano de contratación estea composto por unidades funcionais separadas, terase en conta o valor total estimado para todas as unidades funcionais individuais.

Non obstante o anterior, cando unha unidade funcional separada sexa responsable de maneira autónoma respecto da súa contratación ou de determinadas categorías dela, os valores poden estimarse ao nivel da unidade de que se trate.

En todo caso, entenderase que se dá a circunstancia aludida no parágrafo anterior cando a dita unidade funcional separada conte con financiamento específico e con competencias respecto da adxudicación do contrato.

7. A estimación deberase facer tendo en conta os prezos habituais no mercado e estar referida ao momento do envío do anuncio de licitación ou, no caso de que non se requira un anuncio deste tipo, ao momento en que o órgano de contratación inicie o procedemento de adxudicación do contrato.

8. Nos contratos de obras o cálculo do valor estimado debe ter en conta o importe destas, así como o valor total estimado das subministracións necesarias para a súa execución que fosen postas á disposición do contratista polo órgano de contratación.

9. Nos contratos de subministración que teñan por obxecto o arrendamento financeiro, o arrendamento ou a venda a prazos de produtos, o valor que se tomará como base para calcular o valor estimado do contrato será o seguinte:

a) No caso de contratos de duración determinada, cando a súa duración sexa igual ou inferior a doce meses, o valor total estimado para a duración do contrato; cando a súa duración sexa superior a doce meses, o seu valor total, incluído o importe estimado do valor residual.

b) No caso de contratos cuxa duración non se fixe por referencia a un período de tempo determinado, o valor mensual multiplicado por 48.

10. Nos contratos de subministración ou de servizos que teñan un carácter de periodicidade, ou de contratos que se deban renovar nun período de tempo determinado, tomarase como base para o cálculo do valor estimado do contrato algunha das seguintes cantidades:

a) O valor real total dos contratos sucesivos similares adxudicados durante o exercicio precedente ou durante os doce meses previos, axustado, cando sexa posible, en función dos cambios de cantidade ou valor previstos para os doce meses posteriores ao contrato inicial.

b) O valor estimado total dos contratos sucesivos adxudicados durante os doce meses seguintes á primeira entrega ou no transcurso do exercicio, se este é superior a doce meses.

11. Nos contratos de servizos, para os efectos do cálculo do seu valor estimado, tomaranse como base, de ser o caso, as seguintes cantidades:

a) Nos servizos de seguros, a prima pagadoira e outras formas de remuneración.

b) En servizos bancarios e outros servizos financeiros, os honorarios, as comisións, os xuros e outras formas de remuneración.

c) Nos contratos relativos a un proxecto, os honorarios, as comisións pagadoiras e outras formas de remuneración, así como as primas ou contraprestacións que, de ser o caso, se fixen para os participantes no concurso.

d) Nos contratos de servizos en que non se especifique un prezo total, se teñen unha duración determinada igual ou inferior a corenta e oito meses, o valor total estimado correspondente a toda a súa duración. Se a duración é superior a corenta e oito meses ou non está fixada por referencia a un período de tempo certo, o valor mensual multiplicado por 48.

12. Cando a realización dunha obra, a contratación duns servizos ou a obtención dunhas subministracións destinadas a usos idénticos ou similares poida dar lugar á adxudicación simultánea de contratos por lotes separados, deberase ter en conta o valor global estimado da totalidade dos ditos lotes.

Igualmente, cando unha obra ou un servizo propostos poidan derivar na adxudicación simultánea de contratos de concesión de obras ou de concesión de servizos por lotes separados, deberase ter en conta o valor global estimado de todos os lotes.

13. Para os acordos marco e para os sistemas dinámicos de adquisición terase en conta o valor máximo estimado, excluído o imposto sobre o valor engadido, do conxunto de contratos previstos durante a duración total do acordo marco ou do sistema dinámico de adquisición.

14. No procedemento de asociación para a innovación terase en conta o valor máximo estimado, excluído o imposto sobre o valor engadido, das actividades de investigación e desenvolvemento que estea previsto que se realicen ao longo da duración total da asociación, e das subministracións, servizos ou obras que estea previsto que se executen ou adquiran ao final da asociación prevista.

#### Artigo 102. *Prezo.*

1. Os contratos do sector público terán sempre un prezo certo, que se lle aboará ao contratista en función da prestación realmente executada e de acordo co pactado. No prezo entenderase incluído o importe que se debe aboar en concepto de imposto sobre o valor engadido, que en todo caso se indicará como partida independente.

2. Con carácter xeral, o prezo deberase expresar en euros, sen prexuízo de que o seu pagamento se poida facer mediante a entrega doutras contraprestacións nos casos en que esta ou outras leis así o prevexan.

Non obstante o anterior, nos contratos poderase prever que a totalidade ou parte do prezo sexa satisfeito en moeda distinta do euro. Neste suposto, expresarase na correspondente divisa o importe que se deba satisfacer nesa moeda e incluírase unha estimación en euros do importe total do contrato.

3. Os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado, no momento de fixar o orzamento base de licitación e a aplicación, de ser o caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Naqueles servizos en que o custo económico principal sexan os custos laborais, deberanse considerar os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables no lugar de prestación dos servizos.

4. O prezo do contrato poderase formular tanto en termos de prezos unitarios, referidos aos distintos compoñentes da prestación ou ás unidades desta que se entreguen ou executen, como en termos de prezos aplicables a tanto global á totalidade ou a parte das prestacións do contrato.

5. Os prezos fixados nos contratos do sector público poderán ser revisados nos termos previstos no capítulo II deste título cando deban ser axustados, á alza ou á baixa, para ter en conta as variacións económicas de custo que acaezan durante a execución do contrato.

6. Os contratos, cando a súa natureza e obxecto permitan, poderán incluír cláusulas de variación de prezos en función do cumprimento ou incumprimento de determinados obxectivos de prazos ou de rendemento, e deberanse establecer con precisión os supostos en que se producirán estas variacións e as regras para a súa determinación, de maneira que o prezo sexa determinable en todo caso.

7. Excepcionalmente, pódense subscribir contratos con prezos provisionais cando, tras a tramitación dun procedemento negociado, dun diálogo competitivo ou dun procedemento de asociación para a innovación, se poña de manifesto que a execución do contrato debe comezar antes de que a determinación do prezo sexa posible pola complexidade das prestacións ou pola necesidade de utilizar unha técnica nova, ou que non existe información sobre os custos de prestacións análogas e sobre os elementos técnicos ou contables que permitan negociar con precisión un prezo certo.

Nos contratos subscritos con prezos provisionais o prezo determinarase, dentro dos límites fixados para o prezo máximo, en función dos custos en que realmente incorra o

contratista e do beneficio que se acordou, para o cal, en todo caso, se detallarán no contrato os seguintes aspectos:

- a) O procedemento para determinar o prezo definitivo, con referencia aos custos efectivos e á fórmula de cálculo do beneficio.
- b) As regras contables que o adxudicatario deberá aplicar para determinar o custo das prestacións.
- c) Os controis documentais e sobre o proceso de produción que o adxudicador poderá efectuar sobre os elementos técnicos e contables do custo de produción.

Nos contratos subscritos con prezos provisionais non caberá a revisión de prezos.

8. Prohíbese o pagamento aprazado do prezo nos contratos das administracións públicas, excepto nos supostos en que o sistema de pagamento se estableza mediante a modalidade de arrendamento financeiro ou de arrendamento con opción de compra, así como nos casos en que esta ou outra lei o autorice expresamente.

## CAPÍTULO II

### Revisión de prezos nos contratos das entidades do sector público

Artigo 103. *Procedencia e límites.*

1. Os prezos dos contratos do sector público só poderán ser obxecto de revisión periódica e predeterminada nos termos establecidos neste capítulo.

Salvo nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada a que se refire o número 2 do artigo 19, non caberá a revisión periódica non predeterminada ou non periódica dos prezos dos contratos.

Entenderase por prezo calquera retribución ou contraprestación económica do contrato, ben sexan aboadas pola Administración ben polos usuarios.

2. Logo de xustificación no expediente e de conformidade co previsto no real decreto a que se refiren os artigos 4 e 5 da Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, a revisión periódica e predeterminada de prezos só se poderá levar a cabo nos contratos de obra, nos contratos de subministracións de fabricación de armamento e equipamento das administracións públicas, nos contratos de subministración de enerxía e naqueles outros contratos en que o período de recuperación do investimento sexa igual ou superior a cinco anos. O dito período calcularase conforme o disposto no real decreto anteriormente citado.

Non se considerarán revisables en ningún caso os custos asociados ás amortizacións, os custos financeiros, os gastos xerais ou de estrutura nin o beneficio industrial. Os custos de man de obra dos contratos distintos dos de obra, subministración de fabricación de armamento e equipamento das administracións públicas revisaranse cando o período de recuperación do investimento sexa igual ou superior a cinco anos e a intensidade no uso do factor traballo sexa considerada significativa, de acordo cos supostos e límites establecidos no real decreto.

3. Nos supostos en que proceda, o órgano de contratación poderá establecer o dereito á revisión periódica e predeterminada de prezos e fixará a fórmula de revisión que se deba aplicar, atendendo á natureza de cada contrato e á estrutura e evolución dos custos das súas prestacións.

4. O prego de cláusulas administrativas particulares deberá detallar, en tales casos, a fórmula de revisión aplicable, que será invariable durante a vixencia do contrato e determinará a revisión de prezos en cada data respecto da data de formalización do contrato, sempre que a formalización se produza no prazo de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a formalización se produce con posterioridade.

5. Salvo nos contratos de subministración de enerxía, cando cumpra, a revisión periódica e predeterminada de prezos nos contratos do sector público terá lugar, nos

termos establecidos neste capítulo, cando o contrato se executou, polo menos, no 20 por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización. En consecuencia, o primeiro 20 por cento executado e os dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedarán excluídos da revisión.

Con todo, a condición relativa á porcentaxe de execución do contrato non será exigible para os efectos de proceder á revisión periódica e predeterminada nos contratos de concesión de servizos.

6. O Consello de Ministros poderá aprobar, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado e da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, fórmulas tipo de revisión periódica e predeterminada para os contratos previstos no número 2.

Por proposta da Administración pública competente da contratación, o Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado determinará aquelas actividades en que resulte conveniente contar cunha fórmula tipo, elaborará as fórmulas e remitirallas ao Consello de Ministros para a súa aprobación.

Cando para un determinado tipo de contrato se aprobasen fórmulas tipo polo procedemento descrito, o órgano de contratación non poderá incluír outra fórmula de revisión diferente a esta nos pregos e contrato.

7. As fórmulas tipo que se establezan con suxeición aos principios e metodoloxías contidos no real decreto referido no número 2 da presente disposición reflectirán a ponderación no prezo do contrato dos compoñentes básicos de custos relativos ao proceso de xeración das prestacións obxecto deste.

8. O Instituto Nacional de Estatística elaborará os índices mensuais dos prezos dos compoñentes básicos de custos incluídos nas fórmulas tipo de revisión de prezos dos contratos, os cales serán aprobados por orde do ministro de Facenda e Función Pública, logo de informe do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.

Os índices reflectirán, á alza ou á baixa, as variacións reais dos prezos da enerxía e materiais básicos observadas no mercado e poderán ser únicos para todo o territorio nacional ou particularizarse por zonas xeográficas.

Establecerase regulamentariamente a relación de compoñentes básicos de custos que se deberán incluír nas fórmulas tipo referidas neste número, relación que poderá ser ampliada mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado cando así o exixa a evolución dos procesos produtivos ou a aparición de novos materiais con participación relevante no custo de determinados contratos ou a creación de novas fórmulas tipo, de acordo co disposto nesta lei e no seu desenvolvemento.

Os indicadores ou regras de determinación de cada un dos índices que interveñen nas fórmulas de revisión de prezos serán establecidos mediante orde do Ministerio de Facenda e Función Pública, por proposta do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.

9. Cando resulte aplicable a revisión de prezos mediante as fórmulas tipo referidas no número 6 da presente disposición, o resultado de aplicar as ponderacións previstas no número 7 aos índices de prezos que se determinen conforme o número 8 proporcionará en cada data, respecto da data e períodos determinados no número 4, un coeficiente que se aplicará aos importes líquidos das prestacións realizadas que teñan dereito a revisión, para os efectos de calcular o prezo que corresponda satisfacer.

10. O establecido neste artigo e na Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, entenderase, en todo caso, sen prexuízo da posibilidade de manter o equilibrio económico nas circunstancias previstas nos artigos 270 e 290.

#### Artigo 104. *Revisión en casos de demora na execución.*

Cando a cláusula de revisión se aplique sobre períodos de tempo en que o contratista incorrese en mora e sen prexuízo das penalidades que foren procedentes, os índices de prezos que deberán ser tidos en conta serán aqueles que correspondesen ás datas establecidas no contrato para realizar a prestación en prazo, salvo que os correspondentes ao período real de execución produzan un coeficiente inferior; nese caso aplicaranse estes últimos.

Artigo 105. *Pagamento do importe da revisión.*

O importe das revisións que procedan farase efectivo de oficio, mediante o aboamento ou desconto correspondente nas certificacións ou pagamentos parciais, para cuxo efecto se tramitará, ao comezo do exercicio económico, o oportuno expediente de gasto para a súa cobertura. Os posibles desaxustes que se producen respecto do expediente de gasto aprobado no exercicio, tales como os derivados de diferenzas temporais na aprobación dos índices de prezos aplicables ao contrato, poderanse facer efectivos na certificación final ou na liquidación do contrato.

#### TÍTULO IV

### Garantías exixibles na contratación do sector público

#### CAPÍTULO I

### Garantías exixibles nos contratos subscritos coas administracións públicas

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Garantía provisional*

Artigo 106. *Exixencia e réxime da garantía provisional.*

1. No procedemento de contratación non procederá a exixencia de garantía provisional, salvo cando de forma excepcional o órgano de contratación, por motivos de interese público, o considere necesario e o xustifique motivadamente no expediente. Neste último caso, poderáselles exixir aos licitadores a constitución previa dunha garantía que responda do mantemento das súas ofertas ata a perfección do contrato.

2. Nos casos en que o órgano de contratación acordase a exixencia de garantía provisional, nos pregos de cláusulas administrativas particulares determinarase o seu importe, que non poderá ser superior a un 3 por 100 do orzamento base de licitación do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido, e o réxime da súa devolución. A garantía provisional poderase prestar nalgunha ou nalgunhas das formas previstas no número 1 do artigo 108.

No caso de división en lotes, a garantía provisional fixarase atendendo exclusivamente ao importe dos lotes para os cales o licitador vaia presentar oferta e non en función do importe do orzamento total do contrato.

Nos acordos marco e nos sistemas dinámicos de adquisición, o importe da garantía provisional, de se exixir, fixarao a tanto global a Administración pública, sen que en ningún caso poida superar o 3 por 100 do valor estimado do contrato.

3. Cando se exixan garantías provisionais, estas depositaranse, nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, do modo seguinte:

a) Na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou na caixa ou establecemento público equivalente das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efecto cando se trate de garantías en efectivo.

b) Ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avais ou de certificados de seguro de caución.

4. A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da perfección do contrato. En todo caso, a garantía provisional devolverase ao licitador seleccionado como adxudicatario cando constituíse a garantía definitiva, e poderase aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última.

*Sección 2.ª Garantía definitiva**Artigo 107. Exixencia da garantía definitiva.*

1. A salvo do disposto nos números 4 e 5, os licitadores que, nas licitacións dos contratos que subscriban as administracións públicas, presenten as mellores ofertas de conformidade co disposto no artigo 145 deberán constituír, á disposición do órgano de contratación, unha garantía dun 5 por 100 do prezo final ofertado por aqueles, excluído o imposto sobre o valor engadido. No caso dos contratos con prezos provisionais a que se refire o número 7 do artigo 102, a porcentaxe calcularase con referencia ao prezo máximo fixado, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Con todo, atendidas as circunstancias concorrentes no contrato, o órgano de contratación poderá eximir o adxudicatario da obrigaición de constituír garantía definitiva, xustificándoo adecuadamente no prego de cláusulas administrativas particulares, especialmente no caso de subministracións de bens consumibles cuxa entrega e recepción se deban efectuar antes do pagamento do prezo, contratos que teñan por obxecto a prestación de servizos sociais ou a inclusión social ou laboral de persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, así como nos contratos privados da Administración a que se refiren os ordinais 1.º e 2.º da letra a) do número 1 do artigo 25 da presente lei. Esta exención non será posible no caso de contratos de obras nin de concesión de obras.

2. En casos especiais, o órgano de contratación poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que, ademais da garantía a que se refire o número anterior, se preste unha complementaria de ata un 5 por 100 do prezo final ofertado polo licitador que presentou a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145, excluído o imposto sobre o valor engadido; a garantía total poderá alcanzar un 10 por 100 do citado prezo.

Para estes efectos, considerarase que constitúen casos especiais aqueles contratos nos cales, debido ao risco que en virtude deles asume o órgano de contratación pola súa especial natureza, réxime de pagamentos ou condicións do cumprimento do contrato, resulte aconsellable incrementar a porcentaxe da garantía definitiva ordinaria a que se refire o número anterior, o que se deberá acordar mediante resolución motivada. En particular, poderase prever a presentación desta garantía complementaria para os casos en que a oferta do adxudicatario resulte inicialmente incurso en presunción de anormalidade.

3. Cando o prezo do contrato se formule en función de prezos unitarios, o importe da garantía que se deberá constituír fixarase atendendo ao orzamento base de licitación, IVE excluído.

4. Na concesión de obras e na concesión de servizos o importe da garantía definitiva fixarao en cada caso o órgano de contratación no prego de cláusulas administrativas particulares, en función da natureza, importancia e duración da concesión de que se trate.

5. Os pregos que rexan os acordos marco e os sistemas dinámicos de adquisición establecerán se a garantía definitiva a fixa estimativamente a Administración ou se fixa para cada contrato baseado en relación co seu importe de adxudicación.

Se se opta pola constitución dunha garantía definitiva xeral do acordo marco ou do sistema dinámico de adquisición fixada estimativamente pola Administración, cando a suma dos importes, IVE excluído, dos contratos baseados nos acordos marco ou sistemas dinámicos de adquisición exceda o dobre da cantidade resultante de capitalizar ao 5 por 100 o importe da garantía definitiva, esta deberá ser incrementada nunha contía equivalente.

A garantía definitiva a que se refiren os parágrafos anteriores responderá respecto dos incumprimentos tanto do acordo marco e dos sistemas dinámicos de adquisición como do contrato baseado ou específico de que se trate.



Artigo 108. *Garantías definitivas admisibles.*

1. As garantías definitivas exixidas nos contratos subscritos coas administracións públicas poderanse prestar nalgunha ou nalgunhas das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores, que en todo caso serán de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, sen prexuízo do disposto para os contratos que se subscriban no estranxeiro.

b) Mediante aval, prestado na forma e coas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, realizado na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

2. Cando así se preveña nos pregos de cláusulas administrativas particulares, a garantía definitiva nos contratos de obras, subministracións e servizos, así como nos de concesión de servizos cando as tarifas as aboe a Administración contratante, poderá constituírse mediante retención no prezo. No prego de cláusulas administrativas particulares fixaranse a forma e as condicións da retención.

3. A acreditación da constitución da garantía definitiva poderase facer por electrónicos.

Artigo 109. *Constitución, reposición e reaxuste de garantías.*

1. O licitador que presentase a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145 deberá acreditar, no prazo sinalado no número 2 do artigo 150, a constitución da garantía definitiva. De non cumprir este requisito por causas imputables a el, a Administración non efectuará a adxudicación ao seu favor e será de aplicación o disposto no penúltimo parágrafo do número 2 do artigo 150.

2. No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía definitiva as penalidades ou indemnizacións exixibles ao contratista, este deberá repor ou ampliar aquela na contía que corresponda, no prazo de quince días desde a execución; en caso contrario, incorrerá en causa de resolución.

3. Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberase reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. Para estes efectos, non se considerarán as variacións de prezo que se produzan como consecuencia dunha revisión deste, conforme o sinalado no capítulo II do título III deste libro.

4. Cando a garantía definitiva se constituíse mediante contrato de seguro de caución e a duración do contrato excedese os cinco anos, o contratista poderá presentar como garantía definitiva un contrato de seguro de caución de prazo inferior ao de duración do contrato; neste caso estará obrigado, cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do contrato de seguro de caución, ben a prestar unha nova garantía ou ben a prorrogar o contrato de seguro de caución e a acreditarllo ao órgano de contratación. No caso contrario incautarase a garantía definitiva por aplicación do artigo 110.c).

Artigo 110. *Responsabilidades a que están afectas as garantías.*

A garantía definitiva unicamente responderá dos seguintes conceptos:

- a) Da obrigación de formalizar o contrato en prazo, de conformidade co disposto no artigo 153.
- b) Das penalidades impostas ao contratista conforme o artigo 192 da presente lei.
- c) Da correcta execución das prestacións recollidas no contrato, incluídas as melloras ofertadas polo contratista que fosen aceptadas polo órgano de contratación, dos gastos orixinados á Administración pola demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e perdas ocasionados a ela con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- d) Da incautación que se pode decretar nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta lei estea establecido.
- e) Ademais, nos contratos de obras, de servizos e de subministracións, a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens construídos ou fornecidos ou dos servizos prestados durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Artigo 111. *Devolución e cancelación das garantías definitivas.*

1. A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumprise satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a súa resolución sen culpa do contratista.

2. Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou cancelárase o aval ou seguro de caución.

O acordo de devolución deberase adoptar e notificar ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. Transcorrido este, a Administración deberalle aboar ao contratista a cantidade debida incrementada co xuro legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido desde o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se fixo efectiva por causa imputable á Administración.

3. No suposto de recepción parcial o contratista só poderá solicitar a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía cando así se autorice expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Nos casos de cesión de contratos non se devolverá ou cancelará a garantía prestada polo cedente ata que se encontre formalmente constituída a do cesionario.

5. Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato, e vencido o prazo de garantía sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o artigo 110.

Cando o valor estimado do contrato sexa inferior a 1.000.000 de euros, se se trata de contratos de obras, ou a 100.000 euros, no caso doutros contratos, ou cando as empresas licitadoras reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, o prazo reducirase a seis meses.

*Sección 3.<sup>a</sup> Garantías prestadas por terceiros e preferencia na execución de garantías*

*Artigo 112. Réxime das garantías prestadas por terceiros.*

1. As persoas ou entidades distintas do contratista que presten garantías a favor deste non poderán utilizar o beneficio de excusión a que se refiren os artigos 1830 e concordantes do Código civil.

2. O avalista ou asegurador será considerado parte interesada nos procedementos que afecten a garantía prestada, nos termos previstos na lexislación vixente en materia de procedemento administrativo común.

3. No contrato de seguro de caución aplicaranse as seguintes normas:

a) Terá a condición de tomador do seguro o contratista e a de asegurado a Administración contratante.

b) A falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non dará dereito ao asegurador a resolver o contrato, nin extinguirá o seguro, nin suspenderá a cobertura, nin liberará o asegurador da súa obrigaón, no caso de que este deba facer efectiva a garantía.

c) O asegurador non poderá opor ao asegurado as excepcións que poidan corresponderlle contra o tomador do seguro.

*Artigo 113. Preferencia na execución de garantías.*

1. Para facer efectivas as garantías, tanto provisionais como definitivas, a Administración contratante terá preferencia sobre calquera outro acreedor, sexa cal sexa a natureza deste e o título de que derive o seu crédito.

2. Cando a garantía non sexa bastante para cubrir as responsabilidades a que está afecta, a Administración cobrará a diferenza mediante o procedemento administrativo de constrinximento, conforme o establecido nas normas de recadación.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo 90 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, no caso de concurso os créditos derivados das obrigaóns *ex lege* ou os xurdidos en virtude de actos administrativos terán a consideración de créditos con privilexio xeral, conforme o establecido no artigo 91.4 da Lei 22/2003.

## CAPÍTULO II

### **Garantías exigibles noutros contratos do sector público**

*Artigo 114. Supostos e réxime.*

1. Nos contratos que subscriban as entidades do sector público que non teñan a consideración de administracións públicas, os órganos de contratación poderán exigir a prestación dunha garantía aos licitadores ou candidatos para responder do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación e, de ser o caso, formalización do contrato, ou ao adxudicatario, para asegurar a correcta execución da prestación.

2. O importe da garantía, que se poderá presentar nalgunha das formas previstas no artigo 108, sen que resulte necesaria a súa constitución na Caixa Xeral de Depósitos, así como o réxime da súa devolución ou cancelación, estableceráos o órgano de contratación, atendidas as circunstancias e características do contrato, sen que poida exceder os límites que establecen os artigos 106.2 e 107.2, segundo o caso.

## LIBRO SEGUNDO

**Dos contratos das administracións públicas**

## TÍTULO I

**Disposicións xerais**

## CAPÍTULO I

**Das actuacións relativas á contratación das administracións públicas***Sección 1.<sup>a</sup> Da preparación dos contratos das administracións públicas*Artigo 115. *Consultas preliminares do mercado.*

1. Os órganos de contratación poderán realizar estudos de mercado e dirixir consultas aos operadores económicos que estean activos nel coa finalidade de preparar correctamente a licitación e informar os citados operadores económicos acerca dos seus plans e dos requisitos que exixirán para concorrer ao procedemento. Para iso os órganos de contratación poderanse valer do asesoramento de terceiros, que poderán ser expertos ou autoridades independentes, colexios profesionais ou mesmo, con carácter excepcional, operadores económicos activos no mercado. Antes de iniciarse a consulta, o órgano de contratación publicará, no perfil de contratante situado na Plataforma de contratación do sector público ou servizo de información equivalente no ámbito autonómico, o seu obxecto, cando se iniciase esta e as denominacións dos terceiros que vaian participar na consulta, para os efectos de que poidan ter acceso e posibilidade de realizar achegas todos os posibles interesados. Así mesmo, no perfil de contratante publicaranse as razóns que motiven a elección dos asesores externos que resulten seleccionados.

2. O asesoramento a que se refire o número anterior será utilizado polo órgano de contratación para planificar o procedemento de licitación e tamén durante a súa tramitación, sempre que iso non teña o efecto de falsear a competencia ou de vulnerar os principios de non discriminación e transparencia.

Das consultas realizadas non poderá resultar un obxecto contractual tan concreto e delimitado que unicamente se axuste ás características técnicas dun dos consultados. O resultado dos estudos e consultas debe, de ser o caso, concretarse na introdución de características xenéricas, exixencias xerais ou fórmulas abstractas que aseguren unha mellor satisfacción dos intereses públicos, sen que en ningún caso as consultas realizadas poidan comportar vantaxes respecto da adxudicación do contrato para as empresas participantes naquelas.

3. Cando o órgano de contratación realizase as consultas a que se refire o presente artigo, fará constar nun informe as actuacións realizadas. No informe relacionaranse os estudos realizados e os seus autores, as entidades consultadas, as cuestións que se lles formularon e as respostas a elas. Este informe estará motivado, formará parte do expediente de contratación e estará suxeito ás mesmas obrigacións de publicidade que os pregos de condicións. Publicarase en todo caso no perfil de contratante do órgano de contratación.

En ningún caso, durante o proceso de consultas a que se refire o presente artigo, o órgano de contratación poderá revelar aos participantes nel as solucións propostas polos outros participantes, e estas serán só coñecidas integramente por aquel.

Con carácter xeral, ao elaborar os pregos o órgano de contratación deberá ter en conta os resultados das consultas realizadas; de non ser así, deberá deixar constancia dos motivos no informe a que se refire o parágrafo anterior.

A participación na consulta non impide a posterior intervención no procedemento de contratación que, de ser o caso, se tramite.

Subsección 1.<sup>a</sup> Expediente de contrataciónArtigo 116. *Expediente de contratación: iniciación e contido.*

1. A subscrición de contratos por parte das administracións públicas requirirá a tramitación previa do correspondente expediente, que iniciará o órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

2. O expediente deberase referir á totalidade do obxecto do contrato, sen prexuízo do previsto no número 7 do artigo 99 para os contratos adxudicados por lotes.

3. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que deban rexer o contrato. No caso de que o procedemento elixido para adxudicar o contrato sexa o de diálogo competitivo regulado na subsección 5.<sup>a</sup>, da sección 2.<sup>a</sup>, do capítulo I, do título I, do libro II, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas serán substituídos polo documento descritivo a que fai referencia o número 1 do artigo 174. No caso de procedementos para adxudicar os contratos baseados en acordos marco que conviden a unha nova licitación as empresas parte del, regulados no artigo 221.4, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas serán substituídos polo documento de licitación a que fai referencia o artigo 221.5, último parágrafo.

Así mesmo, deberase incorporar o certificado de existencia de crédito ou, no caso de entidades do sector público estatal con orzamento estimativo, documento equivalente que acredite a existencia de financiamento e a fiscalización previa da intervención, de ser o caso, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

4. No expediente xustificárase adecuadamente:

- a) A elección do procedemento de licitación.
- b) A clasificación que se exixa aos participantes.
- c) Os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución deste.
- d) O valor estimado do contrato, cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluídos sempre os custos laborais, de existiren.
- e) A necesidade da Administración á cal se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional.
- f) Nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.
- g) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, de ser o caso.

5. Se o financiamento do contrato se debe realizar con achegas de distinta procedencia, aínda que se trate de órganos dunha mesma Administración pública, o órgano de contratación a que corresponda a adxudicación do contrato tramitará un só expediente, no cal se deberá acreditar a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinar a orde do seu aboamento, con inclusión dunha garantía para a súa efectividade.

Artigo 117. *Aprobación do expediente.*

1. Completado o expediente de contratación, o órgano de contratación ditará resolución motivada en que o aprobe e dispoña a apertura do procedemento de adxudicación. A dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto, salvo no suposto excepcional de que o orzamento non puidese ser establecido previamente, ou que as normas de desconcentración ou o acto de delegación establecesen o contrario. Nese caso deberase solicitar a aprobación do órgano competente. Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil de contratante.

2. Os expedientes de contratación poderanse ultimar mesmo coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, xa se realice nunha ou en varias anualidades, se deba iniciar no exercicio seguinte. Para estes efectos

poderanse comprometer créditos coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias das distintas administracións públicas suxeitas a esta lei.

Artigo 118. *Expediente de contratación en contratos menores.*

1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente exixirá o informe do órgano de contratación en que se motive a necesidade do contrato. Así mesmo, requirirase a aprobación do gasto e a incorporación a el da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

2. No contrato menor de obras deberase engadir, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberase, igualmente, solicitar o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte a estabilidade, seguranza ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que, individual ou conxuntamente, superen a cifra que consta no punto primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento da dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a).2.º

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Artigo 119. *Tramitación urxente do expediente.*

1. Poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes aos contratos cuxa subscripción responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público. Para tales efectos, o expediente deberá conter a declaración de urxencia feita polo órgano de contratación, debidamente motivada.

2. Os expedientes cualificados de urxentes tramitaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, coas seguintes especialidades:

a) Os expedientes gozarán de preferencia para o seu despacho por parte dos distintos órganos que interveñan na tramitación, que disporán dun prazo de cinco días para emitir os respectivos informes ou formalizar os trámites correspondentes.

Cando a complexidade do expediente ou calquera outra causa igualmente xustificada impida cumprir o prazo antes indicado, os órganos que deban realizar o trámite porano en coñecemento do órgano de contratación que declarase a urxencia. En tal caso o prazo quedará prorrogado ata dez días.

b) Unha vez acordada a apertura do procedemento de adxudicación, os prazos establecidos nesta lei para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade, salvo os seguintes:

1.º O prazo de quince días hábiles establecido no número 3 do artigo 153, como período de espera antes da formalización do contrato.

2.º O prazo de presentación de proposicións no procedemento aberto nos contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada, que se poderá reducir de conformidade co indicado na letra b) do número 3) do artigo 156.

3.º Os prazos de presentación de solicitudes e de proposicións nos procedementos restrinxido e de licitación con negociación nos contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada, que se poderán reducir segundo o establecido no segundo parágrafo do número 1 do artigo 161 e na letra b) do número 1 do artigo 164, segundo o caso.

4.º Os prazos de presentación de solicitudes nos procedementos de diálogo competitivo e de asociación para a innovación en contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada non serán susceptibles de reducirse.

5.º O prazo de 6 días como moi tarde antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, para que os servizos dependentes do órgano de contratación lle faciliten ao candidato ou licitador a información adicional solicitada, será de 4 días como moi tarde antes de que finalice o citado prazo nos contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada, sempre que se adxudiquen polos procedementos aberto e restrinxido.

A redución anterior non se aplicará aos citados contratos cando o procedemento de adxudicación sexa un distinto do aberto ou do restrinxido.

6.º Os prazos establecidos no artigo 159 respecto da tramitación do procedemento aberto simplificado, de conformidade co sinalado no número 5 do dito artigo.

As reducións de prazo establecidas nos ordinais 2.º, 3.º e 5.º anteriores non se aplicarán na adxudicación dos contratos de concesións de obras e concesións de servizos suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o procedemento de adxudicación utilizado. Os prazos a que se refiren os ditos puntos, nestes contratos, non serán susceptibles de ningunha redución.

c) O prazo de inicio da execución do contrato non poderá exceder un mes, contado desde a formalización.

#### Artigo 120. *Tramitación de emerxencia.*

1. Cando a Administración teña que actuar de maneira inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten a defensa nacional, observarase o seguinte réxime excepcional:

a) O órgano de contratación, sen obrigação de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, realizarase a súa dotación de conformidade co establecido na Lei xeral orzamentaria.

b) Se o contrato o subscribiron a Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social ou demais entidades públicas estatais, darase conta dos ditos acordos ao Consello de Ministros no prazo máximo de trinta días.

c) O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo previsto na letra a). Se se excede este prazo, a contratación das ditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.

d) Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto nesta lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.

No suposto de que o libramento dos fondos necesarios se realizase como para xustificar, transcorrido o prazo establecido na letra c) anterior renderase a conta xustificativa del, con reintegro dos fondos non investidos.

2. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse conforme a tramitación ordinaria regulada nesta lei.

Subsección 2.<sup>a</sup> Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicasArtigo 121. *Pregos de cláusulas administrativas xerais.*

1. O Consello de Ministros, por iniciativa dos ministerios interesados, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, e logo de ditame do Consello de Estado, poderá aprobar pregos de cláusulas administrativas xerais, que se deberán axustar no seu contido aos preceptos desta lei e das súas disposicións de desenvolvemento, para a súa utilización nos contratos que subscriban os órganos de contratación da Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades que gocen da condición de administracións públicas integrantes do sector público estatal.

2. As comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local poderán aprobar pregos de cláusulas administrativas xerais, de acordo coas súas normas específicas, logo de ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva, se o houbese.

Artigo 122. *Pregos de cláusulas administrativas particulares.*

1. Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberanse aprobar previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación, e só poderán ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego implicará a retroacción de actuacións.

2. Nos pregos de cláusulas administrativas particulares incluíranse os criterios de solvencia e adxudicación do contrato; as consideracións sociais, laborais e ambientais que como criterios de solvencia, de adxudicación ou como condicións especiais de execución se establezan; os pactos e as condicións definidores dos dereitos e obrigacións das partes do contrato; a previsión de cesión do contrato, salvo nos casos en que esta non sexa posible de acordo co establecido no segundo parágrafo do artigo 214.1; a obrigación do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme o convenio colectivo sectorial de aplicación; e as demais mencións requiridas por esta lei e as súas normas de desenvolvemento. No caso de contratos mixtos, detallarase o réxime xurídico aplicable aos seus efectos, cumprimento e extinción, atendendo ás normas aplicables ás diferentes prestacións fusionadas neles.

Os pregos poderán tamén especificar se se vai exixir a transferencia de dereitos de propiedade intelectual ou industrial, sen prexuízo do establecido no artigo 308 respecto dos contratos de servizos.

3. Os pregos de cláusulas administrativas particulares poderán establecer penalidades, conforme o previsto no número 1 do artigo 192, para os casos de incumprimento ou de cumprimento defectuoso da prestación que afecten características desta, en especial cando se tiveron en conta para definir os criterios de adxudicación, ou atribuír á puntual observancia destas características o carácter de obrigación contractual esencial, para os efectos sinalados na letra f) do número 1 do artigo 211. Así mesmo, para os casos de incumprimento do previsto nos artigos 130 e 201.

4. Os contratos axustaranse ao contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares, cuxas cláusulas se consideran parte integrante deles.

5. A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares corresponderá ao órgano de contratación, que poderá, así mesmo, aprobar modelos de pregos particulares para determinadas categorías de contratos de natureza análoga.

6. A Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado deberá emitir informe con carácter previo sobre todos os pregos de cláusulas administrativas particulares en que se propoña a inclusión de estipulacións contrarias aos correspondentes pregos xerais.

7. Na Administración xeral do Estado, nos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais administracións públicas integrantes do sector público estatal, a aprobación dos pregos e dos modelos requirirá o



informe previo do servizo xurídico respectivo. Este informe non será necesario cando o prego de cláusulas administrativas particulares se axuste a un modelo de prego que fose previamente obxecto deste informe.

Artigo 123. *Pregos de prescricións técnicas xerais.*

Logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, o Consello de Ministros, por proposta do ministro correspondente, poderá establecer os pregos de prescricións técnicas xerais a que se deban axustar a Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades que gocen da condición de administracións públicas integrantes do sector público estatal.

Artigo 124. *Pregos de prescricións técnicas particulares.*

O órgano de contratación aprobará con anterioridade á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares que deban rexer a realización da prestación e definan as súas calidades, as súas condicións sociais e ambientais, de conformidade cos requisitos que para cada contrato establece a presente lei, e só poderán ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego suporá a retroacción de actuacións.

Artigo 125. *Definición de determinadas prescricións técnicas.*

Para os efectos da presente lei entenderase por:

1. «Prescrición ou especificación técnica»:

a) Cando se trate de contratos de obras, o conxunto das prescricións técnicas contidas principalmente nos pregos da contratación, nas cales se definan as características requiridas dun material, produto ou subministración, e que permitan caracterizalos de maneira que respondan á utilización a que os destine o poder adxudicador; así mesmo, os procedementos de aseguramento da calidade, o impacto social, laboral, ambiental e climático dos ditos materiais, produtos ou actividades que se desenvolvan durante a súa elaboración ou utilización, o deseño para todas as necesidades (incluída a accesibilidade universal e o deseño universal ou deseño para todas as persoas), a terminoloxía, os símbolos, as probas e métodos de proba, o envasamento, marcación e etiquetaxe, as instrucións de uso e os procesos e métodos de produción en calquera fase do ciclo de vida das obras; inclúen, así mesmo, as regras de elaboración do proxecto e cálculo das obras, as condicións de proba, control e recepción das obras, así como as técnicas ou métodos de construción e todas as demais condicións de carácter técnico que o poder adxudicador poida prescribir, por vía de regulamentación xeral ou específica, no referente a obras acabadas e aos materiais ou elementos que as constitúan.

b) Cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, aquela especificación que figure nun documento en que se definan as características exixidas dun produto ou dun servizo, como, por exemplo, os niveis de calidade, os niveis de comportamento ambiental e climático, o deseño para todas as necesidades (incluída a accesibilidade universal e o deseño universal ou deseño para todas as persoas) e a avaliación da conformidade, o rendemento, a utilización do produto, a súa seguranza, ou as súas dimensións; así mesmo, os requisitos aplicables ao produto no referente á denominación de venda, a terminoloxía, os símbolos, as probas e métodos de proba, o envasamento, marcación e etiquetaxe, as instrucións de uso, os procesos e métodos de produción en calquera fase do ciclo de vida da subministración ou servizo, así como os procedementos de avaliación da conformidade.

2. «Norma»: unha especificación técnica aprobada por un organismo de normalización recoñecido para unha aplicación repetida ou continuada, cuxo cumprimento non sexa obrigatorio e que estea incluída nunha das categorías seguintes:

- a) «Norma internacional»: norma adoptada por un organismo internacional de normalización e posta á disposición do público.
- b) «Norma europea»: norma adoptada por un organismo europeo de normalización e posta á disposición do público.
- c) «Norma nacional»: norma adoptada por un organismo nacional de normalización e posta á disposición do público.

3. «Avaliación técnica europea»: a avaliación documentada das prestacións dun produto de construción en canto ás súas características esenciais, conforme o correspondente documento de avaliación europeo, tal como se define no artigo 2, punto 12, do Regulamento (UE) n.º 305/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

4. «Especificación técnica común»: a especificación técnica no ámbito das TIC elaborada de conformidade cos artigos 13 e 14 do Regulamento (UE) n.º 1025/2012.

5. «Referencia técnica»: calquera documento elaborado polos organismos europeos de normalización, distinto das normas europeas, conforme procedementos adaptados á evolución das necesidades do mercado.

#### Artigo 126. *Regras para establecer prescricións técnicas.*

1. As prescricións técnicas a que se refiren os artigos 123 e 124 proporcionarán aos empresarios acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e non terán por efecto a creación de obstáculos inxustificadas á apertura da contratación pública á competencia.

2. As prescricións técnicas poderanse referir ao proceso ou método específico de produción ou prestación das obras, subministracións ou servizos requiridos, ou a un proceso específico doutra fase do seu ciclo de vida, segundo a definición establecida no artigo 148, mesmo cando os ditos factores non formen parte da substancia material das obras, subministracións ou servizos, sempre que estean vinculados ao obxecto do contrato e garden proporción co valor e cos obxectivos deste.

3. Para toda contratación que estea destinada a ser utilizada por persoas físicas, xa sexa o público en xeral ou o persoal da Administración pública contratante, as prescricións técnicas redactaranse, salvo en casos debidamente xustificadas, de maneira que se teña en conta a Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, así como os criterios de accesibilidade universal e de deseño universal ou deseño para todas as persoas, tal e como son definidos estes termos no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro.

De non ser posible definir as prescricións técnicas tendo en conta criterios de accesibilidade universal e de deseño universal ou deseño para todas as persoas, deberase motivar suficientemente esta circunstancia.

Sen prexuízo do anterior, sempre que existan requisitos de accesibilidade obrigatorios adoptados por un acto xurídico da Unión Europea, as especificacións técnicas deberán ser definidas por referencia a esas normas no que respecta aos criterios de accesibilidade para as persoas con discapacidade ou o deseño para todos os usuarios.

4. Sempre que o obxecto do contrato afecte ou poida afectar o ambiente, as prescricións técnicas definiranse aplicando criterios de sustentabilidade e protección ambiental, de acordo coas definicións e principios regulados nos artigos 3 e 4, respectivamente, da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

5. Sen prexuízo das instrucións e regulamentos técnicos nacionais que sexan obrigatorios, sempre que sexan compatibles co dereito da Unión Europea, as prescricións técnicas formularanse dunha das seguintes maneiras:

a) En termos de rendemento ou de exigencias funcionais, incluídas as características ambientais, sempre que os parámetros sexan o suficientemente precisos para permitir aos licitadores determinar o obxecto do contrato e ao órgano de contratación adxudicalo.

b) Facendo referencia, de acordo coa seguinte orde de prelación, a especificacións técnicas contidas en normas nacionais que incorporen normas europeas, a avaliacións técnicas europeas, a especificacións técnicas comúns, a normas internacionais, a outros sistemas de referencias técnicas elaborados polos organismos europeos de normalización ou, na falta de todos os anteriores, a normas nacionais, a documentos de idoneidade técnica nacionais ou a especificacións técnicas nacionais en materia de proxecto, cálculo e execución de obras e de uso de subministracións; xunto con cada referencia da mención «ou equivalente».

c) En termos de rendemento ou de exigencias funcionais segundo o mencionado na letra a), facendo referencia, como medio de presunción de conformidade con estes requisitos de rendemento ou exigencias funcionais, ás especificacións recollidas na letra b).

d) Facendo referencia a especificacións técnicas mencionadas na letra b) para determinadas características, e mediante referencia ao rendemento ou exigencias funcionais mencionados na letra a) para outras características.

6. Salvo que o xustifique o obxecto do contrato, as prescricións técnicas non farán referencia a unha fabricación ou a unha procedencia determinada, ou a un procedemento concreto que caracterice os produtos ou servizos ofrecidos por un empresario determinado, ou a marcas, patentes ou tipos, ou a unha orixe ou a unha produción determinada, coa finalidade de favorecer ou descartar certas empresas ou certos produtos. Tal referencia autorizarase, con carácter excepcional, no caso de que non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato en aplicación do número 5, caso en que irá acompañada da mención «ou equivalente».

7. Cando os órganos de contratación fagan uso da opción prevista no número 5, letra a), de formular prescricións técnicas en termos de rendemento ou de exigencias funcionais, non poderán rexeitar unha oferta de obras, de subministracións ou de servizos que se axusten a unha norma nacional que traspoña unha norma europea, a un documento de idoneidade técnica europeo, a unha especificación técnica común, a unha norma internacional ou a un sistema de referencias técnicas elaborado por un organismo europeo de normalización, se tales especificacións teñen por obxecto os requisitos de rendemento ou exigencias funcionais exixidos polas prescricións técnicas, sempre que na súa oferta o licitador probe por calquera medio adecuado, incluídos os medios de proba mencionados nos artigos 127 e 128, que a obra, a subministración ou o servizo conforme a norma reúne os requisitos de rendemento ou exigencias funcionais establecidos polo órgano de contratación.

8. Cando os órganos de contratación fagan uso da opción de referirse ás especificacións técnicas previstas no número 5, letra b), non poderán rexeitar unha oferta baseándose en que as obras, as subministracións ou os servizos ofrecidos non se axustan ás especificacións técnicas a que fixeron referencia, sempre que na súa oferta o licitador demostre por calquera medio adecuado, incluídos os medios de proba mencionados no artigo 128, que as solucións que propón cumpren de forma equivalente os requisitos exixidos nas correspondentes prescricións técnicas.

#### Artigo 127. *Etiquetas.*

1. Para os efectos desta lei, entenderase por «etiqueta»: calquera documento, certificado ou acreditación que confirme que as obras, produtos, servizos, procesos ou procedementos de que se trate cumpren determinados requisitos.

2. Cando os órganos de contratación teñan a intención de adquirir obras, subministracións ou servizos con características específicas de tipo ambiental, social ou outro, poderán exixir, nas prescricións técnicas, nos criterios de adxudicación ou nas condicións de execución do contrato, unha etiqueta específica como medio de proba de que as obras, os servizos ou as subministracións cumpren as características exixidas, etiquetas de tipo social ou ambiental, como aquelas relacionadas coa agricultura ou a gandaría ecolóxicas, o comercio xusto, a igualdade de xénero ou as que garanten o cumprimento das convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) Que os requisitos exixidos para obter a etiqueta se refiran unicamente a criterios vinculados co obxecto do contrato e sexan adecuados para definir as características das obras, subministracións ou servizos que constitúan o dito obxecto.
- b) Que os requisitos exixidos para obter a etiqueta se baseen en criterios verificables obxectivamente e que non resulten discriminatorios.
- c) Que as etiquetas se adopten conforme un procedemento aberto e transparente en que poidan participar todas as partes concernidas, tales como organismos gobernamentais, os consumidores, os interlocutores sociais, os fabricantes, os distribuidores e as organizacións non gobernamentais.
- d) Que as etiquetas sexan accesibles a todas as partes interesadas.
- e) Que os requisitos exixidos para obter a etiqueta se fixase un terceiro sobre o cal o empresario non poida exercer unha influencia decisiva.
- f) Que as referencias ás etiquetas non restrinxan a innovación.

Cando unha etiqueta cumpra as condicións previstas no número 2, letras b), c), d) e e), pero estableza requisitos non vinculados ao obxecto do contrato, os órganos de contratación non exixirán a etiqueta como tal pero, en substitución desta, poderán definir as prescricións técnicas por referencia ás especificacións detalladas desa etiqueta ou, de ser o caso, a partes desta, que estean vinculadas co obxecto do contrato e sexan adecuadas para definir as características do dito obxecto.

3. Os órganos de contratación que exixan unha etiqueta específica deberán aceptar todas as etiquetas que verifiquen que as obras, subministracións ou servizos cumpren requisitos que sexan equivalentes a aqueles que son exixidos para a obtención daquela.

O órgano de contratación aceptará outros medios adecuados de proba, incluídos os mencionados no artigo 128, que demostren que as obras, subministracións ou servizos que deba prestar o futuro contratista cumpren os requisitos da etiqueta específica exixida.

4. Cando os órganos de contratación non requiran nos pregos que as obras, subministracións ou servizos cumpran todos os requisitos exixidos para obter unha etiqueta, indicarán a cales dos ditos requisitos se está a facer referencia.

5. A indicación dunha etiqueta específica nas prescricións técnicas en ningún caso exime o órgano de contratación da súa obriga de detallar con claridade nos pregos as características e os requisitos que desexa impor e cuxo cumprimento pretende probar a etiqueta específica exixida.

6. A carga da proba da equivalencia recaerá, en todo caso, no candidato ou licitador.

#### Artigo 128. *Informes de probas, certificación e outros medios de proba.*

1. Os órganos de contratación poderán exixir que os operadores económicos proporcionen un informe de probas dun organismo de avaliación da conformidade ou un certificado expedido por este último, como medio de proba do cumprimento das prescricións técnicas exixidas, ou dos criterios de adxudicación ou das condicións de execución do contrato.

Cando os órganos de contratación exixan a presentación de certificados emitidos por un organismo de avaliación da conformidade determinado, os certificados doutros organismos de avaliación da conformidade equivalentes tamén deberán ser aceptados por aqueles.

Para os efectos do disposto nesta lei, entenderase por «organismo de avaliación da conformidade» aquel que desempeña actividades de calibración, ensaio, certificación e inspección, e que está acreditado de conformidade co Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello.

2. Supletoriamente, os órganos de contratación deberán aceptar outros medios de proba adecuados que non sexan os previstos no punto primeiro, como un informe técnico do fabricante, cando o empresario de que se trate non teña acceso aos ditos certificados ou informes de probas nin a posibilidade de obtelos nos prazos fixados, sempre que a falta de acceso non sexa por causa imputable a el e que este sirva para demostrar que as obras, subministracións ou servizos que proporcionará cumpren coas prescricións técnicas, cos criterios de adxudicación ou coas condicións de execución do contrato, segundo o caso.

**Artigo 129. Información sobre as obrigacións relativas á fiscalidade, protección do ambiente, emprego e condicións laborais e de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade.**

1. O órgano de contratación poderá sinalar no prego o organismo ou organismos de que os candidatos ou licitadores poidan obter a información pertinente sobre as obrigacións relativas á fiscalidade, á protección do ambiente e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo e prevención de riscos laborais e inserción sociolaboral das persoas con discapacidade, e á obrigación de contratar un número ou porcentaxe específica de persoas con discapacidade, que serán aplicables aos traballos efectuados na obra ou aos servizos prestados durante a execución do contrato.

2. Cando se facilite a información a que se refire o número 1, o órgano de contratación solicitará aos licitadores ou aos candidatos nun procedemento de adxudicación de contratos que manifesten que tiveron en conta na elaboración das súas ofertas as obrigacións derivadas das disposicións vixentes en materia de fiscalidade, protección do ambiente, protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo, prevención de riscos laborais e inserción sociolaboral das persoas con discapacidade, e a obrigación de contratar un número ou porcentaxe específicos de persoas con discapacidade.

Isto non obstará para a aplicación do disposto no artigo 149 sobre verificación das ofertas que inclúan valores anormais ou desproporcionados.

**Artigo 130. Información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo.**

1. Cando unha norma legal un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral impoña ao adxudicatario a obrigación de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, os servizos dependentes do órgano de contratación deberán facilitar aos licitadores, no propio prego, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores a que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir unha exacta avaliación dos custos laborais que implicará tal medida, e deberase facer constar igualmente que tal información se facilita en cumprimento do previsto no presente artigo.

Para estes efectos, a empresa que viñese efectuando a prestación obxecto do contrato que se vai adxudicar e que teña a condición de empregadora dos traballadores afectados estará obrigada a proporcionar a referida información ao órgano de contratación, por requirimento deste. Como parte desta información, en todo caso se deberán achegar as listaxes do persoal obxecto de subrogación, con indicación: do convenio colectivo de aplicación e detalles de categoría, tipo de contrato, xornada, data de antigüidade, vencemento do contrato, salario bruto anual de cada traballador, así como todos os pactos en vigor aplicables aos traballadores a que afecte a subrogación. A Administración comunicarlle ao novo empresario a información que lle facilitase o anterior contratista.

2. O disposto neste artigo respecto da subrogación de traballadores resultará igualmente de aplicación aos socios traballadores das cooperativas cando estes estean adscritos ao servizo ou actividade obxecto da subrogación.

Cando a empresa que viñese efectuando a prestación obxecto do contrato que se vai adxudicar sexa un centro especial de emprego, a empresa que resulte adxudicataria terá a obrigaón de subrogarse como empregador de todas as persoas con discapacidade que viñesen desenvolvendo a súa actividade na execución do referido contrato.

3. No caso de que unha Administración pública decida prestar directamente un servizo que ata a data viña sendo prestado por un operador económico, estará obrigada á subrogación do persoal que o prestaba se así o establece unha norma legal, un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral.

4. O prego de cláusulas administrativas particulares recollerá necesariamente a imposición de penalidades ao contratista dentro dos límites establecidos no artigo 192 para o suposto de que este incumpra a obrigaón prevista neste artigo.

5. No caso de que, unha vez producida a subrogación, os custos laborais fosen superiores a aqueles que se desprenden da información facilitada polo antigo contratista ao órgano de contratación, o contratista terá acción directa contra o antigo contratista.

6. Así mesmo, e sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, do establecido no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, o prego de cláusulas administrativas particulares sempre preverá a obrigaón do contratista de responder dos salarios impagados aos traballadores afectados por subrogación, así como das cotizacións á Seguridade Social devindicadas, aínda no caso de que se resolva o contrato e aqueles sexan subrogados polo novo contratista, sen que en ningún caso a dita obrigaón corresponda a este último. Neste caso, a Administración, unha vez acreditada a falta de pagamento dos citados salarios, reterá as cantidades debidas ao contratista para garantir o pagamento dos citados salarios, e non devolverá a garantía definitiva mentres non se acredite o aboamento destes.

## Sección 2.<sup>a</sup> *Da adxudicación dos contratos das administracións públicas*

### Subsección 1.<sup>a</sup> Normas xerais

#### Artigo 131. *Procedemento de adxudicación.*

1. Os contratos que subscriban as administracións públicas adxudicaranse conforme as normas da presente sección.

2. A adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, e utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido, salvo os contratos de concesión de servizos especiais do anexo IV, que se adxudicarán mediante este último procedemento.

Nos supostos do artigo 168 poderase seguir o procedemento negociado sen publicidade; nos casos previstos no artigo 167 poderase recorrer ao diálogo competitivo ou á licitación con negociación, e nos indicados no artigo 177 poderase empregar o procedemento de asociación para a innovación.

3. Os contratos menores poderanse adxudicar directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

4. Nos contratos relativos á prestación de asistencia sanitaria en supostos de urxencia e cun valor estimado inferior a 30.000 euros, non serán de aplicación as disposicións desta lei relativas á preparación e adxudicación do contrato.

Para efectuar a contratación nestes casos bastará con que, ademais de xustificarse a urxencia, se determine o obxecto da prestación, se fixe o prezo que se deberá satisfacer pola asistencia e o órgano de contratación designe a empresa a que corresponderá a execución.

5. Nos concursos de proxectos seguirase o procedemento regulado na subsección 7.<sup>a</sup> desta sección.

Artigo 132. *Principios de igualdade, transparencia e libre competencia.*

1. Os órganos de contratación daránlles aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación aos principios de transparencia e proporcionalidade.

En ningún caso se poderá limitar a participación pola forma xurídica ou o ánimo de lucro na contratación, salvo nos contratos reservados para entidades recollidas na disposición adicional cuarta.

2. A contratación non será concibida coa intención de eludir os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que corresponda, nin de restrinxir artificialmente a competencia, ben favorecendo ben prexudicando indebidamente determinados empresarios.

3. Os órganos de contratación velarán en todo o procedemento de adxudicación pola salvagarda da libre competencia. Así, tanto eles como a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado ou, de ser o caso, os órganos consultivos ou equivalentes en materia de contratación pública das comunidades autónomas, e os órganos competentes para resolver o recurso especial a que se refire o artigo 44 desta lei, notificarán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou, de ser o caso, ás autoridades autonómicas de competencia, calquera feito que coñezan no exercicio das súas funcións que poida constituír infracción á lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicarán calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación.

Artigo 133. *Confidencialidade.*

1. Sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de acceso á información pública e das disposicións contidas na presente lei, relativas á publicidade da adxudicación e á información que se debe dar aos candidatos e aos licitadores, os órganos de contratación non poderán divulgar a información facilitada polos empresarios que estes designasen como confidencial no momento de presentar a súa oferta. O carácter de confidencial afecta, entre outros, os segredos técnicos ou comerciais, os aspectos confidenciais das ofertas e calquera outra información cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, xa sexa nese procedemento de licitación ou noutros posteriores.

O deber de confidencialidade do órgano de contratación, así como dos seus servizos dependentes, non se poderá estender a todo o contido da oferta do adxudicatario nin a todo o contido dos informes e documentación que, de ser o caso, xere directa ou indirectamente o órgano de contratación no curso do procedemento de licitación. Unicamente se poderá estender a documentos que teñan unha difusión restrinxida e, en ningún caso, a documentos que sexan publicamente accesibles.

O deber de confidencialidade tampouco poderá impedir a divulgación pública de partes non confidenciais dos contratos subscritos, tales como, de ser o caso, a liquidación, os prazos finais de execución da obra, as empresas con que se contratou e subcontratou e, en todo caso, as partes esenciais da oferta e as modificacións posteriores do contrato, o respectando, en todo caso, ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato á cal se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior que, en todo caso, deberá ser definido e limitado no tempo.

Artigo 134. *Anuncio de información previa.*

1. Os órganos de contratación poderán publicar un anuncio de información previa co fin de dar a coñecer aqueles contratos de obras, subministracións ou servizos que, estando suxeitos a regulación harmonizada, teñan proxectado adxudicar no prazo a que se refire o número 5 do presente artigo.

2. Os anuncios de información previa a que se refire o número anterior publicaranse, co contido establecido no anexo III. A, á elección do órgano de contratación, no «Diario Oficial de la Unión Europea» ou no perfil de contratante do órgano de contratación a que se refire o artigo 63 que se encontre aloxado na Plataforma de contratación do sector público ou servizo de información equivalente no ámbito autonómico.

3. Os anuncios de información previa enviaranse á Oficina de Publicacións da Unión Europea ou, de ser o caso, publicaranse no perfil de contratante, canto antes, unha vez tomada a decisión pola cal se autorice o programa en que se recolla a subscripción dos correspondentes contratos, no caso dos de obras, ou unha vez iniciado o exercicio orzamentario, nos restantes.

En calquera caso, os poderes adxudicadores deberán poder demostrar a data de envío de anuncio de información previa.

A Oficina de Publicacións da Unión Europea confirmará ao poder adxudicador a recepción do anuncio e a publicación da información enviada, con indicación da data da dita publicación. Esta confirmación constituirá proba da publicación.

4. No caso de que o anuncio de información previa se publique no «Diario Oficial de la Unión Europea», non se publicará no ámbito nacional antes daquela publicación. Con todo, poderá en todo caso publicarse no ámbito nacional se os poderes adxudicadores non recibiron notificación da súa publicación ás corenta e oito horas da confirmación da recepción do anuncio por parte da Oficina de Publicacións da Unión Europea.

5. No caso de que a publicación do anuncio de información previa a que se refire o primeiro punto se vaia efectuar no perfil de contratante do órgano de contratación, este último deberá enviar á Oficina de Publicacións da Unión Europea o anuncio da publicación no seu perfil.

O anuncio de información previa non se publicará no perfil de contratante antes de que se envíe á Oficina de Publicacións da Unión Europea o anuncio da súa publicación na citada forma, e indicará a data do dito envío.

6. O período cuberto polo anuncio de información previa será dun máximo de 12 meses contados desde a data de envío do citado anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea ou, de ser o caso, a partir da data de envío tamén a esta última do anuncio de publicación no perfil de contratante a que se refire o punto cuarto anterior.

Con todo, no caso dos contratos de servizos que teñan por obxecto algún dos servizos especiais do anexo IV, o anuncio de información previa poderá abranguer un prazo superior a 12 meses.

7. A publicación do anuncio previo a que se refire o primeiro número deste artigo, en cumprimento das condicións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 156 e no número 1 do artigo 164, permitirá reducir os prazos para presentar proposicións nos procedementos abertos e restrinxidos na forma que nesas preceptos se determina.

Artigo 135. *Anuncio de licitación.*

1. O anuncio de licitación para adxudicar contratos das administracións públicas, coa excepción dos procedementos negociados sen publicidade, publicarase no perfil de contratante. Nos contratos subscritos pola Administración xeral do Estado ou polas entidades vinculadas a ela que gocen da natureza de administracións públicas, o anuncio de licitación publicarase ademais no «Boletín Oficial del Estado».

Cando os contratos estean suxeitos a regulación harmonizada, a licitación deberase publicar, ademais, no «Diario Oficial de la Unión Europea» e os poderes adxudicadores deberán poder demostrar a data de envío do anuncio de licitación.



A Oficina de Publicacións da Unión Europea confirmará ao poder adjudicador a recepción do anuncio e a publicación da información enviada, con indicación da data da dita publicación. Esta confirmación constituirá proba da publicación.

2. Cando o órgano de contratación o considere conveniente, os procedementos para adxudicar contratos de obras, subministracións, servizos, concesións de obras e concesións de servizos non suxeitos a regulación harmonizada poderán ser anunciados, ademais, no «Diario Oficial de la Unión Europea».

3. Os anuncios de licitación e os anuncios de información previa a que se refire a disposición adicional trixésimo sexta non se publicarán nos lugares indicados no primeiro parágrafo do punto primeiro anterior antes da súa publicación no «Diario Oficial de la Unión Europea», no caso de que deban ser publicados no dito diario oficial, e deberase indicar a data daquel envío, da cal os servizos dependentes do órgano de contratación deixarán proba suficiente no expediente, e non poderán conter indicacións distintas ás incluídas no dito anuncio. Con todo, en todo caso se poderán publicar se o órgano de contratación non recibiu notificación da súa publicación ás 48 horas da confirmación da recepción do anuncio enviado.

4. Os anuncios de licitación de contratos conterán a información recollida no anexo III.

5. Nos contratos de concesión de servizos especiais do anexo IV a convocatoria de licitación realizarase, en todo caso, mediante o anuncio de información previa a que se refire a disposición adicional trixésimo sexta.

*Artigo 136. Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións.*

1. Os órganos de contratación fixarán os prazos de presentación das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para as preparar, unha vez atendida a complexidade do contrato e respectando en todo caso os prazos mínimos fixados nesta lei.

2. Os órganos de contratación deberán ampliar o prazo inicial de presentación das ofertas e solicitudes de participación, de forma que todos os posibles interesados na licitación poidan ter acceso a toda a información necesaria para as elaborar, cando por calquera razón os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación, nos termos sinalados no número 3 do artigo 138.

Esta causa non se aplicará cando a información adicional solicitada teña un carácter irrelevante para os efectos de poder formular unha oferta ou solicitude válidas.

En todo caso se considerará información relevante para os efectos deste artigo a seguinte:

- a) Calquera información adicional transmitida a un licitador.
- b) Calquera información asociada a elementos referidos nos pregos e documentos de contratación.

Os órganos de contratación deberán ampliar o prazo inicial de presentación das ofertas e solicitudes de participación, así mesmo, no caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación, sen prexuízo do sinalado nos artigos 122.1 e 124.

En todo caso, considerarase modificación significativa dos pregos a que afecte:

- a) A clasificación requirida.
- b) O importe e o prazo do contrato.
- c) As obrigacións do adxudicatario.
- d) O cambio ou a variación do obxecto do contrato.

A duración da prórroga, en todo caso, será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado.

3. Cando as proposicións só se poidan realizar despois dunha visita sobre o terreo ou logo de consulta *in situ* da documentación que se achegue ao prego, os prazos mínimos para presentar ofertas e solicitudes de participación que establece esta lei ampliaranse de

forma que todos os que interesados afectados poidan ter coñecemento de toda a información necesaria para as preparar.

4. A presentación de proposicións ou a recepción da documentación en formato electrónico necesaria para a súa presentación en calquera procedemento non poderá supor a exixencia de cantidade ningunha aos licitadores.

*Artigo 137. Redución de prazos en caso de tramitación urxente.*

No caso de que o expediente de contratación fose declarado de tramitación urxente, os prazos establecidos nesta sección reduciranse na forma prevista na letra b) do número 2 do artigo 119 e nas demais disposicións desta lei.

*Artigo 138. Información a interesados.*

1. Os órganos de contratación ofrecerán acceso aos pregos e demais documentación complementaria por medios electrónicos a través do perfil de contratante, acceso que será libre, directo, completo e gratuíto, e que se deberá poder efectuar desde a data da publicación do anuncio de licitación ou, de ser o caso, do envío da invitación aos candidatos seleccionados.

2. Excepcionalmente, nos casos que se sinalan a continuación, os órganos de contratación poderán dar acceso aos pregos e demais documentación complementaria da licitación valéndose de medios non electrónicos. Nese caso o anuncio de licitación ou a invitación aos candidatos seleccionados advertirán desta circunstancia, e o prazo de presentación das proposicións ou das solicitudes de participación prolongarase cinco días, salvo no suposto de tramitación urxente do expediente a que se refire o artigo 119.

O acceso non electrónico aos pregos e demais documentación complementaria da licitación estará xustificado cando concorra algún dos seguintes supostos:

a) Cando se dean circunstancias técnicas que o impidan, nos termos sinalados na disposición adicional décimo quinta.

b) Por razóns de confidencialidade, en aplicación do disposto no artigo 133.

c) No caso das concesións de obras e de servizos, por motivos excepcionais de seguraza.

3. Os órganos de contratación proporcionarán a todos os interesados no procedemento de licitación, como moi tarde 6 días antes de que finalice o prazo fixado para presentar as ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, coa condición de que a pedisen polo menos 12 días antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións ou das solicitudes de participación, salvo que nos pregos que rexen a licitación se estableza outro prazo distinto. Nos expedientes que fosen cualificados de urxentes, o prazo de seis días como moi tarde antes de que finalice o prazo fixado para presentar ofertas será de 4 días como moito antes de que finalice o citado prazo nos contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada, sempre que se adxudiquen por procedementos aberto e restrinxido.

Nos casos en que o solicitado sexan aclaracións ao establecido nos pregos ou resto de documentación e así o estableza o prego de cláusulas administrativas particulares, as respostas terán carácter vinculante e, neste caso, deberanse facer públicas no correspondente perfil de contratante en termos que garantan a igualdade e a concorrencia no procedemento de licitación.

*Artigo 139. Proposicións dos interesados.*

1. As proposicións dos interesados deberanse axustar aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada por parte do empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva ningunha, así como a autorización á mesa e ao órgano de contratación para

consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.

2. As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento de apertura das proposicións, sen prexuízo do disposto nos artigos 143, 175 e 179 en canto á información que se debe facilitar aos participantes nunha poxa electrónica, nun diálogo competitivo ou nun procedemento de asociación para a innovación.

3. Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo do disposto no artigo 142 sobre admisibilidade de variantes, e no artigo 143 sobre presentación de novos prezos ou valores no seo dunha poxa electrónica. Tampouco se poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

4. Na proposición deberase indicar, como partida independente, o importe do imposto sobre o valor engadido que deba ser repercutido.

*Artigo 140. Presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.*

1. En relación coa presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, observaranse as regras establecidas a continuación:

a) As proposicións no procedemento aberto deberán ir acompañadas dunha declaración responsable, que se axustará ao formulario de documento europeo único de contratación de conformidade co indicado no artigo seguinte, e deberá estar asinada e coa correspondente identificación, na cal o licitador poña de manifesto o seguinte:

1.º Que a sociedade está validamente constituída e que conforme o seu obxecto social se pode presentar á licitación, así como que o asinante da declaración posúe a debida representación para presentar a proposición e aquela.

2.º Que conta coa correspondente clasificación, de ser o caso, ou que cumpre os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional exixidos, nas condicións que estableza o prego, de conformidade co formulario normalizado do documento europeo único de contratación a que se refire o artigo seguinte.

3.º Que non está incurso en prohibición de contratar por si mesma nin por extensión como consecuencia da aplicación do artigo 71.3 desta lei.

4.º A designación dun enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións, que deberá ser «habilitado» de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta, nos casos en que o órgano de contratación optase por realizar as notificacións a través daquel. Esta circunstancia deberase recoller no prego de cláusulas administrativas particulares.

b) No caso de solicitudes de participación nos procedementos restrinxidos, de licitación con negociación, no diálogo competitivo e no de asociación para a innovación, a declaración responsable a que se refire a letra a) anterior porá de manifesto adicionalmente que se cumpre cos requisitos obxectivos que se estableceron de acordo co artigo 162 da presente lei, nas condicións que estableza o prego de conformidade co formulario normalizado do documento europeo único de contratación a que se refire o artigo seguinte.

c) Nos casos en que o empresario recorra á solvencia e aos medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da presente lei, cada unha delas tamén deberá presentar unha declaración responsable en que figure a información pertinente para estes casos, conforme o formulario normalizado do documento europeo único de contratación a que se refire o artigo seguinte.

A presentación do compromiso a que se refire o número 2 do artigo 75 realizarase de conformidade co disposto no punto terceiro do presente artigo.

d) En todos os supostos en que no procedemento se exixa a constitución de garantía provisional, achegarase o documento acreditativo de que se constituíu.

e) En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, achegarse unha declaración responsable por cada empresa participante, na cal figurará a información requirida nestes casos no formulario do documento europeo único de contratación a que se refire o artigo seguinte.

Adicionalmente á declaración ou declaracións a que se refire o parágrafo anterior, achegarse o compromiso de constituír unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte dela, de conformidade co exixido no número 3 do artigo 69 desta lei.

f) Ademais da declaración responsable a que se refire a letra a) anterior, as empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato se vaia executar en España, deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle poida corresponder ao licitante.

g) Cando o prego prevexa a división en lotes do obxecto do contrato, se os requisitos de solvencia económica e financeira ou técnica e profesional exixidos varían dun lote a outro, achegarse unha declaración responsable por cada lote ou grupo de lotes a que se apliquen os mesmos requisitos de solvencia.

2. Cando, de conformidade coa presente lei, o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo exijan a acreditación doutras circunstancias distintas das que comprende o formulario do documento europeo único de contratación a que se refire o artigo seguinte, deberán indicar a forma da súa acreditación.

3. O órgano ou a mesa de contratación poderán pedir aos candidatos ou licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adxudicar o contrato.

Non obstante o anterior, cando o empresario estea inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou figure nunha base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, como un expediente virtual da empresa, un sistema de almacenamento electrónico de documentos ou un sistema de precualificación, e estes sexan accesibles de modo gratuíto para os citados órganos, non estará obrigado a presentar os documentos xustificativos ou outra proba documental dos datos inscritos nos referidos lugares.

4. As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar a que se refiren os números anteriores deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

#### Artigo 141. *Declaración responsable e outra documentación.*

1. Os órganos de contratación incluírán no prego, xunto coa exixencia de declaración responsable, o modelo a que esta se deberá axustar. O modelo que recolla o prego seguirá o formulario de documento europeo único de contratación aprobado no seo da Unión Europea, sen prexuízo do establecido na letra c) do número 4 do artigo 159.

2. Nos casos en que se estableza a intervención de mesa de contratación, esta cualificará a declaración responsable e a documentación a que se refire o artigo anterior.

Cando esta aprecie defectos emendables, dará un prazo de tres días ao empresario para que os corrixa.

#### Artigo 142. *Admisibilidade de variantes.*

1. Cando na adxudicación se deban ter en conta criterios distintos do prezo, o órgano de contratación poderá tomar en consideración as variantes que ofrezan os licitadores, sempre que as variantes se prevexan nos pregos. Considerarase que se cumpre este requisito cando se expresen os requisitos mínimos, as modalidades e as características delas, así como a súa necesaria vinculación co obxecto do contrato.

2. A posibilidade de que os licitadores ofrezan variantes indicárase no anuncio de licitación do contrato, precisando sobre que elementos e en que condicións queda autorizada a súa presentación.

As precisións das variantes que se poidan admitir poderán facer referencia a determinadas funcionalidades que poidan ter os bens, obras ou servizos obxecto do contrato, ou á satisfacción adecuada de determinadas necesidades.

3. Nos procedementos de adxudicación de contratos de subministración ou de servizos, os órganos de contratación que autorizasen a presentación de variantes non poderán rexeitar unha delas polo único motivo de que, de ser elixida, daría lugar a un contrato de servizos no canto de a un contrato de subministración ou a un contrato de subministración no canto de a un contrato de servizos.

#### Artigo 143. *Poxa electrónica.*

1. Para os efectos da adxudicación do contrato poderase realizar unha poxa electrónica, articulada como un proceso electrónico repetitivo, que ten lugar tras unha primeira avaliación completa das ofertas, para presentar melloras nos prezos ou novos valores relativos a determinados elementos das ofertas que as melloren no seu conxunto, baseado nun dispositivo electrónico que permita a súa clasificación a través de métodos de avaliación automatizados. Deberase velar por que permita un acceso non discriminatorio e dispoñible de forma xeral, así como o rexistro inalterable de todas as participacións no proceso de poxa.

2. A poxa electrónica poderase empregar nos procedementos abertos, nos restrinxidos e nas licitacións con negociación, sempre que as especificacións do contrato que se deba adxudicar se poidan establecer de maneira precisa nos pregos que rexen a licitación e que as prestacións que constitúen o seu obxecto non teñan carácter intelectual, como os servizos de enxeñaría, consultoría e arquitectura. Non se poderá recorrer ás poxas electrónicas de forma abusiva ou de modo que se obstaculice, restrinxa ou falsee a competencia ou que se vexa modificado o obxecto do contrato.

3. A poxa electrónica basearase nun dos seguintes criterios:

- a) unicamente nos prezos, cando o contrato se adxudique atendendo exclusivamente ao prezo;
- b) ou ben nos prezos e en novos valores dos elementos obxectivos da oferta que sexan cuantificables e susceptibles de seren expresados en cifras ou en porcentaxes, cando o contrato se adxudique baseándose en varios criterios de adxudicación.

4. Os órganos de contratación que decidan recorrer a unha poxa electrónica deberano indicar no anuncio de licitación e incluír no prego de condicións, como mínimo, a seguinte información:

- a) Os elementos obxectivos a cuxos valores se refira a poxa electrónica.
- b) De ser o caso, os límites dos valores que se poderán presentar, tal como resulten das especificacións relativas ao obxecto do contrato.
- c) A información que se porá á disposición dos licitadores durante a poxa electrónica e, cando cumpra, o momento en que se facilitará.
- d) A forma en que se desenvolverá a poxa.
- e) As condicións en que os licitadores poderán poxar e, en particular, as melloras mínimas que se exixirán, de ser o caso, para cada poxa.
- f) O dispositivo electrónico utilizado e as modalidades e especificacións técnicas de conexión.

5. Antes de proceder á poxa electrónica, o órgano de contratación efectuará unha primeira avaliación completa das ofertas de conformidade cos criterios de adxudicación e a continuación convidará simultaneamente, por medios electrónicos, a todos os licitadores que presentasen ofertas admisibles a que participen na poxa electrónica.

Unha oferta considerárase admisible cando fose presentada por un licitador que non fose excluído, cumpra os criterios de selección e cuxa oferta sexa conforme coas especificacións técnicas sen que sexa irregular, inaceptable ou inadecuada, nos termos dos artigos 167 e 168 da presente lei.

6. A invitación incluírá toda a información pertinente para a conexión individual ao dispositivo electrónico utilizado e precisará a data e a hora de comezo da poxa electrónica.

Igualmente, indícarase na invitación o resultado da avaliación completa da oferta do licitador de que se trate e a fórmula matemática que se utilizará para a reclasificación automática das ofertas en función dos novos prezos, revisados á baixa, ou dos novos valores, que melloren a oferta, que se presenten.

Excepto no caso de que a oferta máis vantaxosa economicamente se determine sobre a base do prezo exclusivamente, esta fórmula incorporará a ponderación de todos os criterios fixados para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa, tal como se indicou no anuncio de licitación ou na invitación inicialmente enviada aos candidatos seleccionados e no prego, para o cal as eventuais bandas de valores se deberán expresar previamente cun valor determinado.

No caso de que se autorice a presentación de variantes, proporcionarase unha fórmula para cada unha delas.

7. Entre a data de envío das invitacións e o comezo da poxa electrónica deberán transcorrer, polo menos, dous días hábiles.

8. A poxa electrónica poderase desenvolver en varias fases sucesivas.

Ao longo de cada fase da poxa, e de forma continua e instantánea, comunicáraselles aos licitadores, como mínimo, a información que lles permita coñecer a súa respectiva clasificación en cada momento.

Adicionalmente, poderanse facilitar outros datos relativos aos prezos ou valores presentados polos restantes licitadores, sempre que iso estea recollido no prego que rexe a licitación, e anunciarse o número daqueles que están participando na correspondente fase da poxa, sen que en ningún caso se poida divulgar a súa identidade.

9. O peche da poxa fíxase por referencia a un ou varios dos seguintes criterios:

a) Mediante o sinalamento dunha data e hora concretas, que deberán ser indicadas na invitación a participar na poxa.

b) Atendendo á falta de presentación de novos prezos ou de novos valores que cumpran os requisitos establecidos en relación coa formulación de melloras mínimas.

De se utilizar esta referencia, na invitación a participar na poxa especificarase o prazo que deberá transcorrer a partir da recepción da última poxa antes de declarar o seu peche.

c) Por finalización do número de fases establecido na invitación a participar na poxa. Cando o peche da poxa se deba producir aplicando este criterio, a invitación a participar nela indicará o calendario que se deberá observar en cada unha das súas fases.

10. Unha vez concluída a poxa electrónica, o contrato adjudicarase de conformidade co establecido no artigo 150, en función dos seus resultados.

11. Non se adjudicarán mediante poxa electrónica os contratos cuxo obxecto teña relación coa calidade alimentaria.

#### Artigo 144. *Sucesión no procedemento.*

Se durante a tramitación dun procedemento e antes da formalización do contrato se produce unha operación de fusión, escisión, transmisión do patrimonio empresarial ou dunha rama da actividade, a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio empresarial ou da correspondente rama de actividade sucederá a empresa licitadora ou candidata na súa posición no procedemento, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibición de contratar e acredite a súa solvencia e clasificación nas condicións exixidas no prego de cláusulas administrativas particulares para poder participar no procedemento de adjudicación.

Artigo 145. *Requisitos e clases de criterios de adxudicación do contrato.*

1. A adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación con base na mellor relación calidade-prezo.

Logo de xustificación no expediente, os contratos poderanse adxudicar conforme criterios baseados nunha formulación que atenda á mellor relación custo-eficacia, sobre a base do prezo ou custo, como o cálculo do custo do ciclo de vida conforme o artigo 148.

2. A mellor relación calidade-prezo avaliarase conforme criterios económicos e cualitativos.

Os criterios cualitativos que estableza o órgano de contratación para avaliar a mellor relación calidade-prezo poderán incluír aspectos ambientais ou sociais, vinculados ao obxecto do contrato na forma establecida no número 6 deste artigo, que poderán ser, entre outros, os seguintes:

1.º A calidade, incluído o valor técnico, as características estéticas e funcionais, a accesibilidade, o deseño universal ou deseño para todas as persoas usuarias, as características sociais, ambientais e innovadoras, e a comercialización e as súas condicións.

As características ambientais poderanse referir, entre outras, á redución do nivel de emisión de gases de efecto invernadoiro; ao emprego de medidas de aforro e eficiencia enerxética e á utilización de enerxía procedentes de fontes renovables durante a execución do contrato; e ao mantemento ou mellora dos recursos naturais que se poidan ver afectados pola execución do contrato.

As características sociais do contrato referiranse, entre outras, ás seguintes finalidades: ao fomento da integración social de persoas con discapacidade, persoas desfavorecidas ou membros de grupos vulnerables entre as persoas asignadas á execución do contrato e, en xeral, á inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social; á subcontratación con centros especiais de emprego ou empresas de inserción; aos plans de igualdade de xénero que se apliquen na execución do contrato e, en xeral, a igualdade entre mulleres e homes; ao fomento da contratación feminina; á conciliación da vida laboral, persoal e familiar; á mellora das condicións laborais e salariais; á estabilidade no emprego; á contratación dun maior número de persoas para a execución do contrato; á formación e a protección da saúde e a seguranza no traballo; á aplicación de criterios éticos e de responsabilidade social á prestación contractual; ou aos criterios referidos á subministración ou á utilización de produtos baseados nun comercio equitativo durante a execución do contrato.

2.º A organización, cualificación e experiencia do persoal adscrito ao contrato que o vaia executar, sempre e cando a calidade do dito persoal poida afectar de maneira significativa a súa mellor execución.

3.º O servizo posvenda e a asistencia técnica e condicións de entrega tales como a data en que esta última se debe producir, o proceso de entrega, o prazo de entrega ou execución e os compromisos relativos a recambios e seguranza da subministración.

Os criterios cualitativos deberán ir acompañados dun criterio relacionado cos custos, o cal, á elección do órgano de contratación, poderá ser o prezo ou unha formulación baseada na rendibilidade, como o custo do ciclo de vida calculado de conformidade co disposto no artigo 148.

3. A aplicación de máis dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación dos seguintes contratos:

a) Aqueles cuxos proxectos ou orzamentos non puidesen ser establecidos previamente e deban ser presentados polos candidatos ou licitadores.

b) Cando o órgano de contratación considere que a definición da prestación é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas ou por reducións no seu prazo de execución.

c) Aqueles para cuxa execución o órgano, organismo ou entidade contratante facilite materiais ou medios auxiliares cuxa boa utilización exixa garantías especiais por parte dos contratistas.

d) Aqueles que requiran o emprego de tecnoloxía especialmente avanzada ou cuxa execución sexa particularmente complexa.

e) Contratos de concesión de obras e de concesión de servizos.

f) Contratos de subministracións, salvo que os produtos que se vaian adquirir estean perfectamente definidos e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato; por conseguinte, é o prezo o único factor determinante da adxudicación.

g) Contratos de servizos, salvo que as prestacións estean perfectamente definidas tecnicamente e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato; por conseguinte, o prezo é o único factor determinante da adxudicación.

Nos contratos de servizos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñaría e arquitectura, e nos contratos de prestación de servizos sociais se fomentan a integración social de persoas desfavorecidas ou membros de grupos vulnerables entre as persoas asignadas á execución do contrato, promoven o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral ou cando se trate dos contratos de servizos sociais, sanitarios ou educativos a que se refire a disposición adicional cuadraxésimo oitava, ou de servizos intensivos en man de obra, o prezo non poderá ser o único factor determinante da adxudicación. Igualmente, no caso dos contratos de servizos de seguranza privada deberase aplicar máis dun criterio de adxudicación.

h) Contratos cuxa execución poida ter un impacto significativo no ambiente, en cuxa adxudicación se valorarán condicións ambientais mensurables, tales como o menor impacto ambiental, o aforro e o uso eficiente da auga e da enerxía e dos materiais, o custo ambiental do ciclo de vida, os procedementos e métodos de produción ecolóxicos, a xeración e xestión de residuos ou o uso de materiais reciclados ou reutilizados ou de materiais ecolóxicos.

4. Os órganos de contratación velarán por que se establezan criterios de adxudicación que permitan obter obras, subministracións e servizos de gran calidade que respondan o mellor posible ás súas necesidades e, en especial, nos procedementos de contratos de servizos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñaría e arquitectura.

Nos contratos de servizos do anexo IV, así como nos contratos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, os criterios relacionados coa calidade deberán representar, polo menos, o 51 por cento da puntuación asignable na valoración das ofertas, sen prexuízo do disposto no número 2.a) do artigo 146.

5. Os criterios a que se refire o número 1 que deban servir de base para adxudicar o contrato estableceranse nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo, e deberán figurar no anuncio que sirva de convocatoria da licitación e cumprir os seguintes requisitos:

a) En todo caso estarán vinculados ao obxecto do contrato, no sentido expresado no punto seguinte deste artigo.

b) Deberán ser formulados de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non conferirán ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.

c) Deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida en que as ofertas cumpren os criterios de adxudicación. En caso de dúbida, deberase comprobar de maneira efectiva a exactitude da información e as probas facilitadas polos licitadores.



6. Considerarase que un criterio de adxudicación está vinculado ao obxecto do contrato cando se refira ou integre as prestacións que se deban realizar en virtude do dito contrato, en calquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida, incluídos os factores que interveñen nos seguintes procesos:

a) No proceso específico de produción, prestación ou comercialización, de ser o caso, das obras, subministracións ou servizos, con especial referencia ás formas de produción, prestación ou comercialización ambiental e ás socialmente sustentables e xustas.

b) Ou no proceso específico doutra etapa do seu ciclo de vida, mesmo cando os ditos factores non formen parte da súa substancia material.

7. No caso de que se establezan as melloras como criterio de adxudicación, estas deberán estar suficientemente especificadas. Considerarase que se cumpre esta exigencia cando se fixen de maneira ponderada, con concreción, os requisitos, os límites, as modalidades e as características delas, así como a súa necesaria vinculación co obxecto do contrato.

En todo caso, nos supostos en que a súa valoración se efectúe de conformidade co establecido no punto segundo, letra a), do artigo seguinte, non se lle poderá asignar unha valoración superior ao 2,5 por cento.

Enténdese por melloras, para estes efectos, as prestacións adicionais ás que figuraban definidas no proxecto e no prego de prescricións técnicas, sen que aquelas poidan alterar a natureza das ditas prestacións nin do obxecto do contrato.

As melloras propostas polo adxudicatario pasarán a formar parte do contrato e non poderán ser obxecto de modificación.

#### Artigo 146. *Aplicación dos criterios de adxudicación.*

1. Sen prexuízo do disposto nos puntos primeiro e terceiro do artigo anterior, cando só se utilice un criterio de adxudicación, este deberá estar relacionado cos custos, e poderá ser o prezo ou un criterio baseado na rendibilidade, como o custo do ciclo de vida calculado de acordo co indicado no artigo 148.

2. Cando se utilice unha pluralidade de criterios de adxudicación, na súa determinación, sempre e cando sexa posible, darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

A aplicación dos criterios de adxudicación efectuarana os seguintes órganos:

a) Nos procedementos de adxudicación, aberto ou restrinxido, realizados polos órganos das administracións públicas, a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor corresponderá, nos casos en que proceda por ter atribuída unha ponderación maior que a correspondente aos criterios avaliábeis de forma automática, a un comité formado por expertos con cualificación apropiada, que conte cun mínimo de tres membros, que poderán pertencer aos servizos dependentes do órgano de contratación, pero en ningún caso poderán estar adscritos ao órgano propoñente do contrato, ao cal corresponderá realizar a avaliación das ofertas. Tamén se poderá encomendar esta a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.

b) Nos restantes supostos, a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, así como, en todo caso, a dos criterios avaliábeis mediante a utilización de fórmulas, efectuaraa a mesa de contratación, se intervén, ou os servizos dependentes do órgano de contratación en caso contrario, para cuxo efecto poderán solicitar informes técnicos que consideren precisos, de conformidade co previsto nos artigos 150.1 e 157.5 da presente lei.

A elección das fórmulas terase que xustificar no expediente.

En todo caso, a avaliación das ofertas conforme os criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a daqueloutros criterios en que non concorra esta circunstancia, do cal se deixará constancia documental.

A citada avaliación previa farase pública no acto en que se abra o sobre que conteña os elementos da oferta que se valorarán mediante a mera aplicación de fórmulas.

Cando nos contratos de concesión de obras ou de concesión de servizos se prevexa a posibilidade de que se efectúen achegas públicas á construción ou explotación, así como calquera tipo de garantías, avais ou outro tipo de axudas á empresa, en todo caso figurará como un criterio de adxudicación avaliable de forma automática a contía da redución que oferten os licitadores sobre as achegas previstas no expediente de contratación.

3. Salvo cando se tome en consideración o prezo exclusivamente, deberase precisar no prego de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo a ponderación relativa atribuída a cada un dos criterios de valoración, que se poderá expresar fixando unha banda de valores cunha amplitude máxima adecuada.

No caso de que o procedemento de adxudicación se articule en varias fases, indicárase igualmente en cales delas se irán aplicando os distintos criterios e establecerase un limiar mínimo do 50 por cento da puntuación no conxunto dos criterios cualitativos para continuar no proceso selectivo.

Cando, por razóns obxectivas debidamente xustificadas, non sexa posible ponderar os criterios elixidos, estes enumeraranse por orde decrecente de importancia.

#### Artigo 147. *Criterios de desempate.*

1. Os órganos de contratación poderán establecer nos pregos de cláusulas administrativas particulares criterios de adxudicación específicos para o desempate nos casos en que, tras a aplicación dos criterios de adxudicación, se produza un empate entre dúas ou máis ofertas.

Os ditos criterios de adxudicación específicos para o desempate deberán estar vinculados ao obxecto do contrato e referiranse a:

a) Proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento do vencemento do prazo de presentación de ofertas, teñan no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior á que lles impoña a normativa.

Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que empatasen en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior á que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

b) Proposicións de empresas de inserción reguladas na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, que cumpran cos requisitos establecidos na dita normativa para ter esta consideración.

c) Na adxudicación dos contratos relativos a prestacións de carácter social ou asistencial, proposicións presentadas por entidades sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, sempre que a súa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos respectivos estatutos ou regras fundacionais e figuren inscritas no correspondente rexistro oficial.

d) Ofertas de entidades recoñecidas como organizacións de comercio xusto para a adxudicación dos contratos que teñan como obxecto produtos en que exista alternativa de comercio xusto.

e) Proposicións presentadas polas empresas que, no momento do vencemento do prazo de presentación de ofertas, inclúan medidas de carácter social e laboral que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente punto será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

2. En defecto da previsión nos pregos a que se refire o punto anterior, o empate entre varias ofertas tras a aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal de cada unha das empresas; primará, en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade no cadro de persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no cadro de persoal.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal de cada unha das empresas.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal de cada unha das empresas.
- d) Sorteio, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

Artigo 148. *Definición e cálculo do ciclo de vida.*

1. Para os efectos desta lei, entenderanse comprendidos dentro do «ciclo de vida» dun produto, obra ou servizo todas as fases consecutivas ou interrelacionadas que se sucedan durante a súa existencia e, en todo caso, a investigación e o desenvolvemento que deba levar a cabo, a fabricación ou produción, a comercialización e as condicións en que esta teña lugar, o transporte, a utilización e o mantemento, a adquisición das materias primas necesarias e a xeración de recursos; todo iso ata que se produza a eliminación, o desmantelamento ou o final da utilización.

2. O cálculo de custo do ciclo de vida incluirá, segundo o caso, a totalidade ou unha parte dos custos seguintes en que se incorrese ao longo do ciclo de vida dun produto, dun servizo ou dunha obra:

- a) Os custos sufragados polo órgano de contratación ou por outros usuarios, tales como:
  - 1.º Os custos relativos á adquisición.
  - 2.º Os custos de utilización, como o consumo de enerxía e outros recursos.
  - 3.º Os custos de mantemento.
  - 4.º Os custos de final de vida, como os custos de recollida e reciclaxe.
- b) Os custos imputados a externalidades ambientais vinculadas ao produto, servizo ou obra durante o seu ciclo de vida, coa condición de que o seu valor monetario se poida determinar e verificar; estes custos poderán incluír o custo das emisións de gases de efecto invernadoiro e doutras emisións contaminantes, así como outros custos de mitigación do cambio climático.

Nos casos en que unha norma da Unión Europea faga obrigatorio un método común para calcular os custos do ciclo de vida, aplicarase este á avaliación dos citados custos.

3. Cando os órganos de contratación avalíen os custos mediante unha formulación baseada no cálculo do custo do ciclo de vida, indicarán nos pregos os datos que deben facilitar os licitadores, así como o método que aqueles utilizarán para determinar os custos do ciclo de vida sobre a base dos ditos datos.

O método utilizado para avaliar os custos imputados a externalidades ambientais cumprirá todas as condicións seguintes:

a) Estar baseado en criterios verificables obxectivamente e non discriminatorios; en particular, se non se estableceu para unha aplicación repetida ou continuada, non favorecerá ou prexudicará indebidamente empresas determinadas.

b) Ser accesible para todas as partes interesadas.

c) A información necesaria debe poder ser facilitada cun esforzo razoable por parte das empresas, incluídas aquelas procedentes de Estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial de Comercio ou doutros Estados signatarios dalgún outro acordo internacional que vincule España ou a Unión Europea.

4. Os órganos de contratación calcularán os custos a que se refiren os puntos primeiro e segundo do artigo 145 atendendo, preferentemente, ao custo do ciclo de vida.

#### Artigo 149. *Ofertas anormalmente baixas.*

1. Nos casos en que o órgano de contratación presuma que unha oferta resulta inviable por ser formulada en termos que a fan anormalmente baixa, só a poderá excluír do procedemento de licitación logo de tramitar o procedemento que establece este artigo.

2. A mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación deberá identificar as ofertas que se encontran incursas en presunción de anormalidade, e deberá recoller nos pregos, para estes efectos, os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta se considere anormal.

A mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación realizará a función descrita no parágrafo anterior con suxeición aos seguintes criterios:

a) Salvo que nos pregos se establecese outra cousa, cando o único criterio de adxudicación sexa o do prezo, na falta de previsión naqueles aplicaranse os parámetros obxectivos que se establezan regulamentariamente e que, en todo caso, determinarán o limiar de anormalidade por referencia ao conxunto de ofertas válidas que se presentaron, sen prexuízo do establecido no punto seguinte.

b) Cando se utilice unha pluralidade de criterios de adxudicación, observarase o establecido nos pregos que rexen o contrato, nos cales se deben establecer os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta se considere anormal, referidos á oferta considerada no seu conxunto.

3. Cando presentasen ofertas empresas que pertencen a un mesmo grupo, no sentido do artigo 42.1 do Código de comercio, para aplicar o réxime de identificación das ofertas incursas en presunción de anormalidade tomarase unicamente aquela que sexa máis baixa, e iso con independencia de que presenten a súa oferta en solitario ou conxuntamente con outra empresa ou empresas alleas ao grupo e coas cales concorran en unión temporal.

4. Cando a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación identifique unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, deberá requirir o licitador ou licitadores que as presentasen e darlles prazo suficiente para que xustifiquen e desagreguen, razoada e detalladamente, o baixo nivel dos prezos, ou dos custos, ou calquera outro parámetro con base no cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

A petición de información que a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación dirixa ao licitador deberase formular con claridade, de maneira que estes estean en condicións de xustificar, plena e oportunamente, a viabilidade da oferta.

Concretamente, a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou dos seus custos e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.

- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras,
- c) A innovación e a orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, pois non serán xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.
- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento deberase solicitar o asesoramento técnico do servizo correspondente.

En todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluído o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201.

Entenderase, en todo caso, que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

5. Nos casos en que se comprobe que unha oferta é anormalmente baixa debido a que o licitador obtivo unha axuda de Estado, só se poderá rexeitar a proposición por esta única causa se aquel non pode acreditar que tal axuda se concedeu sen contravir as disposicións comunitarias en materia de axudas públicas. O órgano de contratación que rexeite unha oferta por esta razón deberá informar diso a Comisión Europea, cando o procedemento de adxudicación se refira a un contrato suxeito a regulación harmonizada.

6. A mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación avaliará toda a información e documentación proporcionada polo licitador en prazo e, no caso de que se trate da mesa de contratación, elevará de forma motivada a correspondente proposta de aceptación ou rexeitamento ao órgano de contratación. En ningún caso se acordará a aceptación dunha oferta sen que a proposta da mesa de contratación neste sentido estea debidamente motivada.

Se o órgano de contratación, tendo en conta a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no número catro, considera que a información solicitada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, por tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme o sinalado no número 1 do artigo 150. En xeral, rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica ou xurídica.

7. Cando unha empresa que estivese incursa en presunción de anormalidade resultase adxudicataria do contrato, o órgano de contratación establecerá mecanismos adecuados para realizar un seguimento pormenorizado da súa execución, co obxectivo de garantir a correcta execución do contrato sen que se produza unha diminución na calidade dos servizos, obras ou subministracións contratados.

#### Artigo 150. *Clasificación das ofertas e adxudicación do contrato.*

1. A mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas para, posteriormente, elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación, no caso de que a clasificación a realice a mesa de contratación.

Para realizar a citada clasificación atenderase aos criterios de adxudicación sinalados no prego, para o que se poderán solicitar cantos informes técnicos se consideren

pertinentes. Cando o único criterio que se vaia considerar sexa o prezo, entenderase que a mellor oferta é a que incorpora o prezo máis baixo.

Se no exercicio das súas funcións a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación ten indicios fundados de condutas colusorias no procedemento de contratación, no sentido definido no artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, trasladaraos, con carácter previo á adxudicación do contrato, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou, de ser o caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente, para os efectos de que a través dun procedemento sumarísimo se pronuncie sobre aqueles. A remisión dos ditos indicios terá efectos suspensivos no procedemento de contratación. Se a remisión a realiza a mesa de contratación, dará conta diso ao órgano de contratación. Establecerase regulamentariamente o procedemento a que se refire o presente parágrafo.

2. Unha vez que o órgano de contratación acepte a proposta da mesa, os servizos correspondentes requirirán o licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias a que se refiren as letras a) a c) do número 1 do artigo 140 se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do número 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos.

De non se cumprir adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, polo que se lle exixirá o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra a) do número 2 do artigo 71.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, solicitaráselle a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

3. O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da recepción da documentación. Nos procedementos negociados, de diálogo competitivo e de asociación para a innovación, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

Non se poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

4. Se, como consecuencia do contido da resolución dun recurso especial do artigo 44, é preciso que o órgano de contratación acorde a adxudicación do contrato a outro licitador, concederáselle a este un prazo de dez días hábiles para que cumpra cos trámites que resulten oportunos.

#### Artigo 151. *Resolución e notificación da adxudicación.*

1. A resolución de adxudicación deberá ser motivada, notificaráselle aos candidatos e licitadores e deberá ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

2. Sen prexuízo do establecido no número 1 do artigo 155, a notificación e a publicidade a que se refire o número anterior deberán conter a información necesaria que lles permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación e, entre ela, en todo caso, deberá figurar a seguinte:

a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas cales se desestimou a súa candidatura.

b) Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, os motivos polos cales non se admitiu a súa oferta, incluídos, nos casos recollidos no artigo

126, números 7 e 8, os motivos da decisión de non equivalencia ou da decisión de que as obras, as subministracións ou os servizos non se axustan aos requisitos de rendemento ou ás exixencias funcionais, e unha desagregación das valoracións asignadas aos distintos licitadores, incluído o adxudicatario.

c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e as vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia respecto das que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas e, de ser o caso, o desenvolvemento das negociacións ou o diálogo cos licitadores.

Na notificación indicárase o prazo en que se debe formalizar o contrato, conforme o número 3 do artigo 153 da presente lei.

3. A notificación realizarase por medios electrónicos de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta.

*Artigo 152. Decisión de non adxudicar ou subscribir o contrato e desistencia do procedemento de adxudicación por parte da Administración.*

1. No caso de que o órgano de contratación desista do procedemento de adxudicación ou decida non adxudicar ou subscribir un contrato para o cal se efectuou a correspondente convocatoria, notificarállelo aos candidatos ou licitadores, e informará tamén a Comisión Europea desta decisión cando o contrato fose anunciado no «Diario Oficial de la Unión Europea».

2. A decisión de non adxudicar ou subscribir o contrato ou a desistencia do procedemento poderaas acordar o órgano de contratación antes da formalización. Nestes casos compensarase os candidatos aptos para participar na licitación ou licitadores polos gastos en que incorresen na forma prevista no anuncio ou no prego ou, na súa falta, de acordo cos criterios de valoración empregados para calcular a responsabilidade patrimonial da Administración, a través dos trámites do procedemento administrativo común.

3. Só se poderá adoptar a decisión de non adxudicar ou subscribir o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso, non se poderá promover unha nova licitación do seu obxecto mentres subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión.

4. A desistencia do procedemento deberá estar fundada nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, e deberase xustificar no expediente a concorrencia da causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun procedemento de licitación.

5. No suposto de acordos marco, a desistencia e a decisión de non adxudicalos ou realízalos corresponde ao órgano de contratación que iniciou o procedemento para a súa realización. No caso de contratos baseados nun acordo marco e no de contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, a desistencia e a decisión de non adxudicalos ou subscribilos realizaraa o órgano de contratación de oficio ou por proposta do organismo destinatario da prestación.

*Artigo 153. Formalización dos contratos.*

1. Os contratos que subscriban as administracións públicas deberanse formalizar en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación. O dito documento constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Con todo, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, e serán pola súa conta os correspondentes gastos. En ningún caso se poderán incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

Nos contratos baseados nun acordo marco ou nos contratos específicos dentro dun sistema dinámico de adquisición non resultará necesaria a formalización do contrato.

2. No caso dos contratos menores definidos no artigo 118 acreditarase a súa existencia cos documentos a que se refire o dito artigo.

3. Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 44, a formalización non se poderá efectuar antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. As comunidades autónomas poderán incrementar este prazo, sen que exceda un mes.

Os servizos dependentes do órgano de contratación requirirán o adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que implique a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para resolver o recurso levantase a suspensión.

Nos restantes casos, a formalización do contrato deberase efectuar non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.

4. Cando, por causas imputables ao adxudicatario, non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, exixíraselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíse, sen prexuízo do establecido na letra b) do número 2 do artigo 71.

Neste caso, o contrato adxudicarase ao seguinte licitador pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, logo de presentación da documentación establecida no número 2 do artigo 150 da presente lei, e resultarán de aplicación os prazos establecidos no número anterior.

5. Se as causas da non formalización foren imputables á Administración, será indemnizado o contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

6. Sen prexuízo do establecido nos artigos 36.1 e 131.3 para os contratos menores, e no artigo 36.3 para os contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, e salvo que a tramitación do expediente de contratación sexa por emerxencia de acordo co previsto no artigo 120, non se poderá executar o contrato con carácter previo á súa formalización.

#### Artigo 154. *Anuncio de formalización dos contratos.*

1. A formalización dos contratos deberase publicar, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tras o seu perfeccionamento, no perfil de contratante do órgano de contratación. Cando o contrato estea suxeito a regulación harmonizada, o anuncio de formalización deberase publicar, ademais, no «Diario Oficial de la Unión Europea».

2. Nos contratos subscritos pola Administración xeral do Estado ou polas entidades vinculadas a ela que gocen da natureza de administracións públicas, o anuncio de formalización publicarase ademais, no prazo sinalado no número anterior, no «Boletín Oficial del Estado».

3. O órgano de contratación, cando cumpra, enviará o anuncio de formalización ao «Diario Oficial de la Unión Europea» como moi tarde 10 días despois da formalización do contrato.

Os anuncios de formalización non se publicarán nos lugares indicados nos puntos primeiro e segundo do presente artigo antes da súa publicación no «Diario Oficial de la Unión Europea», no caso de que deban ser publicados no dito diario oficial, e deberase indicar a data daquel envío, da cal os servizos dependentes do órgano de contratación deixarán proba suficiente no expediente, e non poderán conter indicacións distintas ás incluídas no dito anuncio. Con todo, poderanse publicar, en todo caso, se o órgano de contratación non recibiu notificación da súa publicación ás 48 horas da confirmación da recepción do anuncio enviado.

4. A adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco ou dos contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, xa perfeccionados en virtude



do establecido no artigo 36.3, publicaraa trimestralmente o órgano de contratación dentro dos 30 días seguintes á fin de cada trimestre, na forma prevista no presente artigo.

5. Os contratos menores serán obxecto de publicación nas condicións establecidas no número 4 do artigo 63.

6. Os anuncios de formalización de contratos conterán a información recollida no anexo III.

7. Poderán non publicarse determinados datos relativos á subscrición do contrato cando se considere, o que se xustificará debidamente no expediente, que a divulgación desa información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, ou cando se trate de contratos declarados secretos ou reservados ou cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguranza especiais conforme a lexislación vixente, ou cando o exixa a protección dos intereses esenciais da seguranza do Estado e así se declarase de conformidade co previsto na letra c) do número 2 do artigo 19.

En todo caso, logo da decisión de non publicar uns determinados datos relativos á subscrición do contrato, os órganos de contratación deberán solicitar que emita informe o Consello de Transparencia e Bo Goberno a que se refire a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no cal se aprecie se o dereito de acceso á información pública prevalece ou non fronte aos bens que se pretenden salvagardar coa súa non publicación, que será emitido nun prazo máximo de dez días.

Non obstante o anterior, non se requirirá o dito informe do Consello de Transparencia e Bo Goberno no caso de que, con anterioridade, o órgano de contratación efectuase consulta sobre unha materia idéntica ou análoga, sen prexuízo da xustificación debida da súa exclusión no expediente nos termos establecidos neste número.

#### Artigo 155. *Comunicación aos candidatos e aos licitadores.*

1. Os órganos de contratación informarán cada candidato e licitador no prazo máis breve posible das decisións tomadas en relación coa realización dun acordo marco, coa adxudicación do contrato ou coa admisión a un sistema dinámico de adquisición, incluídos os motivos polos cales decidisen non realizar un acordo marco, non adxudicar un contrato para o cal se efectuase unha convocatoria de licitación ou volver iniciar o procedemento, ou non aplicar un sistema dinámico de adquisición.

2. Por petición do candidato ou licitador de que se trate, os órganos de contratación comunicarán, canto antes e, en calquera caso, nun prazo de quince días a partir da recepción dunha solicitude por escrito:

a) A todos os candidatos descartados, os motivos polos cales se desestimou a súa candidatura.

b) A todos os licitadores descartados, os motivos polos cales se desestimou a súa oferta, incluídos, nos casos recollidos no artigo 126, números 7 e 8, os motivos da súa decisión de non equivalencia ou da súa decisión de que as obras, as subministracións ou os servizos non se axustan aos requisitos de rendemento ou ás exixencias funcionais.

c) A todo licitador que presentase unha oferta admisible, as características e vantaxes relativas da oferta seleccionada, así como o nome do adxudicatario ou as partes no acordo marco.

d) A todo licitador que presentase unha oferta admisible, o desenvolvemento das negociacións e o diálogo cos licitadores.

3. Os poderes adxudicadores poderán decidir non comunicar determinados datos, mencionados nos números 1 e 2, relativos á adxudicación do contrato, á realización de acordos marco ou á admisión a un sistema dinámico de adquisición, cando a súa divulgación puidese obstaculizar a aplicación da lei, ser contraria ao interese público,

prexudicar os intereses comerciais lexítimos dunha determinada empresa, pública ou privada, ou prexudicar a competencia leal entre empresarios.

#### Subsección 2.<sup>a</sup> Procedemento aberto

Artigo 156. *Delimitación, prazos para presentar proposicións e prazo de publicación do anuncio de licitación.*

1. No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, pero queda excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

2. En procedementos abertos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada, o prazo de presentación de proposicións non será inferior a trinta e cinco días, para os contratos de obras, subministracións e servizos, e a trinta días para as concesións de obras e servizos, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

3. Nos contratos de obras, subministracións e servizos, o prazo xeral previsto no número anterior poderase reducir nos seguintes casos:

a) Se o órgano de contratación enviase un anuncio de información previa, o prazo xeral de presentación de proposicións poderase reducir a quince días. Esta redución do prazo só será admisible cando o anuncio voluntario de información previa se enviou para a súa publicación cunha antelación máxima de doce meses e mínima de trinta e cinco días antes da data de envío do anuncio de licitación, sempre que nel se incluíse, de estar dispoñible, toda a información exixida para el.

b) Cando o prazo xeral de presentación de proposicións sexa impracticable por tratarse dunha situación de urxencia, nos termos descritos no artigo 119, o órgano de contratación poderá fixar outro prazo, que non será inferior a quince días contados desde a data do envío do anuncio de licitación.

c) Se o órgano de contratación acepta a presentación de ofertas por medios electrónicos, poderase reducir o prazo xeral de presentación de proposicións en cinco días.

4. Nas concesións de obras e de servizos só se poderá reducir o prazo xeral cando se dea a circunstancia establecida na letra c) do número anterior.

5. Sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 135 respecto da obrigaçión de publicar previamente no «Diario Oficial de la Unión Europea», nos procedementos abertos a publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante deberase facer, en todo caso, cunha antelación mínima equivalente ao prazo fixado para presentar as proposicións no número seguinte.

6. Nos contratos das administracións públicas que non estean suxeitos a regulación harmonizada, o prazo para presentar proposicións non será inferior a quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil de contratante. Nos contratos de obras e de concesión de obras e concesión de servizos, o prazo será, como mínimo, de vinte e seis días.

Artigo 157. *Exame das proposicións e proposta de adxudicación.*

1. A mesa de contratación cualificará a documentación a que se refire o artigo 140, que deberán presentar os licitadores en sobre ou arquivo electrónico distinto ao que conteña a proposición.

Posteriormente, o mesmo órgano abrirá e examinará as proposicións, e formulará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que se deban aplicar para efectuar a selección do adxudicatario.

2. Cando, de conformidade co establecido no artigo 145, se utilice unha pluralidade de criterios de adxudicación, os licitadores deberán presentar a proposición en dous sobres ou arquivos electrónicos: un coa documentación que deba ser valorada conforme os criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor, e o outro coa documentación

que deba ser valorada conforme criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas.

3. En todo caso, a apertura das proposicións deberase efectuar no prazo máximo de vinte días contado desde a data de finalización do prazo para presentalas.

Se a proposición está contida en máis dun sobre ou arquivo electrónico, de tal forma que estes se deban abrir en varios actos independentes, o prazo anterior entenderase cumprido cando se abra, dentro deste, o primeiro dos sobres ou arquivos electrónicos que compoñen a proposición.

4. En todo caso, a apertura da oferta económica realizarase en acto público, salvo cando se prevea que na licitación se poidan empregar medios electrónicos.

5. Cando para a valoración das proposicións se deban ter en conta criterios distintos ao do prezo, o órgano competente para iso poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderanse solicitar estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

Tamén se poderán requirir informes ás organizacións sociais de usuarios destinatarios da prestación, ás organizacións representativas do ámbito de actividade a que corresponda o obxecto do contrato, ás organizacións sindicais, ás organizacións que defendan a igualdade de xénero e a outras organizacións para verificar as consideracións sociais e ambientais.

6. A proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto fronte á Administración. Con todo, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada, deberá motivar a súa decisión.

#### Artigo 158. *Adxudicación.*

1. Cando o único criterio para seleccionar o adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberase efectuar no prazo máximo de quince días contados desde o seguinte ao de apertura das proposicións.

2. Cando para adxudicar o contrato se deba ter en conta unha pluralidade de criterios ou, utilizándose un único criterio, sexa este o do menor custo do ciclo de vida, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses contados desde a apertura das proposicións, salvo que se estableza outro no prego de cláusulas administrativas particulares.

Se a proposición está contida en máis dun sobre ou arquivo electrónico, de tal forma que estes se deban abrir en varios actos independentes, o prazo anterior computará desde o primeiro acto de apertura do sobre ou arquivo electrónico que conteña unha parte da proposición.

3. Os prazos indicados nos números anteriores ampliaranse en quince días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o número 4 do artigo 149 da presente lei.

4. De non se producir a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición e á devolución da garantía provisional, de existir esta.

#### Artigo 159. *Procedemento aberto simplificado.*

1. Os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras, subministración e servizos cando se cumpran as dúas condicións seguintes:

a) Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 euros no caso de contratos de obras; no caso de contratos de subministración e de servizos, que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 100.000 euros.

b) Que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelos, a súa ponderación non supere o vinte e

cinco por cento do total, salvo no caso de que o contrato teña por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñaría e arquitectura, en que a súa ponderación non poderá superar o corenta e cinco por cento do total.

2. O anuncio de licitación do contrato unicamente precisará de publicación no perfil de contratante do órgano de contratación. Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta ten que estar dispoñible por medios electrónicos desde o día da publicación do anuncio no dito perfil de contratante.

3. O prazo para presentar proposicións non poderá ser inferior a quince días contados desde o seguinte ao da publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación. Nos contratos de obras o prazo será, como mínimo, de vinte días.

4. A tramitación do procedemento axustarase ás seguintes especialidades:

a) Todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou, cando cumpra, de conformidade co establecido no número 2 do artigo 96, no rexistro oficial da correspondente comunidade autónoma, na data final de presentación de ofertas, sempre que non se vexa limitada a concorrencia.

b) Non procederá a constitución de garantía provisional por parte dos licitadores.

c) As proposicións deberanse presentar, necesaria e unicamente, no rexistro indicado no anuncio de licitación.

A presentación da oferta exixirá a declaración responsable do asinante de que posúe a representación da sociedade que presenta a oferta; conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, de ser o caso, a clasificación correspondente; conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade; non está incurso en ningunha prohibición de contratar; e pronunciarase sobre a existencia do compromiso a que se refire o artigo 75.2. Para tales efectos, o modelo de oferta que figure como anexo ao prego recollerá esa declaración responsable.

Adicionalmente, no caso de que a empresa sexa estranxeira, a declaración responsable incluírá o sometemento ao foro español.

No suposto de que a oferta a presente unha unión temporal de empresarios, deberase achegar con ela o compromiso de constitución da unión.

d) A oferta presentarase nun único sobre nos supostos en que no procedemento non se recollan criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor. No caso contrario, a oferta presentarase en dous sobres.

A apertura dos sobres que conteñan a proposición farase pola orde que proceda de conformidade co establecido no artigo 145, en función do método aplicable para valorar os criterios de adxudicación establecidos nos pregos. A apertura faraa a mesa de contratación a que se refire o número 6 do artigo 326 da presente lei. En todo caso, será público o acto de apertura dos sobres que conteñan a parte da oferta avaliable a través de criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos. Para ese efecto, no modelo de oferta que figure como anexo ao prego conteranse estes aspectos.

e) Nos supostos en que no procedemento se recollan criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, a valoración das proposicións farana os servizos técnicos do órgano de contratación nun prazo non superior a sete días, e deberán ser suscritas polo técnico ou técnicos que realicen a valoración.

f) En todo caso, a valoración a que se refire a letra anterior deberá estar efectuada con anterioridade ao acto público de apertura do sobre que conteña a oferta avaliable a través de criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas. No dito acto público lerase o resultado daquela.

Tras o dito acto público, na mesma sesión, a mesa:

1.º Logo de exclusión, de ser o caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliará e clasificará as ofertas.

2.º Realizará a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.

3.º Comprobará no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, posúe a solvencia económica, financeira e técnica ou, de ser o caso, a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

4.º Requirirá a empresa que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constituía a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso a que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 76.2, e todo iso no prazo de 7 días hábiles contados desde o envío da comunicación.

No caso de que se presuma que a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación é anormalmente baixa por se daren os supostos previstos no artigo 149, a mesa, realizadas as actuacións recollidas nos ordinais 1.º e 2.º anteriores, seguirá o procedemento previsto no citado artigo, aínda que o prazo máximo para que o licitador xustifique a súa oferta non poderá superar os 5 días hábiles desde o envío da correspondente comunicación.

Presentada a garantía definitiva e, nos casos en que resulte preceptiva, logo de que a Intervención fiscalice o compromiso do gasto nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, nun prazo non superior a 5 días adxudicárase o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario e, unha vez adxudicado, formalizarase.

No caso de que no prazo outorgado para o efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, ao cal se lle outorgará o correspondente prazo para constituír a citada garantía definitiva.

No suposto de que o empresario teña que presentar calquera outra documentación que non estea inscrita no Rexistro de Licitadores, esta terase que achegar no prazo de 7 días hábiles establecido para presentar a garantía definitiva.

g) Nos casos en que á licitación se presenten empresarios estranxeiros dun Estado membro da Unión Europea ou signatario do Espazo Económico Europeo, a acreditación da súa capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións poderase realizar ben mediante consulta na correspondente lista oficial de operadores económicos autorizados dun Estado membro, ben mediante a achega da documentación acreditativa dos citados aspectos, que deberá presentar, neste último caso, no prazo concedido para presentar a garantía definitiva.

h) No non previsto neste artigo observaranse as normas xerais aplicables ao procedemento aberto.

5. Nos casos de declaración de urxencia do expediente de contratación en que o procedemento de adxudicación utilizado sexa o procedemento aberto simplificado regulado no presente artigo, non se producirá a redución de prazos a que se refire a letra b) do número 2 do artigo 119.

6. En contratos de obras de valor estimado inferior a 80.000 euros e en contratos de subministracións e de servizos de valor estimado inferior a 35.000 euros, excepto os que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, aos cales non será de aplicación este número, o procedemento aberto simplificado poderá seguir a seguinte tramitación:

a) O prazo para presentar proposicións non poderá ser inferior a dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante. Non obstante o anterior, cando se trate de compras correntes de bens dispoñibles no mercado, o prazo será de 5 días hábiles.

b) Eximiranse os licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

c) A oferta entregárase nun único sobre ou arquivo electrónico e avaliarase, en todo caso, conforme criterios de adxudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos.

d) A valoración das ofertas poderase efectuar automaticamente mediante dispositivos informáticos ou con colaboración dunha unidade técnica que auxilie o órgano de contratación.

Garantírase, mediante un dispositivo electrónico, que a apertura das proposicións non se realice ata que finalice o prazo para a súa presentación, polo que non se realizará acto público da súa apertura.

e) As ofertas presentadas e a documentación relativa á súa valoración serán accesibles de forma aberta por medios informáticos sen ningunha restrición desde o momento en que se notifique a adxudicación do contrato.

f) Non se requirirá a constitución de garantía definitiva.

g) A formalización do contrato poderase efectuar mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.

En todo o non previsto neste punto aplicarase a regulación xeral do procedemento aberto simplificado prevista neste artigo.

### Subsección 3.<sup>a</sup> Procedemento restrinxido

#### Artigo 160. *Caracterización.*

1. No procedemento restrinxido calquera empresa interesada poderá presentar unha solicitude de participación en resposta a unha convocatoria de licitación.

2. Só poderán presentar proposicións aqueles empresarios que, por solicitude súa e en atención á súa solvencia, seleccione o órgano de contratación.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares poderán establecer primas ou compensacións polos gastos en que incorran os licitadores ao presentar a súa oferta en contratos de servizos nos casos en que a súa presentación implique a realización de determinados desenvolvementos.

3. Neste procedemento estará prohibida toda negociación dos termos do contrato cos solicitantes ou candidatos.

4. Este procedemento é especialmente adecuado cando se trata de servizos intelectuais de especial complexidade, como é o caso dalgúns servizos de consultoría, de arquitectura ou de enxeñaría.

#### Artigo 161. *Solicitudes de participación.*

1. Nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada, o prazo para presentar as solicitudes de participación deberá ser o suficiente para o adecuado exame dos pregos e das circunstancias e condicións relevantes para executar o contrato, todo iso en atención ao alcance e á complexidade do contrato. En calquera caso, non poderá ser inferior a trinta días, contados a partir da data do envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

Cando o prazo xeral de presentación de solicitudes sexa impracticable por se tratar dunha situación de urxencia, nos termos descritos no artigo 119, o órgano de contratación para os contratos de obras, subministracións e servizos poderá fixar outro prazo, que non será inferior a quince días contados desde a data do envío do anuncio de licitación.

2. Sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 135 respecto da obriga de publicar en primeiro lugar no «Diario Oficial de la Unión Europea», nos procedementos restrinxidos a publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante deberase facer cunha antelación mínima equivalente ao prazo fixado para presentar as solicitudes de participación no punto seguinte.

3. Se se trata de contratos non suxeitos a regulación harmonizada, o prazo para presentar solicitudes de participación será, como mínimo, de quince días contados desde a publicación do anuncio de licitación.

4. Coas solicitudes de participación deberase xuntar a documentación a que se refire o artigo 140, con excepción do documento acreditativo da constitución da garantía provisional.

Artigo 162. *Selección de candidatos.*

1. Con carácter previo ao anuncio de licitación, o órgano de contratación deberá establecer os criterios obxectivos de solvencia, de entre os sinalados nos artigos 87 a 91, conforme os cales serán elixidos os candidatos que serán convidados a presentar proposicións.

2. O órgano de contratación sinalará o número mínimo de empresarios aos cales convidará a participar no procedemento, que non poderá ser inferior a cinco. Cando o número de candidatos que cumpran os criterios de selección sexa inferior a ese número mínimo, o órgano de contratación poderá continuar o procedemento con aqueles que reúnan as condicións exixidas, sen que poidan ser convidados empresarios que non solicitasen participar nel ou candidatos que non posúan esas condicións.

Se así o considera procedente, o órgano de contratación poderá igualmente fixar o número máximo de candidatos aos cales se convidará a presentar oferta.

En calquera caso, o número de candidatos convidados debe ser suficiente para garantir unha competencia efectiva.

3. Os criterios ou normas obxectivos e non discriminatorios conforme os cales serán seleccionados os candidatos, así como o número mínimo e, de ser o caso, o número máximo daqueles aos cales se convidará a presentar proposicións indicaranse no anuncio de licitación.

4. O órgano de contratación, unha vez comprobadas a personalidade e a solvencia dos solicitantes, seleccionará os que deban pasar á seguinte fase, aos cales convidará, simultaneamente e por escrito, a presentar as súas proposicións no prazo que proceda conforme o sinalado no artigo 164.

Artigo 163. *Contido das invitacións e información aos candidatos.*

1. As invitacións conterán unha referencia ao anuncio de licitación publicado e indicarán a data límite para recibir ofertas; o enderezo ao cal se deban enviar e a lingua ou linguas en que deban estar redactadas; os documentos que, de ser o caso, se deban achegar complementariamente; os criterios de adxudicación do contrato que se terán en conta e a súa ponderación relativa ou, de ser o caso, a orde decrecente de importancia atribuída a eles, se non figuran no anuncio de licitación; e o lugar, día e hora da apertura de proposicións.

2. A invitación aos candidatos conterá as indicacións pertinentes para permitir o acceso por medios electrónicos aos pregos e demais documentación complementaria.

Cando, conforme o disposto no número 2 do artigo 138, estea permitido dar acceso por medios non electrónicos aos pregos e demais documentación complementaria, a invitación indicará esta circunstancia e a forma en que a documentación será posta á disposición dos candidatos. Neste caso, se ademais a citada documentación consta en poder dunha entidade ou órgano distinto daquel que tramita o procedemento, a invitación precisará tamén a forma en que se pode solicitar a dita documentación e, de ser o caso, a data límite para iso, así como o importe e as modalidades de pagamento da cantidade que, de ser o caso, se deba aboar; os servizos competentes remitirán a dita documentación sen demora aos interesados tras a recepción da súa solicitude.

Artigo 164. *Proposicións.*

1. O prazo xeral de presentación de proposicións nos procedementos restrinxidos relativos a contratos suxeitos a regulación harmonizada será o suficiente para a adecuada elaboración das proposicións en función do alcance e da complexidade do contrato. En calquera caso, non será inferior a trinta días, contados a partir da data de envío da invitación escrita.

O prazo xeral previsto no parágrafo anterior poderase reducir nos seguintes casos:

- a) Se se enviou o anuncio de información previa, o prazo xeral poderase reducir a dez días. Esta redución do prazo só será admisible cando o anuncio de información previa se enviou con cumprimento dos requisitos que establece a letra a) do número 3 do artigo 156.
- b) Cando o prazo xeral de presentación de proposicións sexa impracticable por tratarse dunha situación de urxencia, nos termos descritos no artigo 119, o órgano de contratación poderá fixar outro prazo, que non será inferior a dez días contados desde a data do envío da invitación escrita.
- c) Se o órgano de contratación acepta a presentación de ofertas por medios electrónicos, poderase reducir o prazo xeral de presentación de proposicións en cinco días.

Nas concesións de obras e de servizos só se poderá reducir o prazo xeral cando se dea a circunstancia establecida na letra c) anterior.

2. Nos procedementos restrinxidos relativos a contratos non suxeitos a regulación harmonizada, o prazo para presentar proposicións non será inferior a dez días contados desde a data de envío da invitación.

#### Artigo 165. *Adxudicación.*

Na adxudicación do contrato será de aplicación o previsto nesta lei para o procedemento aberto, salvo o que se refire á necesidade de cualificar previamente a documentación a que se refire o artigo 140.

#### Subsección 4.<sup>a</sup> Procedementos con negociación

#### Artigo 166. *Caracterización e delimitación da materia obxecto de negociación.*

1. Nos procedementos con negociación a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras negociar as condicións do contrato cun ou varios candidatos.

2. No prego de cláusulas administrativas particulares determinaranse os aspectos económicos e técnicos que, de ser o caso, deban ser obxecto de negociación coas empresas; a descrición das necesidades dos órganos de contratación e das características exixidas para as subministracións, as obras ou os servizos que se deban contratar; o procedemento que se seguirá para negociar, que en todo momento garantirá a máxima transparencia da negociación, a publicidade desta e a non discriminación entre os licitadores que participen; os elementos da prestación obxecto do contrato que constitúen os requisitos mínimos que deben cumprir todas as ofertas; os criterios de adxudicación.

A información facilitada será o suficientemente precisa como para que os operadores económicos poidan identificar a natureza e o ámbito da contratación e decidir se solicitan participar no procedemento.

3. Os procedementos con negociación poderanse utilizar nos casos enumerados nos artigos 167 e 168. Salvo que se dean as circunstancias excepcionais que recolle o artigo 168, os órganos de contratación deberán publicar un anuncio de licitación.

#### Artigo 167. *Supostos de aplicación do procedemento de licitación con negociación.*

Os órganos de contratación poderán adxudicar contratos utilizando o procedemento de licitación con negociación nos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos cando se dea algunha das seguintes situacións:

- a) Cando para dar satisfacción ás necesidades do órgano de contratación resulte imprescindible que a prestación, tal e como está dispoñible no mercado, sexa obxecto dun traballo previo de deseño ou de adaptación por parte dos licitadores.
- b) Cando a prestación obxecto do contrato inclúa un proxecto ou solucións innovadoras.



c) Cando o contrato non se poida adjudicar sen negociacións previas debido a circunstancias específicas vinculadas á natureza, á complexidade ou á configuración xurídica ou financeira da prestación que constituía o seu obxecto, ou polos riscos inherentes a ela.

d) Cando o órgano de contratación non poida establecer coa suficiente precisión as especificacións técnicas por referencia a unha norma, avaliación técnica europea, especificación técnica común ou referencia técnica, nos termos establecidos nesta lei.

e) Cando nos procedementos abertos ou restrinxidos seguidos previamente só se presentasen ofertas irregulares ou inaceptables.

Consideraranse irregulares, en particular, as ofertas que non correspondan aos pregos da contratación, que se recibisen fóra de prazo, que mostren indicios de colusión ou corrupción ou que fosen consideradas anormalmente baixas polo órgano de contratación. Consideraranse inaceptables, en particular, as ofertas presentadas por licitadores que non posúan a cualificación requirida e as ofertas cuxo prezo supere o orzamento do órgano de contratación, tal como se determinou e documentou antes do inicio do procedemento de contratación.

f) Cando se trate de contratos de servizos sociais personálicos que teñan por unha das súas características determinantes o arraigamento da persoa na contorna de atención social, sempre que o obxecto do contrato consista en dotar de continuidade na atención as persoas que xa eran beneficiarias do dito servizo.

#### Artigo 168. *Supostos de aplicación do procedemento negociado sen publicidade.*

Os órganos de contratación poderán adjudicar contratos utilizando o procedemento negociado sen a publicación previa dun anuncio de licitación unicamente nos seguintes casos:

a) Nos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, nos casos en que:

1.º Non se presentase ningunha oferta; ningunha oferta adecuada; ningunha solicitude de participación; ou ningunha solicitude de participación adecuada en resposta a un procedemento aberto ou a un procedemento restrinxido, sempre que as condicións iniciais do contrato non se modifiquen substancialmente, sen que en ningún caso se poida incrementar o orzamento base de licitación nin modificar o sistema de retribución, e que se lle envíe un informe á Comisión Europea cando esta así o solicite.

Considerarase que unha oferta non é adecuada cando non sexa pertinente para o contrato, por resultar manifestamente insuficiente para satisfacer, sen cambios substanciais, as necesidades e os requisitos do órgano de contratación especificados nos pregos que rexen a contratación. Considerarase que unha solicitude de participación non é adecuada se o empresario de que se trate debe ser ou pode ser excluído en virtude dos motivos establecidos na presente lei ou non satisfai os criterios de selección establecidos polo órgano de contratación.

2.º Cando as obras, as subministracións ou os servizos só poidan ser encomendados a un empresario determinado, por algunha das seguintes razóns: que o contrato teña por obxecto a creación ou adquisición dunha obra de arte ou representación artística única non integrante do patrimonio histórico español; que non exista competencia por razóns técnicas; ou que proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.

A non existencia de competencia por razóns técnicas e a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial, só se aplicarán cando non exista unha alternativa ou substituto razoable e cando a ausencia de competencia non sexa consecuencia dunha configuración restritiva dos requisitos e criterios para adjudicar o contrato.

3.º Cando o contrato fose declarado secreto ou reservado, ou cando a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguranza especiais conforme a lexislación vixente,

ou cando o exixa a protección dos intereses esenciais da seguranza do Estado e así se declarase de conformidade co previsto na letra c) do número 2 do artigo 19.

b) Nos contratos de obras, subministracións e servizos, nos casos en que:

1.º Unha imperiosa urxencia resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables a el demande unha pronta execución do contrato que non se poida lograr mediante a aplicación da tramitación de urxencia regulada no artigo 119.

2.º Cando se dea a situación a que se refire a letra e) do artigo 167, sempre que na negociación sexan incluídos todos os licitadores que no procedemento antecedente presentasen ofertas conformes cos requisitos formais do procedemento de contratación, e sempre que as condicións iniciais do contrato non se modifiquen substancialmente, sen que en ningún caso se poida incrementar o prezo de licitación nin modificar o sistema de retribución.

c) Nos contratos de subministración, ademais, nos seguintes casos:

1.º Cando os produtos se fabriquen exclusivamente para fins de investigación, experimentación, estudo ou desenvolvemento; esta condición non se aplica á produción en serie destinada a establecer a viabilidade comercial do produto ou a recuperar os custos de investigación e desenvolvemento.

2.º Cando se trate de entregas adicionais efectuadas polo provedor inicial que constitúan ben unha reposición parcial de subministracións ou instalacións de uso corrente, ou ben unha ampliación das subministracións ou instalacións existentes, se o cambio de provedor obriga o órgano de contratación a adquirir material con características técnicas diferentes, dando lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso e de mantemento desproporcionadas. A duración de tales contratos non poderá, por regra xeral, ser superior a tres anos.

3.º Cando se trate da adquisición en mercados organizados ou bolsas de materias primas de subministracións que coticen neles.

4.º Cando se trate dunha subministración concertada en condicións especialmente vantaxosas cun provedor que cese definitivamente nas súas actividades comerciais, ou cos administradores dun concurso, ou a través dun acordo xudicial ou dun procedemento da mesma natureza.

d) Nos contratos de servizos, ademais, no caso de que o contrato en cuestión sexa a consecuencia dun concurso de proxectos e, conforme as normas aplicables, se deba adjudicar ao gañador. No caso de que existan varios gañadores, deberán ser convidados todos eles a participar nas negociacións.

Así mesmo, cando se trate dun servizo concertado en condicións especialmente vantaxosas cun provedor que cese definitivamente nas súas actividades comerciais, ou cos administradores dun concurso, ou a través dun acordo xudicial ou un procedemento da mesma natureza.

e) Nos contratos de obras e de servizos, ademais, cando as obras ou servizos que constitúan o seu obxecto consistan na repetición doutros similares adjudicados ao mesmo contratista mediante algún dos procedementos de licitación regulados nesta lei, logo da publicación do correspondente anuncio de licitación, sempre que se axusten a un proxecto base que fose obxecto do contrato inicial adjudicado polos ditos procedementos, que a posibilidade de facer uso deste procedemento estea indicada no anuncio de licitación do contrato inicial, que o importe das novas obras ou servizos se tivese en conta ao calcular o valor estimado do contrato inicial, e que non transcorresen máis de tres anos a partir da subscripción do contrato inicial. No proxecto base mencionáranse necesariamente o número de posibles obras ou servizos adicionais, así como as condicións en que estes serán adjudicados.

Artigo 169. *Tramitación do procedemento de licitación con negociación.*

1. Cando se acuda ao procedemento de licitación con negociación por concorrer as circunstancias previstas no artigo 167, o órgano de contratación, en todo caso, deberá publicar un anuncio de licitación na forma prevista no artigo 135.

2. Serán de aplicación á tramitación do procedemento de licitación con negociación as normas contidas no número 1 do artigo 160, e nos artigos 161, 162, 163 e 164.1 relativos ao procedemento restrinxido. Con todo, no caso de que se decida limitar o número de empresas ás cales se convidará a negociar, o órgano de contratación e os servizos dependentes del, en todo caso, deberanse asegurar de que o número mínimo de candidatos convidados será de tres. Cando o número de candidatos que cumpran cos criterios de selección sexa inferior a ese número mínimo, o órgano de contratación poderá continuar o procedemento con aqueles que reúnen as condicións exixidas, sen que poidan ser convidados empresarios que non solicitasen participar nel, ou candidatos que non posúan esas condicións.

3. Os órganos de contratación poderán articular o procedemento regulado no presente artigo en fases sucesivas, co fin de reducir progresivamente o número de ofertas que se van negociar mediante a aplicación dos criterios de adxudicación sinalados no anuncio de licitación ou no prego de cláusulas administrativas particulares, e indicarse neles se se vai facer uso desta facultade. O número de solucións que cheguen ata a fase final deberá ser o suficientemente amplo como para garantir unha competencia efectiva, sempre que se presentasen un número suficiente de solucións ou de candidatos adecuados.

4. Durante a negociación, as mesas de contratación e os órganos de contratación velarán por que todos os licitadores reciban igual trato. En particular, non facilitarán de forma discriminatoria información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto.

Os órganos de contratación informarán por escrito a todos os licitadores cuxas ofertas non fosen excluídas de todo cambio nas especificacións técnicas ou outra documentación da contratación que non estableza os requisitos mínimos a que se refire o artigo 166, e daránlles prazo suficiente para que presenten unha nova oferta revisada.

5. Os órganos de contratación, de ser o caso, a través dos servizos técnicos deles dependentes, negociarán cos licitadores as ofertas iniciais e todas as ofertas posteriores presentadas por estes, excepto as ofertas definitivas a que se refire o punto oitavo do presente artigo, que estes presentasen para mellorar o seu contido e para adaptalas aos requisitos indicados no prego de cláusulas administrativas particulares e no anuncio de licitación, de ser o caso, e nos posibles documentos complementarios, co fin de identificar a mellor oferta, de conformidade co previsto no artigo 145.

Non se negociarán os requisitos mínimos da prestación obxecto do contrato nin tampouco os criterios de adxudicación.

6. No expediente deberase deixar constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas, das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento e das vantaxes obtidas na negociación.

7. No curso do procedemento as mesas de contratación e os órganos de contratación cumprirán coa súa obriga de confidencialidade nos termos establecidos nesta lei, polo que non lles revelarán aos demais participantes os datos designados como confidenciais que lles comunicase un candidato ou licitador sen o consentimento previo deste. Este consentimento non poderá ter carácter xeral, senón que deberá especificar a que información se refire.

8. Cando o órgano de contratación decida concluír as negociacións, informará a todos os licitadores e establecerá un prazo común para presentar ofertas novas ou revisadas. A continuación, a mesa de contratación verificará que as ofertas definitivas se axustan aos requisitos mínimos e que cumpren todos os requisitos establecidos no prego; valorará estas conforme os criterios de adxudicación; elevará a correspondente proposta e o órgano de contratación adxudicará o contrato.

Artigo 170. *Especialidades na tramitación do procedemento negociado sen publicidade.*

1. Os órganos de contratación unicamente farán uso do procedemento negociado sen publicación previa dun anuncio de licitación cando se dea algunha das situacións que establece o artigo 168 e tramitarano conforme as normas que establece o artigo 169, en todo o que resulten de aplicación segundo o número de participantes que concorran en cada caso, con excepción do relativo á publicidade previa.

2. Cando unicamente participe un candidato, a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el nos termos que se sinalan no número 5 do artigo 169.

Artigo 171. *Información aos licitadores.*

Por petición do licitador que presentase unha oferta admisible, a mesa de contratación ou, na súa falta, os servizos dependentes do órgano de contratación comunicarán canto antes e, en todo caso, dentro dos quince días seguintes ao de recepción da solicitude por escrito daquel, o desenvolvemento das negociacións.

Non obstante o anterior, a mesa ou, na súa falta, o órgano de contratación poderán non comunicar determinados datos amparándose na excepción de confidencialidade contida no número 3 do artigo 155.

#### Subsección 5.<sup>a</sup> Diálogo competitivo

Artigo 172. *Caracterización.*

1. No diálogo competitivo, a mesa especial de diálogo competitivo dirixe un diálogo cos candidatos seleccionados, logo de solicitude destes, co fin de desenvolver unha ou varias solucións susceptibles de satisfaceren as súas necesidades e que servirán de base para que os candidatos elixidos presenten unha oferta.

2. Calquera empresa interesada poderá presentar unha solicitude de participación en resposta a un anuncio de licitación, proporcionando a información e documentación para a selección cualitativa que solicitase o órgano de contratación.

3. O procedemento de diálogo competitivo poderase utilizar nos casos enumerados no artigo 167 e deberase ver precedido da publicación dun anuncio de licitación.

4. O órgano de contratación poderá acordar no documento descritivo a aplicación do disposto nos números 4 e 5 do artigo 234 aos contratos que se adxudiquen mediante diálogo competitivo.

Artigo 173. *Primas ou compensacións.*

1. Co obxectivo de fomentar a participación das empresas que poidan ofrecer as solucións máis apropiadas e innovadoras, os órganos de contratación poderán establecer no documento descritivo primas ou compensacións para todos ou algúns dos participantes no diálogo.

No caso de que non se recoñezan primas ou compensacións para todos os participantes, estas recoñeceranse a aqueles que obtiveron os primeiros postos na orde de clasificación das ofertas. As cantidades que se fixen deberán ser suficientes para cumprir o obxectivo mencionado no parágrafo anterior.

2. No caso en que se recoñezan primas ou compensacións, no expediente de contratación deberase acreditar a cobertura financeira necesaria para facer fronte ao pagamento derivado delas.

3. O pagamento das cantidades a que se refire o primeiro punto deste artigo efectuarase de conformidade co establecido no artigo 198 e os prazos previstos nel contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a formalización do contrato.

Artigo 174. *Apertura do procedemento e solicitudes de participación.*

1. Os órganos de contratación darán a coñecer as súas necesidades e requisitos no anuncio de licitación e definiranos no dito anuncio ou nun documento descritivo, que non poderá ser modificado posteriormente. Ao mesmo tempo e nos mesmos documentos, os órganos de contratación tamén darán a coñecer e definirán os criterios de adxudicación elixidos e darán un prazo de execución aproximado.

2. Serán de aplicación neste procedemento as normas do procedemento restrinxido contidas no primeiro parágrafo do número 2 do artigo 160; no artigo 161, excepto o segundo parágrafo do seu punto primeiro; e nos números 1, 2, 3 e o relativo á selección dos solicitantes do número 4, todos eles do artigo 162. Con todo, no caso de que se decida limitar o número de empresas a que se convidará a dialogar, o órgano de contratación, en todo caso, deberá asegurarse de que o número mínimo de candidatos capacitados para executar o obxecto do contrato será de tres.

3. As invitacións para tomar parte no diálogo conterán unha referencia ao anuncio de licitación publicado e indicarán a data e o lugar de inicio da fase de consulta, a lingua ou linguas que se vaian utilizar, os documentos relativos ás condicións de aptitude que, de ser o caso, se deban achegar e a ponderación relativa dos criterios de adxudicación do contrato ou, de ser o caso, a orde decrecente de importancia dos ditos criterios.

A invitación aos candidatos conterá as indicacións pertinentes para permitir o acceso por medios electrónicos ao documento descritivo e demais documentación complementaria.

Cando, conforme o disposto no número 2 do artigo 138, estea permitido dar acceso por medios non electrónicos ao documento descritivo e demais documentación complementaria, a invitación indicará esta circunstancia e a forma en que a documentación se porá á disposición dos candidatos. Neste caso, se ademais a citada documentación consta en poder dunha entidade ou órgano distinto do que tramita o procedemento, a invitación precisará tamén a forma en que se pode solicitar a dita documentación e, de ser o caso, a data límite para iso, así como o importe e as modalidades de pagamento da cantidade que, de ser o caso, se deba aboar; os servizos competentes remitirán a dita documentación sen demora aos interesados tras recibir a súa solicitude.

Artigo 175. *Diálogo cos candidatos.*

1. A mesa especial do diálogo competitivo desenvolverá cos candidatos seleccionados un diálogo cuxo fin será determinar e definir os medios adecuados para satisfacer as súas necesidades. No transcurso deste diálogo, poderanse debater todos os aspectos do contrato cos candidatos seleccionados.

2. Durante o diálogo, a mesa dará un trato igual a todos os licitadores e, en particular, non facilitará de forma discriminatoria información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto.

A mesa non poderá revelar aos demais participantes as solucións propostas por un participante ou outros datos confidenciais que este lles comunique sen consentimento previo del, nos termos establecidos no número 7 do artigo 169.

3. O procedemento poderase articular en fases sucesivas, co fin de reducir progresivamente o número de solucións que se vaian examinar durante a fase de diálogo, mediante a aplicación dos criterios de adxudicación indicados no anuncio de licitación ou no documento descritivo, e indicaranse neles se se vai facer uso desta posibilidade.

O número de solucións que se examinen na fase final deberá ser o suficientemente amplo como para garantir unha competencia efectiva entre elas, sempre que se presentase un número suficiente de solucións ou de candidatos adecuados.

4. Por petición do licitador que fose descartado na fase de diálogo, a mesa informará canto antes, e en todo caso dentro dos quince días seguintes ao de recepción da solicitude por escrito daquel, do desenvolvemento do diálogo cos licitadores.

5. A mesa proseguirá o diálogo ata que estea en condicións de determinar, despois de comparalas, se é preciso, a solución ou solucións presentadas por cada un dos participantes durante a fase de diálogo que poidan responder ás súas necesidades.

Unha vez determinada a solución ou solucións que deba adoptar para a última fase do proceso de licitación o órgano de contratación, a mesa propondrá que se declare a fin do diálogo, así como as solucións que se deben adoptar, e serán convidados á fase final os participantes que presentasen as mellores solucións.

Tras declarar o órgano de contratación pechado o diálogo e informar diso a todos os participantes, a mesa convidará os participantes cuxas solucións fosen xa adoptadas a que presenten a súa oferta definitiva, baseada na súa solución ou solucións viables especificadas durante a fase de diálogo, con indicación da data límite, do enderezo a que se deba enviar e da lingua ou linguas en que se poden redactar.

Artigo 176. *Presentación, exame das ofertas e adxudicación.*

1. As ofertas deben incluír todos os elementos requiridos e necesarios para realizar o proxecto.

A mesa poderá solicitar precisións ou aclaracións sobre as ofertas presentadas, axustes nelas ou información complementaria relativa a elas, sempre que iso non supoña unha modificación dos elementos fundamentais da oferta ou da licitación pública, en particular das necesidades e dos requisitos establecidos no anuncio de licitación ou no documento descritivo, cando implique unha variación que poida falsear a competencia ou ter un efecto discriminatorio.

2. A mesa avaliará as ofertas presentadas polos licitadores en función dos criterios de adxudicación establecidos no anuncio de licitación ou no documento descritivo e seleccionará a oferta que presente a mellor relación calidade-prezo de acordo coa letra b) do número 3 do artigo 145.

3. A mesa poderá levar a cabo negociacións co licitador cuxa oferta se considere que presenta a mellor relación calidade-prezo de acordo coa letra b) do número 3 do artigo 145, co fin de confirmar compromisos financeiros ou outras condicións contidas na oferta, para o cal se ultimarán as condicións do contrato, sempre que con iso non se modifiquen elementos substanciais da oferta ou da licitación pública, en particular as necesidades e os requisitos establecidos no anuncio de licitación ou no documento descritivo, e non supoña un risco de falseamento da competencia nin teña un efecto discriminatorio.

4. Elevada a proposta, o órgano de contratación adxudicará o contrato.

Subsección 6.<sup>a</sup> Procedemento de asociación para a innovación

Artigo 177. *Caracterización do procedemento de asociación para a innovación.*

1. A asociación para a innovación é un procedemento que ten como finalidade o desenvolvemento de produtos, servizos ou obras innovadores e a compra ulterior das subministracións, servizos ou obras resultantes, sempre que correspondan aos niveis de rendemento e aos custos máximos acordados entre os órganos de contratación e os participantes.

Para ese efecto, nos pregos de cláusulas administrativas particulares o órgano de contratación determinará cal é a necesidade dun produto, servizo ou obra innovadores que non pode ser satisfeita mediante a adquisición de produtos, servizos ou obras xa dispoñibles no mercado. Indicará, así mesmo, que elementos da descrición constitúen os requisitos mínimos que deben cumprir todos os licitadores e definirá as disposicións aplicables aos dereitos de propiedade intelectual e industrial. A información facilitada será o suficientemente precisa como para que os empresarios poidan identificar a natureza e o ámbito da solución requirida e decidir se solicitan participar no procedemento.

2. O órgano de contratación poderá decidir crear a asociación para a innovación cun ou varios socios que efectúen por separado actividades de investigación e desenvolvemento.

O socio ou socios deberán ter sido previamente seleccionados na forma regulada nos artigos 178 e 179 desta lei.

3. Os contratos que se adxudiquen por este procedemento rexeranse:

a) Na fase de investigación e desenvolvemento, polas normas que se establezan regulamentariamente, así como polas prescricións contidas nos correspondentes pregos, e, supletoriamente, polas normas do contrato de servizos.

b) Na fase de execución das obras, servizos ou subministracións derivados deste procedemento, polas normas correspondentes ao contrato relativo á prestación de que se trate.

Artigo 178. *Selección de candidatos.*

1. Nas asociacións para a innovación, calquera empresario poderá presentar unha solicitude de participación en resposta a unha convocatoria de licitación, proporcionando a información sobre os criterios obxectivos de solvencia que solicitase o órgano de contratación.

2. O prazo mínimo para recibir as solicitudes de participación será de trinta días a partir da data de envío do anuncio de licitación, cando o contrato estea suxeito a regulación harmonizada. Noutro caso, o dito prazo non poderá ser inferior a vinte días contados desde a publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

3. Para os efectos de seleccionar os candidatos, os órganos de contratación aplicarán, en particular, criterios obxectivos de solvencia relativos á capacidade dos candidatos nos ámbitos da investigación e do desenvolvemento, así como na elaboración e aplicación de solucións innovadoras.

Só os empresarios que convide o órgano de contratación tras avaliar a información solicitada poderán presentar proxectos de investigación e innovación destinados a responder as necesidades sinaladas polo órgano de contratación que non se poidan satisfacer coas solucións existentes.

Os órganos de contratación poderán limitar o número de candidatos aptos que deban ser convidados a participar no procedemento, de conformidade co artigo 162.2. Será tres o número mínimo de empresarios que serán convidados a negociar.

Artigo 179. *Negociación e adxudicación da asociación.*

1. Concluída a selección dos candidatos, o órgano de contratación convidaraos a presentar os seus proxectos de investigación e innovación para responder ás necesidades que se deban cubrir.

2. Os contratos adxudicaranse unicamente conforme o criterio da mellor relación calidade-prezo, segundo o disposto no artigo 145.2.

3. Salvo que se dispoña doutro xeito, os órganos de contratación negociarán cos candidatos seleccionados as ofertas iniciais e todas as ofertas posteriores presentadas por eles, excepto a oferta definitiva, co fin de mellorar o seu contido.

Non se negociarán os requisitos mínimos nin os criterios de adxudicación.

4. As negociacións durante os procedementos das asociacións para a innovación poderanse desenvolver en fases sucesivas, co fin de reducir o número de ofertas que haxa que negociar, aplicando os criterios de adxudicación especificados nos pregos de cláusulas administrativas particulares e recollidos no anuncio de licitación. O órgano de contratación indicará claramente no anuncio de licitación e nos pregos de cláusulas administrativas particulares se vai facer uso desta opción.

5. Durante a negociación, os órganos de contratación velarán por que todos os licitadores reciban igual trato. Con ese fin, non facilitarán de forma discriminatoria información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto a outros. Informarán por escrito a todos os licitadores cuxas ofertas non fosen eliminadas de conformidade co número anterior de todo cambio nas especificacións técnicas ou noutros documentos da contratación que non sexa a que establece os requisitos mínimos. A raíz de tales cambios, os órganos de contratación daránlles aos licitadores tempo suficiente para que poidan modificar e volver presentar ofertas modificadas, segundo proceda.

6. Os órganos de contratación non revelarán aos demais participantes os datos confidenciais que lles fosen comunicados por un candidato ou licitador participante na negociación sen o acordo previo deste. Este acordo non poderá adoptar a forma dunha renuncia xeral, senón que se deberá referir á comunicación intencionada de información específica.

Artigo 180. *Estrutura da asociación para a innovación.*

1. A asociación para a innovación estruturarase en fases sucesivas seguindo a secuencia das etapas do proceso de investigación e innovación, que poderá incluír a fabricación dos produtos, a prestación dos servizos ou a realización das obras. A asociación para a innovación fixará uns obxectivos intermedios que deberán alcanzar os socios e proverá o pagamento da retribución en prazos adecuados.

Sobre a base deses obxectivos, o órgano de contratación poderá decidir, ao final de cada fase, resolver a asociación para a innovación ou, no caso dunha asociación para a innovación con varios socios, reducir o número de socios mediante a resolución dos contratos individuais, sempre que o órgano de contratación indicase nos pregos de cláusulas administrativas particulares que pode facer uso destas posibilidades e as condicións en que pode facelo.

En ningún caso, a resolución da asociación para a innovación ou a redución do número de candidatos participantes dará lugar a indemnización, sen prexuízo da contraprestación que, nas condicións establecidas no prego, corresponda polos traballos realizados.

2. No caso das asociacións para a innovación con varios socios, o órgano de contratación non revelará aos outros socios as solucións propostas ou outros datos confidenciais que comunique un socio no marco da asociación sen o acordo deste último. Este acordo non poderá adoptar a forma dunha renuncia xeral, senón que deberá referirse á comunicación intencionada de información específica.

Artigo 181. *Adquisicións derivadas do procedemento de asociación para a innovación.*

1. Finalizadas as fases de investigación e desenvolvemento, o órgano de contratación analizará se os seus resultados alcanzan niveis de rendemento e custos acordados e resolverá o procedemento sobre a adquisición das obras, servizos ou subministracións resultantes.

2. As adquisicións derivadas de asociacións para a innovación realizaranse nos termos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares. Cando a asociación se realice con varios empresarios, a selección do empresario ao cal se deban efectuar as ditas adquisicións realizarase sobre a base dos criterios obxectivos que se estableceron no prego.

3. No caso de que a adquisición das obras, servizos ou subministracións comporte a realización de prestacións sucesivas, aquela só se poderá levar a cabo durante un período máximo de catro anos a partir da recepción da resolución sobre a adquisición das obras, servizos ou subministracións a que se refire o número 1 do presente artigo.

Artigo 182. *Configuración e seguimento da asociación para a innovación por parte do órgano de contratación.*

O órgano de contratación velará por que a estrutura da asociación e, en particular, a duración e o valor das diferentes fases reflictan o grao de innovación da solución proposta e a secuencia das actividades de investigación e de innovación necesarias para o desenvolvemento dunha solución innovadora aínda non dispoñible no mercado. O valor estimado das subministracións, servizos ou obras non será desproporcionado con respecto ao investimento necesario para o seu desenvolvemento.



Subsección 7.<sup>a</sup> Normas especiais aplicables aos concursos de proxectosArtigo 183. *Ámbito de aplicación.*

1. Son concursos de proxectos os procedementos encamiñados a obter planos ou proxectos, principalmente nos campos da arquitectura, urbanismo, enxeñaría e procesamento de datos, a través dunha selección que, tras a correspondente licitación, se encomenda a un xurado.

2. As normas da presente sección aplicaranse aos concursos de proxectos que respondan a un dos tipos seguintes:

a) Concursos de proxectos organizados no marco dun procedemento de adxudicación dun contrato de servizos, nos cales eventualmente se poderán conceder premios ou pagamentos.

O contrato de servizos que resulte do concurso de proxectos, ademais, tamén poderá ter por obxecto a dirección facultativa das obras correspondentes, sempre que así se indique no anuncio de licitación do concurso.

b) Concursos de proxectos con premios ou pagamentos aos participantes.

3. Cando o obxecto do contrato de servizos que se vaia adxudicar se refira á redacción de proxectos arquitectónicos, de enxeñaría e urbanismo que revistan especial complexidade, e cando se contraten conxuntamente coa redacción dos proxectos anteriores, aos traballos complementarios e á dirección das obras, os órganos de contratación deberán aplicar as normas desta sección.

4. Considéranse suxeitos a regulación harmonizada os concursos de proxectos cuxo valor estimado sexa igual ou superior aos limiares fixados nas letras a) e b) do número 1 do artigo 22 en función do órgano que efectúe a convocatoria.

O valor estimado dos concursos de proxectos calcularase aplicando as seguintes regras aos supostos previstos no número 2 deste artigo: no caso da letra a), terase en conta o valor estimado do contrato de servizos e os eventuais premios ou pagamentos aos participantes; no caso previsto na letra b), terase en conta o importe total dos premios e pagamentos, e incluíndo o valor estimado do contrato de servizos que se puidese adxudicar ulteriormente conforme a letra d) do artigo 168, se o órgano de contratación advertise no anuncio de licitación da súa intención de adxudicar o dito contrato.

Artigo 184. *Bases do concurso.*

1. As normas relativas á organización dun concurso de proxectos estableceranse de conformidade co regulado na presente subsección e poranse á disposición de quen estea interesado en participar nel.

2. No caso de que se admitisen premios ou pagamentos, as bases do concurso deberán indicar, segundo o caso, a cantidade fixa que se aboará en concepto de premios ou ben en concepto de compensación polos gastos en que incorresen os participantes.

3. Nos concursos de proxectos, a valoración das propostas referirase á súa calidade e aos seus valores técnicos, funcionais, arquitectónicos, culturais e ambientais.

Artigo 185. *Participantes.*

1. O órgano de contratación poderá limitar o número de participantes no concurso de proxectos. Cando este sexa o caso, o concurso constará de dúas fases: na primeira o órgano de contratación seleccionará os participantes de entre os candidatos que presentasen a solicitude de participación, mediante a aplicación dos criterios a que se refire o número seguinte; e na segunda o órgano de contratación convidará simultaneamente e por escrito os candidatos seleccionados para que presenten as súas propostas de proxectos ante o órgano de contratación no prazo que proceda conforme o sinalado no artigo 136.

2. No caso de que se decida limitar o número de participantes, a selección destes deberase efectuar aplicando criterios obxectivos, claros e non discriminatorios, que deberán figurar nas bases do concurso e no anuncio de licitación, sen que o acceso á participación se poida limitar a un determinado ámbito territorial, ou a persoas físicas con exclusión das xurídicas ou á inversa. En calquera caso, ao fixar o número de candidatos invitados a participar, deberase ter en conta a necesidade de garantir unha competencia real.

3. A segunda fase a que se refire o número 1 deste artigo poderase realizar en dúas subfases sucesivas, co fin de reducir o número de concursantes.

Na primeira subfase serán convidados simultaneamente e por escrito os candidatos seleccionados para que presenten unha idea concisa acerca do obxecto do concurso, ante o órgano de contratación, no prazo que proceda de conformidade co disposto no artigo 136, que deberá ser valorada polo xurado conforme os criterios de adxudicación previamente establecidos de acordo co indicado no número anterior.

Nunha segunda subfase os participantes seleccionados serán invitados, tamén simultaneamente e por escrito, para que presenten as súas propostas de proxectos en desenvolvemento da idea inicial no prazo que proceda de acordo co indicado no artigo 136, que deberán ser valorados polo xurado de conformidade cos criterios de adxudicación que se establecesen previamente.

En calquera caso, o número de candidatos convidados deberá ser suficiente para garantir unha competencia real. O número mínimo de candidatos será de tres.

En todo caso, os participantes no concurso de proxectos cuxas ideas resultasen seleccionadas e, por tanto, superasen a primeira subfase, terán dereito a percibir a compensación económica polos gastos en que incorresen a que se refire o número 2 do artigo anterior.

Nos pregos, o órgano de contratación indicará se vai facer uso desta opción.

4. No caso de que o órgano de contratación se propoña adxudicar un contrato de servizos ulterior a un concurso de proxectos mediante un procedemento negociado sen publicidade, e se deba adxudicar, conforme as normas previstas no concurso de proxectos, ao gañador ou a un dos gañadores do concurso de proxectos, neste último caso, todos os gañadores do concurso deberán ser convidados a participar nas negociacións.

#### Artigo 186. *Publicidade.*

1. A licitación do concurso de proxectos publicarase na forma prevista no artigo 135 e nas demais disposicións desta lei que resulten de aplicación.

2. Cando o órgano de contratación se propoña adxudicar un contrato de servizos ulterior mediante un procedemento negociado sen publicidade, deberao indicar no anuncio de licitación do concurso.

3. Os resultados do concurso publicaranse na forma prevista no artigo 154. Con todo, o órgano de contratación poderá non publicar a información relativa ao resultado do concurso de proxectos cando prevexa que a súa divulgación dificultaría a aplicación da lei, sería contraria ao interese público, prexudicaría os intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou podería prexudicar a competencia leal entre provedores de servizos.

#### Artigo 187. *Xurado e decisión do concurso.*

1. Unha vez finalizado o prazo de presentación das propostas de proxectos, constituírase un xurado cuxos membros serán designados de conformidade co establecido nas bases do concurso.

Nos concursos de proxectos non haberá intervención da mesa de contratación. Todas aquelas funcións administrativas ou doutra índole non atribuídas especificamente ao xurado realizaranas os servizos dependentes do órgano de contratación.

2. O xurado estará composto por persoas físicas independentes dos participantes no concurso de proxectos.

3. Cando se exixa unha cualificación profesional específica para participar nun concurso de proxectos, polo menos dous terzos dos membros do xurado deberán posuír a dita cualificación ou outra equivalente.

4. O xurado adoptará as súas decisións ou ditames con total autonomía e independencia, sobre a base de proxectos que lle serán presentados de forma anónima, e atendendo unicamente aos criterios indicados no anuncio de licitación do concurso.

Para estes efectos, entenderase por proxectos presentados de forma anónima aqueles en que non só non figure o nome do seu autor, senón que ademais non conteñan datos ou indicios de calquera tipo que permitan coñecer indirectamente a identidade do autor ou autores.

5. O xurado fará constar nun informe, asinado polos seus membros, a clasificación dos proxectos, tendo en conta os méritos de cada proxecto, xunto coas súas observacións e calquera aspecto que requira aclaración, do cal se dará traslado ao órgano de contratación.

6. Deberase respectar o anonimato ata que o xurado emita o seu ditame ou decisión.

7. De ser necesario, os participantes poderán ser convidados a responder preguntas que o xurado inclúe na acta para aclarar calquera aspecto dos proxectos. Deberase levantar unha acta completa do diálogo entre os membros do xurado e os participantes.

8. Unha vez que o xurado adoptase unha decisión, dará traslado desta ao órgano de contratación para que este adxudique o concurso de proxectos ao participante indicado polo primeiro.

9. Os premios e os pagamentos que, de ser o caso, se establecesen nas bases do concurso aboaranse de conformidade co establecido no artigo 198 e os prazos fixados nel contarán a partir de que se notifique a adxudicación.

Para tales efectos, no expediente de gasto acreditarase a cobertura financeira necesaria para poder facer fronte aos ditos premios ou pagamentos.

10. No non previsto por esta subsección, o concurso dos proxectos rexeráse polas normas do procedemento restrinxido no caso de que se limite o número de participantes e, no caso contrario, do procedemento aberto, en todo aquilo en que non resulten incompatibles e, tamén, polas disposicións reguladoras da contratación de servizos.

11. As normas relativas aos concursos de proxectos previstas nesta subsección serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Dos efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos*

#### *Subsección 1.<sup>a</sup> Efectos dos contratos*

##### *Artigo 188. Réxime xurídico.*

Os efectos dos contratos administrativos rexeráse polas normas a que fai referencia o número 2 do artigo 25 e polos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, xerais e particulares, ou documento descritivo que os substitúa.

##### *Artigo 189. Vinculación ao contido contractual.*

Os contratos deberanse cumprir en función das súas cláusulas, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación en favor das administracións públicas.

#### *Subsección 2.<sup>a</sup> Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos*

##### *Artigo 190. Enumeración.*

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente lei, o órgano de contratación posúe a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do

contrato, suspender a súa execución, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Igualmente, o órgano de contratación posúe as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na presente lei para cada tipo de contrato. En ningún caso as ditas facultades de inspección poderán implicar un dereito xeral do órgano de contratación a inspeccionar as instalacións, oficinas e demais lugares en que o contratista desenvolva as súas actividades, salvo que tales lugares e as súas condicións técnicas sexan determinantes para o desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato. En tal caso, o órgano de contratación deberao xustificar de forma expresa e detallada no expediente administrativo.

#### Artigo 191. *Procedemento de exercicio.*

1. Nos procedementos que se instrúan para adoptar acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior deberase dar audiencia ao contratista.

2. Na Administración xeral do Estado, nos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais administracións públicas integrantes do sector público estatal, os acordos a que se refire o número anterior deberán ser adoptados logo de informe do servizo xurídico correspondente, salvo nos casos previstos nos artigos 109 e 195.

3. Non obstante o anterior, será preceptivo o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva nos casos e respecto dos contratos que se indican a continuación:

a) A interpretación, nulidade e resolución dos contratos, cando formule oposición o contratista.

b) As modificacións dos contratos cando non estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas particulares e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 euros.

c) As reclamacións dirixidas á Administración con fundamento na responsabilidade contractual en que esta puidese incorrer, nos casos en que as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 euros. Esta contía poderase rebaixar pola normativa da correspondente comunidade autónoma.

4. Os acordos que adopte o órgano de contratación porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

#### Subsección 3.<sup>a</sup> Execución dos contratos

#### Artigo 192. *Incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso.*

1. Os pregos ou o documento descritivo poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme o número 2 do artigo 76 e o número 1 do artigo 202. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o seu total poderá superar o 50 por cento do prezo do contrato.

2. Cando o contratista, por causas imputables a el, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, por resolvelo ou por impor as penalidades que, para tales supostos, se determinen no prego de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo.

3. Os pregos reguladores dos acordos marco poderán prever as penalidades establecidas no presente artigo en relación coas obrigacións derivadas do acordo marco e dos contratos baseados nel.

Artigo 193. *Demora na execución.*

1. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

2. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

3. Cando o contratista, por causas imputables a el, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, por resolver o contrato ou por impor as penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.

O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, se considere necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

4. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, IVE excluído, o órgano de contratación estará facultado para o resolver ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

5. A Administración terá as mesmas facultades a que se refiren os números anteriores respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se previse no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.

Artigo 194. *Danos e perdas e imposición de penalidades.*

1. Nos supostos de incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso ou de demora na execución en que non estea prevista penalidade ou en que, estándoo, non cubra os danos causados á Administración, esta exixirá ao contratista a indemnización por danos e perdas.

2. As penalidades previstas nos dous artigos anteriores imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se se designou, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíu, cando non se poidan deducir dos mencionados pagamentos.

Artigo 195. *Resolución por demora e ampliación do prazo de execución dos contratos.*

1. No suposto a que se refire o artigo 193, se a Administración opta pola resolución, esta deberaa acordar o órgano de contratación ou aquel que teña atribuída esta competencia nas comunidades autónomas, sen outro trámite preceptivo que a audiencia do contratista e, cando se formule oposición por parte deste, o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva.

2. Se o atraso se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o atraso se produciu por motivos imputables ao contratista.

Artigo 196. *Indemnización de danos e perdas causados a terceiros.*

1. Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

2. Cando tales danos e perdas fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no contrato de subministración de fabricación.

3. Os terceiros poderán requirir previamente o órgano de contratación, dentro do ano seguinte á produción do feito, para que, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción.

4. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme o procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Artigo 197. *Principio de risco e ventura.*

A execución do contrato realizarase por risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido para o contrato de obras no artigo 239.

Artigo 198. *Pagamento do prezo.*

1. O contratista terá dereito ao aboamento do prezo convido pola prestación realizada nos termos establecidos nesta lei e no contrato.

No suposto dos contratos baseados nun acordo marco e dos contratos específicos derivados dun sistema dinámico de contratación, o pagamento do prezo poderao facer o petionario.

2. O pagamento do prezo poderase facer de maneira total ou parcial, mediante aboamentos á conta ou, no caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pagamento en cada un dos vencementos que se estipularon.

Nos casos en que o importe acumulado dos aboamentos á conta sexa igual ou superior, con motivo do seguinte pagamento, ao 90 por cento do prezo do contrato, incluídas, de ser o caso, as modificacións aprobadas, ao expediente de pagamento que se tramite deberáselle xuntar, cando resulte preceptiva, a comunicación efectuada á intervención correspondente para a súa eventual asistencia á recepción no exercicio das súas funcións de comprobación material do investimento.

3. O contratista terá tamén dereito a percibir aboamentos á conta polo importe das operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no seu obxecto, nas condicións sinaladas nos respectivos pregos. Os referidos pagamentos deberanse asegurar mediante a prestación de garantía.

4. A Administración terá a obrigaçión de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no número 4 do artigo 210, e se se demora, deberalle aboar ao contratista, a partir do cumprimento do dito prazo de trinta días, os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que se produza o comezo do cómputo de prazo para a devindicación de xuros, o contratista deberá cumprir a obrigaçión de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou da prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido no número 4 do artigo 210 e no número 1 do artigo 243, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo.

En todo caso, se o contratista incumpre o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa

vixente sobre factura electrónica, a devindicación de xuros non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data da correcta presentación da factura sen que a Administración aprobábase a conformidade, se procede, e unha vez efectuado o correspondente aboamento.

5. Se a demora no pagamento for superior a catro meses, o contratista poderá, de ser o caso, suspender o cumprimento do contrato e deberalle comunicar á Administración, cun mes de antelación, tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivar da dita suspensión, nos termos establecidos nesta lei.

6. Se a demora da Administración for superior a seis meses, o contratista terá dereito, así mesmo, a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen.

7. Sen prexuízo do establecido nas normas tributarias e da Seguridade Social, os aboamentos á conta que procedan pola execución do contrato só poderán ser embargados nos seguintes supostos:

a) Para o pagamento dos salarios devindicados polo persoal do contratista na execución do contrato e das cotas sociais derivadas deles.

b) Para o pagamento das obrigacións contraídas polo contratista cos subcontratistas e subministradores referidas á execución do contrato.

8. As comunidades autónomas poderán reducir os prazos de trinta días, catro meses e seis meses establecidos nos números 4, 5 e 6 deste artigo.

#### Artigo 199. *Procedemento para facer efectivas as débedas das administracións públicas.*

Transcorrido o prazo a que se refire o número 4 do artigo 198 desta lei, os contratistas poderanlle reclamar por escrito á Administración contratante o cumprimento da obrigación de pagamento e, de ser o caso, dos xuros de demora. Se, transcorrido o prazo dun mes, a Administración non contesta, entenderase recoñecido o vencemento do prazo de pagamento e os interesados poderán formular recurso contencioso-administrativo contra a inactividade da Administración; como medida cautelar poderán solicitar o pagamento inmediato da débeda. O órgano xudicial adoptará a medida cautelar, salvo que a Administración acredite que non concorren as circunstancias que xustifican o pagamento ou que a contía reclamada non corresponde á que é exigible; nese caso, a medida cautelar limitarase a esta última. A sentenza condenará en custas a Administración demandada no caso de estimación total da pretensión de cobramento.

#### Artigo 200. *Transmisión dos dereitos de cobramento.*

1. Os contratistas que teñan dereito de cobramento fronte á Administración poderano ceder conforme dereito.

2. Para que a cesión do dereito de cobramento sexa efectiva fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación fidedigna a eeta do acordo de cesión.

3. A eficacia das segundas e sucesivas cesións dos dereitos de cobramento cedidos polo contratista quedará condicionada ao cumprimento do disposto no número anterior.

4. Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pagamento deberá ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pagamento a nome do contratista ou do cedente producirán efectos liberatorios.

5. As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica de que deriva o dereito de cobramento non producirán efectos fronte á Administración. En todo caso, a Administración poderá opor fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

#### Artigo 201. *Obrigacións en materia ambiental, social ou laboral.*

Os órganos de contratación tomarán as medidas pertinentes para garantir que na execución dos contratos os contratistas cumpren as obrigacións aplicables en materia

ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, no dereito nacional, nos convenios colectivos ou nas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen o Estado e, en particular, as establecidas no anexo V.

O indicado no parágrafo anterior establécese sen prexuízo da potestade dos órganos de contratación de tomar as oportunas medidas para comprobar, durante o procedemento de licitación, que os candidatos e licitadores cumpren as obrigacións a que se refire o citado parágrafo.

O incumprimento das obrigacións referidas no primeiro parágrafo e, en especial, os incumprimentos ou os atrasos reiterados no pagamento dos salarios ou a aplicación de condicións salariais inferiores ás derivadas dos convenios colectivos que sexa grave e dolosa darán lugar á imposición das penalidades a que se refire o artigo 192.

*Artigo 202. Condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, ambiental ou doutra índole.*

1. Os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estean vinculadas ao obxecto do contrato, no sentido do artigo 145, non sexan directa ou indirectamente discriminatorias, sexan compatibles co dereito comunitario e se indiquen no anuncio de licitación e nos pregos.

En todo caso, será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de polo menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o punto seguinte.

2. Estas condicións de execución poderanse referir, en especial, a consideracións económicas, relacionadas coa innovación, de tipo ambiental ou de tipo social.

En particular, poderanse establecer, entre outras, consideracións de tipo ambiental que persigan a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro o, dado que así se contribúe a dar cumprimento ao obxectivo que establece o artigo 88 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable; o mantemento ou mellora dos valores ambientais que se poidan ver afectados pola execución do contrato; unha xestión máis sustentable da auga; o fomento do uso das enerxías renovables; a promoción da reciclaxe de produtos e o uso de envases reutilizables; ou o impulso da entrega de produtos a granel e a produción ecolóxica.

As consideracións de tipo social ou relativas ao emprego poderanse introducir, entre outras, con algunha das seguintes finalidades: facer efectivos os dereitos recoñecidos na Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade; contratar un número de persoas con discapacidade superior ao que exige a lexislación nacional; promover o emprego de persoas con especiais dificultades de inserción no mercado laboral, en particular das persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social a través de empresas de inserción; eliminar as desigualdades entre o home e a muller no dito mercado, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo; favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar; combater o paro, en particular o xuvenil, o que afecta as mulleres e o de longa duración; favorecer a formación no lugar de traballo; garantir a seguranza e a protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables; medidas para previr a sinistralidade laboral; outras finalidades que se establezan con referencia á estratexia coordinada para o emprego, definida no artigo 145 do Tratado de funcionamento da Unión Europea; ou garantir o respecto aos dereitos laborais básicos ao longo da cadea de produción mediante a exixencia do cumprimento das convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, incluídas aquelas consideracións que busquen favorecer os pequenos produtores de países en desenvolvemento cos cales se mantéñen relacións comerciais que lles son favorables, tales como o pagamento dun prezo mínimo e unha prima aos produtores ou unha maior transparencia e rastrexabilidade de toda a cadea comercial.

3. Os pregos poderán establecer penalidades, conforme o previsto no número 1 do artigo 192, para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou



atribuírlles o carácter de obrigacións contractuais esenciais para os efectos sinalados na letra f) do artigo 211. Cando o incumprimento destas condicións non se tipifique como causa de resolución do contrato, poderá ser considerado nos pregos, nos termos que se establezan regulamentariamente, como infracción grave para os efectos establecidos na letra c) do número 2 do artigo 71.

4. Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán exixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen da súa execución.

#### Subsección 4.<sup>a</sup> Modificación dos contratos

##### Artigo 203. *Potestade de modificación do contrato.*

1. Sen prexuízo dos supostos previstos nesta lei respecto da sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.

2. Os contratos administrativos subscritos polos órganos de contratación só se poderán modificar durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se preveise no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

En calquera outro suposto, se for necesario que un contrato en vigor se executase en forma distinta á pactada, deberase resolver e subscribir outro baixo as condicións pertinentes, de ser o caso, logo de convocatoria e tramitación dunha nova licitación pública de conformidade co establecido nesta lei, sen prexuízo do disposto no número 6 do artigo 213 respecto da obrigación do contratista de adoptar medidas que resulten necesarias por razóns de seguranza, servizo público ou posible ruína.

3. As modificacións do contrato deberanse formalizar conforme o disposto no artigo 153 e deberanse publicar de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.

##### Artigo 204. *Modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares.*

1. Os contratos das administracións públicas poderanse modificar durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se advertise expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

- a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- b) Así mesmo, no que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A formulación e o contido da cláusula de modificación deberán ser tales que en todo caso lles permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, lle permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude exixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

2. En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.

Artigo 205. *Modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares: prestacións adicionais, circunstancias imprevisibles e modificacións non substanciais.*

1. As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior só se poderán realizar cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que encontre a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no punto segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

2. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre que esta cumpra todos os requisitos recollidos no punto primeiro deste artigo, son os seguintes:

a) Cando devíñese necesario engadir obras, subministracións ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre que se dean os dous requisitos seguintes:

1.º Que o cambio de contratista non sexa posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo, que obrigue o órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xere inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo a necesidade de realizar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

2.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, o 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derive de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, sempre que se cumpran as tres condicións seguintes:

1.º Que a necesidade da modificación derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidese prever.

2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, o 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, con indicación das razóns polas cales esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao suscrito nun principio. En calquera

caso, unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figuraren no procedemento de contratación inicial, terían permitido a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente, ou terían atraído máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso, considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, de ser o caso, se exixiu no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso, considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, se introducirían unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso, considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, o 15 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído, se se trata do contrato de obras, ou dun 10 por cento, IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 ao 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación se encontren dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do expediente de contratación.

#### Artigo 206. *Obrigatoriedade das modificacións do contrato.*

1. Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

2. Cando, de acordo co disposto no número anterior, a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, só será acordada polo órgano de contratación logo de conformidade daquel por escrito; no caso contrario resolverase o contrato de conformidade co establecido na letra g) do número 1 do artigo 211.

#### Artigo 207. *Especialidades procedementais.*

1. No caso previsto no artigo 204, as modificacións contractuais acordaranse na forma que se especificou nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

2. Antes modificar o contrato conforme o disposto no artigo 205, deberáse dar audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se os preparou un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por convenientes.

3. Os órganos de contratación que modificasen un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, con excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do número 2 do artigo 205, deberán publicar no «Diario Oficial de la Unión Europea» o correspondente anuncio de modificación conforme o establecido nesta lei.

Así mesmo, os órganos de contratación que modificasen un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde

a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

4. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 191.

#### Subsección 5.<sup>a</sup> Suspensión e extinción dos contratos

##### Artigo 208. *Suspensión dos contratos.*

1. Se a Administración acorda a suspensión do contrato ou aquela ten lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, expedirase unha acta, de oficio ou por solicitude do contratista, na cal se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

2. Acordada a suspensión, a Administración aboaralle ao contratista os danos e perdas efectivamente sufridos por este con suxeición ás seguintes regras:

a) Salvo que o prego que rexa o contrato estableza outra cousa, o dito aboamento só comprenderá, sempre que nos ordinais 1.º a 4.º se acredite fidedignamente a súa realidade, efectividade e importe, os seguintes conceptos:

1.º Gastos por mantemento da garantía definitiva.

2.º Indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo que o contratista tivese concertados para a execución do contrato no momento de iniciarse a suspensión.

3.º Gastos salariais do persoal que necesariamente deba quedar adscrito ao contrato durante o período de suspensión.

4.º Alugueiros ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipamentos sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos da execución do contrato suspendido.

5.º Un 3 por 100 do prezo das prestacións que debería ter executado o contratista durante o período de suspensión, conforme o previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

6.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro subscritas polo contratista previstos no prego de cláusulas administrativas vinculados ao obxecto do contrato.

b) Só se indemnizarán os períodos de suspensión que estivesen documentados na correspondente acta. O contratista poderá pedir que se expida a dita acta. Se a Administración non responde a esta solicitude entenderase, salvo proba en contrario, que se iniciou a suspensión na data sinalada polo contratista na súa solicitude.

c) O dereito para reclamar prescribe nun ano contado desde que o contratista reciba a orde de continuar a execución do contrato.

##### Artigo 209. *Extinción dos contratos.*

Os contratos extinguíranse polo seu cumprimento ou por resolución, acordada de acordo co regulado nesta subsección 5.<sup>a</sup>

##### Artigo 210. *Cumprimento dos contratos e recepción da prestación.*

1. O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos seus termos e á satisfacción da Administración, a totalidade da prestación.

2. En todo caso, a súa constatación exixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares por razón das súas características. Á Intervención da Administración correspondente seranlle comunicados, cando iso sexa preceptivo, a data e

o lugar do acto, para a súa eventual asistencia en exercicio das súas funcións de comprobación do investimento.

3. Nos contratos fixarase un prazo de garantía contado desde a data de recepción ou conformidade; transcorrido este sen obxeccións por parte da Administración, salvo os supostos en que se estableza outro prazo nesta lei ou noutras normas, quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Exceptúanse do prazo de garantía aqueles contratos en que, pola súa natureza ou características, non resulte necesario, o que se deberá xustificar debidamente no expediente de contratación e que se consignará expresamente no prego.

4. Excepto nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 243, dentro do prazo de trinta días contados desde a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse, de ser o caso, e cando a natureza do contrato o exixa, e ser notificada ao contratista, a liquidación correspondente do contrato, e aboárselle, de ser o caso, o saldo resultante. Non obstante, se a Administración pública recibe a factura con posterioridade á data en que ten lugar a dita recepción, o prazo de trinta días contarase desde a súa correcta presentación polo contratista no rexistro correspondente, nos termos establecidos na normativa vixente en materia de factura electrónica. Se se produce demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

#### Artigo 211. *Causas de resolución.*

1. Son causas de resolución do contrato:

a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98, relativo á sucesión do contratista.

b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.

c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.

d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.

En todo caso, o atraso inxustificable sobre o plan de traballos establecido no prego ou no contrato, en calquera actividade, por un prazo superior a un terzo do prazo de duración inicial do contrato, incluídas as posibles prórrogas.

e) A demora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no número 6 do artigo 198 ou o inferior que se fixou ao abeiro do seu número 8.

f) O incumprimento da obrigaón principal do contrato.

Serán, así mesmo, causas de resolución do contrato o incumprimento das restantes obrigaóns esenciais, sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos ou no correspondente documento descriptivo, cando concorran os dous requisitos seguintes:

1.º Que respecten os límites que o número 1 do artigo 34 establece para a liberdade de pactos.

2.º Que figuren enumeradas de maneira precisa, clara e inequívoca nos pregos ou no documento descriptivo, e non serán admisibles cláusulas de tipo xeral.

g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme os artigos 204 e 205; ou cando, dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do imposto sobre o valor engadido.

h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta lei.

i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estivesen a participar nela, ou o incumprimento das

condicións establecidas nos convenios colectivos en vigor para estes traballadores, tamén durante a execución do contrato.

2. Nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberase atender á que aparece con prioridade no tempo.

Artigo 212. *Aplicación das causas de resolución.*

1. A resolución do contrato acordaraa o órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista, de ser o caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento desta lei se estableza.

Non obstante o anterior, a resolución do contrato pola causa a que se refire a letra i) do artigo 211.1 só se acordará, con carácter xeral, por instancia dos representantes dos traballadores na empresa contratista, excepto cando os traballadores afectados pola falta de pagamento de salarios sexan traballadores respecto dos cales procedese a subrogación de conformidade co artigo 130 e o importe dos salarios debidos pola empresa contratista supere o 5 por cento do prezo de adxudicación do contrato. Neste caso a resolución poderaa acordar directamente o órgano de contratación de oficio.

2. A declaración de insolvencia en calquera procedemento e as modificacións do contrato nos casos en que non se dean as circunstancias establecidas nos artigos 204 e 205 darán sempre lugar á resolución do contrato.

Serán potestativas para a Administración e para o contratista as restantes modificacións non previstas no contrato cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración en contía que exceda o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Nos restantes casos, a resolución poderaa instar aquela parte a que non lle sexa imputable a circunstancia que dese lugar a ela.

3. Cando a causa de resolución sexa a morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual, a Administración poderá acordar a continuación do contrato cos seus herdeiros ou sucesores.

4. A resolución por mutuo acordo só poderá ter lugar cando non concorra outra causa de resolución que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

5. En caso de declaración en concurso, a Administración potestativamente continuará o contrato se razóns de interese público así o aconsellan, sempre que o contratista preste as garantías adicionais suficientes para a súa execución.

En todo caso, entenderase que son garantías suficientes:

a) Unha garantía complementaria de polo menos un 5 por 100 do prezo do contrato, que se deberá prestar en calquera das formas recollidas no artigo 108.

b) O depósito dunha cantidade en concepto de fianza, que se realizará de conformidade co establecido no artigo 108.1, letra a), e que quedará constituída como cláusula penal para o caso de incumprimento por parte do contratista.

6. No suposto de demora a que se refire a letra d) do punto primeiro do artigo anterior, se as penalidades a que der lugar a demora no cumprimento do prazo alcanzaren un múltiplo do 5 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, observarase o disposto no número 4 do artigo 193.

7. O incumprimento das obrigacións derivadas do contrato por parte da Administración orixinará a súa resolución só nos casos previstos nesta lei.

8. Os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo máximo de oito meses.

Artigo 213. *Efectos da resolución.*

1. Cando a resolución se produza por mutuo acordo, os dereitos das partes acomodaranse ao validamente estipulado por elas.

2. O incumprimento por parte da Administración das obrigacións do contrato determinará para aquela, con carácter xeral, o pagamento dos danos e perdas que por tal causa se irroguen ao contratista.

3. Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizarlle á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan o importe da garantía incautada.

4. Cando a resolución se acorde polas causas recollidas na letra g) do artigo 211, o contratista terá dereito a unha indemnización do 3 por cento do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa sexa imputable ao contratista ou este rexeite a modificación contractual proposta pola Administración ao abeiro do artigo 205.

5. En todo caso, o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, de ser o caso, fose constituída.

6. No momento de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato polas causas establecidas nas letras b), d), f) e g) do número 1 do artigo 211, poderase iniciar o procedemento para adxudicar o novo contrato, aínda que a súa adxudicación quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos os procedementos.

Ata que se formalice o novo contrato, o contratista quedará obrigado, na forma e co alcance que determine o órgano de contratación, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguranza, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído ou fabricado. Na falta de acordo, a retribución do contratista fixaraa o órgano de contratación por instancia del, unha vez concluídos os traballos e tomando como referencia os prezos que serviron de base para subscribir o contrato. O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano de contratación, que deberá resolver o que proceda no prazo de quince días hábiles.

Cando o contratista non poida garantir as medidas indispensables establecidas no parágrafo anterior, a Administración poderá intervir garantindo a realización das ditas medidas ben cos seus propios medios, ben a través dun contrato cun terceiro.

#### Subsección 6.<sup>a</sup> Cesión dos contratos e subcontratación

##### Artigo 214. *Cesión dos contratos.*

1. Á marxe dos supostos de sucesión do contratista do artigo 98 e sen prexuízo da subrogación que se poida producir a favor do acredor hipotecario, conforme o artigo 274.2, ou do adxudicatario no procedemento de execución hipotecaria, en virtude do artigo 275, a modificación subxectiva dos contratos soamente será posible por cesión contractual cando obedeza a unha opción inequívoca dos pregos, dentro dos límites establecidos no parágrafo seguinte.

Para tales efectos, os pregos establecerán necesariamente que os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato llos poderá ceder o contratista a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no número 2, letra b), non se poderá autorizar a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Cando os pregos prevexan que os licitadores que resulten adxudicatarios constituán unha sociedade especificamente para a execución do contrato, establecerán a posibilidade de cesión das participacións desa sociedade, así como o suposto en que, por implicar un cambio de control sobre o contratista, esa cesión de participacións deba ser equiparada a unha cesión contractual para os efectos da súa autorización de acordo co previsto no presente artigo. Os pregos poderán prever mecanismos de control da cesión de participacións que non impliquen un cambio de control en supostos que estean suficientemente xustificadas.

2. Para que os contratistas poidan ceder os seus dereitos e obrigacións a terceiros, os pregos deberán recoller, como mínimo, a existencia dos seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice a cesión de forma previa e expresa. Esta autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para notificar a resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal se deberá entender outorgada por silencio administrativo.

b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que efectuese a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce estando o contratista en concurso, aínda que se abra a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal.

Non obstante o anterior, o acredor pignoraticio ou o acredor hipotecario poderán solicitar a cesión naqueles supostos en que nos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos os pregos prevexan, mediante cláusulas claras e inequívocas, a posibilidade de subrogación dun terceiro en todos os dereitos e obrigacións do concesionario en caso de concorrencia dalgún indicio claro e predeterminado da inviabilidade, presente ou futura, da concesión, coa finalidade de evitar a súa resolución anticipada.

c) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte exigible en función da fase de execución do contrato, que debe estar debidamente clasificado, se tal requisito foi exigido ao cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.

d) Que a cesión se formalice entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública.

3. O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que corresponderían ao cedente.

#### Artigo 215. *Subcontratación.*

1. O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación con suxeición ao que dispoñan os pregos salvo que, conforme o establecido nas letras d) e e) do ordinal 2.º deste artigo, a prestación ou parte dela deba ser executada directamente polo primeiro.

En ningún caso a limitación da subcontratación poderá supor que se produza unha restrición efectiva da competencia, sen prexuízo do establecido na presente lei respecto aos contratos de carácter secreto ou reservado, ou aqueles cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguranza especiais de acordo con disposicións legais ou regulamentarias ou cando o exixa a protección dos intereses esenciais da seguranza do Estado.

2. A subscripción dos subcontratos estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Se así se prevé nos pregos, os licitadores deberán indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos cales se vaia encomendar a súa realización.

b) En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a súa execución, ao órgano de contratación a intención de subscribir os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, os datos de contacto e o representante ou representantes legais do subcontratista, e xustificando suficientemente a aptitude desde para executala por



referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que non se encontra incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71.

O contratista principal deberalle notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas.

No caso de que o subcontratista teña a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a súa aptitude.

A acreditación da aptitude do subcontratista poderase realizar inmediatamente despois da subscripción do subcontrato se esta é necesaria para atender unha situación de emerxencia ou que exixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

c) Se os pregos impuxesen aos licitadores a obrigaición de comunicar as circunstancias sinaladas na letra a) do presente número, os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por se subscribiren con empresarios distintos dos indicados nominativamente nesta ou por se referiren a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, non se poderán subscribir ata que transcorran vinte días desde que se curse a notificación e se acheguen as xustificacións a que se refire a letra b) deste número, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a Administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición a eles. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional.

Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderanse concluír sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa subscripción é necesaria para atender unha situación de emerxencia ou que exixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

d) Nos contratos de carácter secreto ou reservado, ou naqueles cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguraza especiais de acordo con disposicións legais ou regulamentarias ou cando o exixa a protección dos intereses esenciais da seguraza do Estado, a subcontratación requirirá sempre autorización expresa do órgano de contratación.

e) De conformidade co establecido no número 4 do artigo 75, nos contratos de obras, nos contratos de servizos ou nos servizos ou traballos de colocación ou instalación no contexto dun contrato de subministración, os órganos de contratación poderán establecer nos pregos que determinadas tarefas críticas non poidan ser obxecto de subcontratación, polo que as deberá executar directamente o contratista principal. A determinación das tarefas críticas deberá ser obxecto de xustificación no expediente de contratación.

3. A infracción das condicións establecidas no número anterior para subcontratar, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas nesta lei, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se previse nos pregos:

a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.

b) A resolución do contrato, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do número 1 do artigo 211.

4. Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal, quen asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, estritamente conforme os pregos de cláusulas administrativas particulares ou documento descritivo e conforme os termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigações en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201.

O coñecemento que teña a Administración dos subcontratos subscritos en virtude das comunicacións a que se refiren as letras b) e c) do número 2 deste artigo, ou a autorización

que outorgue no suposto previsto na letra d) do dito número, non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

5. En ningún caso poderá concertar o contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

6. O contratista deberá informar os representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

7. Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán en todo caso natureza privada.

8. Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quincuaxésimo primeira, os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

#### Artigo 216. *Pagamentos a subcontratistas e subministradores.*

1. O contratista está obrigado a aboarles aos subcontratistas ou subministradores o prezo pactado nos prazos e condicións que se indican a continuación.

2. Os prazos fixados non poderán ser máis desfavorables que os previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e computaranse desde a data en que ten lugar a aceptación ou verificación dos bens ou servizos por parte do contratista principal, sempre que o subcontratista ou o subministrador entregase a factura nos prazos legalmente establecidos.

3. A aceptación deberase efectuar nun prazo máximo de trinta días desde a entrega dos bens ou a prestación do servizo. Dentro do mesmo prazo deberanse formular, de ser o caso, os motivos de desconformidade con ela. No caso de que non se realizase no dito prazo, entenderase que se aceptaron os bens ou se verificaron de conformidade coa prestación dos servizos.

4. O contratista deberá aboar as facturas no prazo fixado de conformidade co previsto no número 2. En caso de demora no pagamento, o subcontratista ou o subministrador terá dereito ao cobramento dos xuros de demora e á indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

5. Sen prexuízo do disposto no artigo 69 bis do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, sobre a remisión electrónica dos rexistros de facturación, os subcontratistas que se encontren nos supostos establecidos no número 1 do artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso á factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público, deberán utilizar na súa relación co contratista principal a factura electrónica, cando o importe desta supere os 5.000 euros, que deberán presentar ao contratista principal a través do rexistro a que se refire o número 3 da disposición adicional trixésimo segunda, a partir da data prevista na dita disposición.

En supostos distintos dos anteriores, será facultativa para os subcontratistas a utilización da factura electrónica e a súa presentación no rexistro referido no número 3 da disposición adicional trixésimo segunda.

A contía de 5.000 euros poderase modificar mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública.

6. Os subcontratistas non poderán renunciar validamente, antes ou despois da súa adquisición, aos dereitos que teñan recoñecidos por este artigo, sen que sexa de aplicación a este respecto o artigo 1110 do Código civil.

#### Artigo 217. *Comprobación dos pagamentos aos subcontratistas ou subministradores.*

1. As administracións públicas e demais entes públicos contratantes poderán comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que os contratistas adxudicatarios dos

contratos públicos, cualificados como tales no artigo 12, deben facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitiranlle ao ente público contratante, cando este o solicite, unha relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pagamento. Así mesmo, deberán achegar, por solicitude do ente público contratante, xustificante de cumprimento dos pagamentos a aqueles, unha vez terminada a prestación, dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 216 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais naquilo que lle sexa de aplicación. Estas obrigacións, que en todo caso se incluírán nos anuncios de licitación e nos correspondentes pregos de condicións ou nos contratos, considéranse condicións especiais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades que para ese efecto se conteñan nos pregos. A garantía definitiva responderá das penalidades que se impoñan por este motivo.

2. As actuacións de comprobación e de imposición de penalidades polo incumprimento previstas no número 1 serán obrigatorias para as administracións públicas e demais entes públicos contratantes, nos contratos de obras e nos contratos de servizos cuxo valor estimado supere os 5 millóns de euros, e nos cales o importe da subcontratación sexa igual ou superior ao 30 por cento do prezo do contrato, en relación cos pagamentos a subcontratistas que asumisen contractualmente co contratista principal o compromiso de realizar determinadas partes ou unidades de obra.

Mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública, por proposta da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderase ampliar o ámbito dos contratos en que sexan obrigatorias estas actuacións de comprobación e imposición de penalidades previstas no número 1.

## CAPÍTULO II

### Racionalización técnica da contratación

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Normas xerais*

Artigo 218. *Sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas.*

Para racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos as administracións públicas poderán concluír acordos marco, articular sistemas dinámicos ou centralizar a contratación de obras, servizos e subministracións en servizos especializados, conforme as normas deste capítulo.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Acordos marco*

Artigo 219. *Funcionalidade e límites.*

1. Un ou varios órganos de contratación do sector público poderán subscribir acordos marco cunha ou varias empresas co fin de fixar as condicións a que se deberán axustar os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, en particular polo que respecta aos prezos e, de ser o caso, ás cantidades previstas, sempre que o recurso a estes instrumentos non se efectúe de forma abusiva ou de modo que a competencia se vexa obstaculizada, restrinxida ou falseada.

2. A duración dun acordo marco non poderá exceder os catro anos, salvo en casos excepcionais, debidamente xustificadas. En todo caso, a duración do acordo marco deberase xustificar no expediente e terá en conta, especialmente, as peculiaridades e características do sector de actividade a que se refire o seu obxecto.

3. A duración dos contratos baseados nun acordo marco será independente da duración do acordo marco e rexerá polo previsto no artigo 29 da presente lei, relativo ao prazo de duración dos contratos e de execución da prestación, así como polos pregos reguladores do acordo marco.

Só se poderán adxudicar contratos baseados nun acordo marco durante a vixencia do acordo marco. A data relevante para entender que se cumpriu este requisito será:

a) No caso de contratos baseados para cuxa adxudicación, de acordo co artigo 221, se requira a realización dunha licitación, a data de envío aos adxudicatarios do acordo marco das invitacións para participar na licitación, sempre que as propostas de adxudicación se reciban dentro do prazo establecido para iso no acordo marco correspondente.

b) No caso de contratos baseados cuxa adxudicación non requira a realización de licitación, a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado.

*Artigo 220. Procedemento de subscripción de acordos marco.*

1. Para realizar un acordo marco seguiranse as normas de procedemento establecidas nas seccións 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> do capítulo I do título I do libro segundo da presente lei.

2. A posibilidade de adxudicar contratos con base nun acordo marco estará condicionada a que, no prazo de trinta días desde a súa formalización, se remítase o correspondente anuncio dela á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, e se efectuase a súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación, e no «Boletín Oficial del Estado» no caso dos acordos marco realizados na Administración xeral do Estado.

3. Nos casos a que se refire o número 3 do artigo 155, o órgano de contratación poderá non publicar determinada información relativa ao acordo marco, o que xustificará debidamente no expediente.

*Artigo 221. Adxudicación de contratos baseados nun acordo marco.*

1. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinariamente partes nel, salvo o disposto no número 4 do artigo 227 en relación cos acordos marco realizados por centrais de contratación.

2. Os contratos baseados no acordo marco adxudicaránse de acordo co previsto nos números 3, 4 e 5 deste artigo.

3. Cando o acordo marco se concluíu cunha única empresa, os contratos baseados naquel adxudicaránse conforme os termos nel establecidos. Os órganos de contratación poderán consultar por escrito o empresario e, se for necesario, pediránlle que complete a súa oferta.

4. Cando o acordo marco se concluíu con varias empresas, a adxudicación dos contratos nel baseados realizarase:

a) Cando o acordo marco estableza todos os termos, ben sen nova licitación, ben con nova licitación. A posibilidade de aplicar ambos os sistemas deberá estar prevista no prego regulador do acordo marco e o dito prego deberá determinar os supostos en que se acudirá ou non a unha nova licitación, así como os termos que serán obxecto da nova licitación, se este é o sistema de adxudicación aplicable. Para poder adxudicar contratos baseados nun acordo marco con todos os termos definidos sen nova licitación, será necesario que o prego do acordo marco prevexa as condicións obxectivas para determinar que empresa parte do acordo marco deberá ser adxudicataria do contrato baseado e executar a prestación.

As previsións anteriores serán tamén aplicables a determinados lotes dun acordo marco, sempre que, en relación con ese lote ou lotes en concreto, se cumprise cos requisitos fixados no citado punto e con independencia das previsións dos pregos en relación co resto de lotes do acordo marco.

b) Cando o acordo marco non estableza todos os termos, convidando as empresas parte do acordo marco a unha nova licitación.

5. Cando en aplicación do disposto no número 4 anterior, para a adxudicación dun contrato baseado nun acordo marco proceda unha nova licitación, esta basearase ben nos mesmos termos aplicados á adxudicación do acordo marco, precisándose se é necesario, ben noutros termos. Neste último caso, será necesario que estes termos fosen previstos nos pregos de contratación do acordo marco e se concreten con carácter previo á licitación para adxudicar o contrato baseado.

Por outra banda, se os pregos do acordo marco non recollen de forma precisa a regulación aplicable aos contratos baseados, esta deberase incluír necesariamente nos documentos de licitación correspondentes aos ditos contratos baseados.

6. A licitación para adxudicar os contratos baseados nun acordo marco terá lugar conforme o procedemento seguinte:

a) Por cada contrato que se deba adxudicar serán convidadas á licitación todas as empresas parte do acordo marco que, de acordo cos termos da súa adxudicación, estiveren en condicións de realizar o obxecto do contrato baseado. A invitación realizarase polos medios que se estableceron para ese efecto no prego regulador do acordo marco.

Non obstante o anterior, cando os contratos para adxudicar non estean suxeitos a regulación harmonizada, o órgano de contratación poderá decidir, xustificándoo debidamente no expediente, non convidar á licitación a totalidade das empresas, sempre que, como mínimo, solicite ofertas a tres.

b) Concederase un prazo suficiente para presentar as ofertas relativas a cada contrato baseado tendo en conta factores tales como a complexidade do obxecto do contrato, a pluralidade ou non de criterios de valoración, así como a súa complexidade, e o tempo necesario para o envío da oferta.

c) As ofertas presentaranse por escrito e o seu contido será confidencial ata o momento fixado para a súa apertura.

As empresas parte do acordo marco convidadas á licitación de conformidade co disposto na letra a) anterior estarán obrigadas a presentar oferta válida na licitación para adxudicar o contrato baseado, nos termos fixados no prego do acordo marco.

d) O órgano de contratación poderá optar por realizar a licitación para adxudicar os contratos baseados nun acordo marco a través dunha poxa electrónica para a adxudicación do contrato baseado conforme o establecido no artigo 143 da presente lei, sempre que así se previse nos pregos reguladores do acordo marco.

e) O contrato adxudicarase ao licitador que presentase a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145, valorada segundo os criterios fixados no acordo marco.

f) A notificación ás empresas non adxudicatarias da adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco poderase substituír por unha publicación no medio determinado nos pregos reguladores do acordo marco.

*Artigo 222. Modificación dos acordos marco e dos contratos baseados nun acordo marco.*

1. Os acordos marco e os contratos baseados poderán ser modificados de acordo coas regras xerais de modificación dos contratos. En todo caso, non se poderán introducir por contrato baseado modificacións substanciais respecto do establecido no acordo marco.

Os prezos unitarios resultantes da modificación do acordo marco non poderán superar nun 20 por cento os prezos anteriores á modificación e en ningún caso poderán ser prezos superiores aos que as empresas parte do acordo marco ofrezan no mercado para os mesmos produtos.

2. Sen prexuízo do sinalado no número anterior, os adxudicatarios dun acordo marco poderanlle propor ao órgano de contratación a substitución dos bens adxudicados por outros que incorporen avances ou innovacións tecnolóxicas que melloren as prestacións

ou características dos adxudicados, sempre que o seu prezo non incremente en máis do 10 por 100 o inicial de adxudicación, salvo que o prego de cláusulas administrativas particulares establecese outro límite.

Xunto a iso, o órgano de contratación, por propia iniciativa e coa conformidade do subministrador, ou por instancia deste, poderá incluír novos bens do tipo adxudicado ou similares a el cando concorran motivos de interese público ou de nova tecnoloxía ou configuración respecto dos adxudicados, cuxa comercialización se iniciase con posterioridade á data límite de presentación de ofertas, sempre que o seu prezo non exceda o límite que se establece no parágrafo anterior.

### *Sección 3.ª Sistemas dinámicos de adquisición*

#### *Artigo 223. Delimitación.*

1. Os órganos de contratación poderán articular sistemas dinámicos de adquisición de obras, servizos e subministracións de uso corrente cuxas características, xeralmente dispoñibles no mercado, satisfagan as súas necesidades, sempre que o recurso a estes instrumentos non se efectúe de forma que a competencia se vexa obstaculizada, restrinxida ou falseada.

2. O sistema dinámico de adquisición é un proceso totalmente electrónico, cunha duración limitada e determinada nos pregos, e debe estar aberto durante todo o período de vixencia a calquera empresa interesada que cumpra os criterios de selección.

3. Os órganos de contratación poderán articular o sistema dinámico de adquisición en categorías definidas obxectivamente de produtos, obras ou servizos.

Para os efectos do parágrafo anterior, entenderase que son criterios obxectivos válidos para definir as categorías, entre outros, o volume máximo admisible de contratos que o órgano de contratación prevexa adxudicar no marco do sistema, ou a zona xeográfica específica onde se vaian executar estes contratos específicos.

#### *Artigo 224. Implementación.*

1. Para contratar no marco dun sistema dinámico de adquisición os órganos de contratación seguirán as normas do procedemento restrinxido, coas especialidades que se establecen nesta sección.

2. Serán admitidos no sistema todos os solicitantes que cumpran os criterios de selección, sen que se poida limitar o número de candidatos admisibles no sistema.

3. Cando os órganos de contratación dividisen o sistema en categorías de produtos, obras ou servizos conforme o disposto no artigo anterior, especificarán os criterios de selección que se apliquen a cada categoría.

4. Todas as comunicacións que se realicen no contexto dun sistema dinámico de adquisición se farán utilizando unicamente medios electrónicos, de conformidade co disposto nesta lei.

5. Con carácter previo á adxudicación, no marco dun sistema dinámico de adquisición, de contratos específicos, os órganos de contratación deberán:

a) Publicar un anuncio de licitación no perfil de contratante no cal se precise que se trata dun sistema dinámico de adquisición e o período de vixencia deste.

b) Indicar nos pregos, polo menos, a natureza e a cantidade estimada de compras previstas, así como a información necesaria relativa ao sistema dinámico de adquisición, en particular o seu modo de funcionamento, o equipamento electrónico utilizado e as modalidades e especificacións técnicas de conexión.

c) Indicar toda división en categorías de produtos, obras ou servizos e as características que definen as ditas categorías.

d) Ofrecer un acceso libre, directo e completo, durante todo o período de vixencia do sistema, aos pregos da contratación, de conformidade co artigo 138.

6. A participación no sistema será gratuíta para as empresas, ás cales non se lles poderá cargar ningún gasto.

7. Os órganos de contratación informarán a Comisión Europea de calquera cambio do período de vixencia establecido no anuncio de licitación da seguinte forma:

a) Nos casos en que o período de vixencia se modifique sen que se terminase o sistema, a través do modelo de anuncio utilizado inicialmente para a convocatoria de licitación do sistema dinámico de adquisición.

b) Nos casos en que conclúise o sistema, a través do anuncio de adxudicación do contrato.

*Artigo 225. Incorporación de empresas ao sistema.*

1. Durante todo o período de vixencia do sistema dinámico de adquisición, calquera empresario interesado poderá solicitar participar no sistema nas condicións expostas no artigo anterior.

2. O prazo mínimo para presentación das solicitudes de participación será de trinta días, contados a partir da data do envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea. En ningún caso se poderá ampliar este prazo unha vez enviada a invitación escrita aos candidatos para a primeira contratación específica no marco do sistema dinámico de adquisición.

3. Os órganos de contratación avaliarán estas solicitudes de participación, de conformidade cos criterios de selección, no prazo dos dez días hábiles seguintes á súa recepción.

O dito prazo poderase prorrogar a quince días hábiles en casos concretos xustificados, en particular se é necesario examinar documentación complementaria ou verificar doutro xeito se se cumpren os criterios de selección.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, mentres a invitación para a primeira contratación específica no marco do sistema dinámico de adquisición non fose enviada, o órgano de contratación poderá ampliar novamente o prazo de avaliación. Durante este tempo destinado á avaliación das solicitudes, o órgano de contratación non poderá enviar ningunha invitación para a presentación de ofertas.

Os órganos de contratación deberán indicar nos pregos se hai posibilidade de prórroga do prazo a que se refire este número e, en caso afirmativo, a súa duración.

4. Os órganos de contratación informarán, canto antes, a empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de se foi admitida ou non.

5. Cando os candidatos acreditasen o cumprimento dos criterios de selección mediante a presentación da declaración responsable a que se refire o artigo 140 da presente lei, os órganos de contratación poderanlles exixir en calquera momento do período de vixencia do sistema dinámico de adquisición que presenten unha nova declaración responsable renovada e actualizada, que deberá chegar o candidato dentro do prazo de cinco días hábiles contados a partir da data en que este foi requirido.

Durante todo o período de vixencia do sistema dinámico de adquisición será de aplicación o número 3 do artigo 140.

*Artigo 226. Adxudicación dos contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición.*

1. Cada contrato que se pretenda adxudicar no marco dun sistema dinámico de adquisición deberá ser obxecto dunha licitación.

2. Os órganos de contratación convidarán todas as empresas que fosen previamente admitidas ao sistema dinámico de adquisición a presentar unha oferta en cada licitación que se realice no marco do dito sistema, con suxeición ao disposto no número 4 do artigo 162 e no número 2 do artigo 163.

Cando o sistema dinámico de adquisición se articulase en varias categorías de produtos, obras ou servizos, os órganos de contratación convidarán todas as empresas que previamente fosen admitidas na categoría correspondente.

3. O prazo mínimo para presentar ofertas será de dez días, contados a partir da data de envío da invitación escrita.

4. Os órganos de contratación adxudicarán o contrato específico ao licitador que presentase a mellor oferta, de acordo cos criterios de adxudicación detallados no anuncio de licitación para o sistema dinámico de adquisición. Cando cumpra, estes criterios poderanse formular con máis precisión na invitación aos candidatos. Segundo o disposto no artigo 167, letra e), consideraranse irregulares ou inaceptables as ofertas que non se axusten ao previsto nos pregos; aquelas que se presentasen fóra de prazo; as que mostren indicios de colusión ou corrupción; as que fosen consideradas anormalmente baixas polo órgano de contratación; ou aquelas cuxo prezo supere o orzamento base de licitación.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Centrais de contratación*

##### *Subsección 1.<sup>a</sup> Normas xerais*

#### *Artigo 227. Funcionalidade e principios de actuación.*

1. As entidades do sector público poderán centralizar a contratación de obras, servizos e subministracións, e atribuíla a servizos especializados.

2. As centrais de contratación actuarán adquirindo subministracións e servizos para outros entes do sector público, ou adxudicando contratos ou realizando acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición para a realización de obras, subministracións ou servizos destinados a eles.

3. As centrais de contratación suxeitaranse, na adxudicación dos contratos, acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que realicen, ás disposicións da presente lei e ás súas normas de desenvolvemento.

4. Nos acordos marco de contratación centralizada poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación.

#### *Artigo 228. Creación de centrais de contratación por parte das comunidades autónomas e entidades locais.*

1. A creación de centrais de contratación polas comunidades autónomas e o ámbito subxectivo a que se estenden efectuarase na forma que prevexan as normas de desenvolvemento desta lei que aquelas diten en exercicio das súas competencias.

2. Sen prexuízo do disposto no número 10 da disposición adicional terceira, no ámbito da Administración local as corporacións locais poderán crear centrais de contratación por acordo do pleno. As cidades autónomas de Ceuta e Melilla tamén poderán crear as súas propias centrais de contratación.

3. Mediante os correspondentes acordos, as comunidades autónomas, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla e as entidades locais, así como os organismos e entidades dependentes dos anteriores, poderanse adherir a sistemas de adquisición centralizada doutras entidades do sector público incluídas no ámbito de aplicación desta lei. A adhesión ao sistema estatal de contratación centralizada efectuarase de acordo co disposto nos números 2, 3 e 4 do artigo 229 da presente lei. En ningún caso unha mesma Administración, ente ou organismo poderá contratar a provisión da mesma prestación a través de varias centrais de contratación.



Subsección 2.<sup>a</sup> Contratación centralizada no ámbito estatal. Sistema estatal de contratación centralizada

Artigo 229. *Réxime xeral.*

1. O ministro de Facenda e Función Pública poderá declarar de contratación centralizada as subministracións, obras e servizos que se contraten de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas e determinará as condicións en que se producirá o proceso de centralización.

2. A declaración a que se refire o número anterior implicará que a contratación das subministracións, obras e servizos nela incluídos a deberán efectuar, con carácter obrigatorio, a través do sistema estatal de contratación centralizada os entes, entidades e organismos indicados nas letras a), b), c), d) e g) do ordinal 1.º do artigo 3 da presente lei que pertencen ao sector público estatal, salvo que os contratos fosen declarados de carácter secreto ou reservado de acordo co disposto na lexislación reguladora dos segredos oficiais.

3. O resto de entidades do sector público poderán concluír un acordo de adhesión coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Función Pública para contratar as obras, servizos e subministracións declarados de contratación centralizada, a través do sistema estatal de contratación centralizada.

4. O contido e o procedemento dos acordos de adhesión a que se refire o número anterior estableceranse mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública.

5. O órgano de contratación do sistema estatal de contratación centralizada é a Xunta de Contratación Centralizada, adscrita á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Función Pública, sen prexuízo do disposto no número 6 seguinte sobre a competencia para contratar no caso de contratos baseados cuxos destinatarios sexan entidades adheridas.

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación prestará o apoio técnico necesario para o adecuado funcionamento do sistema estatal de contratación centralizada e exercerá o resto de funcións que lle atribúa o ordenamento xurídico.

6. O órgano de contratación para a adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco ou dos contratos adxudicados no marco dun sistema dinámico de adquisición cuxo destinatario sexa unha Administración, organismo ou entidade adherida será o previsto nas normas xerais aplicables ás ditas administracións, organismos ou entidades.

A Xunta de Contratación Centralizada establecerá, para cada acordo marco e sistema dinámico de adquisición, as medidas que considere adecuadas para garantir que os expedientes de contratación tramitados polas entidades adheridas, a súa aplicación das regras de licitación e selección dos contratistas, as adxudicacións que acorden e a execución dos contratos baseados cumpren os termos e condicións establecidos nos pregos que rexen os ditos acordos e sistemas, para o cal poderá acordar a utilización de ferramentas informáticas específicas, a emisión de informes preceptivos e vinculantes ou calquera outro medio adecuado a este fin.

7. A contratación de obras, subministracións ou servizos centralizados poderase efectuar a través dos seguintes procedementos:

- a) Mediante a conclusión do correspondente contrato, que se adxudicará conforme as normas procedementais contidas no capítulo I do título I do presente libro.
- b) A través de acordos marco.
- c) A través de sistemas dinámicos de adquisición.

Nos casos en que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco ou dos contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición sexa a Xunta de Contratación Centralizada e sexa necesario realizar unha nova licitación, as actuacións relativas á dita licitación previas á adxudicación realizaraas, con carácter xeral, o organismo destinatario da prestación.

No caso de seren varios os destinatarios, as ditas actuacións realizaraas a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación ou ben o organismo destinatario

designado por esta, en aplicación dos criterios que para ese efecto se estableceron nos pregos. Na súa falta, as actuacións realizaraas a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

8. A conclusión por parte dos entes integrados no ámbito obrigatorio do sistema estatal de adquisición centralizada de acordos marco que teñan por obxecto bens, servizos ou obras non declarados de contratación centralizada e que afecten máis dun deles, ou de acordos marco cuxo obxecto sexan bens, servizos ou obras que se contraten de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas, requirirá o informe previo favorable da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Función Pública, que se deberá obter antes de iniciar o procedemento dirixido á súa adxudicación.

9. A recepción e o pagamento dos bens e servizos efectuarana os organismos petitionarios deles nos contratos baseados nun acordo marco e nos contratos específicos adxudicados no marco dun sistema dinámico de adquisición.

**Artigo 230. Adquisición centralizada de equipamentos e sistemas para o tratamento da información.**

1. A competencia para adquirir equipamentos e sistemas para o tratamento da información e os seus elementos complementarios ou auxiliares no ámbito obrigatorio definido no número 2 do artigo anterior que non fosen declarados de adquisición centralizada conforme o sinalado nel corresponderá, en todo caso, ao órgano de contratación do sistema estatal de contratación centralizada, tras seren oídos os departamentos ministeriais ou organismos interesados na compra en canto ás súas necesidades.

2. O ministro de Facenda e Función Pública poderá atribuír a competencia para adquirir os bens a que se refire este artigo a outros órganos da Administración xeral do Estado, aos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e entidades públicas estatais, cando circunstancias especiais ou o volume de adquisicións que realicen así o aconsellen.

## TÍTULO II

### Dos distintos tipos de contratos das administracións públicas

#### CAPÍTULO I

##### Do contrato de obras

###### *Sección 1.<sup>a</sup> Actuacións preparatorias do contrato de obras*

**Artigo 231. Proxecto de obras.**

1. Nos termos previstos nesta lei, a adxudicación dun contrato de obras requirirá a elaboración, supervisión, aprobación e implantación previas do correspondente proxecto, que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderalle ao órgano de contratación, salvo que tal competencia estea especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica.

2. No suposto de adxudicación conxunta de proxecto e obra, a súa execución quedará condicionada á supervisión, aprobación e implantación do proxecto por parte do órgano de contratación.

**Artigo 232. Clasificación das obras.**

1. Para os efectos de elaboración dos proxectos, clasificaranse as obras, segundo o seu obxecto e natureza, nos grupos seguintes:

a) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación.

- b) Obras de reparación simple.
  - c) Obras de conservación e mantemento.
  - d) Obras de demolición.
2. Son obras de primeiro establecemento as que dan lugar á creación dun ben inmovible.
3. O concepto xeral de reforma abrangue o conxunto de obras de ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente.
4. Considéranse como obras de reparación as necesarias para emendar un menoscabo producido nun ben inmovible por causas fortuítas ou accidentais. Cando afecten fundamentalmente a estrutura resistente terán a cualificación de gran reparación e, no caso contrario, de reparación simple.
5. Se o menoscabo se produce no tempo polo natural uso do ben, as obras necesarias para a súa emenda terán o carácter de conservación. As obras de mantemento terán o mesmo carácter que as de conservación.
6. Son obras de restauración aquelas que teñen por obxecto reparar unha construción conservando a súa estética, respectando o seu valor histórico e mantendo a súa funcionalidade.
7. Son obras de rehabilitación aquelas que teñen por obxecto reparar unha construción conservando a súa estética, respectando o seu valor histórico e dotándoa dunha nova funcionalidade que sexa compatible cos elementos e valores orixinais do inmovible.
8. Son obras de demolición as que teñan por obxecto o derrubamento ou a destrución dun ben inmovible.

*Artigo 233. Contido dos proxectos e responsabilidade derivada da súa elaboración.*

1. Os proxectos de obras deberán comprender, polo menos:
- a) Unha memoria na cal se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a elas, as necesidades que se deberán satisfacer e a xustificación da solución adoptada, con detalle dos factores de todo tipo que se deberán ter en conta.
  - b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, de ser o caso, e servizos afectados pola súa execución.
  - c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulará a súa execución, con expresión da forma en que esta se levará a cabo, as obrigacións de índole técnica que correspondan ao contratista, e a maneira en que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.
  - d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, de ser o caso, do estado de medicións e dos detalles precisos para a súa valoración. O orzamento ordenarase por obras elementais, nos termos que regulamentariamente se establezan.
  - e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, de ser o caso, do tempo e do custo.
  - f) As referencias de todo tipo en que se fundamentará a implantación da obra.
  - g) O estudo de seguranza e saúde ou, de ser o caso, o estudo básico de seguranza e saúde, nos termos previstos nas normas de seguranza e saúde nas obras.
  - h) Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal ou regulamentario.
2. Con todo, para os proxectos de obras de primeiro establecemento, reforma ou gran reparación inferiores a 500.000 euros de orzamento base de licitación, IVE excluído, e para os restantes proxectos enumerados no artigo anterior, poderase simplificar, refundir ou mesmo suprimir algún ou algúns dos documentos anteriores na forma que nas normas

de desenvolvemento desta lei se determine, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar e executar as obras que comprenda. Con todo, só se poderá prescindir da documentación indicada na letra g) do número anterior nos casos en que así estea previsto na normativa específica que a regula.

3. Salvo que resulte incompatible coa natureza da obra, o proxecto deberá incluír un estudo xeotécnico dos terreos sobre os cales esta se vai executar, así como os informes e estudos previos necesarios para a mellor determinación do obxecto do contrato.

4. Cando a elaboración do proxecto fose contratada integramente pola Administración, o autor ou autores deste incorrerán en responsabilidade nos termos establecidos nesta lei. No caso de que a prestación se leve a cabo en colaboración coa Administración e baixo a súa supervisión, as responsabilidades limitaranse ao ámbito da colaboración.

Cando o proxecto inclúa un estudo xeotécnico e este non previse determinadas circunstancias que supoñan un incremento en máis do 10 por cento do prezo inicial do contrato en execución, ao autor ou autores seralles exigible a indemnización que establece o artigo 315, aínda que a porcentaxe do 20 por cento que este indica no seu número 1 se deberá substituír, para estes efectos, polo 10 por cento.

5. Os proxectos deberanse suxeitar ás instrucións técnicas que sexan de obrigado cumprimento.

6. Cando as obras sexan obxecto de explotación por parte da Administración pública, o proxecto deberá ir acompañado do valor actual neto dos investimentos, custos e ingresos que deberá obter a Administración que vaia explotar a obra.

#### Artigo 234. *Presentación do proxecto por parte do empresario.*

1. A contratación conxunta da elaboración do proxecto e da execución das obras correspondentes terá carácter excepcional e só se poderá efectuar nos seguintes supostos, cuxa concorrencia se deberá xustificar debidamente no expediente:

a) Cando motivos de índole técnica obriguen necesariamente a vincular o empresario aos estudos das obras. Estes motivos deben estar ligados ao destino ou ás técnicas de execución da obra.

b) Cando se trate de obras cuxa dimensión excepcional ou dificultades técnicas singulares requiran solucións achegadas con medios e capacidade técnica propias das empresas.

2. En todo caso, a licitación deste tipo de contrato requirirá a redacción previa por parte da Administración ou entidade contratante do correspondente anteprojecto ou documento similar e só cando por causas xustificadas sexa conveniente para o interese público se poderá limitar a redactar bases técnicas a que o proxecto se deba axustar.

3. O contratista presentará o proxecto ao órgano de contratación para a súa supervisión, aprobación e implantación. Se se observaren defectos ou referencias de prezos inadecuados no proxecto recibido, requiriráselle a súa emenda ao contratista, nos termos do artigo 314, sen que se poida iniciar a execución de obra ata que se proceda a unha nova supervisión, aprobación e implantación do proxecto. No suposto de que o órgano de contratación e o contratista non cheguen a un acordo sobre os prezos, o último quedará exonerado de executar as obras, sen outro dereito fronte ao órgano de contratación que o pagamento dos traballos de redacción do correspondente proxecto.

4. Nos casos a que se refire este artigo, a iniciación do expediente e a reserva de crédito correspondente fixarán o importe máximo previsto que o futuro contrato pode alcanzar. Con todo, non se fiscalizará o gasto, nin se aprobará nin se adquirirá o compromiso xerado por el ata que se coñeza o importe e as condicións do contrato de acordo coa proposición seleccionada, circunstancias que serán recollidas no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares.

5. Cando se trate da elaboración dun proxecto de obras singulares de infraestruturas hidráulicas ou de transporte cuxa entidade ou complexidade non permita establecer o importe estimativo da realización das obras, a previsión do prezo máximo a que se refire o

número anterior limitárase exclusivamente ao proxecto. A execución da obra quedará supeditada ao estudo da viabilidade do seu financiamento e á tramitación do correspondente expediente de gasto.

No caso de que se renuncie á execución da obra ou non se produza pronunciamento nun prazo de tres meses, salvo que o prego de cláusulas establecese outro maior, o contratista terá dereito ao pagamento do prezo do proxecto incrementado no 5 por 100 como compensación.

#### Artigo 235. *Supervisión de proxectos.*

Antes da aprobación do proxecto, cando o orzamento base de licitación do contrato de obras sexa igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, os órganos de contratación deberán solicitar un informe das correspondentes oficinas ou unidades de supervisión dos proxectos encargadas de verificar que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto. A responsabilidade pola súa aplicación incorrecta nos diferentes estudos e cálculos exixírase de conformidade co disposto no número 4 do artigo 233 da presente lei.

Nos proxectos de orzamento base de licitación inferior ao sinalado, o informe terá carácter facultativo, salvo que se trate de obras que afecten a estabilidade, seguranza ou estanquidade da obra, caso en que o informe de supervisión será igualmente preceptivo.

#### Artigo 236. *Implantación do proxecto.*

1. Unha vez aprobado o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da obra, efectuarase a súa implantación, a cal consistirá en comprobar a súa realidade xeométrica e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución. Así mesmo, deberánse comprobar cantos supostos figuren no proxecto elaborado e sexan básicos para o contrato que se vai subscribir.

2. Na tramitación dos expedientes de contratación referentes a obras de infraestruturas hidráulicas, de transporte e de estradas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, aínda que non se poderá iniciar a execución das obras mentres non se formalice a ocupación en virtude da vixente Lei de expropiación forzosa.

3. Nos casos de cesión de terreos ou locais por parte de entidades públicas, será suficiente para acreditar a dispoñibilidade dos terreos a achega dos acordos de cesión e aceptación polos órganos competentes.

4. Unha vez realizada a implantación, incorporárase o proxecto ao expediente de contratación.

### *Sección 2.ª Execución do contrato de obras*

#### Artigo 237. *Comprobación da implantación.*

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación da implantación. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización, salvo casos excepcionais xustificadas, o servizo da Administración encargada das obras, en presenza do contratista, efectuará a comprobación da implantación feita previamente á licitación; expedirase unha acta do resultado, que asinarán ambas as partes interesadas, e remitirase un exemplar dela ao órgano que subscribiu o contrato.

#### Artigo 238. *Execución das obras e responsabilidade do contratista.*

1. As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme as instrucións que en interpretación técnica deste dea ao contratista a dirección facultativa das obras.

2. Cando as instrucións sexan de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito no prazo máis breve posible, para que sexan vinculantes para as partes.

3. Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable de todos os defectos que se poidan advertir na construción.

#### Artigo 239. *Forza maior.*

1. En casos de forza maior e sempre que non exista actuación imprudente por parte do contratista, este terá dereito a unha indemnización polos danos e perdas que se lle producisen na execución do contrato.

2. Terán a consideración de casos de forza maior os seguintes:

- a) Os incendios causados pola electricidade atmosférica.
- b) Os fenómenos naturais de efectos catastróficos, como maremotos, terremotos, erupcións volcánicas, movementos do terreo, temporais marítimos, inundacións ou outros semellantes.
- c) As desfeitas ocasionadas violentamente en tempo de guerra, roubos tumultuosos ou alteracións graves da orde pública.

#### Artigo 240. *Certificacións e aboamentos á conta.*

1. Para os efectos do pagamento, a Administración expedirá mensualmente, no primeiros dez días seguintes ao mes a que correspondan, certificacións que comprendan a obra executada conforme proxecto durante o dito período de tempo, salvo prevención en contrario no prego de cláusulas administrativas particulares, cuxos aboamentos teñen o concepto de pagamentos á conta suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

Nestes aboamentos á conta observarase o disposto no parágrafo segundo do número 2 do artigo 198.

2. O contratista terá tamén dereito a percibir aboamentos á conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas como instalacións e provisión de materiais ou equipamentos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións que se sinalen nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares e conforme o réxime e os límites que, con carácter xeral, se determinen regulamentariamente. Os referidos pagamentos deberanse asegurar mediante a prestación de garantía.

#### Artigo 241. *Obras a tanto global e obras con prezo pechado.*

1. Cando a natureza da obra o permita, poderase establecer o sistema de retribución a tanto global, sen existencia de prezos unitarios, de acordo co establecido nos puntos seguintes, cando o criterio de retribución se configure como de prezo pechado ou nas circunstancias e condicións que se determinen nas normas de desenvolvemento desta lei para o resto dos casos.

2. O sistema de retribución a tanto global poderá, de ser o caso, configurarse como de prezo pechado, co efecto de que o prezo ofertado polo adxudicatario se manterá invariable e non serán aboables as modificacións do contrato que sexan necesarias para corrixir erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto.

3. A contratación de obras a tanto global con prezo pechado requirirá que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que así se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato. Este poderá establecer que algunhas unidades ou partes da obra se exclúan deste sistema e se aboen por prezos unitarios.

b) As unidades de obra cuxo prezo se vaia aboar conforme este sistema deberán estar previamente definidas no proxecto e reformularse antes da licitación. O órgano de contratación deberalles garantir aos interesados o acceso ao terreo onde se situarán as

obras, co fin de que poidan realizar sobre el as comprobacións que consideren oportunas con suficiente antelación á data límite de presentación de ofertas.

c) Que o prezo correspondente aos elementos do contrato ou unidades de obra contratados polo sistema de tanto global con prezo pechado sexa aboado mensualmente, na mesma proporción que a obra executada no mes a que corresponda garde co total da unidade ou elemento de obra de que se trate.

d) Cando no prego se lles autorice aos licitadores a presentación de variantes sobre determinados elementos ou unidades de obra que, de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, deban ser ofertadas polo prezo pechado, as citadas variantes deberán ser ofertadas baixo a dita modalidade.

Neste caso, os licitadores virán obrigados a presentar un proxecto básico cuxo contido se determinará no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato.

O adxudicatario do contrato no prazo que determine o dito prego deberá achegar o proxecto de construción das variantes ofertadas, para a súa preceptiva supervisión e aprobación. En ningún caso o prezo ou o prazo da adxudicación sufrirán variación como consecuencia da aprobación deste proxecto.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Modificación do contrato de obras*

#### *Artigo 242. Modificación do contrato de obras.*

1. Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que se acorden de conformidade co establecido no artigo 206. No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

2. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables a elas fixaraos a Administración, logo de audiencia do contratista polo prazo mínimo de tres días hábiles. Cando o contratista non acepte os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme o artigo 211 desta lei.

3. Cando a modificación prevexa unidades de obra que deban quedar posterior e definitivamente ocultas, antes de efectuar a súa medición parcial deberáselle comunicar á Intervención da Administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días para que, se o considera oportuno, poida acudir ao dito acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso sen prexuízo de, unha vez terminadas as obras, efectuar a recepción, de conformidade co disposto no número 1 do artigo 243, en relación co número 2 do artigo 210.

4. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula esta lei, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará coas seguintes actuacións:

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica dela.
- b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente por parte do órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.

Con todo, non terán a consideración de modificacións:

i. O exceso de medicións, entendendo por tal a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial. O dito exceso de medicións será recollido na certificación final da obra.

ii. A inclusión de prezos novos, fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que non supoñan incremento do prezo global do contrato nin afecten unidades de obra que no seu conxunto excedan o 3 por cento do seu orzamento primitivo.

5. Cando a tramitación dunha modificación exixa a suspensión temporal total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para o interese público, o ministro, se se trata da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas integrantes do sector público estatal, poderá acordar que continúen provisionalmente tal e como estea previsto no proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

O expediente de continuación provisional que se deberá tramitar para o efecto exixirá exclusivamente a incorporación das seguintes actuacións:

a) Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figure o importe aproximado da modificación, a descrición básica das obras que se van realizar e a xustificación de que a modificación se encontra nun dos supostos previstos no número 2 do artigo 203.

b) Audiencia do contratista.

c) Conformidade do órgano de contratación.

d) Certificado de existencia de crédito.

e) Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, no caso de que no proposta técnica motivada se introducisen prezos novos. O informe deberá motivar a adecuación dos novos prezos aos prezos xerais do mercado, de conformidade co establecido no número 3 do artigo 102.

No prazo de seis meses contados desde o acordo de autorización provisional, deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto, e no de oito meses, o expediente da modificación do contrato.

Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de obra previstas, aquelas partes que non deban quedar posterior e definitivamente ocultas.

A autorización do ministro para iniciar provisionalmente as obras que, de ser o caso, unicamente poderá ser obxecto de delegación nos secretarios de Estado do departamento ministerial, implicará no ámbito da Administración xeral do Estado a aprobación do gasto, sen prexuízo dos axustes que se deban efectuar no momento da aprobación da modificación do contrato.

As obras executadas dentro do prazo de oito meses serán obxecto de certificación e aboamento nos termos previstos na presente lei, coa seguinte singularidade:

As certificacións que haxa que expedir durante a tramitación do expediente modificado que comprendan unidades non previstas no proxecto inicial tomarán como referencia os prezos que figuren no proposta técnica motivada, cuxos aboamentos teñen o concepto de pagamentos á conta provisionais suxeitos ás rectificacións e variacións que poidan resultar unha vez que se aprobe o proxecto modificado, todo iso sen prexuízo das rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Cumprimento do contrato de obras*

##### *Artigo 243. Recepción e prazo de garantía.*

1. Á recepción das obras no momento da súa terminación e para os efectos establecidos nesta lei, concorrerán un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o considera oportuno, do seu facultativo.



Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista á conta da liquidación do contrato no prazo previsto nesta lei.

No caso de obras cuxo valor estimado supere os doce millóns de euros nas cales as operacións de liquidación e medición sexan especialmente complexas, os pregos poderán prever que poderá ser ampliado o prazo de tres meses para aprobar a certificación final a que se refire o parágrafo anterior, sempre que non supere en ningún caso os cinco meses.

2. Se se encontran as obras en bo estado e conforme as prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daraas por recibidas, levantarase a correspondente acta e comezará entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se encontren en estado de seren recibidas, farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o dito prazo o contratista non o efectuase, poderáselle conceder outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

3. O prazo de garantía establecerase no prego de cláusulas administrativas particulares atendendo á natureza e complexidade da obra e non poderá ser inferior a un ano, salvo casos especiais.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou por instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este for favorable, o contratista quedará exonerado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo seguinte, e devolverase ou cancelarse a garantía, liquidarase o contrato e, de ser o caso, pagaranse as obrigacións pendentes, o que se deberá efectuar no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non sexa favorable e os defectos observados se deban a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo ditará as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído. Concederalle para iso un prazo durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

4. Non obstante, naquelas obras cuxa perduración non teña finalidade práctica como as de sondaxes e prospeccións que resultasen infrutuosas ou que pola súa natureza exixan traballos que excedan o concepto de mera conservación, como os de dragaxes, non se exixirá prazo de garantía.

5. Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de seren executadas por fases que poidan ser entregadas ao uso público, segundo o establecido no contrato.

6. Sempre que por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, desde que concorran as ditas circunstancias produciranse os efectos e as consecuencias propios do acto de recepción das obras e nos termos en que regulamentariamente se establezan.

#### Artigo 244. *Responsabilidade por vicios ocultos.*

1. Se a obra se arruína ou sofre deterioracións graves incompatibles coa súa función con posterioridade ao remate do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas que se produzan ou se manifesten durante un prazo de quince anos contados desde a recepción.

Así mesmo, o contratista responderá durante o dito prazo dos danos materiais causados na obra por vicios ou defectos que afecten a cimentación, os soportes, as trabes, as placas, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a emenda destas.

2. As accións para exixir a responsabilidade prevista no número anterior por danos materiais dimanantes dos vicios ou defectos prescribirán no prazo de dous anos contados desde que se produzan ou se manifesten os ditos danos, sen prexuízo das accións que poidan subsistir para exixir responsabilidades por incumprimento contractual.

3. Transcorrido o prazo de quince anos establecido no primeiro punto deste artigo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida calquera responsabilidade do contratista.

## *Sección 5.ª Resolución do contrato de obras*

### *Artigo 245. Causas de resolución.*

Son causas de resolución do contrato de obras, ademais das xerais da lei, as seguintes:

- a) A demora inustificada na comprobación da implantación.
- b) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses.
- c) A suspensión das obras por prazo superior a oito meses por parte da Administración.
- d) A desistencia.

### *Artigo 246. Efectos da resolución.*

1. A resolución do contrato dará lugar á comprobación, medición e liquidación das obras realizadas conforme o proxecto, con fixación dos saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista. Será necesaria a citación deste, no domicilio que figure no expediente de contratación, para a súa asistencia ao acto de comprobación e medición.

2. Se se demora inustificadamente a comprobación da implantación, dando lugar á resolución do contrato, o contratista só terá dereito por todos os conceptos a unha indemnización equivalente ao 2 por cento do prezo da adxudicación, IVE excluído.

3. No suposto de desistencia antes da iniciación das obras, ou de suspensión da súa iniciación por parte da Administración por prazo superior a catro meses, o contratista terá dereito a percibir por todos os conceptos unha indemnización do 3 por cento do prezo de adxudicación, IVE excluído.

4. En caso de desistencia unha vez iniciada a execución das obras, ou de suspensión das obras iniciadas por prazo superior a oito meses, o contratista terá dereito por todos os conceptos ao 6 por cento do prezo de adxudicación do contrato das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial, IVE excluído. Enténdese por obras deixadas de realizar as que resulten da diferenza entre as reflectidas no contrato primitivo e as súas modificacións aprobadas e as que ata a data de notificación da desistencia ou da suspensión se executasen.

5. Cando as obras deban ser continuadas por outro empresario ou pola propia Administración con carácter de urxencia, por motivos de seguranza ou para evitar a ruína do construído, o órgano de contratación, unha vez que notificase ao contratista a liquidación das executadas, poderá acordar a súa continuación, sen prexuízo de que o contratista poida impugnar a valoración efectuada ante o propio órgano. O órgano de contratación resolverá o que proceda no prazo de quince días.

## CAPÍTULO II

### Do contrato de concesión de obras

#### *Sección 1.ª Actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras*

##### Artigo 247. *Estudo de viabilidade.*

1. Con carácter previo á decisión de construír e explotar en réxime de concesión unhas obras, o órgano que corresponda da Administración concedente acordará a realización dun estudo de viabilidade destas.

2. O estudo de viabilidade deberá conter, polo menos, os datos, análises, informes ou estudos que procedan sobre os puntos seguintes:

a) Finalidade e xustificación das obras, así como definición das súas características esenciais.

b) Xustificación das vantaxes cuantitativas e cualitativas que aconsellan a utilización do contrato de concesión de obras fronte a outros tipos contractuais, con indicación dos niveis de calidade que resulta necesario cumprir, da estrutura administrativa necesaria para verificar a prestación, así como das variables en relación co impacto da concesión na estabilidade orzamentaria.

c) Previsións sobre a demanda de uso e incidencia económica e social das obras na súa área de influencia e sobre a rendibilidade da concesión.

d) Valoración dos datos e informes existentes que fagan referencia ao plan sectorial, territorial ou urbanístico.

e) Estudo de impacto ambiental cando este sexa preceptivo de acordo coa lexislación vixente. Nos restantes casos, unha análise ambiental das alternativas e as correspondentes medidas correctoras e protectoras necesarias.

f) Xustificación da solución elixida, con indicación, entre as alternativas consideradas se se trata de infraestruturas viarias ou lineais, das características do seu trazado.

g) Riscos operativos e tecnolóxicos na construción e explotación das obras.

h) Custo do investimento que se vai realizar, así como o sistema de financiamento proposto para construír as obras coa xustificación, así mesmo, da súa procedencia.

i) Estudo de seguranza e saúde ou, de ser o caso, estudo básico de seguranza e saúde, nos termos previstos nas disposicións mínimas de seguranza e saúde en obras de construción.

j) O valor actual neto de todos os investimentos, custos e ingresos do concesionario, para os efectos da avaliación do risco operacional, así como os criterios que sexan precisos para valorar a taxa de desconto.

k) Existencia dunha posible axuda de Estado e compatibilidade desta co Tratado de funcionamento da Unión Europea, nos casos en que para a viabilidade da concesión se prevexan axudas á súa construción ou explotación.

3. A Administración concedente someterá o estudo de viabilidade a información pública durante o prazo dun mes, prorrogable por idéntico prazo en razón da súa complexidade, e dará traslado del para informe aos órganos da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e entidades locais afectados cando a obra non figure no correspondente planeamento urbanístico, que o deberán emitir no prazo dun mes.

4. O trámite de información pública previsto no número anterior servirá tamén para cumprir co concernente ao estudo de impacto ambiental, nos casos en que a declaración de impacto ambiental resulte preceptiva.

5. Admitirase a iniciativa privada na presentación de estudos de viabilidade de eventuais concesións. Unha vez que se presente o estudo, será elevado ao órgano competente para que no prazo de tres meses lle comunique ao particular a decisión de tramitalo ou non tramitalo ou fixe un prazo maior para o seu estudo, que en ningún caso

será superior a seis meses. O silencio da Administración ou da entidade que corresponda equivalerá á non aceptación do estudo.

No caso de que o estudo de viabilidade culmine no outorgamento da correspondente concesión, salvo que o dito estudo resulte insuficiente de acordo coa súa propia finalidade, o seu autor terá dereito na correspondente licitación a 5 puntos porcentuais adicionais aos obtidos por aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares. Para o caso de que non resultase adxudicatario terá dereito ao resarcimento dos gastos efectuados para a súa elaboración, incrementados nun 5 por cento como compensación, gastos que se lle poderán impor ao concesionario como condición contractual no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares. O importe dos gastos será determinado en función dos que resulten xustificadas por quen presentase o estudo.

6. A Administración concedente poderá acordar motivadamente a substitución do estudo de viabilidade a que se refiren os números anteriores por un estudo de viabilidade económico-financeira cando, pola natureza e a finalidade das obras ou pola contía do investimento requirido, considere que este é suficiente. Nestes supostos a Administración elaborará ademais, antes de licitar a concesión, o correspondente anteproxecto ou proxecto para asegurar os trámites establecidos nos números 3 e 4 do artigo seguinte.

7. O órgano que corresponda da Administración concedente deberá aprobar o estudo de viabilidade ou, de ser o caso, adoptar a decisión de substitución mencionada no número anterior e publicar estas decisións no correspondente perfil de contratante.

#### Artigo 248. *Anteproxecto de construción e explotación das obras.*

1. En función da complexidade das obras e do grao de definición das súas características, a Administración concedente, unha vez aprobado o estudo de viabilidade, poderá acordar a redacción do correspondente anteproxecto. Este poderá incluír, de acordo coa natureza das obras, zonas complementarias de explotación comercial.

2. O anteproxecto de construción e explotación das obras deberá conter, como mínimo, a seguinte documentación:

a) Unha memoria na cal se exporán as necesidades que se deberán satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos, ambientais e administrativos considerados para atender o obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propón. Coa memoria xuntaranse os datos e cálculos básicos correspondentes.

b) Os planos de situación xerais e de conxunto necesarios para a definición das obras.

c) Un orzamento que comprenda os gastos de execución das obras, incluído o custo das expropiacións que haxa que levar a cabo, partindo das correspondentes medicións aproximadas e valoracións. Para calcular o custo das expropiacións terase en conta o sistema legal de valoracións vixente.

d) Un estudo relativo ao réxime de utilización e explotación das obras, con indicación da súa forma de financiamento e do réxime tarifario que rexerá na concesión, incluíndo, de ser o caso, a incidencia ou contribución nestas dos rendementos que poidan corresponder á zona de explotación comercial.

3. O anteproxecto someterase a información pública durante o prazo dun mes, prorrogable por idéntico prazo en razón da súa complexidade, para que se poidan formular cantas observacións se consideren oportunas sobre a localización e as características das obras, así como calquera outra circunstancia referente á súa declaración de utilidade pública, e dará traslado deste para informe aos órganos da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais afectados. Este trámite de información pública servirá tamén para cumprir o concernente ao estudo de impacto ambiental, nos casos en que a declaración de impacto ambiental resulte preceptiva e non se efectuase o dito trámite anteriormente por tratarse dun suposto incluído no número 6 do artigo anterior.

4. A Administración concedente aprobará o anteproxecto das obras, considerando as alegacións formuladas e incorporando as prescricións da declaración de impacto ambiental, e instará o recoñecemento concreto da súa utilidade pública para os efectos previstos na lexislación de expropiación forzosa.

5. Cando o prego de cláusulas administrativas particulares o autorice, e nos termos que este estableza, os licitadores á concesión poderán introducir no anteproxecto as variantes que consideren convenientes.

*Artigo 249. Proxecto das obras e implantación deste.*

1. No caso de que as obras sexan definidas en todas as súas características pola Administración concedente, procederase á redacción, supervisión, aprobación e implantación do correspondente proxecto, de acordo co disposto nos correspondentes artigos desta lei, e ao recoñecemento da utilidade pública da obra para os efectos previstos na lexislación de expropiación forzosa.

2. Cando non exista anteproxecto, a Administración concedente someterá o proxecto, antes da súa aprobación definitiva, á tramitación establecida nos números 3 e 4 do artigo anterior para os anteproxectos.

3. No que se refire ás posibles melloras do proxecto das obras, será de aplicación o disposto no número 5 do artigo anterior.

4. O concesionario responderá dos danos derivados dos defectos do proxecto cando, segundo os termos da concesión, lle corresponda a súa presentación ou introducíse melloras no proposto pola Administración.

*Artigo 250. Pregos de cláusulas administrativas particulares.*

1. Os pregos de cláusulas administrativas particulares dos contratos de concesión de obras deberán facer referencia, polo menos, aos seguintes aspectos:

a) Definición do obxecto do contrato, con referencia ao anteproxecto ou proxecto de que se trate e mención expresa dos documentos deste que revistan carácter contractual. De ser o caso, determinación da zona complementaria de explotación comercial.

b) Requisitos de capacidade e solvencia financeira, económica e técnica que sexan exixibles aos licitadores. Poderanse fixar distintos requisitos de solvencia en función das diferentes fases do contrato, de conformidade co disposto no artigo 86.3, para os efectos dunha posible cesión nos termos establecidos no artigo 214.2.c).

c) Preverán tamén a posibilidade de que se produza a cesión do contrato de conformidade co previsto no artigo 214, así como das participacións na sociedade concesionaria, cando os licitadores constituísen unha sociedade de propósito específico para executar o contrato.

Así mesmo, establecerán criterios para determinar cando se deberá considerar a cesión das participacións por supor un efectivo cambio de control e, no caso de que estivese xustificado polas características do contrato, estableceranse tamén mecanismos de control para cesións de participacións na sociedade concesionaria que non se poidan equiparar a unha cesión do contrato. En todo caso, considerarase que se produce un efectivo cambio de control cando se ceda o 51 por cento das participacións.

d) Contido das proposicións, que deberán facer referencia, polo menos, aos seguintes aspectos:

1.º Relación de promotores da futura sociedade concesionaria, no caso de que estivese prevista a súa constitución, e características desta tanto xurídicas como financeiras.

2.º Plan de realización das obras, con indicación das datas previstas para o seu inicio, terminación e apertura ao uso a que se destinen.

3.º Prazo de duración da concesión vinculado ao sistema de financiamento da concesión.

4.º Plan económico-financieiro da concesión, que incluírá, entre os aspectos que lle son propios, o sistema de tarifas, o investimento e os custos de explotación, a taxa interna de rendibilidade ou retorno estimada e as obrigacións de pagamento e gastos financeiros, directos ou indirectos, estimados. Deberá ser obxecto de consideración específica a incidencia nas tarifas, así como nas previsións de amortización, no prazo concesional e noutras variables da concesión previstas no prego, de ser o caso, dos rendementos da demanda de utilización das obras e, cando exista, dos beneficios derivados da explotación da zona comercial, cando non alcancen ou cando superen os niveis mínimo e máximo, respectivamente, que se consideren na oferta. En calquera caso, se os rendementos da zona comercial non superan o limiar mínimo fixado no prego de cláusulas administrativas, os ditos rendementos non se poderán considerar para os efectos da revisión dos elementos sinalados anteriormente.

5.º Nos casos de financiamento mixto da obra, proposta da porcentaxe de financiamento con cargo a recursos públicos, por baixo dos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

6.º Compromiso de que a sociedade concesionaria adoptará o modelo de contabilidade que estableza o prego, de conformidade coa normativa aplicable, incluído o que poida corresponder á xestión das zonas complementarias de explotación comercial, sen prexuízo de que os rendementos destas se integren para todos os efectos nos da concesión.

7.º Nos termos e co alcance que se fixe no prego, os licitadores poderán introducir as melloras que consideren convenientes, e que se poderán referir a características estruturais da obra, ao seu réxime de explotación, ás medidas tendentes a evitar os danos ao ambiente e aos recursos naturais, ou a melloras substanciais, pero non á súa localización.

e) Sistema de retribución do concesionario, no cal se incluírán as opcións posibles sobre as cales deberá versar a oferta, así como, de ser o caso, as fórmulas de actualización de custos durante a explotación da obra, con referencia obrigada á súa repercusión nas correspondentes tarifas en función do obxecto da concesión.

f) O limiar mínimo de beneficios derivados da explotación da zona comercial por baixo do cal non se poderá incidir nos elementos económicos da concesión, que quedará a risco do concesionario.

g) Contía e forma das garantías.

h) Características especiais, de ser o caso, da sociedade concesionaria.

i) Prazo, de ser o caso, para elaborar o proxecto, prazo para executar as obras e prazo de explotación destas, que poderá ser fixo ou variable en función dos criterios establecidos no prego.

j) Dereitos e obrigacións específicos das partes durante a fase de execución das obras e durante a súa explotación.

k) Réxime de penalidades e supostos que poidan dar lugar ao secuestro ou intervención da concesión.

l) Lugar, data e prazo para presentar ofertas.

m) Distribución entre a Administración e o concesionario dos riscos relevantes en función das características do contrato, aínda que en todo caso o risco operacional lle corresponderá ao contratista.

2. Sen prexuízo do dereito de información a que se refire o artigo 138, o órgano de contratación poderá incluír no prego, en función da súa natureza e complexidade, un prazo para que os licitadores poidan solicitar as aclaracións que consideren pertinentes sobre o seu contido. Este prazo, como mínimo, deberá respectar o establecido no número 3 do artigo 138. As respostas terán carácter vinculante e deberanse facer públicas en termos que garantan a igualdade e a concorrència no proceso de licitación.

*Sección 2.<sup>a</sup> Efectos, cumprimento e extinción das concesións**Artigo 251. Efectos, cumprimento e extinción.*

Os efectos, cumprimento e extinción dos contratos de concesión de obras regularaos a presente lei, excluídos os artigos 208 e 210. Tampouco resultarán de aplicación, salvo na fase de construción, o número 2 do artigo 192, o artigo 193 e o artigo 195.

*Sección 3.<sup>a</sup> Construción das obras obxecto de concesión**Artigo 252. Modalidades de execución das obras.*

1. As obras realizaranse conforme o proxecto aprobado polo órgano de contratación e nos prazos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, e poderán ser executadas con axuda da Administración. A execución da obra que corresponda ao concesionario poderá ser contratada en todo ou en parte con terceiros, de acordo co disposto nesta lei e no prego de cláusulas administrativas particulares.

2. A axuda da Administración na construción das obras poderá consistir na execución pola súa conta de parte dela ou no seu financiamento parcial. No primeiro suposto, a parte de obra que execute deberá presentar características propias que permitan o seu tratamento diferenciado e deberá ser obxecto, no momento da súa terminación, da correspondente recepción formal. Se non dispón outra cousa o prego de cláusulas administrativas particulares, o importe da obra aboarase de acordo co establecido no artigo 240.

No segundo suposto, o importe do financiamento que se outorgue poderase aboar nos termos pactados, durante a execución das obras, de acordo co establecido no artigo 240, ou ben unha vez que aquelas conclúsen, na forma en que se especifica no artigo 266.

3. O sistema de axudas públicas deberá respectar, en todo caso, a transferencia efectiva do risco operacional.

*Artigo 253. Responsabilidade na execución das obras por parte de terceiros.*

Correspóndelle ao concesionario o control da execución das obras que contrate con terceiros e o control deberase axustar ao plan que o concesionario elabore e resulte aprobado polo órgano de contratación. Este poderá, en calquera momento, solicitar información sobre a marcha das obras e realizar as visitas de inspección que considere oportunas.

*Artigo 254. Principio de risco e ventura na execución das obras.*

1. As obras executaranse por risco e ventura do concesionario, quen, ademais, asumirá o risco operacional da concesión, de acordo co disposto nos artigos 197 e 239, salvo para aquela parte da obra que poida ser executada por conta da Administración, segundo o previsto no número 2 do artigo 252; nese caso rexerá o réxime xeral previsto para o contrato de obras.

2. Se a concorrencia de forza maior implica maiores custos para o concesionario, axustarase o plan económico-financeiro. Se a forza maior impide por completo a realización das obras, resolverase o contrato e o órgano de contratación deberalle aboar ao concesionario o importe total das executadas, así como os maiores custos en que incorrese como consecuencia do endebedamento con terceiros.

*Artigo 255. Modificación do proxecto.*

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no proxecto de acordo co establecido na subsección 4.<sup>a</sup>, sección 3.<sup>a</sup>, capítulo I, título I, do libro segundo desta lei e na letra b) do número 1 do artigo 261. O plan

económico-financieiro da concesión deberá recoller en todo caso, mediante os oportunos axustes, os efectos derivados do incremento ou da diminución dos custos.

Artigo 256. *Comprobación das obras.*

1. Ao terminar as obras, e para os efectos do seguimento do correcto cumprimento do contrato por parte do concesionario, levantarase unha acta de comprobación por parte da Administración concedente. O levantamento e o contido da acta de comprobación axustaranse ao disposto no prego de cláusulas administrativas particulares.

2. Á acta de comprobación xuntarase un documento de valoración da obra pública executada e, de ser o caso, unha declaración do cumprimento das condicións impostas na declaración de impacto ambiental, que será expedido polo órgano de contratación e no cal se fará constar o investimento realizado.

3. Nas obras financiadas parcialmente pola Administración concedente, mediante aboamentos parciais ao concesionario con base nas certificacións mensuais da obra executada, a certificación final da obra acompañará o documento de valoración e a acta de comprobación a que se refire o número anterior.

4. A aprobación da acta de comprobación das obras por parte do órgano da Administración concedente levará implícita a autorización para a súa apertura ao uso público; desde ese momento comezará o prazo de garantía da obra cando fose executada por terceiros distintos do concesionario, así como a fase de explotación.

*Sección 4.ª Dereitos e obrigacións do concesionario e prerrogativas da Administración concedente*

*Subsección 1.ª Dereitos e obrigacións do concesionario*

Artigo 257. *Dereitos do concesionario.*

Os concesionarios terán os seguintes dereitos:

a) O dereito para explotar as obras e percibir a tarifa por uso prevista no contrato durante o tempo da concesión como contraprestación económica.

b) O dereito ao mantemento do equilibrio económico da concesión, na forma e coa extensión previstas no artigo 270.

c) O dereito a utilizar os bens de dominio público da Administración concedente necesarios para construír, modificar, conservar e explotar as obras. O dito dereito incluírá o de utilizar, exclusivamente para construír as obras, as augas que afloren ou os materiais que aparezan durante a súa execución, logo de autorización da Administración competente, en cada caso, para a xestión do dominio público correspondente.

d) O dereito para solicitar da Administración a tramitación dos procedementos de expropiación forzosa, imposición de servidumes e desafiuzamento administrativo que resulten necesarios para a construción, modificación e explotación das obras, así como a realización de cantas accións sexan necesarias para facer viable o exercicio dos dereitos do concesionario.

En todo caso, os bens e dereitos expropiados que queden afectos á concesión incorporaranse ao dominio público.

e) O dereito para ceder a concesión de acordo co previsto no artigo 214 e a hipotecala nas condicións establecidas na lei, logo de autorización do órgano de contratación en ambos os casos.

f) A facultade de titular os seus dereitos de crédito, nos termos previstos na lei.

g) Calquera outro que lle sexa recoñecido por esta ou por outras leis ou polos pregos de condicións.



**Artigo 258. Obrigacións do concesionario.**

Serán obrigacións xerais do concesionario:

- a) Executar as obras conforme o disposto no contrato.
- b) Explotar as obras, asumindo o risco operacional da súa xestión coa continuidade e nos termos establecidos no contrato ou ordenados posteriormente polo órgano de contratación.
- c) Admitir a utilización das obras por todo usuario, nas condicións que fosen establecidas de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación, mediante o aboamento, de ser o caso, da correspondente tarifa.
- d) Coidar da boa orde e da calidade das obras e do seu uso, para o que poderá ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía que correspondan ao órgano de contratación.
- e) Indemnizar os danos que se ocasionen a terceiros por causa da execución das obras ou da súa explotación, cando lle sexan imputables de acordo co artigo 196 da presente lei.
- f) Protexer o dominio público que quede vinculado á concesión, en especial, preservando os seus valores ecolóxicos e ambientais.
- g) Calquera outra prevista nesta ou noutra lei ou no prego de cláusulas administrativas particulares.

**Artigo 259. Uso e conservación das obras.**

1. O concesionario deberá coidar da adecuada aplicación das normas sobre uso, policía e conservación das obras.
  2. O persoal encargado da explotación das obras, en ausencia de axentes da autoridade, poderá adoptar as medidas necesarias verbo da utilización das obras, e formulará, de ser o caso, as denuncias pertinentes. Para estes efectos, servirán de medio de proba as obtidas polo persoal do concesionario debidamente acreditado e cos medios previamente homologados pola Administración competente, así como calquera outro admitido en dereito.
  3. O concesionario poderalles impedir o uso das obras a aqueles usuarios que non aboan a tarifa correspondente, sen prexuízo do que a este respecto se estableza na lexislación sectorial correspondente.
  4. O concesionario deberá manter as obras de conformidade co que, en cada momento e segundo o progreso da ciencia, dispoña a normativa técnica, ambiental, de accesibilidade e eliminación de barreiras e de seguranza dos usuarios que resulte de aplicación.
  5. A Administración poderá incluír nos pregos de condicións mecanismos para medir a calidade do servizo ofrecida polo concesionario, e outorgar vantaxes ou penalizacións económicas a este en función deles.
- En todo caso, esta opción non poderá ser utilizada para limitar o risco operacional da concesión.

**Artigo 260. Zonas complementarias de explotación comercial.**

1. Atendendo á súa finalidade, as obras poderán incluír, ademais das superficies que sexan precisas segundo a súa natureza, outras zonas ou terreos para a execución de actividades complementarias, comerciais ou industriais que sexan necesarias ou convenientes pola utilidade que prestan aos usuarios das obras e que sexan susceptibles dun aproveitamento económico diferenciado, tales como establecementos de hostalaría, estacións de servizo, zonas de lecer, estacionamentos, locais comerciais e outros susceptibles de explotación.
2. Estas actividades complementarias implantaranse de conformidade co establecido nos pregos xerais ou particulares que rexan a concesión e, de ser o caso, co determinado na lexislación ou planeamento urbanístico que resulte de aplicación.

3. As correspondentes zonas ou espazos quedarán suxeitos ao principio de unidade de xestión e control da Administración pública concedente e serán explotados polo concesionario conxuntamente coas obras, directamente ou a través de terceiros, nos termos establecidos no oportuno prego da concesión.

#### Subsección 2.<sup>a</sup> Prerrogativas e dereitos da Administración

##### Artigo 261. *Prerrogativas e dereitos da Administración.*

1. Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e cos efectos sinalados nesta lei, o órgano de contratación ou, de ser o caso, o órgano que se determine na lexislación específica posuirá as seguintes prerrogativas e dereitos en relación cos contratos de concesión de obras:

- a) Interpretar os contratos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- b) Modificar unilateralmente os contratos por razóns de interese público debidamente xustificadas, de acordo co previsto nesta lei.
- c) Decidir o restablecemento do equilibrio económico da concesión a favor do interese público, na forma e coa extensión previstas no artigo 270.
- d) Acordar a resolución dos contratos nos casos e nas condicións que se establecen nos artigos 279 e 280.
- e) Establecer, de ser o caso, as tarifas máximas pola utilización das obras.
- f) Vixiar e controlar o cumprimento das obrigacións do concesionario, para o cal poderá inspeccionar o servizo, as súas obras, instalacións e locais, así como a documentación, relacionados co obxecto da concesión.
- g) Asumir a explotación das obras nos supostos en que se produza o secuestro ou intervención da concesión.
- h) Imporlle ao concesionario as penalidades pertinentes por razón dos incumprimentos en que incorra.
- i) Exercer as funcións de policía no uso e explotación das obras nos termos que se establezan na lexislación sectorial específica.
- j) Impor con carácter temporal as condicións de utilización das obras que sexan necesarias para solucionar situacións excepcionais de interese xeral, e aboar a indemnización que, de ser o caso, proceda.
- k) Calquera outro dereito recoñecido nesta ou noutras leis.

2. O exercicio das prerrogativas administrativas previstas neste artigo axustarase ao disposto nesta lei e na lexislación específica que resulte de aplicación.

##### Artigo 262. *Modificación das obras.*

1. O órgano de contratación poderá acordar, cando o interese público o exixa e se concorren as circunstancias previstas nesta lei, a modificación das obras, así como a súa ampliación e, de ser o caso, revisarase o plan económico-financeiro co obxecto de acomodalo ás novas circunstancias.

2. Toda modificación que afecte o equilibrio económico da concesión rexerese polas normas xerais de modificación e polo disposto no artigo 270 da presente lei.

##### Artigo 263. *Secuestro ou intervención da concesión.*

1. O órgano de contratación, logo de audiencia do concesionario, poderá acordar o secuestro ou a intervención da concesión nos casos en que o concesionario non poida facer fronte, temporalmente e con grave dano social, á explotación da obra por causas alleas a el ou incorrese nun incumprimento grave das súas obrigacións que puxese en perigo a dita explotación. O acordo do órgano de contratación será notificado ao concesionario e se este, dentro do prazo que se lle fixou, non corrixe a deficiencia,

executarase o secuestro ou intervención. Así mesmo, poderase acordar o secuestro ou intervención nos demais casos recollidos nesta lei cos efectos previstos nela.

2. Efectuado o secuestro ou intervención, corresponderalle ao órgano de contratación a explotación directa da obra pública e a percepción da contraprestación establecida, e poderá utilizar o mesmo persoal e material do concesionario. O órgano de contratación designará un ou varios interventores que substituirán plena ou parcialmente o persoal directivo da empresa concesionaria. A explotación da obra obxecto de secuestro ou intervención efectuarase por conta e risco do concesionario, a quen se lle devolverá, ao finalizar aquel, co saldo que resulte despois de satisfacer todos os gastos, incluídos os honorarios dos interventores, e deducir, de ser o caso, a contía das penalidades impostas.

3. O secuestro ou intervención terá carácter temporal e a súa duración será a que determine o órgano de contratación, sen que poida exceder, incluídas as posibles prórrogas, os tres anos. O órgano de contratación acordará, de oficio ou por petición do concesionario, o cesamento do secuestro ou intervención cando resulte acreditada a desaparición das causas que o motivaron e o concesionario xustifique estar en condicións de proseguir a normal explotación da obra. Transcorrido o prazo fixado para o secuestro ou intervención sen que o concesionario garantise a asunción completa das súas obrigacións, o órgano de contratación resolverá o contrato de concesión.

Artigo 264. *Penalidades por incumprimento do concesionario.*

1. Os pregos de cláusulas administrativas particulares establecerán un catálogo de incumprimentos das obrigacións do concesionario, distinguindo entre os de carácter leve e grave. Deberanse considerar penalizables o incumprimento total ou parcial por parte do concesionario das prohibicións establecidas nesta lei, a omisión de actuacións obrigatorias conforme ela e, en particular, o incumprimento dos prazos para a execución das obras, a negligencia no cumprimento dos seus deberes de uso, policía e conservación da obra pública, a interrupción inxustificada total ou parcial da súa utilización e o cobramento ao usuario de cantidades superiores ás legalmente autorizadas.

2. O órgano de contratación poderá impor penalidades de carácter económico, que se establecerán nos pregos de forma proporcional ao tipo de incumprimento e á importancia económica da explotación. O límite máximo das penalidades que se impoñan non poderá exceder o 10 por cento do orzamento total da obra durante a súa fase de construción. Se a concesión está en fase de explotación, o límite máximo das penalidades anuais non poderá exceder o 20 por cento dos ingresos obtidos pola explotación da obra pública durante o ano anterior.

Os límites establecidos para as penalizacións serán fixados no parágrafo anterior sempre que o dano causado non supere a contía máxima fixada neles. Se a contía do dano causado é superior á penalización máxima establecida neste artigo, ampliarase o límite ata o valor do dano causado.

3. Os incumprimentos graves darán lugar, ademais, á resolución da concesión nos casos previstos no correspondente prego.

4. Ademais dos supostos previstos nesta lei, nos pregos estableceranse os incumprimentos graves que poden dar lugar ao secuestro temporal da concesión, con independencia das penalidades que en cada caso procedan por razón do incumprimento.

5. Durante a fase de execución da obra o réxime de penalidades que se impoñan ao concesionario será o establecido no artigo 192 da presente lei.

6. Con independencia do réxime de penalidades previsto no prego, a Administración poderá tamén impor ao concesionario multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigacións, sempre que fose requirido previamente e non as cumprise no prazo fixado. Na falta de determinación pola lexislación específica, o importe diario da multa será de 3.000 euros.

*Sección 5.ª Réxime económico financeiro da concesión**Artigo 265. Financiamento das obras.*

1. As obras obxecto de concesión financiaraas, total ou parcialmente, o concesionario que, en todo caso, asumirá o risco operacional nos termos definidos no punto cuarto do artigo 14.

2. Cando existan razóns de rendibilidade económica ou social, ou concorran singulares exigencias derivadas do fin público ou interese xeral das obras obxecto de concesión, a Administración poderá tamén achegar recursos públicos para o seu financiamento, que adoptará a forma de financiamento conxunto da obra, mediante subvencións ou préstamos reintegrables, con ou sen xuro, de acordo co establecido no artigo 252 e nesta sección, e de conformidade coas previsións do correspondente prego de cláusulas administrativas particulares. Deberase respectar en todo caso o principio de asunción do risco operacional polo concesionario.

3. A construción das obras obxecto de concesión poderá, así mesmo, ser financiada con achegas doutras administracións públicas distintas á concedente, nos termos que se conteñan no correspondente convenio, e co financiamento que poida provir doutros organismos nacionais ou internacionais.

*Artigo 266. Achegas públicas á construción e garantías ao financiamento.*

1. As administracións públicas poderán contribuír ao financiamento das obras mediante achegas que serán realizadas durante a fase de execución das obras, tal como dispón o artigo 252, ou unha vez concluídas estas, e cuxo importe será fixado polos licitadores nas súas ofertas dentro da contía máxima que establezan os pregos de condicións.

2. As achegas públicas a que se refire o número anterior poderán consistir en achegas non pecuniarias do órgano de contratación ou de calquera outra Administración coa cal exista convenio para o efecto, de acordo coa valoración delas que conteña o prego de cláusulas administrativas particulares.

Os bens inmoables que se entreguen ao concesionario integraranse no patrimonio afecto á concesión, destinaranse ao uso previsto no proxecto das obras e reverterán á Administración no momento da súa extinción. En todo caso, deberase respectar o disposto nos plans de ordenación urbanística ou sectorial que os afecten.

3. Todas as achegas públicas deben estar previstas no prego de condicións, a súa contía determinarase no procedemento de adxudicación e non se poderán incrementar con posterioridade á adxudicación do contrato.

4. O mesmo réxime establecido para as achegas será aplicable a calquera tipo de garantía, avais e outras medidas de apoio ao financiamento do concesionario que, en todo caso, terán que estar previstas nos pregos.

*Artigo 267. Retribución pola utilización das obras.*

1. O concesionario terá dereito a percibir dos usuarios ou da Administración unha retribución pola utilización das obras na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares e de conformidade co establecido neste artigo, que se denominará tarifa e terá a natureza de prestación patrimonial de carácter público non tributario.

2. As tarifas que aboen os usuarios pola utilización das obras fixaraas o órgano de contratación no acordo de adxudicación. As tarifas terán o carácter de máximas e os concesionarios poderán aplicar tarifas inferiores cando así o consideren conveniente.

3. As tarifas serán obxecto de revisión de acordo co establecido no capítulo II do título III do libro I da presente lei.

4. A retribución pola utilización da obra poderá ser aboada pola Administración tendo en conta o grao de dispoñibilidade ofrecido polo concesionario e/ou a súa utilización polos

usuarios, na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares. No caso de que a retribución se efectuase mediante pagamentos por dispoñibilidade, deberase prever nos pregos de cláusulas administrativas particulares a inclusión de índices de corrección automáticos por nivel de dispoñibilidade independentes das posibles penalidades en que poida incurrir o concesionario na prestación do servizo.

5. O concesionario retribuirase igualmente cos ingresos procedentes da explotación da zona comercial directamente vinculada á concesión, no caso de existir esta, segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

6. O concesionario deberá separar contablemente os ingresos provenientes das achegas públicas e aqueloutros procedentes das tarifas aboadas polos usuarios das obras e, de ser o caso, os procedentes da explotación da zona comercial.

#### Artigo 268. *Achegas públicas á explotación.*

As administracións públicas poderán outorgar ao concesionario as seguintes achegas co fin de garantir a viabilidade económica da explotación das obras que, en todo caso, terán que estar previstas no prego de condicións e non se poderán incrementar con posterioridade á adxudicación do contrato, sen prexuízo do reequilibrio previsto no artigo 270:

a) Subvencións, anticipos reintegrables, préstamos participativos, subordinados ou doutra natureza, para seren achegados desde o inicio da explotación das obras ou no transcurso delas. A devolución dos préstamos e o pagamento dos xuros devindicados, de ser o caso, por eles axustaranse aos termos previstos na concesión.

b) Axudas, incluíndo todo tipo de garantías, nos casos excepcionais en que, por razóns de interese público, resulte aconsellable a promoción da utilización das obras antes de que a súa explotación acade o limiar mínimo de rendibilidade.

#### Artigo 269. *Obras diferenciadas.*

1. Cando dúas ou máis obras manteñan unha relación funcional entre elas, o contrato de concesión de obras non perde a súa natureza polo feito de que a utilización dunha parte das obras construídas non estea suxeita a remuneración sempre que a dita parte sexa, así mesmo, competencia da Administración concedente e incida na explotación da concesión.

2. O correspondente prego de cláusulas administrativas particulares especificará con claridade os aspectos concernentes ás obras obxecto de concesión, segundo se determina nesta lei, distinguindo, para estes efectos, a parte obxecto de remuneración daquela que non o é.

Os licitadores deberán presentar o correspondente plan económico-financeiro que recolla ambas as partes das obras.

3. En todo caso, para determinar as tarifas aplicables pola utilización das obras obxecto de concesión terase en conta o importe total das obras realizadas.

#### Artigo 270. *Mantemento do equilibrio económico do contrato.*

1. O contrato de concesión de obras deberá manter o seu equilibrio económico nos termos que foron considerados para a súa adxudicación, tendo en conta o interese xeral e o interese do concesionario, de conformidade co disposto no número seguinte.

2. Deberase restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

a) Cando a Administración realice unha modificación das sinaladas no artigo 262.

b) Cando actuacións da Administración pública concedente, polo seu carácter obrigatorio para o concesionario, determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.

Fóra dos casos previstos nas letras anteriores, unicamente procederá o restablecemento do equilibrio económico do contrato cando causas de forza maior determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato. Para estes efectos, entenderase por causas de forza maior as enumeradas no artigo 239.

En todo caso, non existirá dereito ao restablecemento do equilibrio económico financeiro por incumprimento das previsións da demanda recollidas no estudo da Administración ou no estudo que puidese realizar o concesionario.

3. Nos supostos previstos no número anterior, o restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan. Estas medidas poderán consistir na modificación das tarifas establecidas pola utilización das obras, na modificación na retribución que lle deberá aboar a Administración concedente, na redución do prazo concesional e, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. Así mesmo, nos casos previstos na letra b) e no último parágrafo do número 2 anterior, e sempre que a retribución do concesionario proveña en máis dun 50 por cento de tarifas aboadas polos usuarios, poderase prorrogar o prazo da concesión por un período que non exceda un 15 por cento da súa duración inicial.

4. O contratista terá dereito a desistir do contrato cando este resulte extraordinariamente oneroso para el, como consecuencia dunha das seguintes circunstancias:

a) Unha Administración distinta da concedente aproba unha disposición xeral con posterioridade á formalización do contrato.

b) O concesionario, por vir obrigado legal ou contractualmente, debe incorporar ás obras ou á súa explotación avances técnicos que as melloren notoriamente e cuxa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se produciu con posterioridade á formalización do contrato.

Entenderase que o cumprimento do contrato devén extraordinariamente oneroso para o concesionario cando a incidencia das disposicións das administracións ou o importe de melloras técnicas que se deban incorporar supoñan un incremento neto anualizado dos custos de, polo menos, o 5 por cento do importe neto da cifra de negocios da concesión polo período que reste ata a súa conclusión. Para o cálculo do incremento deduciranse, de ser o caso, os posibles ingresos adicionais que a medida poida xerar.

Cando o contratista desista do contrato como consecuencia do establecido neste número, a resolución non dará dereito a ningunha indemnización para ningunha das partes.

5. No caso de que os acordos que dite o órgano de contratación respecto ao desenvolvemento da explotación da concesión de obras carezan de transcendencia económica, o concesionario non terá dereito a indemnización ou compensación por razón deles.

## Sección 6.<sup>a</sup> Financiamento privado

### Subsección 1.<sup>a</sup> Emisión de títulos polo concesionario

#### Artigo 271. *Emisión de obrigacións e outros títulos.*

1. O concesionario poderá apelar ao crédito no mercado de capitais, tanto exterior como interior, mediante a emisión de toda clase de obrigacións, bonos ou outros títulos semellantes admitidos en dereito.

2. Non se poderán emitir títulos cuxo prazo de reembolso total ou parcial finalice en data posterior ao termo da concesión.

3. As emisións de obrigacións poderán contar co aval do Estado e dos seus organismos públicos, que se outorgará conforme as prescricións da normativa orzamentaria. A concesión do aval por parte das comunidades autónomas, entidades

locais, dos seus organismos públicos respectivos e demais suxeitos sometidos a esta lei outorgárase conforme o que estableza a súa normativa específica.

4. A emisión das obrigacións, bonos ou outros títulos referidos deberá ser comunicada ao órgano de contratación no prazo máximo dun mes desde a data en que cada emisión se realice.

5. Ás emisións de valores reguladas neste artigo e no seguinte resultarlles de aplicación o disposto no texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

6. Se a emisión foi obxecto de rexistro ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o risco financeiro correspondente aos valores foi avaliado positivamente por unha entidade cualificadora recoñecida pola dita entidade supervisora, non será de aplicación o límite do importe previsto no artigo 401 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

*Artigo 272. Incorporación a títulos negociables dos dereitos de crédito do concesionario.*

1. Poderanse emitir valores que representen unha participación nun ou varios dos dereitos de crédito a favor do concesionario consistentes no dereito ao cobramento das tarifas, dos ingresos que poida obter pola explotación dos elementos comerciais relacionados coa concesión, así como os que correspondan ás achegas que, de ser o caso, deba realizar a Administración. A cesión destes dereitos formalizarase en escritura pública que, no suposto de cesión das achegas que teña que efectuar a Administración, se deberá notificar ao órgano contratante, sen prexuízo do disposto no parágrafo quinto deste número.

Os valores negociables anteriormente referidos representarase en títulos ou en anotacións en conta, poderanse realizar unha ou varias emisións e poderán afectar dereitos de crédito previstos para un ou varios exercicios económicos distintos.

Tanto as participacións como directamente os dereitos de crédito a que se refire o primeiro parágrafo deste número poderanse incorporar a fondos de titulización de activos, que se rexerán pola normativa específica que lles corresponda.

Da subscripción e tenza destes valores que non estea limitada a investidores institucionais ou profesionais deixarase nota marxinal na inscrición rexistral da concesión correspondente. Así mesmo, as características das emisións deberán constar nas memorias anuais das sociedades que as realicen.

A emisión destes valores requirirá autorización administrativa previa do órgano de contratación, cuxo outorgamento só se poderá denegar cando o bo fin da concesión ou outra razón de interese público relevante o xustifiquen. O prazo para notificar a resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses; transcorrido este sen resolución expresa, a solicitude deberase entender estimada.

2. Sempre que designen previamente unha persoa física ou xurídica que actúe como representante único ante a Administración só para os efectos previstos neste número, os tedores de valores a que se refire o número 1 deste artigo poderán exercer as facultades que se atribúen ao acreedor hipotecario no artigo 274. Se, ademais, as operacións a que se refire o dito número 1 previsen expresamente a satisfacción dos dereitos dos tedores antes do transcurso do prazo concesional, estes poderán exercer as facultades a que se refire o número 3 do citado artigo 274 a partir do vencemento dos títulos.

3. Cando se produza causa de resolución da concesión imputable ao concesionario sen que os acredores obtivesen o reembolso correspondente aos seus títulos, a Administración concedente poderá optar por algunha das seguintes actuacións:

a) Salvo que as causas de resolución sexan as previstas na letra b) do número 1 do artigo 211, acordar o secuestro ou a intervención da concesión conforme o previsto no artigo 263 desta lei, para os únicos efectos de satisfacer os dereitos dos acredores, sen que o concesionario poida percibir ningún ingreso.

b) Resolver a concesión, de maneira que a Administración quede liberada coa posta á disposición dos acredores da menor das seguintes cantidades:

1.º O importe da indemnización que corresponda ao concesionario por aplicación do previsto no artigo 280.

2.º A diferenza entre o valor nominal da emisión e as cantidades percibidas ata o momento de resolución da concesión tanto en concepto de xuros como de amortizacións parciais.

4. Se se produce causa de resolución non imputable ao concesionario e non se lles satisfixesen integramente aos acredores os seus dereitos, a Administración poderá optar por actuar conforme o previsto no parágrafo a) do número anterior ou ben por resolver a concesión acordando co representante dos acredores a contía da débeda e as condicións en que deberá ser amortizada. Na falta de acordo, a Administración quedará liberada coa posta á disposición da diferenza entre o valor nominal do seu investimento e as cantidades percibidas ata o momento de resolución da concesión tanto en concepto de xuros como de amortizacións parciais.

5. Quedará sempre a salvo a facultade de acordar a licitación dunha nova concesión unha vez resolta a anterior.

6. As solicitudes referentes ás autorizacións administrativas previstas neste artigo resolveraaas o órgano competente no prazo dun mes, e deberanse entender desestimadas se non resolve e notifica nese prazo.

#### Subsección 2.ª Hipoteca da concesión

##### Artigo 273. *Obxecto da hipoteca da concesión e peñor de dereitos.*

1. As concesións de obras cos bens e dereitos que leven incorporados serán hipotecables conforme o disposto na lexislación hipotecaria, logo de autorización do órgano de contratación.

Non se admitirá a hipoteca de concesións de obras en garantía de débedas que non garden relación coa concesión correspondente.

2. As solicitudes referentes ás autorizacións administrativas previstas neste artigo e no seguinte resolveraaas o órgano competente no prazo dun mes. Se non se resolven e notifican nese prazo, deberanse entender desestimadas.

3. Os dereitos derivados da resolución dun contrato de concesión de obras ou de concesión de servizos, a que se refiren os primeiros puntos dos artigos 282 e 295, así como os derivados das achegas públicas e da execución de garantías establecidos nos artigos 266 e 268, só se poderán peñar en garantía de débedas que garden relación coa concesión ou co contrato, logo de autorización do órgano de contratación, que se deberá publicar no «Boletín Oficial del Estado» ou no correspondente boletín oficial autonómico ou local.

##### Artigo 274. *Dereitos do acredor hipotecario.*

1. Cando o valor da concesión hipotecada sufrise grave deterioración por causa imputable ao concesionario, o acredor hipotecario poderá solicitar do órgano de contratación pronunciamento sobre a existencia efectiva da dita deterioración. Se esta se confirma poderá, así mesmo, solicitar da Administración que, logo de audiencia do concesionario, lle ordene a este facer ou non facer o que proceda para evitar ou remediar o dano, sen prexuízo do posible exercicio da acción de devastación prevista no artigo 117 da Lei hipotecaria. Con todo, no caso de se exercer a acción administrativa prevista neste número, entenderase que o acredor hipotecario renuncia á acción prevista no citado artigo 117 da Lei hipotecaria.

2. Cando proceda a resolución da concesión por incumprimento dalgunha das obrigacións do concesionario, a Administración, antes de resolver, dará audiencia ao



acredor hipotecario por se este ofrece subrogarse no seu cumprimento e a Administración considera compatible tal ofrecemento co bo fin da concesión.

3. Se a obrigación garantida non fose satisfeita total ou parcialmente no tempo do seu vencemento, antes de promover o procedemento de execución correspondente, o acreedor hipotecario poderá exercer as seguintes facultades sempre que así se previse na correspondente escritura de constitución de hipoteca:

a) Solicitar da Administración concedente que, logo de audiencia do concesionario, dispoña que se asigne á amortización da débeda unha parte da recadación e das cantidades que, de ser o caso, a Administración tivese que facer efectivas ao concesionario. Para tal efecto, poderase designar, por conta e risco do acreedor, un interventor que comprobe os ingresos así obtidos e se faga cargo da parte que se sinalase, a cal non poderá exceder a porcentaxe ou contía que previamente se determine.

b) De existiren bens aptos para iso, solicitar da Administración concedente que, logo de audiencia ao concesionario, lle outorgue a explotación durante un determinado período de tempo de todas ou de parte das zonas complementarias de explotación comercial. No caso de que estas zonas estean a ser explotadas por un terceiro en virtude dunha relación xurídico-privada co concesionario, a medida recollida por este punto deberalle ser notificada ao dito terceiro coa indicación de que queda obrigado a efectuar ao acreedor hipotecario os pagamentos que debese facer ao concesionario.

#### Artigo 275. *Execución da hipoteca.*

1. O adxudicatario no procedemento de execución hipotecaria quedará subrogado na posición do concesionario, logo de autorización administrativa, nos termos que se establecen no número seguinte.

2. Todo o que desexe participar no procedemento de execución hipotecaria en calidade de ofertante ou eventual adxudicatario, incluso o propio acreedor hipotecario se a lexislación sectorial non o impide, deberallo comunicar ao órgano de contratación para obter a oportuna autorización administrativa, que se lle deberá notificar ao interesado no prazo máximo de 15 días, e sen a cal non será admitido no procedemento. A autorización terá carácter regrado e outorgarase sempre que o petionario cumpra os requisitos exixidos ao concesionario.

Se finalizase a fase de construción ou esta non formase parte do obxecto da concesión, só se exixirán os requisitos necesarios para levar a cabo a explotación da obra.

3. Se a poxa queda deserta ou ningún interesado é autorizado polo órgano de contratación para participar no procedemento de execución hipotecaria, a Administración concedente poderá optar por algunha das seguintes actuacións no suposto de que o acreedor hipotecario autorizado, de ser o caso, para ser concesionario non opte polo exercicio do dereito que lle atribúe o artigo 671 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil:

a) Acordar o secuestro ou intervención da concesión conforme o previsto no artigo 263 desta lei sen que o concesionario poida percibir ningún ingreso. Darase trámite de audiencia ao acreedor hipotecario para ofrecerlle a posibilidade de propor un novo concesionario. Se a proposta non se produce ou o candidato proposto non cumpre os requisitos exixibles conforme o establecido no número anterior, licitarase a mesma concesión no menor prazo posible.

b) Resolver a concesión de maneira que a Administración quede liberada coa posta á disposición dos acredores do importe da indemnización que corresponda ao concesionario por aplicación do previsto no artigo 280.

Artigo 276. *Dereitos de titulares de cargas inscritas ou anotadas sobre a concesión para o caso de resolución concesional.*

Cando proceda a resolución da concesión e existan titulares de dereitos ou cargas inscritos ou anotados no Rexistro da Propiedade sobre a concesión, observaranse as seguintes regras:

a) A Administración, unha vez comezado o procedemento, deberá solicitar para a súa incorporación ao expediente certificación do Rexistro da Propiedade, co obxecto de que poidan ser oídos todos os titulares de tales cargas e dereitos.

b) O rexistrador, no momento de expedir a certificación a que se refire o parágrafo anterior, deberá expedir nota na marxe da inscrición da concesión sobre a iniciación do procedemento de resolución.

c) Para cancelar os asentos practicados a favor dos titulares das citadas cargas e dereitos, deberá mediar resolución administrativa firme que declare a resolución da concesión e o aboamento ou depósito, a favor dos ditos titulares, das cantidades garantidas polas indicadas cargas, co límite das eventuais indemnizacións que a Administración deba aboar conforme o previsto no artigo 280.

#### Subsección 3.<sup>a</sup> Outras fontes de financiamento

Artigo 277. *Créditos participativos.*

1. Admítense os créditos participativos para financiar a construción e explotación, ou só a explotación, das obras obxecto de concesión. Nos ditos supostos a participación do prestamista producirase sobre os ingresos do concesionario.

2. O concesionario poderá amortizar anticipadamente o capital prestado nas condicións pactadas.

3. Excepcionalmente, as administracións públicas poderán contribuír ao financiamento da obra mediante o outorgamento de créditos participativos. En tales casos, e salvo estipulación expresa en contrario, o concesionario non poderá amortizar anticipadamente o capital prestado, a non ser que a amortización anticipada implique o aboamento por parte do concesionario do valor actual neto dos beneficios futuros esperados, segundo o plan económico-financieiro revisado e aprobado polo órgano competente da Administración no momento da devolución do capital.

4. A obtención destes créditos deberá selle comunicar ao órgano de contratación no prazo máximo dun mes desde a data en que cada un fose concedido.

#### Sección 7.<sup>a</sup> Extinción das concesións

Artigo 278. *Prórroga do prazo das concesións e extinción da concesión por transcurso do prazo.*

1. Os prazos fixados nos pregos de condicións de acordo co disposto no artigo 29 só poderán ser prorrogados de acordo co establecido no último inciso do número 3 do artigo 270.

2. As concesións relativas a obras hidráulicas rexeranse, canto á súa duración, polo artigo 134.a) do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

3. A concesión entenderase extinguida por cumprimento cando transcorra o prazo inicialmente establecido ou, de ser o caso, o resultante das prórrogas acordadas conforme o número 3 do artigo 270, ou das reducións que se decidisen.

4. Quedarán igualmente extinguidos todos os contratos vinculados á concesión e á explotación das súas zonas comerciais.

**Artigo 279. Causas de resolución.**

Son causas de resolución do contrato de concesión de obras, ademais das sinaladas no artigo 211, coa excepción das recollidas nas súas letras d) e e), as seguintes:

- a) A execución hipotecaria declarada deserta ou a imposibilidade de iniciar o procedemento de execución hipotecaria por falta de interesados autorizados para iso nos casos en que así proceda, de acordo co establecido na lei.
- b) A demora superior a seis meses por parte do órgano de contratación na entrega ao concesionario da contraprestación dos terreos ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.
- c) O rescate da explotación das obras por parte do órgano de contratación. Entenderase por rescate a declaración unilateral do órgano contratante, adoptada por razóns de interese público, pola que dea por terminada a concesión, non obstante a boa xestión do seu titular, para a súa xestión directa pola Administración. O rescate da concesión requirirá, ademais, a acreditación de que a dita xestión directa é máis eficaz e eficiente que a concesional.
- d) A supresión da explotación das obras por razóns de interese público.
- e) A imposibilidade da explotación das obras como consecuencia de acordos adoptados pola Administración concedente con posterioridade ao contrato.
- f) O secuestro ou intervención da concesión por un prazo superior ao establecido de conformidade co número 3 do artigo 263, sen que o contratista garantise a asunción completa das súas obrigacións.

**Artigo 280. Efectos da resolución.**

1. Nos supostos de resolución por causa imputable á Administración, esta aboará en todo caso ao concesionario o importe dos investimentos realizados por razón da expropiación de terreos, execución de obras de construción e adquisición de bens que sexan necesarios para explotar a obra obxecto da concesión, atendendo ao seu grao de amortización. Para o efecto, aplicarase un criterio de amortización lineal. A cantidade resultante fixarase dentro do prazo de tres meses, salvo que se estableza outro no prego de cláusulas administrativas particulares.

Nos casos en que a resolución se produza por causas non imputables á Administración, o importe que se lle aboará ao concesionario por calquera das causas posibles será o que resulte da valoración da concesión, determinado conforme o disposto no artigo 281.

En todo caso, entenderase que a resolución da concesión non é imputable á Administración cando obedeza a algunha das causas previstas nas letras a), b) e f) do artigo 211, así como nas letras a) e f) do artigo 279.

2. Cando o contrato se resolva por causa imputable ao concesionario, seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar a Administración polos danos e perdas ocasionados no que exceda o importe da garantía incautada.

3. Nos supostos das letras b), c), d) e e) do artigo 279 e, en xeral, nos casos en que a resolución do contrato se producise por causas imputables á Administración e sen prexuízo do disposto no número 1 deste artigo, a Administración concedente indemnizará o concesionario polos danos e perdas que se lle irroguen.

Para determinar a contía da indemnización teranse en conta:

a) Os beneficios futuros que o concesionario deixará de percibir, que se cuantificarán na media aritmética dos beneficios antes de impostos obtidos durante un período de tempo equivalente aos anos que restan ata a terminación da concesión. No caso de que o tempo restante sexa superior ao transcorrido, tomarase como referencia este último. A taxa de desconto aplicable será a que resulte do custo de capital medio ponderado correspondente ás últimas contas anuais do concesionario.

b) A perda do valor das obras e instalacións que non deban ser entregadas a aquela, considerando o seu grao de amortización.

4. O órgano de contratación poderá acordar tamén a resolución dos contratos outorgados polo concesionario para o aproveitamento das zonas complementarias. O órgano de contratación poderá acordar tamén, como consecuencia da resolución da concesión, a resolución dos contratos outorgados de explotación comercial, e aboará a indemnización que, de ser o caso, corresponda. Esta indemnización será aboada con cargo ao concesionario cando a resolución se producise como consecuencia de causa imputable a este. Cando non se acorde a resolución dos citados contratos, os titulares dos dereitos de aproveitamento seguirán exercéndoos, quedando obrigados fronte ao órgano de contratación nos mesmos termos en que o estivesen fronte ao concesionario, salvo que se chegase, de mutuo acordo, á revisión do correspondente contrato.

5. Se o concesionario non cumpre coas obrigacións do beneficiario nas expropiacións e en virtude de resolución xudicial, calquera que sexa a súa data, a Administración concedente ten que se facer cargo de aboar as indemnizacións aos expropiados, esta quedará subrogada no crédito do expropiado. En todo caso, desde o momento en que se declare a obrigación de pagamento a cargo da Administración concedente, as cantidades que non lle sexan reembolsadas minorarán o importe global que corresponda de conformidade co disposto no punto primeiro deste artigo.

6. No suposto da letra b) do artigo 279, o contratista terá dereito ao aboamento do xuro de demora previsto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais das cantidades debidas ou valores económicos convidados, a partir do vencemento do prazo previsto para a súa entrega e ata a liquidación da indemnización resultante da resolución, así como dos danos e perdas sufridos.

*Artigo 281. Novo proceso de adxudicación en concesión de obras nos casos en que a resolución obedeza a causas non imputables á Administración.*

1. No suposto de resolución por causas non imputables á Administración, o órgano de contratación deberá licitar novamente a concesión; o tipo de licitación será o que resulte do artigo seguinte. A licitación realizarase mediante poxa á alza e o único criterio de adxudicación será o prezo.

No caso de que quede deserta a primeira licitación, convocarase unha nova licitación no prazo máximo dun mes; o tipo de licitación será o 50 por cento da primeira.

O adxudicatario da licitación deberá aboar o importe desta no prazo de dous meses desde que se adxudicase a concesión. No caso de que non se aboe o citado importe no indicado prazo, a adxudicación quedará sen efecto e adxudicaráselle ao seguinte licitador por orde ou, no caso de non haber máis licitadores, declararase a licitación deserta.

A convocatoria da licitación poderase realizar sempre que se incoase o expediente de resolución, aínda que non se poderá adxudicar ata que este non concluíse. En todo caso, desde a resolución da concesión ata a apertura das ofertas da primeira licitación non poderá transcorrer un prazo superior a tres meses.

Poderá participar na licitación todo empresario que obtivese a oportuna autorización administrativa nos termos previstos no número 2 do artigo 275.

2. O valor da concesión, no caso de que a resolución obedeza a causas non imputables á Administración, será o que resulte da adxudicación das licitacións a que se refire o número anterior.

No caso de que a segunda licitación quede deserta, o valor da concesión será o tipo desta, sen prexuízo da posibilidade de que o concesionario orixinario ou acredores titulares presenten polo menos un 5 por cento do pasivo exixible da concesionaria, no prazo máximo de tres meses contados desde que quedou deserta, un novo comprador que aboe polo menos o citado tipo de licitación, caso en que o valor da concesión será o importe aboado polo novo comprador.

A Administración aboarálle ao primitivo concesionario o valor da concesión nun prazo de tres meses desde que se realizase a adxudicación da licitación a que se refire o número anterior ou desde que a segunda licitación quedase deserta.

En todo caso, o novo concesionario subrogarase na posición do primitivo concesionario e quedará obrigado a realizar as actuacións vinculadas ás subvencións de capital percibidas cando non se cumprise a finalidade para a cal se concedeu a subvención.

3. O contrato resultante da licitación referida no número 1 terá, en todo caso, a natureza de contrato de concesión de obras e as súas condicións serán as establecidas no contrato primitivo que se resolveu, incluíndo o prazo de duración.

*Artigo 282. Determinación do tipo de licitación da concesión de obras nos casos en que a resolución obedeza a causas non imputables á Administración.*

Para fixar o tipo da primeira licitación, a que se refire o artigo 281, observaranse as seguintes regras:

a) O tipo determinarase en función dos fluxos futuros de caixa que se prevega que vai obter a sociedade concesionaria pola explotación da concesión, no período que resta desde a resolución do contrato ata a súa reversión, actualizados ao tipo de desconto do xuro das obrigacións do Tesouro a dez anos incrementado en 300 puntos básicos.

Tomaranse como referencia para o cálculo do dito rendemento medio os últimos datos dispoñibles publicados polo Banco de España no «Boletín del Mercado de Deuda Pública».

b) O instrumento de débeda que serve de base ao cálculo da rendibilidade razoable e o diferencial citados poderán ser modificados pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, logo de informe da Oficina Nacional de Avaliación, para adaptalo ás condicións de risco e rendibilidade observadas nos contratos do sector público.

c) Os fluxos netos de caixa futuros cuantificaranse na media aritmética dos fluxos de caixa obtidos pola entidade durante un período de tempo equivalente aos anos que restan ata a terminación. No caso de que o tempo restante sexa superior ao transcorrido, tomarase como referencia este último. Non se incorporará ningunha actualización de prezos en función da inflación futura estimada.

d) O valor dos fluxos de caixa será o que o Plan xeral de contabilidade establece no estado de fluxos de efectivo como fluxos de efectivo das actividades de explotación, sen computar en ningún caso os pagamentos e cobramentos de xuros, os cobramentos de dividendos e os cobramentos ou pagamentos por imposto sobre beneficios.

e) Se a resolución do contrato se producise antes da terminación da construción da infraestrutura, o tipo da licitación será o 70 por cento do importe equivalente ao investimento executado. Para estes efectos, entenderase por investimento executado o importe que figure nas últimas contas anuais aprobadas incrementadas na cantidade resultante das certificacións cursadas desde o peche do exercicio das últimas contas aprobadas ata o momento da resolución. Do dito importe deducirase o correspondente ás subvencións de capital percibidas polo beneficiario cuxa finalidade non se cumprise.

*Artigo 283. Destino das obras no momento da extinción da concesión.*

1. O concesionario quedará obrigado a facer entrega á Administración concedente, en bo estado de conservación e uso, das obras incluídas na concesión, así como dos bens e instalacións necesarios para a súa explotación e dos bens e instalacións incluídos na zona de explotación comercial, se a houber, de acordo co establecido no contrato, todo o cal quedará reflectido na acta de recepción.

Cando ao rematar a concesión se lle entreguen bens e instalacións ao órgano de contratación, levantarase unha acta de recepción formal. O levantamento desta acta e o seu contido axustaranse ao establecido no artigo 243 desta lei.

2. Con todo, os pregos poderán prever que, no momento da extinción da concesión, estas obras, bens e instalacións, ou algúns deles, deban ser demolidos polo concesionario, que reporá os bens sobre os cales se asentaban ao estado en que se atopaban antes da súa construción.

3. Os bens afectos á concesión que vaian reverter á Administración non poderán ser obxecto de embargo.

## CAPÍTULO III

**Do contrato de concesión de servizos***Sección 1.ª Delimitación do contrato de concesión de servizos*Artigo 284. *Ámbito do contrato de concesión de servizos.*

1. A Administración poderá xestionar indirectamente, mediante contrato de concesión de servizos, os servizos da súa titularidade ou competencia sempre que sexan susceptibles de explotación económica por particulares. En ningún caso se poderán prestar mediante concesión de servizos os que impliquen exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.

2. Antes de contratar unha concesión de servizos, nos casos en que se trate de servizos públicos, deberase ter establecido o seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia dela, que determine o alcance das prestacións en favor dos administrados e que regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.

3. O contrato expresará con claridade, en todo caso, o ámbito da concesión, tanto na orde funcional como na territorial.

*Sección 2.ª Réxime xurídico**Subsección 1.ª Actuacións preparatorias do contrato de concesión de servizos*Artigo 285. *Pregos e anteproxecto de obra e explotación.*

1. Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas deberán facer referencia, polo menos, aos seguintes aspectos:

a) Definirán o obxecto do contrato e deberán prever a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, sen diminución da eficacia da prestación, de acordo co disposto no artigo 99.3, coa finalidade de promover a libre concorrencia.

b) Fixarán as condicións de prestación do servizo e, de ser o caso, as tarifas que deban aboar os usuarios, os procedementos para a súa revisión e o canon ou participación que se deba satisfacer á Administración. En canto á revisión de tarifas, os pregos de cláusulas administrativas deberanse axustar ao previsto no capítulo II, do título III, do libro primeiro.

c) Regularán tamén a distribución de riscos entre a Administración e o concesionario en función das características particulares do servizo, aínda que en todo caso o risco operacional lle corresponderá ao contratista.

d) Definirán os requisitos de capacidade e solvencia financeira, económica e técnica que sexan exixibles aos licitadores, e poderán fixar distintos requisitos de solvencia en función das diferentes fases do contrato, de conformidade co disposto no artigo 86.3, para os efectos dunha posible cesión nos termos establecidos no artigo 214.2.c).

e) Preverán tamén a posibilidade de que se produza a cesión do contrato, de conformidade co previsto no artigo 214, así como das participacións na sociedade concesionaria cando os licitadores constituísen unha sociedade de propósito específico para executar o contrato. Así mesmo, establecerán criterios para determinar cando se deberá considerar a cesión das participacións por supor un efectivo cambio de control e, no caso de que estea xustificado polas características do contrato, estableceranse tamén mecanismos de control para cesións de participacións na sociedade concesionaria que non se poidan equiparar a unha cesión do contrato. En todo caso, considerarase que se produce un efectivo cambio de control cando se ceda o 51 por cento das participacións.

Nos casos en que a concesión de servizos se refira a servizos públicos, o establecido no presente número realizarase de acordo coas normas reguladoras do réxime xurídico do servizo a que se refire o artigo 284.2.

2. Nos contratos de concesión de servizos a tramitación do expediente irá precedida da realización e aprobación dun estudo da súa viabilidade ou, de ser o caso, dun estudo de viabilidade económico-financeira, que terán carácter vinculante nos supostos en que conclúan na inviabilidade do proxecto. Nos casos en que os contratos de concesión de servizos comprendan a execución de obras, a tramitación irá precedida, ademais, cando cumpra de conformidade co disposto no artigo 248.1, da elaboración e aprobación administrativa do anteproxecto de construción e explotación das obras que resulten precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa realización e, ademais, da redacción, supervisión, aprobación e implantación do correspondente proxecto das obras.

Nos supostos en que para a viabilidade da concesión se prevexan axudas á súa construción ou explotación, o estudo de viabilidade pronunciarase sobre a existencia dunha posible axuda de Estado e a súa compatibilidade co Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Subsección 2.<sup>a</sup> Efectos, cumprimento e extinción do contrato de concesión de servizos

Artigo 286. *Efectos, cumprimento e extinción.*

Os efectos, cumprimento e extinción dos contratos de concesión de servizos regularanse pola presente lei, excluídos os artigos 208 e 210. Tampouco resultarán de aplicación, salvo na fase de construción cando comprenda a execución de obras, o número 2 do artigo 192, o artigo 193 e o artigo 195.

*Sección 3.<sup>a</sup> Execución do contrato de concesión de servizos*

Artigo 287. *Execución do contrato de concesión de servizos.*

1. O concesionario está obrigado a organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados nel e, de ser o caso, a executar as obras conforme o proxecto aprobado polo órgano de contratación.

2. No caso de que a concesión recaia sobre un servizo público, a Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trate.

3. As concesións de servizos unicamente poderán ser obxecto de hipoteca nos casos en que supoñan a realización de obras ou instalacións fixas necesarias para prestar o servizo, e exclusivamente en garantía de débedas que garden relación coa concesión.

Artigo 288. *Obrigacións xerais.*

O concesionario estará suxeito ao cumprimento das seguintes obrigacións:

a) Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o aboamento, de ser o caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas. En caso de extinción do contrato por cumprimento deste, o contratista deberá seguir prestando o servizo ata que se formalice o novo contrato.

b) Coidar da boa orde do servizo, para o cal poderá ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía a que se refire o artigo anterior.

c) Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.

d) Respetar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministración consecuencia do de concesión de servizos.

e) Calquera outra prevista na lexislación, no prego de cláusulas administrativas particulares e no resto da documentación contractual.

#### Artigo 289. *Prestacións económicas.*

1. O concesionario ten dereito ás contraprestacións económicas previstas no contrato, entre as cales se incluírá, para facer efectivo o seu dereito á explotación do servizo, unha retribución fixada en función da súa utilización, que se percibirá directamente dos usuarios ou da propia Administración.

2. As contraprestacións económicas pactadas, que se denominarán tarifas e terán a natureza de prestación patrimonial de carácter público non tributario, serán revisadas, de ser o caso, na forma establecida no contrato, que se axustará, en todo caso, ao previsto no capítulo II do título III do libro primeiro da presente lei, relativo á revisión de prezos nos contratos das entidades do sector público.

Na contabilidade diferenciada que o concesionario debe levar respecto de todos os ingresos e gastos da concesión, e que deberá estar á disposición da entidade contratante, quedarán debidamente reflectidos todos os ingresos derivados das contraprestacións pactadas na forma prevista no número 6 do artigo 267.

3. Se así o establece o prego de cláusulas administrativas particulares, o concesionario aboaralle á Administración concedente un canon ou participación, que se determinará e se aboará na forma e condicións previstas no citado prego e na restante documentación contractual.

#### *Sección 4.ª Modificación do contrato de concesión de servizos*

#### Artigo 290. *Modificación do contrato e mantemento do seu equilibrio económico.*

1. A Administración poderá modificar as características do servizo contratado e as tarifas que deben aboar os usuarios, unicamente por razóns de interese público e se concorren as circunstancias previstas na subsección 4.ª da sección 3.ª do capítulo I do título I do libro segundo da presente lei.

2. Cando as modificacións afecten o réxime financeiro do contrato, deberase compensar a parte correspondente de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato.

3. No caso de que os acordos que dite a Administración respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica, o concesionario non terá dereito a indemnización por razón deles.

4. Deberase restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

a) Cando a Administración realice unha modificación das sinaladas no número 1 do presente artigo e concorran as circunstancias alí establecidas.

b) Cando actuacións da Administración pública concedente, polo seu carácter obrigatorio para o concesionario, determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.

Fóra dos casos previstos nas letras anteriores, unicamente procederá o restablecemento do equilibrio económico do contrato cando causas de forza maior determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato. Para estes efectos, entenderase por causas de forza maior as enumeradas no artigo 239 da presente lei.



En todo caso, non existirá dereito ao restablecemento do equilibrio económico financeiro por incumprimento das previsións da demanda recollidas no estudo da Administración ou no estudo que puidese realizar o concesionario.

5. Nos supostos previstos no número anterior, o restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan. Estas medidas poderán consistir na modificación das tarifas que deberán aboar os usuarios, na modificación da retribución que deberá aboar a Administración concedente, na redución do prazo da concesión e, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. Así mesmo, nos casos previstos na letra b) e no último parágrafo do punto anterior, poderase ampliar o prazo do contrato por un período que non exceda un 15 por cento da súa duración inicial, respectando os límites máximos de duración previstos legalmente.

6. O contratista terá dereito a desistir do contrato cando este resulte extraordinariamente oneroso para el, como consecuencia dunha das seguintes circunstancias:

a) Cando unha Administración distinta da concedente aprobe unha disposición xeral con posterioridade á formalización do contrato.

b) Cando o concesionario, por estar obrigado legal ou contractualmente, deba incorporar ás obras ou á súa explotación avances técnicos que as melloren notoriamente e cuxa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á formalización do contrato.

Entenderase que o cumprimento do contrato devén extraordinariamente oneroso para o concesionario cando a incidencia das disposicións das administracións ou o importe das melloras técnicas que se deban incorporar supoñan un incremento neto anualizado dos custos de, polo menos, o 5 por cento do importe neto da cifra de negocios da concesión polo período que reste ata a súa conclusión. Para o cálculo do incremento deduciranse, de ser o caso, os posibles ingresos adicionais que a medida poida xerar.

Cando o contratista desista do contrato como consecuencia do establecido neste punto, a resolución non dará dereito a ningunha indemnización para ningunha das partes.

#### *Sección 5.ª Cumprimento e efectos do contrato de concesión de servizos*

##### *Artigo 291. Reversión.*

1. Unha vez finalizado o prazo da concesión, o servizo reverterá á Administración e o contratista deberá entregar as obras e instalacións a que estea obrigado conforme o contrato e no estado de conservación e funcionamento adecuados.

2. Durante un período prudencial anterior á reversión, que se deberá fixar no prego, o órgano competente da Administración adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens se verifique nas condicións convidadas.

3. Os bens afectos á concesión que vaian reverter á Administración en virtude do establecido no presente artigo non poderán ser obxecto de embargo.

##### *Artigo 292. Falta de entrega de contraprestacións económicas e medios auxiliares.*

Se a Administración non fixer efectiva ao concesionario a contraprestación económica ou non entregar os medios auxiliares a que se obrigou no contrato dentro dos prazos previstos nel e non proceder a resolución do contrato ou non a solicitar o concesionario, este terá dereito ao xuro de demora das cantidades ou valores económicos que aqueles signifiquen, de conformidade co establecido no artigo 198.

##### *Artigo 293. Incumprimento do concesionario.*

1. Cando o contrato recaia sobre un servizo público, se por causas alleas ao concesionario ou ben polo incumprimento por parte deste derive perturbación grave e non

reparable por outros medios no servizo, a Administración poderá acordar o seu secuestro ou intervención nos termos establecidos no artigo 263. En todo caso, o concesionario deberalle aboar á Administración os danos e perdas que efectivamente lle ocasionase.

2. En calquera caso, nos supostos de incumprimento por parte do concesionario, resultará de aplicación o réxime de penalidades establecido no artigo 264 da presente lei respecto da concesión de obras, sempre que resulte compatible coa natureza da concesión de servizos.

#### *Sección 6.<sup>a</sup> Resolución do contrato de concesión de servizos*

##### *Artigo 294. Causas de resolución.*

Son causas de resolución do contrato de concesión de servizos, ademais das sinaladas no artigo 211, coa excepción das establecidas nas súas letras d) e e), as seguintes:

a) A execución hipotecaria declarada deserta ou a imposibilidade de iniciar o procedemento de execución hipotecaria por falta de interesados autorizados para iso nos casos en que así proceda, de acordo co establecido nesta lei.

b) A demora superior a seis meses por parte da Administración na entrega ao concesionario da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.

c) O rescate do servizo por parte Administración para a súa xestión directa por razóns de interese público. O rescate da concesión requirirá, ademais, a acreditación de que a dita xestión directa é máis eficaz e eficiente que a concesional.

d) A supresión do servizo por razóns de interese público.

e) A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ao contrato.

f) O secuestro ou intervención da concesión por un prazo superior ao establecido de conformidade co número 3 do artigo 263, sen que o contratista garantise a asunción completa das súas obrigacións.

##### *Artigo 295. Efectos da resolución.*

1. Nos supostos de resolución por causa imputable á Administración, esta aboalle ao concesionario, en todo caso, o importe dos investimentos realizados por razón da expropiación de terreos, execución de obras de construción e adquisición de bens que sexan necesarios para a explotación dos servizos obxecto de concesión, atendendo ao seu grao de amortización. Para o efecto, aplicarase un criterio de amortización lineal do investimento.

Cando a resolución obedeza a causas non imputables á Administración, o importe que se lle aboará ao concesionario por razón da expropiación de terreos, execución de obras e adquisición de bens que deban reverter á Administración será o que resulte da valoración da concesión, determinado conforme o disposto no artigo 281.

En todo caso, entenderase que non é imputable á Administración a resolución do contrato cando esta obedeza a algunha das causas establecidas nas letras a), b) e f) do artigo 211, así como ás causas establecidas nas letras a) e f) do artigo 294.

2. Con independencia do disposto no artigo 213, o incumprimento por parte da Administración ou do contratista das obrigacións do contrato producirá os efectos que, segundo as disposicións específicas do servizo, poidan afectar estes contratos.

3. No suposto da letra b) do artigo 294, o contratista terá dereito ao aboamento do xuro de demora previsto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais, das cantidades debidas ou valores económicos convidados, a partir do vencemento do prazo previsto para a súa entrega e ata a liquidación da indemnización resultante da resolución, así como dos danos e perdas sufridos.

4. Nos supostos das letras b), c), d) e e) do artigo 294 e, en xeral, nos casos en que a resolución do contrato se producise por causas imputables á Administración, sen prexuízo do disposto no número 1 deste artigo, a Administración indemnizará o contratista polos danos e perdas que se lle irroguen, incluídos os beneficios futuros que deixe de percibir, cuantificados conforme o establecido na letra a) do número 3 do artigo 280, e a perda do valor das obras e instalacións que non deban reverter a aquela, tendo en conta o seu grao de amortización.

#### *Sección 7.<sup>a</sup> Subcontratación do contrato de concesión de servizos*

##### *Artigo 296. Subcontratación.*

No contrato de concesión de servizos, a subcontratación só poderá recaer sobre prestacións accesorias e resultaralle de aplicación a regulación establecida nos artigos 215, 216 e 217 da presente lei.

#### *Sección 8.<sup>a</sup> Regulación supletoria do contrato de concesión de servizos*

##### *Artigo 297. Regulación supletoria.*

No non previsto no presente capítulo respecto ao contrato de concesión de servizos, seralle de aplicación a regulación establecida na presente lei respecto ao contrato de concesión de obras, sempre que resulte compatible coa natureza daquel.

### CAPÍTULO IV

#### **Do contrato de subministración**

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Regulación de determinados contratos de subministración*

##### *Artigo 298. Arrendamento.*

No contrato de arrendamento, o arrendador ou empresario asumirá durante o prazo de vixencia do contrato a obrigaición do mantemento do obxecto deste. As cantidades que, de ser o caso, deba satisfacer a Administración en concepto de canon de mantemento fíxaranse separadamente das constitutivas do prezo do arrendamento.

##### *Artigo 299. Contratos de fabricación.*

Aos contratos de fabricación aplicaráselles directamente as normas xerais e especiais do contrato de obras que o órgano de contratación determine no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, salvo as relativas á súa publicidade e procedemento de adxudicación, que se acomodarán, en todo caso, ao contrato de subministración.

##### *Sección 2.<sup>a</sup> Execución do contrato de subministración*

##### *Artigo 300. Entrega e recepción.*

1. O contratista estará obrigado a entregar os bens obxecto de subministración no tempo e lugar fixados no contrato e de conformidade coas prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

2. Calquera que sexa o tipo de subministración, o adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrese en mora ao recibilos.

3. Cando o acto formal da recepción dos bens, de acordo coas condicións do prego, sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da súa custodia durante o tempo que medie entre unha e outra.

4. Unha vez recibidos de conformidade pola Administración bens ou produtos perecedoiros, esta será responsable da súa xestión, uso ou caducidade, sen prexuízo da responsabilidade do subministrador polos vicios ou defectos ocultos deles.

Artigo 301. *Pagamento do prezo.*

1. O adxudicatario terá dereito ao aboamento do prezo das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola Administración conforme as condicións establecidas no contrato.

2. No contrato de subministracións en que a determinación do prezo se realice mediante prezos unitarios, poderase incrementar o número de unidades que se deberán fornecer ata a porcentaxe do 10 por cento do prezo do contrato, a que se refire o artigo 205.2.c).3.º, sen que sexa preciso tramitar o correspondente expediente de modificación, sempre que así se establecese no prego de cláusulas administrativas particulares e se acredítase o correspondente financiamento no expediente orixinario do contrato.

Artigo 302. *Pagamento en metálico e noutros bens.*

1. Cando razóns técnicas ou económicas debidamente xustificadas no expediente o aconsellen, poderase establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que o pagamento do prezo total dos bens que se deberán fornecer consista parte en diñeiro e parte na entrega doutros bens da mesma clase, sen que, en ningún caso, o seu importe poida superar o 50 por cento do prezo total.

Para estes efectos, o compromiso de gasto correspondente limitarase ao importe que do prezo total do contrato non se satisfaga mediante a entrega de bens ao contratista, sen que teña aplicación o disposto no artigo 27.4 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, no número 3 do artigo 165 da Lei reguladora das facendas locais, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ou en análogas regulacións contidas nas normas orzamentarias das distintas administracións públicas suxeitas a esta lei.

2. A entrega dos bens por parte da Administración acordaraa o órgano de contratación; o dito acordo implicará por si só a baixa no inventario e, de ser o caso, a desafectación dos bens de que se trate.

3. Neste suposto, o importe que do prezo total da subministración corresponda aos bens entregados pola Administración será un elemento económico valorable para a adxudicación do contrato e os empresarios deberano consignar expresamente nas súas ofertas.

4. O contido deste artigo será de aplicación aos contratos de servizos para a xestión dos sistemas de información, aos de servizos de telecomunicación e aos contratos de mantemento destes sistemas, subministracións de equipamentos e terminais e adaptacións necesarias como cablaxe, canalizacións e outras análogas, sempre que vaian asociadas á prestación destes servizos e se contraten conxuntamente con eles; enténdese que os bens que deberá entregar a Administración, de ser o caso, deben ser bens e equipamentos informáticos e de telecomunicacións.

Artigo 303. *Facultades da Administración no proceso de fabricación.*

A Administración ten a facultade de inspeccionar e de ser informada do proceso de fabricación ou elaboración do produto que deba ser entregado como consecuencia do contrato, e poderá ordenar ou realizar por si mesma análises, ensaios e probas dos materiais que se vaian empregar, establecer sistemas de control de calidade e ditar cantas disposicións considere oportunas para o estrito cumprimento do convindo.

*Sección 3.ª Cumprimento do contrato de subministración*

Artigo 304. *Gastos de entrega e recepción.*

1. Salvo pacto en contrario, os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ao lugar convindo serán por conta do contratista.

2. Se os bens non se encontran en estado de seren recibidos farase constar así na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

Artigo 305. *Vicios ou defectos durante o prazo de garantía.*

1. Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, a Administración terá dereito a reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a súa reparación, de ser suficiente.

2. Durante este prazo de garantía o contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre a aplicación dos bens subministrados.

3. Se o órgano de contratación considera, durante o prazo de garantía, que os bens subministrados non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista, e existe a presunción de que a reposición ou reparación dos ditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de finalizar o dito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obrigaçión de pagamento ou tendo dereito, de ser o caso, a recuperar o prezo satisfeito.

4. Finalizado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os números 1 e 3 deste artigo, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens fornecidos.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Resolución do contrato de subministración*

Artigo 306. *Causas de resolución.*

Son causas de resolución do contrato de subministración, ademais das xerais, as seguintes:

a) A desistencia antes da iniciación da subministración ou a suspensión da iniciación da subministración por causa imputable á Administración por prazo superior a catro meses a partir da data sinalada no contrato para a entrega, salvo que no prego se sinala outro menor.

b) A desistencia unha vez iniciada a execución da subministración ou a suspensión da subministración por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración, salvo que no prego se sinala outro menor.

Artigo 307. *Efectos da resolución.*

1. A resolución do contrato dará lugar á recíproca devolución dos bens e do importe dos pagamentos realizados e, cando non sexa posible ou conveniente para a Administración, esta deberá aboar o prezo dos efectivamente entregados e recibidos de conformidade.

2. Nos supostos establecidos na letra a) do artigo anterior, só terá dereito o contratista a percibir, por todos os conceptos, unha indemnización do 3 por cento do prezo da adxudicación do contrato, IVE excluído.

3. Nos supostos recollidos na letra b) do artigo anterior, o contratista terá dereito a percibir, por todos os conceptos, o 6 por cento do prezo de adxudicación do contrato das subministracións deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial, IVE excluído; enténdense por subministracións deixadas de realizar as que resulten da diferenza entre as reflectidas no contrato primitivo e as súas modificacións aprobadas, e as que se realizasen ata a data de notificación da desistencia ou da suspensión.

## CAPÍTULO V

**Do contrato de servizos***Sección 1.ª Disposicións xerais*Artigo 308. *Contido e límites.*

1. Salvo que se dispoña outra cousa nos pregos de cláusulas administrativas ou no documento contractual, os contratos de servizos que teñan por obxecto o desenvolvemento e a posta á disposición de produtos protexidos por un dereito de propiedade intelectual ou industrial levarán aparellada a cesión deste á Administración contratante. En todo caso, e aínda cando se exclúa a cesión dos dereitos de propiedade intelectual, o órgano de contratación poderá sempre autorizar o uso do correspondente produto aos entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público.

2. En ningún caso a entidade contratante poderá instrumentar a contratación de persoal a través do contrato de servizos, incluídos os que por razón da contía se tramiten como contratos menores.

Cando se extingan os contratos de servizos, non se poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal da entidade contratante. Para tal fin, os empregados ou responsables da Administración débense abster de realizar actos que impliquen o exercicio de facultades que, como parte da relación xurídico-laboral, lle corresponden á empresa contratista.

3. Nos contratos de servizos que impliquen o desenvolvemento ou mantemento de aplicacións informáticas, o obxecto do contrato poderase definir por referencia a compoñentes de prestación do servizo. Para estes efectos, no prego de cláusulas administrativas particulares establecerase o prezo referido a cada compoñente da prestación en termos de unidades de actividade, definidas en termos de categorías profesionais ou custo, homoxéneas para calquera desenvolvemento, de unidades de tempo ou nunha combinación de ambas as modalidades.

Esta definición deberase completar con referencia ás funcionalidades que se vaian desenvolver, cuxo marco deberá quedar determinado inicialmente, sen prexuízo de que a Administración poida concretar as ditas funcionalidades atendendo a consideracións técnicas, económicas ou necesidades do usuario durante o período de execución, nos termos que se prevexan no prego de cláusulas administrativas particulares.

O financiamento e o pagamento destes contratos axustaranse ao ritmo requirido na execución dos compoñentes de prestación requiridos; para este fin, o responsable do contrato deberá adoptar as medidas que sexan necesarias para programar as anualidades e durante o período de execución.

Artigo 309. *Determinación do prezo.*

1. O prego de cláusulas administrativas establecerá o sistema de determinación do prezo dos contratos de servizos, que poderá estar referido a compoñentes da prestación, unidades de execución ou unidades de tempo, ou fixarse nun tanto global cando non sexa posible ou conveniente a súa descomposición, ou resultar da aplicación de honorarios por tarifas ou dunha combinación de varias destas modalidades.

Nos casos en que a determinación do prezo se realice mediante unidades de execución, non terá a consideración de modificación, sempre que así se establecese no prego de cláusulas administrativas particulares, a variación que durante a correcta execución da prestación se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas no contrato, as cales poderán ser recollidas na liquidación, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato.

2. En determinados servizos complexos en que a execución do contrato leve aparellados custos de investimento iniciais e se prevexa que as obras ou equipamentos

que se xeren se vaian incorporar ao patrimonio da entidade contratante ao concluír ou se resolver o contrato, poderase establecer un sistema de retribución que compense por elas.

Artigo 310. *Réxime de contratación para actividades docentes.*

1. Nos contratos que teñan por obxecto a prestación de actividades docentes en centros do sector público desenvolvidas en forma de cursos de formación ou perfeccionamento do persoal ao servizo da Administración ou cando se trate de seminarios, coloquios, mesas redondas, conferencias, colaboracións ou calquera outro tipo similar de actividade, sempre que as ditas actividades sexan realizadas por persoas físicas, as disposicións desta lei non serán de aplicación á preparación e adxudicación do contrato.

2. Nesta clase de contratos poderase establecer o pagamento parcial anticipado, logo de constitución de garantía por parte do contratista, sen que se poida autorizar a súa cesión.

3. Para acreditar a existencia dos contratos a que se refire este artigo, bastará a designación ou nomeamento pola autoridade competente.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Execución dos contratos de servizos*

Artigo 311. *Execución, responsabilidade do contratista e cumprimento dos contratos de servizos.*

1. O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación der ao contratista o responsable do contrato, nos casos en que se designase. Noutro caso, esta función corresponderalles aos servizos dependentes do órgano de contratación.

2. O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

3. A Administración determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e, de ser o caso, requirirá a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados con ocasión da súa recepción. Se os traballos efectuados non se adecuan á prestación contratada como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderaa rexeitar e quedará exento da obrigaçión de pagamento ou terá dereito, de ser o caso, a recuperar o prezo satisfeito.

4. Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a lle reclamar ao contratista a súa emenda.

5. Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os números anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada, sen prexuízo do establecido nos artigos 314 e 315 sobre emenda de erros e responsabilidade nos contratos que teñan por obxecto a elaboración de proxectos de obras.

6. Os contratos de mera actividade ou de medios extinguiranse polo cumprimento do prazo inicialmente previsto ou das prórrogas acordadas, sen prexuízo da prerrogativa da Administración de depurar a responsabilidade do contratista por calquera eventual incumprimento detectado con posterioridade.

7. O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.

Artigo 312. *Especialidades dos contratos de servizos que impliquen prestacións directas a favor da cidadanía.*

Nos contratos de servizos que impliquen prestacións directas a favor da cidadanía deberanse cumprir as seguintes prescricións:

a) Antes de contratar un servizo desta natureza deberase establecer o seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia dela, determine o alcance das prestacións en favor dos administrados e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.

b) O adxudicatario dun contrato de servizos deste tipo estará suxeito ás obrigacións de prestar o servizo coa continuidade convida e garantirlles aos particulares o dereito para utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o aboamento, de ser o caso, da contraprestación económica fixada; de coidar da boa orde do servizo; de indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, coa excepción daqueles que sexan producidos por causas imputables á Administración; e de entregar, de ser o caso, as obras e instalacións a que estea obrigado conforme o contrato no estado de conservación e funcionamento adecuados.

c) Os bens afectos aos servizos regulados no presente artigo non poderán ser obxecto de embargo.

d) Se do incumprimento por parte do contratista deriva perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo e a Administración non decide a resolución do contrato, poderá acordar o seu secuestro ou intervención ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberalle aboar á Administración os danos e perdas que efectivamente lle ocasionou.

e) A Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos que impliquen prestacións directas a favor da cidadanía de que se trate.

f) Con carácter xeral, a prestación dos servizos que impliquen prestacións directas a favor da cidadanía efectuarase en dependencias ou instalacións diferenciadas das da propia Administración contratante. Se iso non for posible, faranse constar as razóns obxectivas que o motivan. Nestes casos, para os efectos de evitar a confusión de cadros de persoal, tentarase que os traballadores da empresa contratista non compartan espazos e lugares de traballo co persoal ao servizo da Administración; os traballadores e os medios da empresa contratista identificaranse mediante os correspondentes signos distintivos, tales como uniformidade ou rotulacións.

g) Ademais das causas de resolución do contrato establecidas no artigo 313, serán causas de resolución dos contratos de servizos tratados no presente artigo as sinaladas nas letras c), d), e f) do artigo 294.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Resolución dos contratos de servizos*

Artigo 313. *Causas e efectos da resolución.*

1. Son causas de resolución dos contratos de servizos, ademais das xerais, as seguintes:

a) A desistencia antes de iniciar a prestación do servizo ou a suspensión por causa imputable ao órgano de contratación da iniciación do contrato por prazo superior a catro meses a partir da data sinalada nel para o seu comezo, salvo que no prego se sinale outro menor.

b) A desistencia unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, salvo que no prego se sinale outro menor.



c) Os contratos complementarios quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.

2. A resolución do contrato daralle dereito ao contratista, en todo caso, a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizase conforme o contrato e que fosen recibidos pola Administración.

3. Nos supostos de resolución previstos nas letras a) e c) do punto primeiro do presente artigo, o contratista só terá dereito a percibir, por todos os conceptos, unha indemnización do 3 por cento do prezo de adxudicación do contrato, IVE excluído.

Nos supostos de resolución recollidos na letra b) do número 1 do presente artigo, o contratista terá dereito a percibir, por todos os conceptos, o 6 por cento do prezo de adxudicación do contrato dos servizos deixados de prestar en concepto de beneficio industrial, IVE excluído; enténdese por servizos deixados de prestar os que resulten da diferenza entre os reflectidos no contrato primitivo e as súas modificacións aprobadas, e os que se prestasen ata a data de notificación do desistencia ou da suspensión.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Da emenda de erros, indemnizacións e responsabilidades no contrato de elaboración de proxectos de obras*

##### *Artigo 314. Emenda de erros e corrección de deficiencias.*

1. Cando o contrato de servizos consista na elaboración íntegra dun proxecto de obra, o órgano de contratación exixirá a emenda por parte do contratista dos defectos, insuficiencias técnicas, erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios que lle sexan imputables, e outorgaráselle para o efecto o correspondente prazo, que non poderá exceder os dous meses.

2. Se, transcorrido este prazo, as deficiencias non fosen corrixidas, a Administración poderá, atendendo ás circunstancias concorrentes, optar pola resolución do contrato ou por conceder un novo prazo ao contratista.

3. No primeiro caso procederá a incautación da garantía e o contratista incorrerá na obrigación de lle aboar á Administración unha indemnización equivalente ao 25 por cento do prezo do contrato.

4. No segundo caso o novo prazo concedido para emendar as deficiencias non corrixidas será dun mes improrrogable e o contratista incorrerá nunha penalidade equivalente ao 25 por cento do prezo do contrato.

5. De producirse un novo incumprimento, procederá a resolución do contrato, con obrigación por parte do contratista de lle aboar á Administración unha indemnización igual ao prezo pactado con perda da garantía.

6. Cando o contratista, en calquera momento antes da concesión do último prazo, renunciar á realización do proxecto deberá aboar unha indemnización igual á metade do prezo do contrato con perda da garantía.

##### *Artigo 315. Indemnizacións por desviacións na execución de obras e responsabilidade por defectos ou erros do proxecto.*

1. Para os casos en que o orzamento de execución da obra prevista no proxecto se desviar en máis dun 20 por cento, tanto por exceso como por defecto, do seu custo real como consecuencia de erros ou omisións imputables ao contratista consultor, minorarase o prezo do contrato de elaboración do proxecto, en concepto de indemnización, en función da porcentaxe de desviación, ata un máximo equivalente á metade daquel. O baremo de indemnizacións será o seguinte:

a) No caso de que a desviación sexa de máis do 20 por cento e menos do 30 por cento, a indemnización correspondente será do 30 por cento do prezo de adxudicación do contrato, IVE excluído.

b) No caso de que a desviación sexa de máis do 30 por cento e menos do 40 por cento, a indemnización correspondente será do 40 por cento do prezo de adxudicación do contrato, IVE excluído.

c) No caso de que a desviación sexa de máis do 40 por cento, a indemnización correspondente será do 50 por cento do prezo de adxudicación do contrato, IVE excluído.

O contratista deberá aboar o importe da dita indemnización no prazo dun mes a partir da notificación da resolución correspondente, que se adoptará logo da tramitación de expediente con audiencia do interesado.

2. Con independencia do previsto no punto anterior, no artigo precedente e no artigo 233.4, segundo parágrafo, o contratista responderá dos danos e perdas que durante a execución ou explotación das obras se causen tanto ao órgano de contratación como a terceiros, por defectos e insuficiencias técnicas do proxecto ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios en que este incorrese, imputables a aquel.

A indemnización derivada da responsabilidade exigible ao contratista alcanzará o 50 por cento do importe dos danos e perdas causados, ata un límite máximo de cinco veces o prezo pactado polo proxecto e será exigible dentro do termo de dez anos, contados desde a súa recepción pola Administración. De ser o caso, será a cargo desta o resto da dita indemnización cando deba ser satisfeita a terceiros.

## LIBRO TERCEIRO

### Dos contratos doutros entes do sector público

#### TÍTULO I

##### Contratos dos poderes adxudicadores que non teñan a condición de administracións públicas

Artigo 316. *Réxime xurídico.*

Os contratos dos poderes adxudicadores que non teñan a condición de administracións públicas rexeranse polas normas do presente título.

Artigo 317. *Preparación e adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.*

A preparación e adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada que concerten os poderes adxudicadores a que se refire o presente título rexeranse polas normas establecidas nas seccións 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> do capítulo I do título I do libro II desta lei.

Artigo 318. *Adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada.*

Na adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada aplicaranse as seguintes disposicións:

a) Os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, de concesións de obras e concesións de servizos, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de servizos e subministracións, poderanse adxudicar directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación obxecto do contrato.

b) Os contratos de obras, concesións de obras e concesións de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 40.000 euros e inferior a 5.225.000 euros e os contratos de servizos e subministracións de valor estimado superior a 15.000 euros e inferior a 209.000 euros poderanse adxudicar por calquera dos procedementos previstos na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo I do título I do libro segundo da presente lei, con excepción do procedemento

negociado sen publicidade, que unicamente se poderá utilizar nos casos previstos no artigo 168.

Artigo 319. *Efectos e extinción.*

1. Os efectos e a extinción dos contratos subscritos polos poderes adxudicadores que non pertencen á categoría de administracións públicas rexeranse por normas de dereito privado. Non obstante o anterior, seralles aplicable o disposto nos artigos 201 sobre obrigacións en materia ambiental, social ou laboral; 202 sobre condicións especiais de execución; 203 a 205 sobre supostos de modificación do contrato; 214 a 217 sobre cesión e subcontratación; e 218 a 228 sobre racionalización técnica da contratación; así como as condicións de pagamento establecidas nos ordinais 4.º do artigo 198, 4.º do artigo 210 e 1.º do artigo 243.

Así mesmo, nos casos en que a modificación do contrato non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre que o seu importe sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros e a contía da modificación, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído, será necesaria a autorización do departamento ministerial ou órgano da Administración autonómica ou local a que estea adscrita ou corresponda a tutela da entidade contratante, logo de ditame preceptivo do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma.

2. Nestes contratos será en todo caso causa de resolución a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme os artigos 204 e 205, así como a recollida na letra i) do artigo 211.

Aos contratos de concesión de obras e concesión de servizos seranlles de aplicación as causas de resolución establecidas nos artigos 279 e 294, para cada un deles. Non obstante o anterior, o rescate da obra ou do servizo, a supresión da súa explotación, así como o seu secuestro ou intervención, terá que acordalos o departamento ministerial ou órgano da Administración autonómica ou local a que estea adscrita ou corresponda a tutela do poder adxudicador.

Artigo 320. *Da responsabilidade do contratista por defectos ou erros do proxecto.*

Nos contratos de servizos consistentes na elaboración íntegra dun proxecto de obra, exixirase a responsabilidade do contratista por defectos ou erros do proxecto, de conformidade co disposto no artigo 314.

## TÍTULO II

### **Contratos das entidades do sector público que non teñan o carácter de poderes adxudicadores**

Artigo 321. *Adxudicación de contratos das entidades do sector público que non teñan o carácter de poderes adxudicadores.*

A adxudicación de contratos por parte das entidades do sector público que non teñan a condición de poderes adxudicadores axustarase ás seguintes regras:

1. Os órganos competentes destas entidades aprobarán unhas instrucións en que regulen os procedementos de contratación de forma que quede garantida a efectividade dos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, así como que os contratos se adxudiquen a quen presente a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145.

Estas instrucións poranse á disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación dos contratos regulados por elas e publicaranse no perfil de contratante da entidade.

No ámbito do sector público estatal, a aprobación das instrucións requirirá o informe previo do órgano a que corresponda o asesoramento xurídico da entidade.

2. Non obstante o indicado no número anterior, os órganos competentes das entidades a que se refire este artigo poderán adxudicar contratos sen aplicar as instrucións aprobadas por eles con suxeición ás seguintes regras:

a) Os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de servizos e subministracións, poderanse adxudicar directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación que, de ser o caso, sexa necesaria para realizar a prestación obxecto do contrato.

b) Os contratos ou acordos de valor estimado igual ou superior aos indicados na letra anterior ou os que se concerten para a selección de provedores suxeitaranse, como mínimo, ás seguintes regras e respectaranse en todo caso os principios de igualdade, non discriminación, transparencia, publicidade e libre concorrència:

1.º O anuncio de licitación publicarase no perfil de contratante da entidade, sen prexuízo de que se poidan utilizar outros medios adicionais de publicidade. Toda a documentación necesaria para presentar as ofertas deberá estar dispoñible por medios electrónicos desde a publicación do anuncio de licitación.

2.º O prazo de presentación de ofertas fixarao a entidade contratante tendo en conta o tempo razoablemente necesario para preparalas, sen que en ningún caso o dito prazo poida ser inferior a dez días contados desde a publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

3.º A adxudicación do contrato deberá recaer na mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145. Excepcionalmente, a adxudicación poderase efectuar atendendo a outros criterios obxectivos, que se deberán determinar na documentación contractual.

4.º A selección do contratista, que se deberá motivar en todo caso, publicarase no perfil de contratante da entidade.

3. Para as operacións propias do seu tráfico, as entidades a que se refire este artigo poderán establecer sistemas para a racionalización da contratación, tales como acordos marco, sistemas dinámicos de adquisición ou a homologación de provedores. O procedemento para ser incluído nos ditos sistemas deberá ser transparente e non discriminatorio e deberase publicar no perfil de contratante.

4. Nos termos que regulamentariamente se determinen, e sen prexuízo do que para o ámbito das comunidades autónomas establezan as súas respectivas normas, o departamento ministerial e organismo a que estea adscrita ou corresponda a tutela da entidade contratante controlará que esta aplique as regras establecidas nos números anteriores.

5. As actuacións realizadas na preparación e adxudicación dos contratos por parte das entidades a que se refire o presente artigo impugnanse na vía administrativa, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o titular do departamento, órgano, ente ou organismo a que estea adscrita a entidade contratante ou a que corresponda a súa tutela. Se a entidade contratante está vinculada a máis dunha Administración, será competente o órgano correspondente da que posúa o control ou participación maioritaria.

**Artigo 322. Efectos, modificación e extinción dos contratos. Responsabilidade do contratista por defectos ou erros do proxecto.**

1. Os efectos, modificación e extinción dos contratos das entidades do sector público que non posúan a condición de poder adxudicador serán regulados polas normas de dereito privado que lles resulten de aplicación

2. Nos contratos de servizos consistentes na elaboración íntegra dun proxecto de obra exixirase a responsabilidade do contratista por defectos ou erros do proxecto, de conformidade co disposto no artigo 314.

## LIBRO CUARTO

**Organización administrativa para a xestión da contratación**

## TÍTULO I

**Órganos competentes en materia de contratación**

## CAPÍTULO I

**Órganos de contratación**

Artigo 323. *Órganos de contratación estatais.*

1. Os ministros e os secretarios de Estado son os órganos de contratación da Administración xeral do Estado e, en consecuencia, están facultados para subscribir no seu nome os contratos no ámbito da súa competencia.

Nos departamentos ministeriais en que existan varios órganos de contratación, a competencia para subscribir os contratos de subministración e de servizos que afecten o ámbito de máis dun deles corresponderalle ao ministro, salvo nos casos en que esta se lle atribúa á Xunta de Contratación.

2. Os presidentes ou directores dos organismos autónomos, entidades públicas empresariais e demais entidades públicas integrantes do sector público estatal e os directores xerais das distintas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social son os órganos de contratación duns e doutros, na falta de disposición específica sobre o particular, recollida nas correspondentes normas de creación ou reguladoras do funcionamento desas entidades.

3. Correspóndenlle ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Xunta de Contratación Centralizada, as funcións de órgano de contratación do sistema estatal de contratación centralizada regulado nos artigos 229 e 230 da presente lei.

4. Nos departamentos ministeriais e nos organismos autónomos, entidades públicas empresariais e demais entidades públicas integrantes do sector público estatal, así como nas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, poderanse constituír xuntas de contratación, que actuarán como órganos de contratación, cos límites cuantitativos ou referentes ás características dos contratos que determine o titular do departamento, nos seguintes contratos:

a) Contratos de obras comprendidas nas letras b) e c) do número 1 do artigo 232, salvo que estas fosen declaradas de contratación centralizada.

b) Contratos de subministración que se refiran a bens consumibles ou de fácil deterioración polo uso, salvo os relativos a bens declarados de adquisición centralizada.

c) Contratos de servizos non declarados de contratación centralizada.

d) Contratos de subministración e de servizos, distintos dos atribuídos á competencia da Xunta conforme as dúas letras anteriores, que afecten máis dun órgano de contratación, exceptuando os que teñan por obxecto bens ou servizos de contratación centralizada.

A composición das xuntas de contratación fixarase regulamentariamente e entre os seus vogais deberán figurar un funcionario que teña atribuído, legal ou regulamentariamente, o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor. En ningún caso poderán formar parte das xuntas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas os cargos públicos representativos, os altos cargos, o persoal de elección ou designación política nin o persoal eventual. Poderá formar parte das xuntas de contratación persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente. Tampouco poderá formar parte das xuntas de contratación o persoal que participase na redacción da documentación técnica do contrato de que se trate.

No suposto de contratos en que o procedemento de adxudicación utilizado sexa o procedemento aberto simplificado, a Xunta de Contratación en todo caso se entenderá validamente constituída cando asistan o presidente, o secretario, o funcionario que teña atribuído, legal ou regulamentariamente, o asesoramento xurídico do órgano de contratación e o interventor, salvo no suposto do artigo 159.6, en que non será obrigatoria a constitución da mesa conforme o disposto no artigo 326.1.

As xuntas de contratación poderán solicitar o asesoramento de técnicos ou expertos independentes con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato. A dita asistencia deberá ser reflectida expresamente no expediente, con referencia ás identidades dos técnicos ou expertos asistentes, á súa formación e á súa experiencia profesional.

5. Cando o contrato resulte de interese para varias entidades ou departamentos ministeriais e a tramitación do expediente a deba efectuar un único órgano de contratación, as demais entidades ou departamentos interesados poderán contribuír ao seu financiamento nos termos que se establezan regulamentariamente e, con respecto á normativa orzamentaria, na forma que se determine en convenios ou protocolos de actuación.

6. A capacidade para contratar dos representantes legais das sociedades e fundacións do sector público estatal rexeráse polo disposto nos estatutos destas entidades e polas normas de dereito privado que sexan en cada caso de aplicación.

#### Artigo 324. *Autorización para contratar.*

1. Os órganos de contratación das entidades do sector público estatal que teñan a consideración de poder adxudicador en virtude do establecido no número 3 do artigo 3 da presente lei necesitarán a autorización do Consello de Ministros para subscribir contratos nos seguintes supostos:

a) Cando o valor estimado do contrato, calculado conforme o sinalado no artigo 101, sexa igual ou superior a doce millóns de euros.

b) Cando o pagamento dos contratos se concerte mediante o sistema de arrendamento financeiro ou mediante o sistema de arrendamento con opción de compra e o número de anualidades supere catro anos.

c) Nos acordos marco cuxo valor estimado sexa igual ou superior a doce millóns de euros. Unha vez autorizada a realización destes acordos marco, non será necesaria autorización do Consello de Ministros para subscribir os contratos baseados no dito acordo marco.

2. A autorización do Consello de Ministros a que se refire o número anterior deberase obter antes da aprobación do expediente. Para os efectos de obter a citada autorización, os órganos de contratación deberán remitir, polo menos, os seguintes documentos:

a) Xustificación sobre a necesidade e idoneidade do contrato a que se refire o artigo 28 desta lei.

b) Certificado de existencia de crédito ou, no caso de entidades do sector público estatal con orzamento estimativo, documento equivalente que acredite a existencia de financiamento.

c) O prego de cláusulas administrativas particulares.

d) O informe do servizo xurídico sobre o prego.

e) E, de resultar preceptivo, o informe previsto no número 6 deste artigo.

A autorización que outorgue o Consello de Ministros será xenérica para a subscripción do contrato, sen que en ningún caso implique unha validación dos trámites realizados polo órgano de contratación, nin exima da responsabilidade que corresponda a este respecto da tramitación e aprobación dos distintos documentos que conformen o expediente.

Con carácter posterior á obtención da autorización do Consello de Ministros, ao órgano de contratación corresponderalle a aprobación do expediente e a aprobación do gasto.

3. O Consello de Ministros poderá reclamar discrecionalmente o coñecemento e a autorización de calquera outro contrato.

4. Nos casos en que o Consello de Ministros autorice a subscrición dun contrato deberá autorizar igualmente as súas modificacións, sempre que, non estando previstas no prego, representen unha porcentaxe, illada ou conxuntamente, superior ao 10 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído, así como a propia resolución, de ser o caso.

Esta información publicarase nas referencias do Consello de Ministros do día da súa aprobación.

5. Os secretarios de Estado ou, na súa falta, os titulares dos departamentos ministeriais a que estean adscritas as entidades que teñan a consideración de poder adjudicador en virtude do establecido no número 3 do artigo 3 da presente lei poderán fixar o importe do valor estimado a partir do cal será necesaria a súa autorización para subscribir os contratos.

Para ese efecto, as ditas entidades poderán elevar a correspondente proposta á secretaría de Estado a que estean adscritas ou, na súa falta, ao titular do departamento ministerial de adscrición.

6. No ámbito do sector público estatal, antes de subscribir un contrato de concesión de obras ou de concesión de servizos, cuxo valor estimado sexa igual ou superior a doce millóns de euros, será preceptivo e vinculante un informe do Ministerio de Facenda e Función Pública que se pronuncie sobre as repercusións orzamentarias e compromisos financeiros que implique, así como sobre a súa incidencia no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, segundo o establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Así mesmo, nestes contratos, e con independencia da contía do contrato, será igualmente necesario solicitar o informe vinculante do Ministerio de Facenda e Función Pública cando no seu financiamento se prevea calquera forma de axuda ou achega estatal, ou o outorgamento de préstamos ou anticipos.

Para ese efecto, o órgano de contratación deberá proporcionar información completa acerca dos aspectos financeiros e orzamentarios do contrato, incluíndo os mecanismos de captación de financiamento e garantías que se prevea utilizar durante toda a súa vixencia.

Na elaboración do informe a que se refiren os dous primeiros parágrafos do presente número deberase ter en conta, no ámbito do sector público estatal, o informe que respecto diso emita o Comité Técnico de Contas Nacionais, creado pola disposición adicional primeira da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

Nos casos en que se trate de contratos de concesión de obras ou de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a doce millóns de euros e nos cales no seu financiamento se prevea calquera forma de axuda ou achega estatal, ou o outorgamento de préstamos ou anticipos, o informe do Ministerio de Facenda e Función Pública a que fan referencia os parágrafos primeiro e segundo do presente número será único.

Doutra banda, os informes citados no primeiro e segundo parágrafo do presente número solicitaráos o órgano de contratación con carácter previo á tramitación da autorización do Consello de Ministros a que se refire o punto primeiro do presente artigo nos supostos en que sexa preceptiva e, en todo caso, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación e á aprobación do gasto.

#### Artigo 325. *Desconcentración.*

1. As competencias en materia de contratación poderán ser desconcentradas mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, en calquera órgano, sexa ou non dependente do órgano de contratación.

2. Nas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as competencias en materia de contratación dos seus directores poderanse desconcentrar na forma e cos requisitos establecidos no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

## CAPÍTULO II

## Órganos de asistencia

Artigo 326. *Mesas de contratación.*

1. Salvo no caso en que a competencia para contratar corresponda a unha xunta de contratación, nos procedementos abertos, aberto simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das administracións públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación. Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación, salvo cando se fundamente na existencia dunha imperiosa urxencia prevista na letra b) 1.º do artigo 168, en que será obrigatoria a constitución da mesa. Nos procedementos a que se refire o artigo 159.6 será igualmente potestativa a constitución da mesa.

2. A mesa de contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, exercerá as seguintes funcións, entre outras que se lle atribúan nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario:

a) A cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refiren os artigos 140 e 141 e, de ser o caso, acordar a exclusión dos candidatos ou licitadores que non acrediten o dito cumprimento, logo de trámite de emenda.

b) A valoración das proposicións dos licitadores.

c) De ser o caso, a proposta sobre a cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, logo de tramitación do procedemento a que se refire o artigo 149 da presente lei.

d) A proposta ao órgano de contratación de adxudicación do contrato a favor do licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

e) No procedemento restrinxido, no diálogo competitivo, no de licitación con negociación e no de asociación para a innovación, a selección dos candidatos cando así o delegue o órgano de contratación, facéndoo constar no prego de cláusulas administrativas particulares.

3. A mesa estará constituída por un presidente, polos vogais que se determinen regulamentariamente e por un secretario.

A composición da mesa publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente.

4. Os membros da mesa serán nomeados polo órgano de contratación.

5. O secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, na súa falta, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario de entre quen teña atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor ou, na falta destes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orzamentario.

Por resolución do titular da Intervención Xeral correspondente poderanse acordar os supostos en que, en substitución do interventor, poderán formar parte das mesas de contratación funcionarios do citado centro especificamente habilitados para iso.

En ningún caso poderán formar parte das mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas os cargos públicos representativos nin o persoal eventual. Poderá formar parte da mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente. Tampouco poderá formar parte das mesas de contratación o persoal que participase na



redacción da documentación técnica do contrato de que se trate, salvo nos supostos a que se refire a disposición adicional segunda.

As mesas de contratación poderán, así mesmo, solicitar o asesoramento de técnicos ou expertos independentes con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato. A dita asistencia autorizará o órgano de contratación e deberá ser reflectida expresamente no expediente, con referencia ás identidades dos técnicos ou expertos asistentes, á súa formación e á súa experiencia profesional.

6. Salvo o disposto no número 1 do presente artigo, a mesa de contratación que interveña no procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da presente lei considerarase validamente constituída se o está polo presidente, secretario, un funcionario de entre quen teña atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un funcionario que teña atribuídas as funcións relativas ao seu control económico-orzamentario.

7. As leis das comunidades autónomas e a lexislación de desenvolvemento poderán establecer que as mesas de contratación poidan exercer tamén aquelas competencias relativas á adxudicación que esta lei lles atribúe aos órganos de contratación.

*Artigo 327. Mesa especial do diálogo competitivo ou do procedemento de asociación para a innovación.*

Para asistir o órgano de contratación nos procedementos de diálogo competitivo ou de asociación para a innovación que sigan as administracións públicas, constituirase unha mesa coa composición sinalada no número 3 do artigo anterior, á cal se incorporarán persoas especialmente cualificadas na materia sobre a cal verse o diálogo ou a asociación para a innovación, designadas polo órgano de contratación. O número destas persoas será igual ou superior a un terzo dos compoñentes da mesa e participarán nas deliberacións con voz e voto.

### CAPÍTULO III

#### Órganos consultivos

*Artigo 328. Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.*

1. A Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado é o órgano específico de regulación e consulta en materia de contratación pública do sector público estatal, con independencia de que as entidades contratantes operen nos sectores a que se refire a disposición adicional oitava.

2. A Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado é un órgano colexiado con composición aberta á participación do sector privado, adscrito ao Ministerio de Facenda e Función Pública, ao cal serán de aplicación as disposicións relativas a órganos colexiados da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A súa composición e réxime xurídico estableceranse regulamentariamente, tendo en conta que o presidente da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación e un representante da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia formarán parte dela como vogais natos, con voz pero sen voto.

3. A Xunta Consultiva da Contratación Pública do Estado ten as funcións que lle atribúen esta lei e o seu desenvolvemento regulamentario e, en todo caso, as que se sinalan a continuación:

a) Promover a adopción das normas ou medidas de carácter xeral que considere procedentes para a mellora do sistema de contratación nos seus aspectos administrativos, técnicos e económicos.

b) Aprobar recomendacións xerais ou particulares aos órganos de contratación, que serán publicadas se dos estudos sobre contratación administrativa ou dun contrato particular se deducen conclusións de interese para a Administración.

c) Informar sobre as cuestións que se sometan á súa consideración e, con carácter preceptivo, sobre todas as disposicións normativas de rango legal e regulamentario en materia de contratación pública de competencia estatal.

d) Coordinar o cumprimento das obrigacións de información que impoñen as directivas de contratación.

4. Igualmente, a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado elaborará e remitirá á Comisión Europea cada tres anos un informe referido a todos os poderes adjudicadores estatais, autonómicos e locais que, respecto da licitación pública e execución dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos que estean suxeitos a regulación harmonizada, comprenda, entre outras, se procede, as seguintes cuestións:

a) Información contida no informe de supervisión a que se refire o número 8 do artigo 332 que remita a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación.

b) Información sobre o nivel de participación das pemes na contratación pública.

c) Un informe estatístico sobre os contratos públicos de obras, subministracións e servizos non suxeitos a regulación harmonizada por non superaren os limiares establecidos nos artigos 20, 21 e 22, en que se recolla unha estimación do valor agregado total dos ditos contratos durante o período de que se trate. Esa estimación poderase basear, en particular, nos datos dispoñibles en virtude dos requisitos de publicación, ou ben en estimacións realizadas a partir de mostrás.

d) Información sobre cales son os órganos encargados de dar cumprimento ás obrigacións asumidas en virtude do dereito da Unión Europea en materia da contratación pública.

e) Información sobre as iniciativas adoptadas para proporcionar orientación ou axuda gratuíta na aplicación da normativa da Unión Europea en materia de contratación pública ou para dar resposta ás dificultades que expoña a súa aplicación, así como para planificar e levar a cabo procedementos de contratación.

Os informes serán remitidos á Comisión Europea nos quince días que seguen á súa adopción. A Xunta Consultiva fará público o contido dos informes nacionais no prazo dun mes contado desde a súa remisión á Comisión Europea, e serán publicados nos correspondentes portais de transparencia e na Plataforma de contratación do sector público.

5. Para todos os efectos, désignase a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado como punto de referencia para a cooperación coa Comisión Europea no que se refire á aplicación da lexislación relativa á contratación pública. Así mesmo, encargarase de prestar asistencia recíproca e de cooperar co resto de Estados membros da Unión Europea, co fin de garantir o intercambio de información sobre as cuestións que se establecen na normativa comunitaria, garantindo a súa confidencialidade.

6. A Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado disporá dos recursos económicos e humanos suficientes e adecuados para cumprir as súas funcións.

#### Artigo 329. *Comité de cooperación en materia de contratación pública.*

1. Créase, no seo da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, o Comité de cooperación en materia de contratación pública para asumir, en exercicio das súas competencias, compromisos específicos en áreas de acción común das distintas administracións públicas, conforme os principios do artigo 140 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En particular, entre outros, a cooperación terá por obxecto:

a) Coordinar os criterios de interpretación seguidos polas administracións públicas en relación coas normas da contratación pública.

b) Elaborar a proposta de Estratexia nacional de contratación pública, que se someterá á aprobación da Oficina de Supervisión da Contratación, conforme o número 6 a) do artigo 332.

c) Propor os criterios de selección de actuacións de supervisión da contratación, así como elaborar unha metodoloxía básica común para elas.

d) Supervisar o funcionamento da Plataforma de contratación do sector público e do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

e) Analizar as cuestións relativas á contratación pública que resulten de interese común; e

f) Recompilar a información a que se refiren as letras b), c), d) e e) do número 4 do artigo 328, para cuxo efecto poderán establecer as instrucións necesarias, e poñela á disposición da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.

O Comité de cooperación en materia de contratación pública, así mesmo, é o encargado de coordinar o impulso da contratación electrónica no ámbito do sector público e de promover o cumprimento dos mandatos e obxectivos das directivas comunitarias na materia.

O Comité de cooperación é un órgano colexiado que actúa en pleno ou en seccións. Así mesmo, poderanse crear no seu seo, para o adecuado desenvolvemento das súas funcións, os grupos de traballo que decida o Pleno ou cada unha das seccións. O Pleno do Comité de cooperación elaborará un regulamento interno de funcionamento.

2. Corresponden ao Pleno do Comité de cooperación o exercicio das funcións necesarias para o cumprimento dos obxectivos expostos no punto anterior e o coñecemento daqueles asuntos que o presidente considere en atención á súa importancia,

O Pleno do Comité está presidido polo director xeral do Patrimonio do Estado do Ministerio de Facenda e Función Pública, e intégrano tanto representantes da Administración xeral do Estado como das comunidades e cidades autónomas, así como das organizacións representativas das entidades locais, nos termos que se detallan a continuación:

a) En representación da Administración xeral do Estado, nomearanse cinco vogais: un en representación da Intervención Xeral da Administración do Estado, por proposta desta; un en representación da Avogacía Xeral do Estado, por proposta desta; un en representación da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Función Pública, por proposta desta; un en representación da Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e Entidades Locais do Ministerio de Presidencia e para as Administracións Territoriais, por proposta desta; e o titular do órgano de apoio técnico da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado a que correspondan as materias referidas no número 4 do artigo anterior.

Formará parte, así mesmo, como vogal nato, o presidente da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación.

b) En representación das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, integra o Pleno un representante designado por cada unha delas. Un dos representantes, segundo a súa elección, ocupará a Vicepresidencia do Pleno do Comité.

c) En representación das entidades locais, un representante da asociación ou federación de entidades locais con maior implantación, designado por ela.

A secretaría recaerá no titular da Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, que terá voz pero non voto.

Sen prexuízo da composición establecida anteriormente, en función dos asuntos que se vaian tratar poderán asistir ás reunións do Pleno os expertos ou representantes doutros ministerios, entidades ou organismos que fosen convocados para o efecto.

Así mesmo, participarán nas sesións do Comité de cooperación e nas súas seccións, cando cumpra, os vogais da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, con voz e sen voto.

3. As seccións encargaranse da preparación dos asuntos para a súa toma en consideración polo Pleno, ben por iniciativa propia, no ámbito que lles corresponde, ou ben por indicación do presidente.

O Comité de cooperación terá as seccións que se determinen regulamentariamente e contará, en todo caso, coas cinco seguintes:

a) Sección relativa á regulación da contratación, nos termos das letras a) e b) do número 3 do artigo 328 desta lei.

b) Sección relativa á información cuantitativa e estatística en materia de contratación pública para o cumprimento das obrigacións establecidas na letra d) do número 3 do artigo 328 e da obrigación de información a que se refire a letra c) do número 4 do artigo 328.

c) Sección relativa á supervisión da contratación pública para o cumprimento das obrigacións establecidas nos números 6, 8 e 9 do artigo 332.

d) Sección de contratación pública electrónica, encargada de executar as competencias do Comité de cooperación nesta materia e da supervisión do funcionamento da Plataforma de contratación do sector público; e

e) Sección relativa á supervisión do funcionamento do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

4. A sección relativa á regulación presidiráa o titular da Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado e exercerá a secretaría desta sección o vicesecretario da Xunta Consultiva. A sección relativa á supervisión estará presidida polo vicepresidente do Comité de cooperación en materia de contratación pública.

Cada unha das restantes seccións do Comité estará presidida polo subdirector xeral da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado do Ministerio de Facenda e Función Pública que resulte competente respecto da materia de que se trate.

5. Cada unha das seccións estará integrada por representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades e cidades autónomas e, cando cumpra, das organizacións representativas das entidades locais, nos seguintes termos:

a) Por parte da Administración xeral do Estado, os vogais que formen parte do Pleno do Comité en representación da Oficina de Regulación e Supervisión da Contratación, da Intervención Xeral da Administración do Estado e da Avogacía Xeral do Estado; e o titular do órgano de apoio técnico da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado a que correspondan as materias referidas no número 4 do artigo 328, nas seccións que non presida; así como o secretario da indicada Xunta Consultiva, que exercerá a secretaría da sección, que contará con voz e voto nela.

b) Por parte das comunidades autónomas, tres representantes designados rotatoriamente por períodos dun ano, en función da súa orde de creación.

c) Ademais dos indicados nas letras a) e b) anteriores, o representante da asociación ou federación de entidades locais con maior implantación, designado por ela, que forme parte do Pleno, formará parte, pola súa vez, das seguintes seccións: sección relativa á supervisión da contratación pública, sección relativa á información cuantitativa e estatística e sección de contratación pública electrónica.

d) No caso da sección de contratación pública electrónica, ademais dos indicados nas letras a), b) e c) anteriores, incorporaranse como vogais un representante do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e un representante do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

Os representantes das comunidades autónomas nesta sección serán cinco, designados segundo o previsto na letra b) anterior. Tres deles serán designados entre as comunidades autónomas que asinasen coa Administración xeral do Estado o correspondente convenio para utilizar os servizos que ofrece a Plataforma de contratación do sector público e os dous restantes representarán o resto das comunidades autónomas.

e) No caso da sección que ten por obxecto a supervisión do funcionamento do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, os tres representantes das comunidades autónomas serán designados entre as que asinasen coa

Administración xeral do Estado o correspondente convenio de utilización dos servizos que ofrece o mencionado rexistro oficial.

A vicepresidencia de cada sección corresponde a un dos representantes das comunidades autónomas, elixidos entre eles.

6. Sen prexuízo da composición establecida anteriormente, en función dos asuntos que se vaian tratar poderán asistir ás reunións de cada unha das seccións os expertos ou representantes doutros ministerios, entidades ou organismos que fosen convocados para o efecto. No caso da sección que teña por obxecto a información cuantitativa e estatística para cumprir as obrigacións establecidas na letra d) do número 3 do artigo 328, e da obrigación de información a que se refire a letra c) do número 4 do artigo 328, cando os asuntos que se vaian tratar así o requiran, e sexan convocados para o efecto, poderán asistir ás súas reunións representantes de todas as comunidades autónomas.

7. O funcionamento do Comité de cooperación en materia de contratación pública será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.

*Artigo 330. Órganos consultivos en materia de contratación pública das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla.*

Os órganos consultivos en materia de contratación pública que creen as comunidades autónomas exercerán a súa competencia no seu respectivo ámbito territorial, en relación coa contratación das entidades que integren o sector público autonómico e, de establecerse así nas súas normas reguladoras, das entidades locais incluídas nel, sen prexuízo das competencias da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.

*Artigo 331. Achea de información por parte das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla.*

No marco do principio de lealdade institucional que rexe as relacións entre as administracións públicas, recollido con carácter básico no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e coa finalidade de que a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado poida cumprir coas obrigacións establecidas no artigo 328 respecto da Comisión Europea, as comunidades autónomas remitirán en formato electrónico ao Comité de cooperación regulado no artigo 329, a través dos seus órganos competentes e respecto dos seus respectivos ámbitos territoriais, a seguinte documentación:

a) Un informe que comprenda todas aquelas cuestións mencionadas nas letras b), c), d) e e) do número 4 do artigo 328, cunha periodicidade de – polo menos– cada tres anos.

b) Un informe que comprenda as cuestións previstas no número 7 do artigo 332 cunha periodicidade de – polo menos– cada tres anos.

A documentación remitida incluírá información referida ás entidades locais sitas nos seus respectivos ámbitos territoriais de acordo co establecido no artigo anterior.

*Artigo 332. Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación.*

1. Créase a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación como órgano colexiado dos previstos no artigo 19 de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coa finalidade de velar pola correcta aplicación da lexislación e, en particular, promover a concorrència e combater as ilegalidades en relación coa contratación pública. A Oficina actuará no desenvolvemento da súa actividade e cumprimento dos seus fins con plena independencia orgánica e funcional.

Estará integrada por un presidente e catro vogais, que non poderán solicitar nin aceptar instrucións de ningunha entidade pública ou privada.

Sen prexuízo do anterior, e para os efectos puramente organizativos e orzamentarios, a Oficina adscribíase ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da subsecretaría do departamento.

A Oficina Nacional de Avaliación regulada no artigo 333 integrarase na Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación.

2. Os titulares da Presidencia e das vogalías da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación serán funcionarios de carreira, incluídos no ámbito da aplicación do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, pertencentes ao subgrupo A1 do artigo 76 do dito texto refundido, que contén, polo menos, con 10 anos de experiencia profesional en materias relacionadas coa contratación pública.

Establecerase regulamentariamente o nivel administrativo do titular da Presidencia e dos demais membros da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, que estarán asistidos polos órganos auxiliares que correspondan ao dito nivel.

Durante o desempeño dos seus cargos, estarán suxeitos á regulación prevista nos artigos 13, 14 e 15 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo na Administración xeral do Estado.

3. O presidente e os demais membros da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación serán designados polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, por un período improrrogable de seis anos.

Con todo, a primeira renovación da Oficina farase de forma parcial aos tres anos do nomeamento. Antes de cumprirse o prazo indicado determinaranse, mediante sorteo, os dous vogais que deban cesar. Transcorrido este prazo, quedarán en funcións mentres non se nomee o seu sucesor.

Os membros da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación terán a condición de independentes e inamovibles durante o período do seu mandato e só poderán ser removidos do seu posto polas causas seguintes:

- a) Por finalización do seu mandato.
- b) Por renuncia aceptada polo Goberno.
- c) Por perda da nacionalidade española.
- d) Por incumprimento grave das súas obrigacións.
- e) Por condena mediante sentenza firme á pena privativa de liberdade ou de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por razón de delito.
- f) Por incapacidade sobrevida para o exercicio da súa función.

A remoción polas causas previstas, salvo finalización e renuncia, acordarase o Goberno logo de expediente.

4. O titular da Presidencia da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación representará o órgano colexiado e relacionarase, no seu nome, coas entidades públicas sobre as cales se proxecten as súas actuacións. Igualmente, relacionarase co ministerio de adscrición, para os efectos organizativos e orzamentarios. Será vogal nato da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado e do Comité de cooperación en materia de contratación pública. No primeiro caso, asistirá ás súas sesións con voz pero sen voto.

O titular da Presidencia da Oficina remitiralle ás Cortes e ao Tribunal de Contas un informe anual sobre as actuacións da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación e comparecerá nas Cortes para presentar o informe anual e as súas conclusións, ou cando o soliciten as correspondentes comisións do Congreso ou do Senado, en relación cos asuntos que formen parte do seu ámbito funcional. O dito informe será obxecto de publicación dentro do mes seguinte á súa remisión ás Cortes e ao Tribunal de Contas.

Os vogais da Oficina, na forma que se determine nas normas de funcionamento que aprobe o órgano colexiado, asumirán responsabilidades funcionais específicas en materia de supervisión, en relación coa Oficina Nacional de Avaliación, e de

metodoloxía e formación. No exercicio destas funcións participarán nas sesións do Comité de cooperación en materia de contratación pública e das súas seccións con voz pero sen voto.

5. Como órgano de apoio e asesoramento á Presidencia da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación poderase crear, mediante real decreto, un consello asesor formado por académicos, profesionais e técnicos independentes de recoñecido prestixio no ámbito da contratación das administracións públicas.

6. Corresponden á Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación as seguintes funcións:

- a) Coordinar a supervisión en materia de contratación dos poderes adjudicadores do conxunto do sector público.
- b) Velar pola correcta aplicación da lexislación da contratación pública para os efectos de detectar incumprimentos específicos ou problemas sistémicos.
- c) Velar polo estrito cumprimento da lexislación de contratos do sector público e, de modo especial, polo respecto aos principios de publicidade e concorrència e das prerrogativas da Administración na contratación.
- d) Promover a concorrència na contratación pública e o seguimento das boas prácticas.
- e) Verificar que se apliquen coa máxima amplitude as obrigacións e boas prácticas de transparencia, en particular as relativas aos conflitos de interese, e detectar as irregularidades que se produzan en materia de contratación.

No caso de que a Oficina teña coñecemento de feitos constitutivos de delito ou infracción no ámbito estatal, autonómico ou local, dará traslado inmediato, en función da súa natureza, á fiscalía ou órganos xudiciais competentes, ou ás entidades ou órganos administrativos competentes, incluído o Tribunal de Contas e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

7. En exercicio das funcións previstas no número anterior, a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación:

- a) Aprobará, por proposta do Comité de cooperación en materia de contratación pública, a Estratexia nacional de contratación pública vinculante para o sector público prevista no artigo 334, que se deseñará e executará en coordinación coas comunidades autónomas e entidades locais.
- b) Poderá realizar enquisas e investigacións, para o cal terá acceso aos órganos e servizos de contratación, que deberán facilitar os datos, documentos ou antecedentes ou calquera información que aquela lles reclame, salvo que teñan carácter secreto ou reservado.
- c) Poderá remitir informes, á vista do resultado das enquisas e investigacións e a través do Ministerio de Facenda e Función Pública, ás Cortes Xerais ou, de ser o caso, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- d) Poderá aprobar instrucións en que fixe as pautas de interpretación e de aplicación da lexislación da contratación pública, así como elaborar recomendacións xerais ou particulares aos órganos de contratación, se da supervisión despregada se deduce a conveniencia de liquidar algún problema, obstáculo ou circunstancia relevante para os efectos de dar satisfacción aos fins xustificadores da creación da Oficina. As instrucións e as recomendacións serán obxecto de publicación. Sen prexuízo do disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, as instrucións da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación serán obrigatorias para todos os órganos de contratación do sector público do Estado.
- e) Poderá elaborar estudos relativos ás funcións atribuídas.

8. A Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación elaborará un informe de supervisión, que remitirá á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, que se integrará no informe nacional que haberá que remitir á Comisión Europea cada tres anos.

O dito informe comprenderá, respecto da licitación pública e da execución dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos que estean suxeitos a regulación harmonizada, entre outras, se procede, as seguintes cuestións:

- a) Unha relación dos principais incumprimentos detectados polos órganos, institucións e poderes con competencia supervisora ou xurisdiccional en materia de contratación pública.
- b) Información sobre as fontes máis frecuentes de aplicación incorrecta da lexislación de contratación pública ou de inseguranza xurídica.
- c) Información sobre a prevención, detección e notificación adecuadas dos casos de fraude, corrupción, conflito de intereses e outras irregularidades graves na contratación, así como sobre os problemas de colusión detectados.

9. Así mesmo, a Oficina elaborará un informe anual que recollerá as conclusións derivadas de toda a actividade de supervisión realizada polas administracións competentes. O informe incluírá as cuestións a que se refire o número anterior e, en particular, unha relación expresiva dos principais incumprimentos constatados e dos órganos responsables deles. O dito informe será remitido pola Oficina de Supervisión á Comisión Europea, a través da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.

As distintas autoridades de supervisión, designadas polas administracións competentes nos seus respectivos ámbitos territoriais, e a Oficina, que consolidará toda a información, porán á disposición do público o resultado do proceso de supervisión, que se publicará nas correspondentes plataformas de contratación. En todo caso, o informe da Oficina a que se refire o inciso anterior publicaráo esta na Plataforma de contratación do sector público dentro do mes seguinte á súa remisión á Comisión Europea.

10. A Comisión Mixta Congreso-Senado para as Relacións co Tribunal de Contas, a través dunha ponencia de carácter permanente que se constituirá nos termos que dispoñan os regulamentos das cámaras, recibirá da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación a máis ampla información para facer posible o control e a vixilancia da contratación pública e a participación nas iniciativas de mellora normativa que se adopten nesta materia.

11. A función de supervisión realizarase sen prexuízo das competencias que lle corresponden á Intervención Xeral da Administración do Estado en canto órgano de control da xestión económico-financeira do sector público estatal e ás que, no seu ámbito territorial, correspondan aos órganos equivalentes no ámbito autonómico e local. Para estes efectos, a Intervención Xeral da Administración do Estado e os órganos equivalentes no ámbito autonómico e local remitiranlle anualmente á Oficina Independente de Regulación e Supervisión un informe global, que se fará público dentro do mes seguinte á súa recepción, cos resultados máis significativos da súa actividade de control na contratación pública.

12. As comunidades autónomas poderán crear as súas propias oficinas de supervisión da contratación.

13. A Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, en coordinación co Ministerio de Facenda e Función Pública e coa Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, colaborará coas institucións e organismos da Unión Europea, en especial coa Comisión Europea, no exercicio das funcións de regulación e supervisión da contratación. Tamén poderá cooperar coas autoridades de supervisión da contratación independentes doutros Estados membros.

#### Artigo 333. *A Oficina Nacional de Avaliación.*

1. A Oficina Nacional de Avaliación, órgano colexiado integrado na Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, ten como finalidade analizar a sustentabilidade financeira dos contratos de concesións de obras e contratos de



concesión de servizos, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo da letra b) do número 3.

2. A Oficina Nacional de Avaliación estará presidida polo presidente da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación.

Formarán parte dela o vogal da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación que se determine e un representante con rango de subdirector xeral ou equivalente da Intervención Xeral da Administración do Estado, da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Función Pública. Así mesmo, formarán parte dela dous vogais, un nomeado por proposta das organizacións empresariais representativas dos sectores afectados pola contratación administrativa, e outro designado entre académicos, profesionais e técnicos, de recoñecido coñecemento e competencia na materia da contratación pública, sen relación directa ou indirecta coas empresas contratistas a que se refire o primeiro punto deste artigo. Estes vogais contarán con voz pero non con voto.

Ás reunións da Oficina Nacional de Avaliación en que se traten informes referidos a unha comunidade autónoma que se adheriu á Oficina Nacional de Avaliación en virtude do disposto no número seguinte asistirá un representante dela. No caso de reunións en que se traten informes das corporacións locais, asistirá a elas un representante da Federación de Entidades Locais con maior implantación, xunto cun representante da propia corporación no caso de que se trate de municipios de gran poboación a que se refire o título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública, por proposta da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, determinarase a súa organización e funcionamento, sen prexuízo da utilización de medios especializados complementarios que sexan achegados polos órganos representados na Oficina Nacional de Avaliación.

Os membros da Oficina Nacional de Avaliación e o persoal ao seu servizo non poderán, no exercicio das súas funcións, solicitar nin aceptar instrucións de ningunha entidade pública ou privada.

3. A Oficina Nacional de Avaliación, con carácter previo á licitación dos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos que subscribirán os poderes adjudicadores e entidades adjudicadoras, así como outros entes, organismos e entidades dependentes da Administración xeral do Estado e das corporacións locais, emitirá informe preceptivo nos seguintes casos:

a) Cando se realicen achegas públicas á construción ou á explotación da concesión, así como calquera medida de apoio ao financiamento do concesionario.

b) Respecto das concesións de obras e concesións de servizos en que a tarifa sexa asumida total ou parcialmente polo poder adjudicador concedente, cando o importe das obras ou os gastos de primeiro establecemento superen un millón de euros.

Así mesmo, emitirá informe sobre os acordos de restablecemento do equilibrio do contrato, nos casos previstos nos artigos 270.2 e 290.4 respecto das concesións de obras e concesións de servizos que sobre as cales se emitise previamente informe de conformidade coas letras a) e b) anteriores ou que, sen teren sido sometidas a informe, supoñan a incorporación no contrato dalgún dos elementos previstos nestas.

A Oficina Nacional de Avaliación poderá propor, en atención aos resultados obtidos das actuacións previstas na Estratexia nacional de contratación pública, a ampliación do ámbito de aplicación deste artigo a contratos distintos dos recollidos nos parágrafos anteriores. A ampliación do ámbito aprobarase mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública, por proposta da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Cada comunidade autónoma poderase adherir á Oficina Nacional de Avaliación para que realice os ditos informes ou, se creou un órgano ou organismo equivalente, solicitarlle estes informes preceptivos a este cando afecte os seus contratos de concesión.

O Comité de cooperación en materia de contratación pública fixará as directrices apropiadas para asegurar que a elaboración dos informes se realiza con criterios suficientemente homoxéneos.

4. Os informes previstos no número anterior avaliarán se a rendibilidade do proxecto, obtida en función do valor do investimento, das axudas outorgadas, dos fluxos de caixa esperados e da taxa de desconto establecida é razoable en atención ao risco de demanda que asuma o concesionario. Na dita avaliación terase en conta a mitigación que as axudas outorgadas poidan supor sobre outros riscos distintos do de demanda que habitualmente deban soportar os operadores económicos.

Nos contratos de concesión de obras en que o aboamento da tarifa concesional o realice o poder adxudicador, a Oficina avaliará previamente a transferencia do risco de demanda ao concesionario. Se este non asume completamente o dito risco, o informe avaliará a razoabilidade da rendibilidade nos termos previstos no parágrafo anterior.

Nos acordos de restablecemento do equilibrio do contrato, o informe avaliará se as compensacións financeiras establecidas manteñen unha rendibilidade razoable segundo o disposto no primeiro parágrafo deste número.

5. Os informes preceptivos serán emitidos no prazo de trinta días desde a solicitude do poder adxudicador ou doutra entidade contratante ou nova achega de información a que se refire o parágrafo seguinte. Este prazo poderase reducir á metade sempre que se xustifiquen na solicitude as razóns de urxencia. Estes informes serán publicados a través da central de información económico-financeira das administracións públicas dependente do Ministerio de Facenda e Función Pública e estarán dispoñibles para a súa consulta pública través de medios electrónicos.

A entidade que formule a solicitude remitirá a información necesaria á Oficina, quen emitirá o seu informe sobre a base da información recibida. Se a dita oficina considera que a información remitida non é suficiente, non é completa ou require algunha aclaración, dirixirase ao poder adxudicador petionario para que lle facilite a información requirida dentro do prazo que esta sinale para o efecto. A información que reciba a Oficina deberá ser tratada respectando os límites que rexen o acceso á información confidencial.

6. Se a Administración ou a entidade destinataria do informe se aparta das recomendacións contidas nun informe preceptivo da Oficina, deberao motivar nun informe, que se incorporará ao expediente do correspondente contrato e que será obxecto de publicación no seu perfil de contratante e na Plataforma de contratación do sector público. No caso da Administración xeral do Estado, esta publicación farase, ademais, a través da central de información económico-financeira das administracións públicas.

7. A Oficina publicará anualmente unha memoria de actividade.

#### Artigo 334. *Estratexia nacional de contratación pública.*

1. A Estratexia nacional de contratación pública, a que se refiren o artigo 332 número 7 na súa letra a) e o artigo 333 número 3, é o instrumento xurídico vinculante, aprobado pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, que se baseará na análise de actuacións de contratación realizadas por todo o sector público, incluídos todos os poderes adxudicadores e entidades adxudicadoras comprendidas no sector público estatal, autonómico ou local, así como as doutros entes, organismos e entidades pertencentes a eles que non teñan a natureza de poderes adxudicadores.

Terá un horizonte temporal de catro anos e abordará, entre outros, os seguintes aspectos:

a) A análise dos datos dispoñibles, nas distintas fontes de información cualitativas e cuantitativas: plataformas de contratación nacionais, información aberta da Unión Europea en materia de contratación pública (TED), informes de órganos de supervisión e control e de asesoramento legal, para elaborar un diagnóstico da situación da contratación pública e propor medidas prioritarias para corrixir as disfuncións que se identifiquen.

Para tales efectos, as indicadas bases de datos nacionais e os correspondentes órganos de supervisión, control e asesoramento deberán facilitar a información necesaria para elaborar, aprobar e executar a mencionada estratexia.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderalle remitir á Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación as súas propostas en materia de contratación pública que afecten a competencia, para a súa posible inclusión na Estratexia nacional de contratación pública.

b) A mellora da supervisión da contratación pública, coordinando criterios e metodoloxías comúns para a realización das actuacións de supervisión, e garantindo, en todo caso, o cumprimento das obrigacións de supervisión impostas polas directivas de contratación pública e polas institucións comunitarias.

Terá en conta, así mesmo, a coherencia das actuacións de seguimento precisas para garantir a sustentabilidade financeira dos contratos previstos polo artigo 333, para o cal incluírá as estratexias e metodoloxía adecuadas para realizar a avaliación con criterios homoxéneos e as regras que deben informar os acordos de establecemento do equilibrio económico destes contratos.

c) A análise dos mecanismos de control de legalidade *ex-ante* e *ex-post* dos procedementos de adxudicación de contratos públicos e concesións en todo o sector público. Preveranse actuacións con vistas a reforzar os ditos mecanismos de control, entre outras, mediante a definición de obxectivos e prioridades, así como a proposta de reasignación de efectivos encargados dos ditos controis. Igualmente, analizaranse os procedementos establecidos para identificar as irregularidades en que se poida incurrir e o desenvolvemento das medidas correctoras que deban aplicar os responsables da xestión.

d) A elaboración de manuais de boas prácticas ou guías que establezan recomendacións para aplicar nos procedementos de contratación, que permitan preventivamente evitar a posible realización de malas prácticas neles.

e) Promover a profesionalización en contratación pública mediante actuacións de formación do persoal do sector público, especialmente naquelas entidades que carecen de persoal especializado, mediante o deseño dun plan específico en materia de formación en contratación pública e outras actuacións complementarias de promoción da profesionalización na contratación pública.

2. A Estratexia nacional de contratación pública deseñárase para establecer medidas que permitan cumprir os seguintes obxectivos:

a) Combater a corrupción e as irregularidades na aplicación da lexislación sobre contratación pública.

b) Incrementar a profesionalización dos axentes públicos que participan nos procesos de contratación.

c) Promover a eficiencia económica nos procesos de obtención de bens, servizos e subministracións para o sector público, estimulando a agregación da demanda e a adecuada utilización de criterios de adxudicación.

d) Xeneralizar o uso da contratación electrónica en todas as fases do procedemento.

e) Utilizar as posibilidades da contratación pública para apoiar políticas ambientais, sociais e de innovación.

f) Promover a participación das pemes no mercado da contratación pública.

3. Os funcionarios que realicen as funcións de supervisión previstas nas letras b) e c) do punto primeiro deste artigo gozarán de independencia funcional respecto dos titulares dos órganos cuxos contratos supervisen.

As autoridades, calquera que sexa a súa natureza, os xefes ou directores de oficinas públicas, os das entidades integrantes do sector público e quen, en xeral, exerza funcións públicas ou desenvolva o seu traballo nas ditas entidades deberán prestar aos funcionarios encargados da supervisión dos contratos o apoio, concurso, auxilio e colaboración que lles

sexan precisos, e facilitarlles a documentación e información necesarias para esta supervisión.

4. Tras elevar a súa proposta de Estratexia nacional de contratación pública o Comité de cooperación en materia de contratación pública e aprobala a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, remitirase á Comisión Europea. Pola súa banda, o Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Facenda e Función Pública, tomará coñecemento dela e elevaraa para coñecemento ás Cortes Xerais. Transcorrido un mes desde a remisión á Comisión Europea da Estratexia aprobada pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, farase público o seu contido na Plataforma de contratación do sector público.

5. O Comité de cooperación en materia de contratación pública, transcorridos os dous primeiros anos da aprobación da estratexia, fará unha primeira valoración da súa aplicación, e poderanse modificar ou axustar aqueles aspectos da estratexia que resulten necesarios co obxecto de conseguir os obxectivos perseguidos por ela. Tras iso, elevará tales modificacións ou axustes á Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación para a súa aprobación. As ditas modificacións ou axustes serán obxecto de publicación dentro do mes seguinte ao á súa aprobación.

6. Unha vez finalizado o ámbito temporal da estratexia, o Comité de cooperación en materia de contratación pública elaborará un informe sobre os resultados da súa aplicación. O informe comunicárelles á Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación e á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, que o remitirá á Comisión Europea e o porá en coñecemento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. O seu contido farase público no prazo dun mes desde a dita remisión.

Pola súa banda, o Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Facenda e Función Pública, tomará coñecemento do informe e elevarao para coñecemento ás Cortes Xerais.

O informe servirá para definir e aprobar unha nova Estratexia nacional de contratación, polo mesmo procedemento e coas mesmas características e duración mencionadas neste artigo. A nova estratexia será aprobada no prazo de seis meses contados desde a adopción do informe.

7. A primeira estratexia aprobaraa a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación no prazo de nove meses desde a publicación da presente lei no «Boletín Oficial del Estado.»

8. No ámbito das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla poderase elaborar unha estratexia de contratación pública que deberá ser coherente coa Estratexia nacional de contratación.

## CAPÍTULO IV

### Elaboración e remisión de información

Artigo 335. *Remisión de contratos ao Tribunal de Contas.*

1. Dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato, para o exercicio da función fiscalizadora deberáselle remitir ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma unha copia certificada do documento en que se formalice aquel, xunto cun extracto do expediente de que derive, sempre que o prezo de adxudicación do contrato ou, no caso de acordos marco, o valor estimado exceda os 600.000 euros, de se tratar de obras, concesións de obras, concesións de servizos e acordos marco; de 450.000 euros, de se tratar de subministracións; e de 150.000 euros, de se tratar de servizos e de contratos administrativos especiais.

Así mesmo, serán obxecto de remisión ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma a copia certificada e o extracto do expediente a que se refire o parágrafo anterior, relativos aos contratos baseados nun acordo marco e aos contratos específicos subscritos no marco dun sistema dinámico de adquisición, sempre

que o prezo de adxudicación do contrato exceda, en función da súa natureza, as contías sinaladas no citado parágrafo.

Ademais, remitírase unha relación do resto de contratos subscritos incluídos os contratos menores, excepto aqueles que, sendo o seu importe inferior a cinco mil euros, se satisfagan a través do sistema de anticipo de caixa fixa ou outro sistema similar para realizar pagamentos menores, onde se consignarán a identidade do adxudicatario, o obxecto do contrato e a súa contía. As ditas relacións ordenaranse por adxudicatario. Esta remisión poderase realizar directamente por vía electrónica a través da Plataforma de contratación onde teña situado o seu perfil de contratante o correspondente órgano de contratación.

2. Igualmente, comunicaránselle ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, as variacións de prezo e o importe final, a nulidade e a extinción normal ou anormal dos contratos indicados.

3. O disposto nos dous números anteriores entenderase sen prexuízo das facultades do Tribunal de Contas ou, de ser o caso, dos correspondentes órganos de fiscalización externos das comunidades autónomas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes considere pertinentes en relación cos contratos de calquera natureza e contía.

4. As comunicacións a que se refire este artigo efectuaráas o órgano de contratación no ámbito da Administración xeral do Estado e das entidades do sector público dependentes dela.

5. A forma e o procedemento para facer efectivas as remisións a que se refire o presente artigo poderaos determinar o Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma mediante as correspondentes instrucións.

*Artigo 336. Informes específicos sobre os procedementos para a adxudicación dos contratos.*

1. Os órganos de contratación redactarán un informe escrito sobre cada contrato de obras, subministracións ou servizos ou acordo marco, suxeitos a regulación harmonizada, así como cada vez que establezan un sistema dinámico de adquisición, que inclúa polo menos o seguinte:

a) O nome e enderezo do poder adxudicador, e o obxecto e prezo do contrato, do acordo marco ou do sistema dinámico de adquisición;

b) De ser o caso, os resultados da selección cualitativa e/ou a redución do número de ofertas e de solucións, de conformidade co establecido na presente lei para os procedementos restrinxido, de licitación con negociación, de diálogo competitivo e de asociación para a innovación, concretamente:

i) Os nomes dos candidatos ou licitadores seleccionados e os motivos que xustifican a súa selección.

ii) Os nomes dos candidatos ou licitadores excluídos e os motivos que xustifican a súa exclusión.

c) Os motivos polos cales se rexeitaron ofertas consideradas anormalmente baixas.

d) O nome do adxudicatario e os motivos polos cales se elixiu a súa oferta, así como, se se coñece, a parte do contrato ou do acordo marco que o adxudicatario teña previsto subcontratar con terceiros; e, no caso de que existan, e se se coñecen nese momento, os nomes dos subcontratistas do contratista principal.

e) Para os procedementos de licitación con negociación e os procedementos de diálogo competitivo, as circunstancias establecidas no artigo 167 e no número 3 do artigo 172 que xustifiquen o recurso a estes procedementos.

f) Polo que respecta aos procedementos negociados sen publicación previa, as circunstancias recollidas no artigo 168 que xustifiquen o recurso ao dito procedemento.

g) De ser o caso, os motivos polos cales o poder adjudicador decidiu non adjudicar ou subscribir un contrato ou un acordo marco ou renunciou a establecer un sistema dinámico de adquisición.

h) De ser o caso, os motivos polos cales se utilizaron medios de comunicación distintos dos electrónicos para presentar electronicamente ofertas.

i) De ser o caso, os conflitos de intereses detectados e as medidas tomadas ao respecto.

j) De ser o caso, as medidas tomadas no marco do artigo 70.

O dito informe non será exixido polo que respecta a contratos baseados en acordos marco, cando estes se subscribisen conforme os números 3 e 4.a) do artigo 221.

Na medida en que o anuncio de formalización do contrato conteña a información requirida no presente punto, os poderes adjudicadores poderán facer referencia ao dito anuncio.

2. O informe, ou os seus elementos principais, remitiráselle á Comisión Europea ou ao Comité de cooperación en materia de contratación pública regulado no artigo 329, cando o soliciten.

## TÍTULO II

### Rexistros oficiais

#### CAPÍTULO I

##### Rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas

*Artigo 337. Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.*

1. O Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ten por obxecto a inscrición dos datos e das circunstancias que resulten relevantes para acreditar as condicións de aptitude dos empresarios para contratar coas administracións públicas e demais organismos e entidades do sector público, incluídas as facultades dos seus representantes e apoderados, así como a acreditación de todo isto ante calquera órgano de contratación do sector público.

2. O Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público dependerá do Ministerio de Facenda e Función Pública e a súa xestión corresponderalles aos órganos de apoio técnico da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.

3. As comunidades autónomas que opten por non levar o rexistro a que se refire o artigo 341 poderán efectuar inscricións no rexistro a que se refire o presente artigo, nos termos establecidos no número 2 do artigo 340.

4. O Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público estará interconectado e será interoperable co Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado.

Os órganos de contratación consultarán o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público para verificar a inscrición dos poderes. Se os poderes non están inscritos, consultarán subsidiariamente os rexistros xerais de poderes das administracións públicas. A consulta aos ditos rexistros realizarase a través do Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado.

En caso de discrepancia entre os poderes inscritos, prevalecerá o inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público fronte aos inscritos en calquera outro rexistro de poderes.

*Artigo 338. Inscricións e publicacións de oficio.*

1. No Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público faranse constar de oficio os datos relativos ás clasificacións outorgadas aos empresarios pola Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado. Así mesmo, faranse constar as

outorgadas polos órganos competentes das comunidades autónomas que exerzan competencias en materia de clasificación de empresas, sempre que non resulten contraditorias coas outorgadas pola Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.

Nos casos en que, con respecto á empresa de cuxa clasificación se trate, non constasen inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público as circunstancias a que se refiren as letras a) e c) do número 1 do artigo 339, inscribíranse estas de oficio, tomando como base os documentos adecuados para iso e que se achegaron ao procedemento de clasificación.

2. Faranse constar igualmente os datos relativos ás prohibicións de contratar a que se refire o número 2 do artigo 73.

3. Para os efectos de poder dar cumprimento ao establecido no número anterior, o órgano de que emane a sentenza ou resolución que impón a prohibición de contratar deberá remitir de oficio testemuño daquela ou copia desta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, sen prexuízo de que este órgano, de ter coñecemento da súa existencia e ao non recibir o citado testemuño da sentenza ou copia da resolución, os poida solicitar ao órgano de que emanaron.

4. As prohibicións de contratar que, en función do seu ámbito e do órgano que as declarase, deban ser inscritas no rexistro de licitadores e empresas clasificadas dunha comunidade autónoma que conte co dito rexistro serán comunicadas ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público polo órgano da dita comunidade autónoma competente para a xestión do rexistro, para a súa publicación de acordo co disposto no artigo 345.

#### Artigo 339. *Inscripcións por solicitude dos interesados.*

1. No rexistro poderán constar, cando así o solicite o interesado, os seguintes datos e circunstancias relativos aos empresarios:

- a) Os correspondentes á súa personalidade e capacidade de obrar, no caso de persoas xurídicas.
- b) Os relativos á extensión das facultades dos representantes ou apoderados con capacidade para actuar no seu nome e obrígala contractualmente.
- c) Os referentes ás autorizacións ou habilitacións profesionais e aos demais requisitos que resulten necesarios para actuar no seu sector de actividade.
- d) Os datos relativos á solvencia económica e financeira, que se reflectirán de forma independente da clasificación que, de ser o caso, teña o empresario.
- e) Calquera outro dato de interese para a contratación pública que se determine regulamentariamente.

2. Estableceranse regulamentariamente o procedemento e os requisitos para inscribir tales datos e circunstancias.

#### Artigo 340. *Competencia para a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.*

1. As inscricións de oficio no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público indicadas no artigo 338, con excepción das indicadas no número seguinte, serán efectuadas polo órgano do Ministerio de Facenda e Función Pública designado para a súa xestión. Igualmente, corresponderá ao dito órgano a adopción dos acordos de inscrición dos datos e circunstancias indicados no artigo 339 derivados das solicitudes de inscrición dos interesados que así llo soliciten.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas que opten por non levar o seu propio rexistro de licitadores e empresas clasificadas efectuarán no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público as inscricións de oficio a que se refiren o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 341 e o segundo inciso do primeiro parágrafo do número 1 do artigo 338. Poderán efectuar igualmente no rexistro as

inscricións indicadas no punto segundo do artigo 341 cando se refiran a empresarios domiciliados no seu ámbito territorial e así llelo solicite o interesado.

As inscricións no rexistro polos órganos competentes das comunidades autónomas exixirá a subscrición previa dun convenio para ese efecto co Ministerio de Facenda e Función Pública.

3. Todas as inscricións efectuadas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público terán, sen ningunha distinción, os mesmos efectos acreditativos e eficacia plena fronte a todos os órganos de contratación do sector público.

*Artigo 341. Rexistros de licitadores e empresas clasificadas das comunidades autónomas.*

1. As comunidades autónomas poderán levar os seus propios rexistros de licitadores e empresas clasificadas, nos cales inscribirán as clasificacións a que se refire o segundo parágrafo do artigo 81 e, en todo caso, as prohibicións de contratar que sexan declaradas polos seus órganos competentes, polos das entidades locais do seu ámbito territorial ou polos dos organismos e entidades dependentes dunha ou doutras.

Para os efectos de poder dar cumprimento ao establecido no parágrafo anterior, o órgano de que emane a resolución que impón a prohibición de contratar deberá remitir de oficio copia desta ao órgano competente da xestión do rexistro, sen prexuízo de que este órgano, de ter coñecemento da súa existencia e ao non recibir copia da resolución, lla poida solicitar ao órgano de que emanou.

As restantes prohibicións de contratar que deban ser inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público serán igualmente publicadas nos rexistros de licitadores e empresas clasificadas das comunidades autónomas; para este efecto aplicarase o disposto no artigo 345.

2. Poderán igualmente ser inscritos no rexistro, cando así o solicite o interesado á comunidade autónoma, os datos e circunstancias indicados no artigo 339.

3. A inscrición no rexistro de licitadores e empresas clasificadas dunha comunidade autónoma acreditará os datos e circunstancias dos empresarios ante os órganos de contratación da propia comunidade autónoma, das entidades locais do seu ámbito territorial, e dos organismos e entidades dependentes dunha ou doutras.

*Artigo 342. Voluntariedade da inscrición.*

1. Sen prexuízo da práctica de oficio das inscricións obrigatorias a que se refiren o artigo 338 e o número 1 do artigo 341, a inscrición nos rexistros de licitadores e empresas clasificadas é voluntaria para os empresarios, os cales poderán determinar que datos de entre os mencionados no artigo anterior desexan que se reflectan neles. A inscrición implicará o consentimento do empresario para difundir por medios electrónicos os seus datos inscritos, nos termos e cos límites e restricións que legal ou regulamentariamente se determinen.

2. Os interesados poderán en todo momento solicitar a cancelación das inscricións referidas a eles, salvo nos casos e circunstancias de inscrición obrigatoria.

*Artigo 343. Actualización da información rexistral.*

1. Os empresarios inscritos nos rexistros de licitadores e empresas clasificadas están obrigados a pór en coñecemento do rexistro calquera variación que se produza nos seus datos nel reflectidos, así como o acaecemento de calquera circunstancia que determine a concorrencia dunha prohibición de contratar susceptible de inscrición nos ditos rexistros.

Sen prexuízo do disposto na letra e) do número 1 do artigo 71, a omisión desta comunicación mediando dolo, culpa ou neglixencia poderá dar lugar á suspensión da inscrición do empresario e dos seus efectos para a contratación pública, así como ao dereito a expedir certificados do empresario, salvo no relativo ás inscricións efectuadas de oficio. En todo caso, a falta de actualización dos datos dun empresario que figuren inscritos



nun rexistro de licitadores e empresas clasificadas non prexudicará a Administración pública, organismo ou entidade que subscribise un contrato co empresario con base nos datos que constan no rexistro.

2. O órgano competente da xestión do rexistro rectificará de oficio os datos inscritos cando se verifique que os datos dun asento son incorrectos, incompletos ou non actualizados.

#### Artigo 344. *Publicidade.*

1. O rexistro será público e poderase acceder de forma aberta, logo de identificación da persoa que accede. Ademais, contará cun buscador que facilite o seu uso.

2. Determinaranse regulamentariamente as modalidades e os requisitos para a publicidade dos asentos do rexistro. Mediante orde do Ministerio de Facenda e Función Pública poderase excluír a publicidade das empresas clasificadas nos casos en que o número de empresas clasificadas en determinados grupos, subgrupos e categorías sexa o suficientemente reducido para dar lugar a un risco de colusión entre elas.

#### Artigo 345. *Colaboración entre rexistros.*

O Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e os rexistros de licitadores e empresas clasificadas das comunidades autónomas facilitaranse mutuamente a información relativa ás prohibicións de contratar inscritas neles.

Mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública estableceranse o procedemento e as especificacións necesarias para o intercambio da dita información por medios electrónicos.

## CAPÍTULO II

### **Rexistro de Contratos do Sector Público**

#### Artigo 346. *Rexistro de Contratos do Sector Público.*

1. O Ministerio de Facenda e Función Pública manterá un rexistro de contratos, no cal se inscribirán os datos básicos dos contratos adxudicados polas distintas administracións públicas e demais entidades do sector público suxeitas a esta lei.

2. O Rexistro de Contratos do Sector Público constitúe o sistema oficial central de información sobre a contratación pública en España. A información sobre a contratación pública deberá estar sistematizada conforme formatos e estándares abertos adoptados no ámbito internacional.

3. Os poderes adxudicadores comunicaranlle ao Rexistro de Contratos do Sector Público, para a súa inscrición, os datos básicos dos contratos por eles adxudicados, entre os cales figurarán a identidade do adxudicatario e o importe de adxudicación, xunto coa desagregación correspondente do imposto sobre o valor engadido.

Igualmente comunicarán, de ser o caso, as modificacións, prórrogas, variacións de prazos ou de prezo, importe final e extinción daqueles. O contido e o formato das ditas comunicacións, así como o prazo para efectualas, estableceranse regulamentariamente.

Exceptuaranse da comunicación sinalada neste número os contratos excluídos pola presente lei e aqueles cuxo prezo sexa inferior a cinco mil euros, IVE incluído, sempre que o sistema de pagamento utilizado polos poderes adxudicadores sexa o de anticipo de caixa fixa ou outro sistema similar para realizar pagamentos menores. No resto de contratos inferiores a cinco mil euros deberanse comunicar o órgano de contratación, denominación ou obxecto do contrato, adxudicatario, número ou código identificativo do contrato e importe final.

4. As comunicacións de datos de contratos ao Rexistro de Contratos do Sector Público efectuaranse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, na forma que determine o ministro de Facenda e Función Pública.

5. O Rexistro de Contratos do Sector Público facilitará de modo telemático o acceso aos seus datos aos órganos das administracións públicas que os precisen para o exercicio das súas competencias legalmente atribuídas.

Así mesmo, de conformidade co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e coas limitacións que impoñen as normas sobre protección de datos de carácter persoal, facilitará o acceso público aos datos que non teñan o carácter de confidenciais e que non fosen previamente publicados de modo telemático e a través da internet.

6. Nos casos de administracións públicas que dispoñan de rexistros de contratos análogos no seu ámbito de competencias, a comunicación de datos a que se refire o número 3 do presente artigo poderá ser substituída por comunicacións entre os respectivos rexistros de contratos. O Ministerio de Facenda e Función Pública determinará as especificacións e os requisitos para o intercambio de datos entre o Rexistro de Contratos do Sector Público e os demais rexistros de contratos.

7. Co obxecto de garantir a identificación única e precisa de cada contrato, as administracións e entidades comunicantes asignarán a cada un deles un código identificador, que será único no seu ámbito de competencias. O Ministerio de Facenda e Función Pública determinará as regras de asignación dos ditos identificadores únicos que resulten necesarios para asegurar a identificación unívoca de cada contrato dentro do Rexistro de Contratos do Sector Público, así como para a súa coordinación cos demais rexistros de contratos.

8. O Goberno elevará anualmente ás Cortes Xerais un informe sobre a contratación pública en España, a partir dos datos e análises proporcionados polo Rexistro de Contratos do Sector Público.

O Ministerio de Facenda e Función Pública porá en coñecemento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o informe a que se refire o parágrafo anterior, tras a súa elevación polo Goberno ás Cortes Xerais.

### TÍTULO III

#### **Xestión da publicidade contractual por medios electrónicos, informáticos e telemáticos**

*Artigo 347. Plataforma de contratación do sector público.*

1. A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado do Ministerio de Facenda e Función Pública porá á disposición de todos os órganos de contratación do sector público unha plataforma electrónica que permita difundir a través da internet os seus perfís de contratante, así como prestar outros servizos complementarios asociados ao tratamento informático destes datos.

2. Os perfís de contratante dos órganos de contratación de todas as entidades do sector público estatal deberanse aloxar de maneira obrigatoria na Plataforma de contratación do sector público, e xestionaranse e difundiranse exclusivamente a través dela. Nas páxinas web institucionais destes órganos incluíranse unha ligazón ao seu perfil de contratante situado na Plataforma de contratación do sector público.

3. As comunidades autónomas e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla poderán establecer servizos de información similares á Plataforma de contratación do sector público nos cales deberán aloxar os seus perfís de contratante de maneira obrigatoria, tanto os seus propios órganos de contratación como os dos seus entes, organismos e entidades vinculados ou dependentes, xestionaranse e difundiranse exclusivamente a través deles e constituirán estes servizos un punto de acceso único aos perfís de contratante dos entes, organismos e entidades adscritos á comunidade autónoma correspondente.

As comunidades autónomas e as cidades autónomas que non optasen por establecer os seus propios servizos de información e, por tanto, aloxen os seus perfís do contratante directamente na Plataforma de contratación do sector público poderán utilizar todos os

servizos que ofrezca esta, así como participar na súa xestión nos termos e nas condicións que regulamentariamente se establezan e de acordo cos convenios que para ese efecto se subscriban entre o Ministerio de Facenda e Función Pública e o órgano de goberno da respectiva comunidade autónoma ou cidade autónoma.

En calquera caso, e independentemente da opción elixida polas comunidades autónomas ou polas cidades autónomas, de entre as sinaladas nos dous primeiros parágrafos do presente número, estas deberán publicar, ben directamente ou por interconexión con dispositivos electrónicos de agregación da información no caso de que contén cos seus propios servizos de información, a convocatoria de todas as citacións e os seus resultados na Plataforma de contratación do sector público.

En relación coa publicación a que se refire o parágrafo anterior, ben se leve a cabo directamente ou ben por interconexión con dispositivos electrónicos de agregación da información, en caso dunha eventual discrepancia entre a información recollida no servizo de información da comunidade autónoma e a da Plataforma de contratación do sector público, prevalecerá a primeira.

Os órganos de contratación das administracións locais, así como os das súas entidades vinculadas ou dependentes poderán optar, de forma excluínte e exclusiva, ben por aloxar a publicación dos seus perfís de contratante no servizo de información que para ese efecto establece a comunidade autónoma do seu ámbito territorial, ou ben por aloxalos na Plataforma de contratación do sector público.

4. A plataforma deberá contar cun sistema de selaxe de tempo que permita acreditar de forma fidedigna o inicio da difusión pública da información que se inclúa nela.

5. A publicación de anuncios e doutra información relativa aos contratos nos perfís de contratante producirá os efectos previstos na presente lei cando estean aloxados na Plataforma de contratación do sector público ou nos servizos de información similares que establezan as comunidades autónomas ou as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, e de conformidade co establecido nos números 2 e 3 do presente artigo, e sempre que, neste último caso, se cumpra co disposto no parágrafo terceiro do citado número 3.

6. O acceso dos interesados á Plataforma de contratación do sector público efectuarase a través dun portal único.

7. Mediante orde do Ministerio de Facenda e Función Pública definiranse as especificacións relativas á operación e utilización dos servizos prestados pola Plataforma de contratación do sector público.

8. A información publicarase en estándares abertos e reutilizables.

Disposición adicional primeira. *Contratación no estranxeiro.*

1. Os contratos que se formalicen e se executen no estranxeiro, sen prexuízo de ter en conta os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que na súa aplicación se poidan presentar, rexeranse polas seguintes normas:

a) Na Administración xeral do Estado, a formalización destes contratos corresponderalle ao xefe de misión ou representación permanente, orgánica e funcionalmente dependente do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, que poderá delegala en favor doutros órganos, funcionarios ou persoas particulares. Con todo, no ámbito do Ministerio de Defensa, a súa formalización corresponderalle ao titular deste departamento, quen poderá delegar esta competencia e, cando se trate de contratos necesarios para o cumprimento de misións de paz en que participen as forzas e corpos de seguranza españois, a súa formalización corresponderalle ao ministro do Interior.

Nos organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social a formalización destes contratos correspóndelles aos seus representantes legais ou ás persoas en que deleguen.

Nos demais organismos e entidades suxeitos a esta lei, a formalización dos contratos corresponderalles aos seus representantes legais.

Os artigos 323 a 325 da presente lei serán de aplicación a estes contratos.

b) Sen prexuízo dos requisitos de capacidade que poidan exixir as leis do Estado en que se subscriba o contrato, para empresas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo observarase o disposto nesta lei.

c) O prego de cláusulas administrativas particulares poderá ser substituído polo propio clausulado do contrato.

d) Sen prexuízo do establecido para os contratos menores, os contratos poderanse adjudicar por procedemento negociado e deberanse conseguir, sempre que sexa posible, polo menos tres ofertas de empresas capaces de cumprilos.

e) A formalización levarase a cabo mediante documento fidedigno, e remitiranse os datos destes contratos ao Ministerio de Facenda e Función Pública para os efectos previstos no artigo 346, relativo ao Rexistro de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da obrigación de remisión ao Tribunal de Contas prevista no artigo 335. En canto aos contratos menores, observarase o disposto con carácter xeral para eles nesta lei.

f) Ao adjudicatario poderánselle exixir unhas garantías análogas ás previstas nesta lei para asegurar a execución do contrato, sempre que iso sexa posible e adecuado ás condicións do Estado en que se efectúa a contratación e, na súa falta, as que sexan usuais e autorizadas no dito Estado ou resulten conformes coas prácticas comerciais internacionais.

Na Administración xeral do Estado, as garantías constituiranse na misión diplomática, representación permanente ou oficina consular correspondente. No caso de que se trate de organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas do sector público estatal, as garantías constituiranse no propio organismo, de contar este con representación no exterior ou, na súa falta, na misión diplomática, representación permanente ou oficina consular correspondente.

g) O pagamento do prezo condicionarase á entrega por parte do contratista da prestación convida, salvo que se opoña a iso o dereito ou os costumes do Estado, suposto en que se deberá exixir garantía que cubra o anticipo, prestada na forma prevista na letra e) anterior.

Excepcionalmente, por resolución motivada do órgano de contratación, e cando as circunstancias así o impoñan, poderase eximir da prestación desta garantía, sempre que iso sexa conforme coas prácticas comerciais internacionais.

h) Nestes contratos procurárase incluír estipulacións tendentes a preservar os intereses da Administración ante posibles incumprimentos do contratista e, sen prexuízo do establecido no punto cuarto do presente artigo, a autorizar as modificacións do contrato que se poidan facer convenientes.

i) O órgano de contratación poderá establecer na documentación contractual un réxime de revisión de prezos diferente ao previsto con carácter xeral nesta lei, atendendo á lexislación do país en que se deba executar o contrato e ás súas circunstancias socioeconómicas. En calquera caso, o réxime de revisión de prezos que se estableza basearase en parámetros obxectivos e, se é posible, públicos ou, cando menos, facilmente medibles. Para estes efectos, poderanse utilizar os calculados por organismos internacionais.

2. Nos contratos con empresas españolas incluíranse cláusulas de submisión aos tribunais españois.

3. Nos contratos con empresas estranxeiras procurárase a incorporación de cláusulas de submisión aos tribunais españois para resolver as discrepancias que poidan xurdir. Cando non sexa posible, procurárase a incorporación de cláusulas de arbitraje. Nestes contratos poderase transixir logo de autorización do Consello de Ministros ou do órgano competente das comunidades autónomas e entidades locais.

4. As regras contidas neste artigo non obstan para que, nos contratos suxeitos a regulación harmonizada que se formalicen e executen nos restantes Estados membros da Unión Europea ou nun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, se deban cumprir as normas desta lei referentes á publicidade comunitaria; os procedementos de adjudicación dos contratos; réxime de modificacións contractuais; subcontratación; control do

cumprimento das obrigacións sociais, ambientais e laborais aplicables; a resolución como consecuencia dunha modificación esencial durante a execución do contrato e á declaración de nulidade do contrato como consecuencia de encontrarse incurso o adxudicatario en causa de prohibición para contratar cando subscribiu o contrato ou como consecuencia dun incumprimento grave do dereito da Unión Europea.

5. Os contratos formalizados no estranxeiro que se deban executar total ou parcialmente en España, e que estean vinculados directamente á realización de programas ou proxectos de cooperación en materia cultural ou de investigación ou de cooperación ao desenvolvemento, poderanse adxudicar por procedemento negociado sen publicidade e con suxeición ás condicións libremente pactadas pola Administración co contratista estranxeiro, cando a intervención deste sexa absolutamente indispensable para a execución do proxecto ou programa, por requirilo así as condicións de participación nos programas ou proxectos de cooperación, e así se acredite no expediente.

6. Os documentos contractuais e toda a documentación necesaria para a preparación, adxudicación e execución dos contratos deberá estar redactada en castelán ou lingua cooficial correspondente, ás cales, de ser o caso, se deberán traducir desde o idioma local que corresponda. Non obstante, o órgano de contratación e baixo a súa responsabilidade poderá aceptar, sen necesidade de tradución para o castelán, os documentos redactados noutras linguas. Nestes casos, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación garantirá a dispoñibilidade da tradución para o castelán dos documentos redactados en lingua estranxeira, para os efectos da fiscalización do contrato.

7. Nos casos en que un poder adxudicador se presente a unha licitación internacional acompañado por medios propios personificados para os cales resulte obrigatorio participar no proceso de licitación nos termos definidos polo poder adxudicador, as relacións xurídicas entre o poder adxudicador e os seus medios propios rexeranse polo disposto no artigo 32 desta lei; considerarase para todos os efectos que estas relacións constitúen encargos aos ditos medios propios personificados.

Igualmente, será de aplicación o previsto no parágrafo anterior cando as actuacións do poder adxudicador no estranxeiro se realicen no marco de tratados internacionais, acordos internacionais administrativos ou acordos internacionais non normativos.

#### Disposición adicional segunda. *Competencias en materia de contratación nas entidades locais.*

1. Correspóndenlles aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, dos contratos de concesión de obras, dos contratos de concesión de servizos e dos contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2. Correspóndenlle ao pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no número anterior que subscriba a entidade local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao alcalde ou presidente da entidade local, conforme o número anterior. Así mesmo, correspóndelle ao pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais a que se refire o artigo 121 desta lei.

3. Nos municipios de poboación inferior a 5.000 habitantes é igualmente competencia do pleno autorizar a redacción e licitación de proxectos independentes relativos a cada unha das partes dunha obra cuxo período de execución exceda o dun orzamento anual, sempre que estas sexan susceptibles de utilización separada no sentido do uso xeral ou do servizo, ou poidan ser substancialmente definidas.

4. Nos municipios de gran poboación a que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as competencias do órgano de contratación que se describen nos números anteriores exerceraas a xunta de goberno local, calquera

que sexa o importe do contrato ou a duración deste, e o pleno será o competente para aprobar os pregos de cláusulas administrativas xerais.

5. Nas entidades locais será potestativa a constitución de xuntas de contratación, que actuarán como órganos de contratación nos contratos de obras que teñan por obxecto traballos de reparación simple, de conservación e de mantemento, nos contratos de subministración que se refiran a bens consumibles ou de fácil deterioración polo uso, e nos contratos de servizos cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios da entidade ou, cando superen este importe, as accións estean previstas no orzamento do exercicio a que corresponda e se realicen de acordo co disposto nas bases de execución deste.

Correspóndelle ao pleno acordar a constitución das xuntas de contratación e determinar a súa composición; deberán formar parte delas necesariamente o secretario ou o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da corporación e o interventor dela. Os límites cuantitativos, que poderán ser inferiores aos sinalados no parágrafo anterior, ou os referentes ás características dos contratos nos cales intervirá a Xunta de Contratación como órgano de contratación, determinaraos, nos municipios de gran poboación a xunta de goberno local e nas restantes entidades locais, o pleno, por proposta do alcalde ou do presidente cando sexa o órgano que teña atribuída a competencia sobre os ditos contratos, de acordo co número 2.

Nos casos de actuación das xuntas de contratación, prescindirase da intervención da mesa de contratación.

6. Nos municipios de poboación inferior a 5.000 habitantes, as competencias en materia de contratación poderanas exercer os órganos que, con carácter de centrais de contratación, se constitúan na forma prevista no artigo 228 da presente lei, mediante acordos para o efecto.

Así mesmo, poderanse concertar convenios en virtude dos cales se lles encomende a xestión do procedemento de contratación ás deputacións provinciais ou ás comunidades autónomas de carácter uniprovincial.

7. A mesa de contratación estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario desta e formarán parte dela, como vogais, o secretario ou, de ser o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico e o interventor ou, de ser o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de control a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, de ser o caso, formen parte da mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros dela. Actuará como secretario un funcionario da corporación.

Nas entidades locais municipais, mancomunidades e consorcios locais, poderase integrar na mesa persoal ao servizo das correspondentes deputacións provinciais ou comunidades autónomas uniprovinciais.

En ningún caso poderá formar parte das mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas persoal eventual. Poderá formar parte da mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

A composición da mesa publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente. Poderanse constituír mesas de contratación permanentes.

8. O comité de expertos a que se refire a letra a) do número 2 do artigo 146 da presente lei, para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor, poderá estar integrado nas entidades locais por calquera persoal funcionario de carreira ou laboral fixo con cualificación apropiada que non participase na redacción da documentación técnica do contrato de que se trate. En todo caso, deberá formar parte deste persoal un técnico xurista especializado en contratación pública.

9. Nas entidades locais correspóndelles aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais a competencia para subscribir os contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens delas e a adquisición de bens inmoables e

dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

10. Correspóndelle ao pleno a competencia para subscribir contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao alcalde ou ao presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

11. Nos municipios de gran poboación a que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as competencias que se describen nos números anteriores exerceraas a xunta de goberno local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración deste.

12. As referencias ás deputacións provinciais contidas nesta lei tamén se entenderán efectuadas aos entes locais supramunicipais previstos nos correspondentes estatutos de autonomía con competencias en materia de asistencia e de cooperación aos municipios, e de prestación de servizos públicos locais.

Disposición adicional terceira. *Normas específicas de contratación pública nas entidades locais.*

1. As administracións públicas locais aplicarán as regras contidas nesta lei, coas especialidades que se recollen na disposición adicional anterior e nesta.

2. Poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material deba comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxo financiamento dependa dun préstamo, dun crédito ou dunha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que deben financiar o contrato correspondente.

3. Os actos de fiscalización exerceos o órgano Interventor da entidade local. Esta fiscalización recaerá tamén sobre a valoración que se incorpore ao expediente de contratación sobre as repercusións de cada novo contrato, excepto os contratos menores, no cumprimento pola entidade local dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira que exige o artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. O órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores, en exercicio da función de fiscalización material dos investimentos que exige o artigo 214.2.d) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Poderá estar asistido na recepción por un técnico especializado no obxecto do contrato, que deberá ser diferente do director de obra e do responsable do contrato. Os servizos de asistencia das deputacións provinciais asistirán os pequenos municipios para estes efectos e os demais previstos na lei.

4. Nos contratos subscritos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, a aprobación do gasto poderá ser substituída por unha certificación de existencia de crédito, que expedirá o secretario interventor ou, de ser o caso, o interventor da corporación.

5. Nos contratos de concesión de obras e de servizos, o expediente acreditativo da conveniencia e oportunidade da medida que exige o artigo 86.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, co contido regulamentariamente determinado, tramitárase conxuntamente co estudo de viabilidade regulado nesta lei.

6. Serán de aplicación aos contratos de obras as normas sobre supervisión de proxectos establecidas no artigo 235. A supervisión poderana efectuar as oficinas ou unidades competentes da propia entidade contratante ou, no caso de municipios que carezan delas, as da correspondente deputación provincial ou Administración autonómica uniprovincial. No acordo de aprobación dos proxectos recollerase expresamente a referencia á supervisión favorable deste.

7. Nos municipios de poboación inferior a 5.000 habitantes, nos contratos de obras cuxo financiamento exceda un orzamento anual, poderanse redactar proxectos

independentes relativos a cada unha das partes da obra, sempre que estas sexan susceptibles de utilización separada no sentido do uso xeral ou do servizo, ou poidan ser substancialmente definidas. A execución de cada un dos proxectos poderá ser obxecto dun contrato diferente, sen prexuízo da aplicación dos artigos 99 e 101.

8. Os informes que a lei asigna aos servizos xurídicos expediraos o secretario. Será tamén preceptivo o informe xurídico do secretario na aprobación de expedientes de contratación, modificación de contratos, revisión de prezos, prórrogas, mantemento do equilibrio económico, interpretación e resolución dos contratos. Corresponderalle tamén ao secretario a coordinación das obrigacións de publicidade e información que se establecen na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Conforme o disposto na letra e) da disposición adicional oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos municipios acollidos ao réxime regulado no seu título X, corresponderalle ao titular da asesoría xurídica emitir os informes atribuídos ao secretario no presente número. A coordinación das devanditas obrigacións de publicidade e información corresponderalle ao titular do órgano de apoio á xunta de goberno.

9. Nos contratos que teñan por obxecto a adquisición de bens inmobles, o importe da adquisición poderá ser obxecto dun adiamento de ata catro anos, con suxeición aos trámites previstos na normativa reguladora das facendas locais para os compromisos de gastos futuros. Este adiamento tamén poderá ser utilizado para adquirir títulos representativos da titularidade do capital de entidades que formen parte do sector público da entidade local para a súa reestruturación.

10. As entidades locais, sen prexuízo da posibilidade de adherirse ao sistema estatal de contratación centralizada e ás centrais de contratación das comunidades autónomas e doutras entidades locais, tal e como prevé o número 3 do artigo 228, poderanse adherir tamén ás centrais de contratación que creen conforme esta lei as asociacións de entidades locais a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, así como ás creadas pola Administración xeral do Estado.

11. Os municipios de poboación inferior a 20.000 habitantes poderán licitar contratos non suxeitos a regulación harmonizada de concesión de servizos que se refiran á xestión de dous ou máis servizos públicos diferentes, sempre que a anualidade media do contrato non supere os 200.000 euros, e o órgano de contratación xustifique no expediente de contratación esta decisión con base na necesidade obxectiva de proceder á xestión unificada dos ditos servizos. En todo caso, o prego de cláusulas administrativas particulares precisará o ámbito funcional e territorial do contrato de concesión de servizos.

#### Disposición adicional cuarta. *Contratos reservados.*

1. Mediante acordo do Consello de Ministros ou do órgano competente no ámbito das comunidades autónomas e das entidades locais, fixaranse porcentaxes mínimas de reserva do dereito para participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes deles a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción reguladas, respectivamente, no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobada mediante o Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, que cumpran cos requisitos establecidos na dita normativa para ter esta consideración, ou unha porcentaxe mínima de reserva da execución destes contratos no marco de programas de emprego protexido, sempre que a porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social dos centros especiais de emprego, das empresas de inserción ou dos programas sexa a prevista na súa normativa de referencia e, en todo caso, polo menos do 30 por 100.

No referido acordo do Consello de Ministros ou do órgano competente no ámbito das comunidades autónomas e das entidades locais, fixaranse as condicións mínimas para garantir o cumprimento do establecido no parágrafo anterior.



O acordo do Consello de Ministros a que se refire este número deberase adoptar no prazo máximo dun ano contado desde a entrada en vigor desta lei. Se transcorrido este prazo o acordo de Consello de Ministros non se adoptou, os órganos de contratación do sector público estatal deberán aplicar a porcentaxe mínima de reserva do 7 por cento, que se incrementará ata un 10 por cento aos catro anos da entrada en vigor desta lei, sobre o importe global dos procedementos de adxudicación de subministracións e servizos incluídos nos códigos CPV recollidos no anexo VI realizados no exercicio anterior a aquel a que se refira a reserva, nos termos indicados no primeiro parágrafo deste número.

2. No anuncio de licitación deberase facer referencia a esta disposición.

3. Nos procedementos de contratación en que se aplique a reserva que establece esta disposición adicional non procederá a exigencia da garantía definitiva a que se refire o artigo 107 desta lei, salvo nos casos en que o órgano de contratación, por motivos excepcionais, o considere necesario e así o xustifique motivadamente no expediente.

Disposición adicional quinta. *Publicación de anuncios.*

1. Os anuncios de información previa, de publicación de información previa no perfil de contratante, de licitación, de formalización, de concurso de proxectos, do resultado de concurso de proxectos, e de modificación, a que se refiren os artigos 134, 135, 154 e 186 e o número 3 do artigo 207, cando vaian ser publicados no «Diario Oficial de la Unión Europea», incluírán a información mencionada no anexo III, segundo o formato dos formularios normalizados correspondentes, incluídos aqueles destinados a corrixir erros.

2. Os órganos de contratación que vaian publicar no «Diario Oficial de la Unión Europea» un anuncio dos referidos no punto primeiro deberano enviar por medios electrónicos á Oficina de Publicacións da Unión Europea, a cal confirmará ao órgano de contratación a súa recepción. Unha vez publicado o anuncio no «Diario Oficial de la Unión Europea», o órgano de contratación recibirá unha notificación de publicación que servirá de proba desta última. Así mesmo, os órganos de contratación deberán poder demostrar a data de envío dos anuncios á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

3. Cando os anuncios a que se refire o punto primeiro, excepto o anuncio de modificación, se publiquen no ámbito nacional, estes deberán conter, ademais da información indicada neste artigo, a data de envío do anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea ou da súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación, segundo proceda en cada caso.

Disposición adicional sexta. *Disposicións aplicables ás universidades públicas.*

1. Para os efectos do establecido no número 2 do artigo 80, para os contratos que adxudiquen as universidades públicas dependentes das comunidades autónomas, producirán efecto os acordos de clasificación e revisión de clasificacións adoptados polos correspondentes órganos da comunidade autónoma respectiva.

2. Non será exigible a clasificación ás universidades públicas para seren adjudicatarias de contratos nos supostos a que se refire o número 1 do artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Disposición adicional sétima. *Bens integrantes do patrimonio histórico español.*

A adquisición de bens mobles integrantes do patrimonio histórico español regularase pola súa normativa específica.

Disposición adicional oitava. *Contratos subscritos nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais.*

1. A adxudicación dos contratos das administracións públicas que teñan por obxecto algunha das actividades enumeradas no ámbito de aplicación obxectiva da lexislación vixente sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais rexerase por esta lei, e resultará de aplicación a

mencionada lexislación vixente unicamente para determinar que contratos terán a consideración de contratos suxeitos a regulación harmonizada.

2. A adxudicación por parte das entidades do sector público que non teñan o carácter de administracións públicas de contratos que teñan por obxecto algunha das actividades enumeradas no ámbito de aplicación obxectiva da lexislación vixente sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais rexeráse pola dita lexislación, salvo que unha lei suxeite estes contratos ao réxime previsto na presente lei, caso en que se lles aplicarán as normas previstas para os contratos suxeitos a regulación harmonizada.

Aos contratos destinados a realizar varias actividades nos cales polo menos unha delas estea comprendida no ámbito da Lei sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais aplicaráselles o réxime xurídico da actividade a que se destinen principalmente.

No caso de que non sexa obxectivamente posible determinar a que actividade se destina principalmente o contrato, aplicarase a presente lei.

Os contratos excluídos da aplicación da lexislación vixente sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais que subscriban nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais as entidades do sector público que non teñan o carácter de administracións públicas rexeráanse polas disposicións pertinentes da presente lei, sen que lles sexan aplicables, en ningún caso, as normas que nela se establecen exclusivamente para os contratos suxeitos a regulación harmonizada.

3. A adxudicación dos contratos que subscriban as entidades a que se refire o número anterior que non teñan por obxecto algunha das actividades enumeradas no ámbito de aplicación obxectiva da lexislación vixente sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais rexeráse polo establecido na presente lei, nos termos establecidos nela.

Disposición adicional novena. *Normas especiais para a contratación do acceso a bases de datos e a subscrición a publicacións.*

1. A subscrición a revistas e outras publicacións, calquera que sexa o seu soporte, así como a contratación do acceso á información contida en bases de datos especializadas e, na medida en que resulten imprescindibles, a contratación dos servizos necesarios para a subscrición ou a contratación citadas anteriormente poderanse efectuar, calquera que sexa a súa contía, sempre que non teñan o carácter de contratos suxeitos a regulación harmonizada, de acordo coas normas establecidas nesta lei para os contratos menores e con suxeición ás condicións xerais que apliquen os provedores, incluídas as referidas ás fórmulas de pagamento. O aboamento do prezo, nestes casos, farase na forma prevista nas condicións que rexan estes contratos, e será admisible o pagamento con anterioridade á entrega ou realización da prestación, sempre que iso responda aos usos habituais do mercado.

2. Cando os contratos a que se refire o número anterior se subscriban por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, as entidades do sector público contratantes terán a consideración de consumidores, para os efectos previstos na lexislación de servizos da sociedade da información e comercio electrónico.

Disposición adicional décima. *Modificacións de contías, prazos e outras derivadas dos anexos de directivas comunitarias.*

Autorízase o Consello de Ministros para modificar, mediante real decreto, logo de audiencia das comunidades autónomas, e de acordo coa conxuntura económica, as contías que se indican nos artigos desta lei. Igualmente, autorízase o ministro de Facenda e Función Pública para incorporar á lei as oportunas modificacións derivadas dos anexos das directivas comunitarias que regulan a contratación pública.

Disposición adicional décimo primeira. *Actualización de cifras fixadas pola Unión Europea.*

As cifras que, en diante, fixe a Comisión Europea substituirán as que figuran no texto desta lei. O Ministerio de Facenda e Función Pública adoptará as medidas pertinentes para asegurar a súa publicidade.

Disposición adicional décimo segunda. *Cómputo de prazos.*

Os prazos establecidos por días nesta lei entenderanse referidos a días naturais, salvo que nela se indique expresamente que só se deben computar os días hábiles. Con todo, se o último día do prazo é inhábil, este entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Disposición adicional décimo terceira. *Referencias ao imposto sobre o valor engadido.*

As referencias ao imposto sobre o valor engadido deberán entenderse realizadas ao imposto xeral indirecto canario ou ao imposto sobre a produción, os servizos e a importación, nos territorios en que rexan estas figuras impositivas.

Disposición adicional décimo cuarta. *Substitución de letrados nas mesas de contratación.*

Para as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social poderanse establecer regulamentariamente os supostos en que formarán parte da mesa de contratación letrados habilitados especificamente para iso en substitución de quen teña atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación.

Disposición adicional décimo quinta. *Normas relativas aos medios de comunicación utilizables nos procedementos regulados nesta lei.*

1. As notificacións a que se refire a presente lei poderanse realizar mediante enderezo electrónico habilitado ou mediante comparecencia electrónica.

Os prazos computables desde a notificación contaránse desde a data de envío desta ou do aviso de notificación, se é mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación se publicase o mesmo día no perfil de contratante do órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computaranse desde que o interesado reciba a notificación.

Non obstante o anterior, o requisito de publicidade no perfil de contratante non resultará aplicable ás notificacións efectuadas con motivo do procedemento de recurso especial polos órganos competentes para a súa resolución; os prazos computaranse desde a data de envío desta ou do aviso de notificación, se é mediante comparecencia electrónica.

2. A tramitación dos procedementos de adjudicación de contratos regulados na presente lei implicará a práctica das notificacións e comunicacións derivadas deles por medios exclusivamente electrónicos.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, poderase utilizar a comunicación oral para comunicacións distintas das relativas aos elementos esenciais dun procedemento de contratación, sempre que o contido da comunicación oral estea suficientemente documentado. A este respecto, os elementos esenciais dun procedemento de contratación inclúen os pregos da contratación, as solicitudes de participación e as ofertas. En particular, as comunicacións orais cos licitadores que poidan incidir substancialmente no contido e na avaliación das ofertas estarán documentadas de modo suficiente e a través dos medios adecuados, tales como os arquivos ou resumos escritos ou sonoros dos principais elementos da comunicación.

3. A presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na presente disposición adicional.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os órganos de contratación non estarán obrigados a exixir o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas nos seguintes casos:

a) Cando, debido ao carácter especializado da contratación, o uso de medios electrónicos requiriría ferramentas, dispositivos ou formatos de arquivo específicos que non están en xeral dispoñibles ou non aceptan os programas xeralmente dispoñibles.

b) Cando as aplicacións que soportan formatos de arquivo adecuados para a descrición das ofertas utilizan formatos de arquivo que non poden ser procesados por outros programas abertos ou xeralmente dispoñibles, ou están suxeitas a un réxime de licenzas de uso privativo e o órgano de contratación non poida ofrecelas para a súa descarga ou utilización a distancia.

c) Cando a utilización de medios electrónicos requira equipamentos ofimáticos especializados dos cales non dispoñen xeralmente os órganos de contratación.

d) Cando os pregos da contratación requiran a presentación de modelos físicos ou a escala que non poden ser transmitidos utilizando medios electrónicos.

Con respecto aos intercambios de información para os cales non se utilicen medios electrónicos conforme o presente número, o envío de información realizarase por correo ou por calquera outro medio apropiado ou mediante unha combinación de correo ou de calquera outro medio apropiado e de medios electrónicos. Neste caso, os órganos de contratación indicarán nun informe específico as razóns polas cales se considerou necesario utilizar medios distintos dos electrónicos.

4. Os órganos de contratación tampouco estarán obrigados a exixir medios electrónicos no proceso de presentación de ofertas cando o uso de medios non electrónicos sexa necesario ben por unha violación da seguranza dos anteditos medios electrónicos ben para protexer información especialmente delicada que requira un nivel tan alto de protección que non se poida garantir adecuadamente utilizando dispositivos e ferramentas electrónicas de que dispoñen en xeral os operadores económicos ou dos cales se poida dispor a través doutros medios de acceso alternativos no sentido expresado no número 7 da presente disposición adicional. Neste caso, os órganos de contratación indicarán nun informe específico as razóns polas cales se considerou necesario utilizar medios distintos dos electrónicos.

5. Os órganos de contratación e os servizos dependentes deles velarán por que en todas as comunicacións, intercambios de información e operacións de almacenamento e custodia de información se preserven a integridade dos datos e a confidencialidade das ofertas e as solicitudes de participación. Ademais, deberán garantir que o contido das ofertas e das solicitudes de participación non será coñecido ata despois de finalizado o prazo para a súa presentación e ata o momento fixado para a súa apertura.

6. Para contratos públicos de obras, de concesión de obras, de servizos e concursos de proxectos, e en contratos mixtos que combinen elementos destes, os órganos de contratación poderán exixir o uso de ferramentas electrónicas específicas, tales como ferramentas de modelaxe dixital da información da construción (BIM) ou ferramentas similares. Neses casos, ofrecerán medios de acceso alternativos segundo o disposto no número 7 da presente disposición adicional ata o momento en que as ditas ferramentas estean xeralmente dispoñibles para os operadores económicos.

7. Cando sexa necesario, os órganos de contratación poderán exixir a utilización de ferramentas e dispositivos que non estean dispoñibles de forma xeral, coa condición de que ofrezan medios de acceso alternativos. Considerarase que os órganos de contratación ofrecen medios de acceso alternativos apropiados cando:

a) ofrezan gratuitamente un acceso completo e directo por medios electrónicos a tales ferramentas e dispositivos a partir da data de publicación do anuncio correspondente ou a partir da data de envío da invitación, de ser o caso. O texto do anuncio ou da invitación especificará o enderezo da internet no cal se pode acceder a tales ferramentas e dispositivos, ou ben

b) garantan que os licitadores que non teñen acceso ás ferramentas e dispositivos de que se trate, ou que non teñen a posibilidade de obtelos no prazo fixado, sempre que a falta de acceso non se poida atribuír ao licitador en cuestión, poden ter acceso ao procedemento de contratación utilizando mecanismos de acceso provisionais dispoñibles gratuitamente en liña, ou ben

c) admitan unha canle alternativa para presentar electronicamente ofertas.

8. Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta da presente lei.

Disposición adicional décimo sexta. *Uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos regulados na lei.*

1. O emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos recollidos nesta lei axustarase ás normas seguintes:

a) As ferramentas e dispositivos que se deban utilizar para a comunicación por medios electrónicos, así como as súas características técnicas, serán non discriminatorios, estarán dispoñibles de forma xeral, serán compatibles cos produtos informáticos de uso xeral e non restrinxirán o acceso dos operadores económicos ao procedemento de contratación.

b) A información e as especificacións técnicas necesarias para presentar electronicamente as ofertas e solicitudes de participación, así como os planos e proxectos nos concursos de proxectos, incluídas a cifraxa e a validación da data, deberán estar á disposición de todas as partes interesadas, non ser discriminatorios e ser conformes con estándares abertos, de uso xeral e ampla implantación.

c) Os programas e aplicacións necesarios para presentar electronicamente as ofertas e solicitudes de participación deberán ser de amplo uso, fácil acceso e non discriminatorios, ou deberaos pór á disposición dos interesados o órgano de contratación.

d) Os sistemas de comunicacións e para o intercambio e almacenamento de información deberán poder garantir de forma razoable, segundo o estado da técnica, a integridade dos datos transmitidos e que só os órganos competentes, na data sinalada para iso, poidan ter acceso a eles ou que, en caso de quebrantamento desta prohibición de acceso, a violación se poida detectar con claridade. Estes sistemas deberán, así mesmo, ofrecer suficiente seguranza, de acordo co estado da técnica, fronte aos virus informáticos e outro tipo de programas ou códigos nocivos. Poderanse establecer regulamentariamente outras medidas que, con respecto dos principios de confidencialidade e integridade das ofertas e igualdade entre os licitadores, se dirixan a minimizar a súa incidencia nos procedementos.

e) As aplicacións que se utilicen para efectuar as comunicacións e notificacións entre o órgano de contratación e o licitador ou contratista deberán poder acreditar a data e a hora do seu envío ou posta á disposición e as da recepción ou acceso polo interesado, a integridade do seu contido e a identidade do seu remitente.

f) Os órganos de contratación deberán especificar o nivel de seguranza exixido para os medios de comunicación electrónicos utilizados nas diferentes fases de cada procedemento de contratación, que deberá ser proporcional aos riscos asociados aos intercambios de información que se vaian realizar.

Mediante orde do Ministerio de Facenda e Función Pública estableceranse as condicións de utilización das sinaturas electrónicas nos procedementos de contratación do sector público.

g) As referencias desta lei á presentación de documentos escritos non obstarán para a súa presentación por medios electrónicos nin, de ser o caso, á xeración de soportes físicos electrónicos e a súa posterior presentación, de acordo coas normas fixadas no presente artigo e nas súas disposicións de desenvolvemento.

h) Nos procedementos de adjudicación de contratos, o envío por medios electrónicos das ofertas poderase facer en dúas fases, transmitindo primeiro a pegada electrónica da

oferta, con cuxa recepción se considerará efectuada a súa presentación para todos os efectos, e despois a oferta propiamente dita nun prazo máximo de 24 horas. De non efectuarse esta segunda remisión no prazo indicado, considerarase que a oferta foi retirada.

Enténdese por pegada electrónica da oferta o conxunto de datos cuxo proceso de xeración garante que se relacionan de maneira inequívoca co contido da oferta propiamente dita e que permiten detectar posibles alteracións do seu contido garantindo a súa integridade. As copias electrónicas dos documentos que se deban incorporar ao expediente deberán cumprir co establecido para ese efecto na lexislación vixente en materia de procedemento administrativo común, e producirán os efectos establecidos nela.

i) Os licitadores ou candidatos que presenten os seus documentos de forma electrónica poderán presentar ao órgano de contratación, en soporte físico electrónico, unha copia de seguranza dos ditos documentos de acordo cos termos fixados mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública, e sempre de acordo co que estableza para ese efecto o órgano de contratación.

j) Os formatos dos documentos electrónicos que integran os expedientes de contratación deberanse axustar a especificacións publicamente dispoñibles e de uso non suxeito a restricións, que garantan a libre e plena accesibilidade a eles do órgano de contratación, dos órganos de fiscalización e control, dos órganos xurisdiccionais e dos interesados, no prazo durante o cal se deba conservar o expediente. Nos procedementos de adxudicación de contratos, os formatos admisibles deberanse indicar no anuncio ou nos pregos.

k) Como requisito para tramitar procedementos de adxudicación de contratos por medios electrónicos, os órganos de contratación poderanlles exixir aos licitadores a inscrición previa dos datos necesarios no rexistro de licitadores que corresponda.

Cando á licitación se presenten empresarios estranxeiros dun Estado membro da Unión Europea ou signatario do Espazo Económico Europeo, a acreditación da súa capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar poderase realizar, ben mediante consulta na correspondente lista oficial de empresarios autorizados para contratar establecida por un Estado membro da Unión Europea, ou ben mediante a achega da documentación acreditativa dos citados aspectos, que deberá presentar, neste último caso, no prazo concedido para presentar a garantía definitiva.

2. Mediante orde do Ministerio de Facenda e Función Pública definiranse as especificacións técnicas para utilizar medios electrónicos nos procedementos de contratación do sector público.

*Disposición adicional décimo sétima. Requisitos específicos relativos ás ferramentas e aos dispositivos de recepción electrónica de documentos.*

As ferramentas e os dispositivos de recepción electrónica das ofertas e das solicitudes de participación, así como dos planos e proxectos nos concursos de proxectos e de canta documentación se deba presentar ante o órgano de contratación, deberán garantir, como mínimo e polos medios técnicos e procedementos adecuados, que:

a) Se poidan determinar con precisión a hora e a data exactas da recepción das ofertas, das solicitudes de participación, da documentación asociada a estas e as do envío dos planos e proxectos.

b) Se poida garantir razoablemente que ninguén teña acceso aos datos e documentos transmitidos a teor dos presentes requisitos antes de que finalicen os prazos especificados.

c) Unicamente as persoas autorizadas poidan fixar ou modificar as datas de apertura dos datos e documentos recibidos.

d) Nas diferentes fases do procedemento de contratación ou do concurso de proxectos, só as persoas autorizadas poidan acceder á totalidade ou a parte dos datos e documentos presentados.

e) Só as persoas autorizadas poidan dar acceso aos datos e documentos transmitidos, e só despois da data especificada.

f) Os datos e documentos recibidos e abertos en aplicación dos presentes requisitos só sexan accesibles ás persoas autorizadas a ter coñecemento deles.

g) No caso de que se infrinxan ou se tenten infrinxir as prohibicións ou condicións de acceso a que se refiren as letras b) a f) anteriores, se poida garantir razoablemente que as infraccións ou tentativas sexan claramente detectables.

Disposición adicional décimo oitava. *Garantía de accesibilidade para persoas con discapacidade.*

No ámbito da contratación pública, a determinación dos medios de comunicación admisibles, o deseño dos elementos instrumentais e a implantación dos trámites procedementais deberanse realizar tendo en conta criterios de accesibilidade universal e de deseño universal ou deseño para todas as persoas, tal e como son definidos estes termos no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Disposición adicional décimo novena. *Concertos para a prestación de asistencia sanitaria subscritos pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, pola Mutualidade Xeral Xudicial e polo Instituto Social das Forzas Armadas.*

1. Os concertos que teñan por obxecto a prestación de servizos de asistencia sanitaria e que, para o desenvolvemento da súa acción protectora, subscriban a Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, a Mutualidade Xeral Xudicial e o Instituto Social das Forzas Armadas con entidades públicas, entidades aseguradoras, sociedades médicas e outras entidades ou empresas, calquera que sexa o seu importe e modalidade, terán a natureza de contratos de concesión de servizos e regularanse pola normativa especial de cada mutualidade e, en todo o non previsto por ela, pola lexislación de contratos do sector público.

2. En todo caso, as referidas entidades darán a coñecer a súa intención de realizar os mencionados concertos mediante un anuncio de información previa no cal figurará o contido recollido no anexo III. B. Sección 3 da presente lei, que se deberá publicar no seu perfil de contratante e no «Diario Oficial de la Unión Europea».

Así mesmo, seralles de aplicación o sinalado no artigo 154 e no capítulo V do título I do libro primeiro da presente lei, referidos, respectivamente, á publicación do anuncio de formalización e ao recurso especial en materia de contratación.

Disposición adicional vixésima. *Regras especiais sobre competencia para adquirir equipamentos e sistemas para o tratamento da información e das comunicacións.*

Non obstante o sinalado no artigo 230, a competencia para adquirir equipamentos e sistemas para o tratamento da información e elementos complementarios ou auxiliares que non fosen declarados de adquisición centralizada corresponderalles ao ministro de Defensa e aos órganos de contratación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social no ámbito das súas respectivas competencias.

Disposición adicional vixésima primeira. *Contratos de subministración con empresas estranxeiras.*

Os contratos de subministración que se subscriban con empresas estranxeiras, cando o seu obxecto se fabrique ou proceda de fóra do territorio nacional, así como os contratos de subministracións que con estas empresas subscriba o Ministerio de Defensa e que deban ser executados fóra do territorio nacional, rexeranse pola presente lei, sen prexuízo

do que se conveña entre as partes de acordo coas normas e usos vixentes no comercio internacional.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Adjudicación de contratos de concesión de obras e de concesión de servizos a sociedades de economía mixta.*

1. As concesións de obras e de servizos poderanse adjudicar directamente a unha sociedade de economía mixta en que concorra maioritariamente capital público con capital privado, sempre que a elección do socio privado se efectuase de conformidade coas normas establecidas nesta lei para a adjudicación do contrato cuxa execución constituía o seu obxecto, e sempre que non se introduzan modificacións no obxecto e nas condicións do contrato que se tiveron en conta na selección do socio privado.

A modificación dos contratos de concesión de obras ou de concesión de servizos que se adjudiquen directamente segundo o establecido no parágrafo anterior unicamente se poderá realizar de conformidade co establecido na subsección 4.<sup>a</sup> da sección 3.<sup>a</sup> do capítulo I do título I do libro segundo, relativa á modificación dos contratos.

2. No caso en que a sociedade de economía mixta pretenda acceder como concesionaria a outros contratos distintos dos referidos no número 1 anterior, deberá concorrer ao correspondente procedemento de licitación de conformidade co establecido na presente lei.

3. Sen prexuízo da posibilidade de utilizar medios de financiamento tales como emisión de obrigacións, empréstitos ou créditos participativos, as sociedades de economía mixta constituídas para a execución dun contrato de concesión de obras ou de concesión de servizos poderán:

a) Acudir a ampliacións de capital, sempre que a súa nova estrutura non modifique as condicións esenciais da adjudicación, salvo que estivese prevista no contrato.

b) Titulizar os dereitos de cobramento que posúan fronte á entidade adjudicadora do contrato cuxa execución se lle encomende, logo de autorización do órgano de contratación, cumprindo os requisitos previstos na normativa sobre mercado de valores.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Coordinación entre os órganos de resolución de recursos especiais en materia de contratación.*

Os diferentes órganos de recurso que se creen acordarán as fórmulas de coordinación e colaboración máis adecuadas para favorecer a coherencia dos seus pronunciamentos e para a unificación da súa doutrina en relación coas cuestións que sexan sometidas ao seu coñecemento. Os ditos órganos poderán, ademais, propor os axustes normativos e as recomendacións que resulten pertinentes para un mellor funcionamento dos mecanismos de recurso previstos na normativa sobre contratos públicos.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Réxime xurídico da «Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P.» (Tragsa) e da súa filial «Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P.» (Tragsatec).*

1. A «Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P.» (Tragsa) e a súa filial «Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P.» (Tragsatec) teñen por función, entre outras, a prestación de servizos esenciais en materia de desenvolvemento rural, conservación do ambiente, adaptación e mantemento de aplicacións informáticas, control sanitario animal, atención a emerxencias e outros ámbitos conexas, conforme o establecido nesta disposición.

2. Tragsa e a súa filial Tragsatec terán a consideración de medios propios personificados e servizos técnicos da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas, das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, dos cabidos e consellos insulares, das deputacións forais do País Vasco, das deputacións provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poderes adjudicadores, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no ordinal 2º da letra d)



do número 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do número 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos números 4 e 5, dando unha especial prioridade a aqueles que sexan urxentes ou que se ordenen como consecuencia das situacións de emerxencia que se declaren. De acordo con esta obrigación, os bens e efectivos de Tragsa e da súa filial Tragsatec poderanse incluír nos plans e dispositivos de protección civil e de emerxencias.

As relacións de Tragsa e da súa filial Tragsatec cos poderes adjudicadores de que son medios propios instrumentais e servizos técnicos teñen natureza instrumental e non contractual, e artículanse a través de encargos das previstas no artigo 32 desta lei, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

A comunicación efectuada por un destes poderes adjudicadores en que encargue unha actuación a algunha das sociedades do grupo suporá a orde para iniciala, sen prexuízo da observancia do establecido no artigo 32.6.b).

Así mesmo, Tragsa e a súa filial Tragsatec terán a consideración de medios propios personificados e servizos técnicos das entidades pertencentes ao sector público que non teñan a consideración de poder adjudicador e poderán recibir as súas encargas, sempre que se cumpran os requisitos que establece o artigo 33.

3. O capital social de Tragsa será integramente de titularidade pública.

As comunidades autónomas, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, os cabidos e consellos insulares, as deputacións forais do País Vasco e as deputacións provinciais deberán participar no capital desta sociedade mediante a adquisición de accións cuxo alleamento será autorizado polo Ministerio de Facenda e Función Pública por iniciativa do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. As comunidades autónomas e as demais entidades a que se refire este artigo só poderán allear as súas participacións a favor da Administración xeral do Estado ou de organismos de dereito público vinculados ou dependentes daquela.

4. Tragsa e a súa filial Tragsatec prestarán, por encarga das entidades do sector público de que son medios propios personificados, as seguintes funcións:

a) A realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais. Igualmente, poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, sempre que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos incluída a execución de obras de conservación ou enriquecemento do patrimonio histórico español no medio rural, ao abeiro do establecido no artigo 68 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

b) Actividade agrícola, gandeira, animal, forestal e de acuicultura e comercialización dos seus produtos, a administración e a xestión de leiras, montes, centros agrarios, forestais, ambientais ou de conservación da natureza, así como de espazos e de recursos naturais.

c) A promoción, investigación, desenvolvemento, innovación e adaptación de novas técnicas, equipamentos e sistemas de carácter agrario, forestal, ambiental, de acuicultura e pesca, de protección da natureza e para o uso sustentable dos seus recursos.

d) A fabricación e comercialización de bens mobles para o cumprimento das súas funcións.

e) A prevención e loita contra as pragas e enfermidades vexetais e animais e contra os incendios forestais, así como a realización de obras e tarefas de apoio técnico de carácter urxente.

f) O financiamento, nos termos que se establezan regulamentariamente, da construción ou da explotación de infraestruturas agrarias, ambientais e de equipamentos de núcleos rurais, do desenvolvemento de sistemas informáticos, sistemas de información fronte a emerxencias e outros análogos, así como a constitución de sociedades e a participación noutras xa constituídas, que teñan fins relacionados co obxecto social da empresa.

g) A planificación, organización, investigación, desenvolvemento, innovación, xestión, administración e supervisión de calquera tipo de servizos gandeiros, veterinarios, de seguraza e sanidade animal e alimentaria.

h) A recollida, transporte, almacenamento, transformación, valorización, xestión e eliminación de produtos, subprodutos e residuos de orixe animal, vexetal e mineral.

i) O mantemento, o desenvolvemento, a innovación e a adaptación de equipamentos e sistemas informáticos que dean soporte ás diferentes administracións.

j) A realización de tarefas para as cales sexan requiridas pola vía de urxencia ou de emerxencia, ou actividades complementarias ou accesorias ás citadas anteriormente.

Tragsa e a súa filial Tragsatec tamén estarán obrigadas a satisfacer as necesidades das entidades do sector público das cales son medios propios personificados na consecución dos seus obxectivos de interese público mediante a realización, por encarga delas, da planificación, organización, investigación, desenvolvemento, innovación, xestión, administración e supervisión de calquera tipo de asistencias e servizos técnicos nos ámbitos de actuación sinalados no punto anterior, ou mediante a adaptación e aplicación da experiencia e dos coñecementos desenvolvidos nos ditos ámbitos a outros sectores da actividade administrativa.

Así mesmo, Tragsa e a súa filial Tragsatec estarán obrigadas a participar e actuar, por encarga das entidades do sector público das cales son medios propios personificados, en tarefas de emerxencia e protección civil de todo tipo, en especial, a intervención en catástrofes ambientais ou en crises ou necesidades de carácter agrario, pecuario ou ambiental; a desenvolver tarefas de prevención de riscos e emerxencias de todo tipo; e a realizar actividades de formación e información pública en supostos de interese público e, en especial, para a prevención de riscos, catástrofes ou emerxencias.

5. Tragsa e a súa filial Tragsatec poderán realizar actuacións de apoio e servizo institucional á cooperación española no ámbito internacional.

6. Tragsa e a súa filial Tragsatec non poderán participar nos procedementos para a adxudicación de contratos convocados polas entidades do sector público das cales sexan medio propio personificado. Con todo, cando non concorran ningún licitador poderáselles encargar a estas sociedades a execución da actividade obxecto de licitación pública.

7. O importe das obras, traballos, proxectos, estudos e subministracións realizados por Tragsa e pola súa filial Tragsatec determinarase aplicando ás unidades directamente executadas polo medio propio as tarifas correspondentes e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades obxecto da encarga que se subcontraten con empresarios particulares.

Estas tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais de realización e a súa aplicación ás unidades producidas servirá de xustificante do investimento ou dos servizos realizados directamente polo medio propio.

A elaboración e a aprobación das tarifas realizaranas as administracións das cales o grupo é medio propio personificado, conforme o procedemento establecido regulamentariamente.

8. Para os efectos da aplicación da presente lei, Tragsa e a súa filial Tragsatec terán a consideración de poderes adxudicadores dos previstos no número 3 do artigo 3 da presente lei.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Protección de datos de carácter persoal.*

1. Os contratos regulados na presente lei que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a súa normativa de desenvolvemento.

2. Para o caso de que a contratación implique o acceso do contratista a datos de carácter persoal de cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante, aquel terá a consideración de encargado do tratamento.

Neste suposto, o acceso a eses datos non se considerará comunicación de datos cando se cumpra o previsto no artigo 12.2 e 3 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro. En todo caso, as previsións do artigo 12.2 da dita lei deberán constar por escrito.

Cando finalice a prestación contractual, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á entidade contratante responsable ou ao encargado de tratamento que esta designase.

O terceiro encargado do tratamento conservará debidamente bloqueados os datos mentres se poidan derivar responsabilidades da súa relación coa entidade responsable do tratamento.

3. No caso de que un terceiro trate datos persoais por conta do contratista, encargado do tratamento, deberánse cumprir os seguintes requisitos:

a) Que o dito tratamento se especificase no contrato asinado pola entidade contratante e polo contratista.

b) Que o tratamento de datos de carácter persoal se axuste ás instrucións do responsable do tratamento.

c) Que o contratista encargado do tratamento e o terceiro formalicen o contrato nos termos previstos no artigo 12.2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Nestes casos, o terceiro terá tamén a consideración de encargado do tratamento.

Disposición adicional vixésimo sexta. *Agrupacións europeas de cooperación territorial.*

As agrupacións europeas de cooperación territorial reguladas no Regulamento (CE) número 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, cando teñan o seu domicilio social en España, axustarán a preparación e adjudicación dos seus contratos ás normas establecidas nesta lei para os poderes adjudicadores.

Disposición adicional vixésimo sétima. *Adquisición centralizada de medicamentos, produtos e servizos sanitarios en relación co Sistema nacional de saúde.*

1. Mediante orde do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Función Pública, poderanse declarar de adquisición centralizada as subministracións de medicamentos e produtos sanitarios, así como os servizos sanitarios, que contraten no ámbito estatal os diferentes órganos e organismos. Esta contratación deberase efectuar a través do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. O financiamento dos correspondentes contratos será por conta do organismo ou entidade petionarios. As competencias que o artigo 229 lle atribúe á Xunta de Contratación Centralizada do Ministerio de Facenda e Función Pública corresponderán, en relación coa subministración de medicamentos, produtos sanitarios e servizos sanitarios, ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

As comunidades autónomas e as entidades locais, así como as entidades e organismos dependentes delas e integrados no Sistema nacional de saúde, poderanse adherir ao sistema de adquisición centralizada estatal de medicamentos, produtos e servizos sanitarios, para a totalidade ou só para determinadas categorías deles. A adhesión requirirá a conclusión do correspondente acordo co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

2. Os órganos de contratación da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais, así como das entidades e organismos dependentes delas e integrados no Sistema nacional de saúde, poderán concluír de forma conxunta acordos marco dos previstos no artigo 219, con un ou varios empresarios, co fin de fixar as condicións a que se deberán axustar os contratos a que se refire o punto primeiro desta disposición que pretendan adjudicar durante un período determinado, sempre que o recurso a estes instrumentos non se efectúe de forma abusiva ou de modo que a competencia se vexa obstaculizada, restrinxida ou falseada.

3. Para os efectos previstos nesta disposición adicional, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade poderá, a través da Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo, encomendarlle ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria a materialización e conclusión dos procedementos de adquisición centralizada, con visitas ao Sistema nacional de saúde, para todos ou algúns dos medicamentos, produtos e servizos sanitarios.

4. Non serán de aplicación as medidas establecidas nos artigos 9 e 10, parágrafo terceiro, do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, aos contratos derivados de adquisición de medicamentos promovidos ao abeiro do previsto nesta disposición adicional, sempre que os aforros que resulten da compra centralizada sexan superiores ás deducións fixadas nos ditos artigos do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio.

Disposición adicional vixésimo oitava. *Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas.*

1. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas derivada das súas actuacións en materia de contratación pública, tanto por danos causados a particulares como á propia Administración, exixirase conforme o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

2. A infracción ou aplicación indebida dos preceptos contidos na presente lei por parte do persoal ao servizo das administracións públicas dará lugar a responsabilidade disciplinaria, que se exixirá conforme a normativa específica na materia.

Disposición adicional vixésimo novena. *Réxime dos órganos competentes para resolver os recursos da Administración xeral do Estado e entidades contratantes adscritas a ela.*

1. A medida que o exixa o número de asuntos sometidos ao coñecemento e resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, poderanse constituír tribunais administrativos territoriais de recursos contractuais con sede en cada unha das capitais de comunidade autónoma.

Estes tribunais terán competencia exclusiva para resolver os recursos a que se refire o artigo 44 da presente lei, interpostos contra os actos da Administración territorial do Estado ou dos organismos e entidades dependentes del que teñan competencia en todo ou parte do territorio da correspondente comunidade autónoma.

O nomeamento do presidente e dos vogais destes tribunais farase nos mesmos termos e requisitos previstos para o do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, aínda que só se lles exixirán dez anos de antigüidade.

2. Incrementarase regulamentariamente o número de vogais que deban integrar os tribunais territoriais a medida que o requira o volume de asuntos sometidos ao seu coñecemento.

A primeira renovación dos tribunais farase de forma parcial aos tres anos do nomeamento. A este respecto, antes de cumprirse o prazo indicado determinarase mediante sorteo os que deban cesar.

En calquera caso, unha vez cesado un vogal, este continuará no exercicio das súas funcións ata que tome posesión do seu cargo o que o deba substituír.

Disposición adicional trixésima. *Autorización do Consello de Ministros en concesións de autoestradas de competencia estatal.*

Será necesaria a autorización do Consello de Ministros para subscribir e, de ser o caso, modificar e resolver os contratos de concesión de autoestradas de competencia estatal.

Disposición adicional trixésimo primeira. *Formalización conxunta de acordos marco para a contratación de servizos que faciliten a intermediación laboral.*

A Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos de contratación competentes das comunidades autónomas, así como das entidades e organismos dependentes delas e integrados no Sistema nacional de emprego, poderán concluír de forma conxunta acordos marco con un ou varios empresarios co fin de fixar as condicións a que se deberán axustar todos os contratos de servizos de características homoxéneas definidos nos convenios a que se refire o parágrafo seguinte, para lles facilitar aos servizos públicos de emprego a intermediación laboral e que se pretendan adjudicar durante un período determinado, sempre que o recurso a estes instrumentos non se efectúe de forma abusiva ou de modo que a competencia se vexa obstaculizada, restrinxida ou falseada.

Esta conclusión conxunta de acordos marco realizarase conforme o disposto na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo II do título I do libro segundo da presente lei e logo de adopción do correspondente convenio entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas ou as entidades e organismos dependentes delas e integrados no Sistema nacional de emprego.

Non poderán ser obxecto destes contratos marco as actuacións de intermediación laboral que se poidan prever nos procedementos de selección de persoal laboral temporal por parte das administracións públicas, e a dita intermediación deberana realizar exclusivamente e de maneira directa os correspondentes servizos públicos de emprego.

Disposición adicional trixésimo segunda. *Obrigación de presentación de facturas nun rexistro administrativo e identificación de órganos.*

1. O contratista terá a obrigaón de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ou bens entregados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

2. Nos pregos de cláusulas administrativas para a preparación dos contratos que se aproben a partir da entrada en vigor da presente disposición, incluírase a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente.

3. Antes do 30 de xuño de 2018, o Ministerio de Facenda e Función Pública porá á disposición dos operadores económicos e particulares un rexistro electrónico único que, entre outras funcionalidades, permitirá acreditar a data en que os subcontratistas presenten facturas ao contratista principal e traslade as ditas facturas ao seu destinatario conforme a configuración para recibir as facturas electrónicas que consignen no directorio de empresas.

Disposición adicional trixésimo terceira. *Contratos de subministracións e servizos en función das necesidades.*

Nos contratos de subministracións e de servizos que tramiten as administracións públicas e demais entidades do sector público con orzamento limitativo, nos cales o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens ou a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de entregas ou prestacións incluídas no obxecto do contrato se defina con exactitude no momento de o subscribir, por estaren subordinadas ás necesidades da Administración, deberase aprobar un orzamento máximo.

No caso de que, dentro da vixencia do contrato, as necesidades reais sexan superiores ás estimadas inicialmente, deberase tramitar a correspondente modificación. Para tales efectos, deberase prever na documentación que rexa a licitación a posibilidade de que se poida modificar o contrato como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos no artigo 204 desta lei. A citada modificación deberase tramitar antes de que se esgote o

orçamento máximo inicialmente aprobado, e para tal fin reservárase o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

Disposición adicional trixésimo cuarta. *Referencias a contratos de xestión de servizos públicos.*

As referencias existentes na lexislación vixente ao contrato de xestión de servizos públicos entenderanse realizadas tras a entrada en vigor da presente lei ao contrato de concesión de servizos, na medida en que se adecuen ao regulado para o dito contrato na presente lei.

Disposición adicional trixésimo quinta. *Publicación de datos en e-Certis e informe sobre o enderezo do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.*

A Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, a través dos seus órganos de apoio técnico, publicará e manterá actualizada, no depósito de certificados en liña e-Certis, a relación de bases de datos que conteñan información relevante para a acreditación das condicións de solvencia e aptitude dos empresarios españois para os efectos da contratación pública.

O Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público constituirá a base de datos primaria da información a que se refire o parágrafo anterior.

A Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, así mesmo, informará a Comisión Europea e os demais Estados membros do enderezo do citado rexistro, ao cal deberán remitir as solicitudes de consulta os poderes adxudicadores dos demais Estados membros, así como de calquera outra información relativa a el.

Disposición adicional trixésimo sexta. *Convocatoria da licitación de contratos de concesión de servizos especiais do anexo IV.*

Os órganos de contratación que subscriban contratos de concesións de servizos especiais do anexo IV utilizarán como medio de convocatoria de licitación un anuncio de información previa que deberá ter o contido establecido no anexo III. B. Sección 3.

Estes anuncios publicaranse no «Diario Oficial de la Unión Europea» e no perfil de contratante.

Disposición adicional trixésimo sétima. *Contratos declarados secretos ou reservados.*

Aos contratos declarados secretos ou reservados de conformidade coa Lei 9/1968, do 5 de abril, sobre segredos oficiais, aplícaréselles a dita norma e, na falta do establecido nela, rexeranse polo disposto na presente lei.

Disposición adicional trixésimo oitava. *Non incremento de gastos.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal, salvo os gastos derivados das funcións atribuídas nesta lei á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado e á Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación.

Disposición adicional trixésimo novena. *Réxime de contratación de Portos do Estado e das autoridades portuarias.*

O réxime xurídico dos contratos que subscriban Portos do Estado e as autoridades portuarias será o establecido nesta lei para as entidades do sector público que, sendo poderes adxudicadores, non teñen a consideración de Administración pública.

Disposición adicional cuadraxésima. *Operadores públicos do sector das telecomunicacións.*

Nos supostos de execución directa por parte da Administración pública de prestacións na área das telecomunicacións a través de medios propios personificados, para a valoración do cumprimento do requisito recollidos no artigo 32.2.b), detraeranse do volume global de negocios do ente destinatario da encarga as cantidades correspondentes á actividade realizada como consecuencia do cumprimento das obrigacións impostas por razóns de interese xeral na súa condición de operador público pola Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, e normativa de desenvolvemento.

En todo caso, o medio propio do cal se pretenda valer unha Administración pública, cando esta última teña un control análogo sobre o primeiro ao que exercería sobre os seus propios servizos, deberá realizar a parte esencial da súa actividade para esta Administración pública.

Disposición adicional cuadraxésimo primeira. *Normas específicas de contratación pública de servizos de arquitectura, enxeñaría, consultoría e urbanismo.*

Recoñéceselles a natureza de prestacións de carácter intelectual aos servizos de arquitectura, enxeñaría, consultoría e urbanismo, cos efectos que derivan das previsións contidas nesta lei.

Disposición adicional cuadraxésimo segunda. *En relación coa actividade comercial do Museo Nacional do Prado e do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.*

Nos contratos relacionados coa actividade comercial, a que se refiren o artigo 16.2 da Lei 46/2003, do 25 de novembro, reguladora do Museo Nacional do Prado, e o artigo 18.2 da Lei 34/2011, do 4 de outubro, reguladora do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, estas entidades seguirán aplicando as normas previstas para os contratos de poderes adjudicadores que non teñan a natureza de administracións públicas. Estes contratos non terán carácter de contratos administrativos.

Disposición adicional cuadraxésimo terceira. *Natureza xurídica das contraprestacións económicas pola explotación de obras públicas ou pola prestación de servizos públicos en réxime de dereito privado.*

As contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola explotación de obras públicas ou pola prestación de servizos públicos, de forma directa mediante personificación privada ou xestión indirecta, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario conforme o previsto no artigo 31.3 da Constitución.

En concreto, terán tal consideración aquelas exixidas pola explotación de obras ou pola prestación de servizos, en réxime de concesión, mediante sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de dereito privado.

Disposición adicional cuadraxésimo cuarta. *Réxime de contratación dos órganos constitucionais do Estado e dos órganos legislativos e de control autonómicos.*

Os órganos competentes do Congreso dos Deputados, do Senado, do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional, do Tribunal de Contas, do Defensor do Pobo, das asembleas legislativas das comunidades autónomas e das institucións análogas ao Tribunal de Contas e ao Defensor do Pobo axustarán a súa contratación ás normas establecidas nesta lei para as administracións públicas.

Así mesmo, os órganos competentes das Cortes Xerais establecerán, de ser o caso, o órgano que deba coñecer, no seu ámbito de contratación, do recurso especial regulado

no capítulo V do título I do libro I desta lei, respectando as condicións de cualificación, independencia e inmovilidade previstas no artigo 45 da presente lei.

Disposición adicional cuadraxésimo quinta. *Remisión de contratos de concesión de obras e de concesión de servizos ao Comité Técnico de Contas Nacionais.*

O Comité Técnico de Contas Nacionais, creado pola disposición adicional primeira da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, emitirá un informe sobre os efectos da subscrición do contrato nas contas económicas da Administración contratante, en relación cos contratos de concesión de obras ou de concesión de servizos adxudicados nos ámbitos do sector público autonómico e local, cuxo valor estimado sexa igual ou superior a doce millóns de euros, ou en cuxo financiamento se prevexa calquera forma de axuda ou achega estatal ou o outorgamento de préstamos ou anticipos. Para tales efectos, estes contratos deberanse remitir ao citado Comité Técnico de Contas Nacionais.

Disposición adicional cuadraxésimo sexta. *Remisión de información relativa á contratación do sector público autonómico e local ao Comité Técnico de Contas Nacionais.*

No ámbito dos sectores públicos autonómico e local, deberánselle remitir ao Comité Técnico de Contas Nacionais citado na disposición adicional anterior todos os contratos de concesión de obras ou de concesión de servizos adxudicados nos seus respectivos ámbitos, cuxo valor estimado sexa igual ou superior a doce millóns de euros, ou en cuxo financiamento se prevexa calquera forma de axuda ou achega estatal, ou o outorgamento de préstamos ou anticipos.

O Comité Técnico de Contas Nacionais emitirá en relación con eles un informe sobre os efectos da subscrición do contrato nas contas económicas da Administración contratante.

Disposición adicional cuadraxésimo sétima. *Principios aplicables aos contratos de concesión de servizos do anexo IV e aos contratos de servizos de carácter social, sanitario ou educativo do anexo IV.*

Sen prexuízo da aplicación das disposicións desta lei e, entre outras, das relativas ao establecemento das prescricións técnicas, das condicións mínimas de solvencia, dos criterios de adxudicación e das condicións especiais de execución, nos procedementos de licitación de contratos de concesión dos servizos que figuran no anexo IV e de contratos de carácter social, sanitario ou educativo tamén do anexo IV, os órganos de contratación velarán en todas as súas fases pola necesidade de garantir a calidade, a continuidade, a accesibilidade, a asequibilidade, a dispoñibilidade e a exhaustividade dos servizos; as necesidades específicas das distintas categorías de usuarios, incluídos os grupos desfavorecidos e vulnerables; a implicación dos usuarios dos servizos; e a innovación na prestación do servizo.

Así mesmo, ao establecer os criterios de adxudicación dos contratos a que se refire esta disposición adicional, o órgano de contratación poderá referilos a aspectos tales como a experiencia do persoal adscrito ao contrato na prestación de servizos dirixidos a sectores especialmente desfavorecidos ou na prestación de servizos de similar natureza nos termos establecidos no artigo 145; o reinvestimento dos beneficios obtidos na mellora dos servizos que presta; o establecemento de mecanismos de participación dos usuarios e de información e orientación deles.

Disposición adicional cuadraxésimo oitava. *Reserva de certos contratos de servizos sociais, culturais e de saúde a determinadas organizacións.*

1. Sen prexuízo do establecido na disposición adicional cuarta, os órganos de contratación dos poderes adxudicadores poderán reservar a determinadas organizacións



o dereito para participar nos procedementos de licitación dos contratos de servizos de carácter social, cultural e de saúde que enumera o anexo IV baixo os códigos CPV 75121000-0, 75122000-7, 75123000-4, 79622000-0, 79624000-4, 79625000-1, 80110000-8, 80300000-7, 80420000-4, 80430000-7, 80511000-9, 80520000-5, 80590000-6, desde 85000000-9 ata 85323000-9, 92500000-6, 92600000-7, 98133000-4 e 98133110-8.

2. As organizacións a que se refire o número 1 deberán cumprir todas e cada unha das condicións seguintes:

a) Que o seu obxectivo sexa a realización dunha misión de servizo público vinculada á prestación dos servizos recollidos no punto primeiro.

b) Que os beneficios se reinvestan co fin de alcanzar o obxectivo da organización ou, no caso de que se distribúan ou redistribúan beneficios, que a distribución ou redistribución se realice conforme criterios de participación.

c) Que as estruturas de dirección ou propiedade da organización que execute o contrato se baseen na propiedade dos empregados ou en principios de participación, ou exixan a participación activa dos empregados, dos usuarios ou das partes interesadas.

d) Que o poder adjudicador de que se trate non adxudicase á organización un contrato para os servizos en cuestión conforme o presente artigo nos tres anos precedentes.

3. A duración máxima do contrato que se adxudique de acordo co disposto nesta disposición adicional non excederá os tres anos.

4. No anuncio que sirva de medio de convocatoria da licitación farase referencia á presente disposición adicional.

Disposición adicional cuadraxésimo novena. *Lexislación das comunidades autónomas relativa a instrumentos non contractuais para a prestación de servizos públicos de carácter social.*

O establecido nesta lei non obsta para que as comunidades autónomas, no exercicio das competencias que teñen atribuídas, lexislen articulando instrumentos non contractuais para a prestación de servizos públicos destinados a satisfacer necesidades de carácter social.

Disposición adicional quincuaxésima. *Paraísos fiscais.*

1. O Goberno deberá actualizar a lista de países e territorios que teñan a cualificación de paraíso fiscal, de conformidade co sinalado na disposición adicional primeira da Lei 36/2006, de 29 novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal. A dita actualización realizarase unha vez que se publicasen as listas de xurisdicións non cooperativas que están preparando a OCDE e a Unión Europea para que se poidan ter en conta os resultados obtidos.

2. O Goberno deberá modificar antes do 31 de decembro de 2017 o artigo 13 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo, en relación coa información país por país que deben subministrar determinadas entidades cando o importe neto da cifra de negocios do grupo sexa, polo menos, de 750 millóns de euros. Esta modificación debe permitir axustarse plenamente ao marco establecido no ámbito internacional, así como utilizar de modo máis eficiente os recursos públicos e reducir a carga administrativa que recae sobre os grupos de empresas multinacionais, ao permitir a outras entidades distintas da matriz última presentar o informe país por país.

Non obstante, manteranse as obrigacións xa establecidas para estes grupos multinacionais de subministrar datos relativos a ingresos, resultados, impostos, activos ou persoal desagregados por cada país ou xurisdición. Os grupos multinacionais do sector bancario e das industrias extractivas deberán facer públicos os datos relativos a esta información país por país que así se requira na normativa internacional.

Disposición adicional quincuaxésimo primeira. *Pagamentos directos aos subcontratistas.*

1. Sen prexuízo do previsto nos artigos 216 e 217 e sempre que se cumpran as condicións establecidas no artigo 215, o órgano de contratación poderá prever nos pregos de cláusulas administrativas que se realicen pagamentos directos aos subcontratistas.

2. O subcontratista que conte coa conformidade para percibir pagamentos directos poderá ceder os seus dereitos de cobramento conforme o previsto no artigo 200.

3. Os pagamentos efectuados a favor do subcontratista entenderanse realizados por conta do contratista principal e, en relación coa Administración contratante, manterán a mesma natureza de aboamentos a boa conta ca a das certificacións de obra.

4. En ningún caso será imputable á Administración o atraso no pagamento derivado da falta de conformidade do contratista principal coa factura presentada polo subcontratista.

5. Autorízase o ministro de Facenda e Función Pública para desenvolver, no ámbito do sector público estatal, as previsións contidas nos números anteriores relativas ás características da documentación que se debe achegar, ao réxime de notificacións e ao de certificacións, operativa contable e facturación.

Disposición adicional quincuaxésimo segunda. *Referencias na lei ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla.*

Cando nesta lei un artigo faga referencia ás comunidades autónomas, tamén se entenderá referido ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla cando, conforme os seus estatutos de autonomía, estas cidades autónomas teñan competencia nas materias que regule o referido precepto.

Disposición adicional quincuaxésimo terceira. *Servizo público de noticias de titularidade estatal.*

1. O servizo público de noticias de titularidade estatal, encomendado á sociedade mercantil estatal Agencia EFE, S.A.U., é un servizo de interese económico xeral que ten como misión a recollida, elaboración e distribución de noticias e de información xeral e especializada en todos os soportes de forma imparcial, independente e obxectiva, co fin de garantir as necesidades de información da sociedade española e de fomentar a proxección exterior de España.

2. A función de servizo público comprende a cobertura dos eventos e acontecementos de especial interese para España e, en particular, das actividades da familia real, da Xefatura do Estado, dos membros do Goberno e das altas institucións do Estado; a cobertura informativa en todas as comunidades e cidades autónomas; a prestación de servizos informativos á Administración do Estado; a difusión da imaxe de España e da súa diversidade cultural e o intercambio informativo entre España e o resto do mundo, con especial atención aos ámbitos prioritarios para a acción exterior española.

3. A compensación anual polo cumprimento das obrigacións de servizo público efectuarase conforme o método do custo evitado neto e non poderá superar no exercicio orzamentario o necesario para cubrir o custo neto da execución das obrigacións de servizo público. O importe do custo neto actualizarase anualmente e será revisado pola Comisión de Control do SIEX, que encargará a un auditor ou empresa auditora independente a tarefa de fiscalización, revisión e control do SIEX.

4. O Goberno, por proposta do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, informará as Cortes Xerais e ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta disposición e, en particular, para establecer as obrigacións asociadas á función de servizo público e as modalidades para o cálculo da correspondente compensación.

Disposición transitoria primeira. *Expedientes iniciados e contratos adjudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa anterior. Para estes efectos, entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adjudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

2. Os contratos administrativos adjudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

3. A presente lei será de aplicación aos acordos de rescate e ás encargas que se realicen con posterioridade á súa entrada en vigor. Deberase entender que unha encarga se realizou cando fose obxecto da correspondente formalización documental.

4. As revisións de oficio e os procedementos de recurso iniciados ao abeiro dos artigos 34 e 40, respectivamente, do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado mediante o Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, seguiranse tramitando ata a súa resolución conforme aquel.

Nos expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta lei poderase interpor o recurso previsto no artigo 44 contra actos susceptibles de impugnación nesta vía, sempre que se ditasen con posterioridade á súa entrada en vigor.

5. Os contratos baseados en acordos marco ou en sistemas dinámicos de adquisición rexeranse pola normativa aplicable a estes.

6. Os pregos de cláusulas administrativas xerais que, no momento da entrada en vigor da presente lei, xa se encontrasen aprobados polas comunidades autónomas disporán dun prazo de seis meses para a súa adaptación ao previsto no número 2 do artigo 121.

Disposición transitoria segunda. *Determinación de contías por parte dos departamentos ministeriais respecto das entidades que teñan a consideración de poder adjudicador e que estean adscritas aos primeiros.*

Ata o momento en que os secretarios de Estado ou, na súa falta, os titulares dos departamentos ministeriais fixen a contía para a autorización establecida no número 5 do artigo 324 será de aplicación a cantidade, calculada de conformidade co artigo 101, de 900.000 euros.

Disposición transitoria terceira. *Inscripción no Rexistro de Licitadores no procedemento aberto simplificado do artigo 159.*

Ata que transcorran seis meses desde a entrada en vigor da presente lei e resulte exixible, por tanto, a obrigaón establecida para o procedemento aberto simplificado na letra a) do número 4 do artigo 159, de estar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou rexistro equivalente, a acreditación da capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar realizarase na forma establecida con carácter xeral.

Disposición transitoria cuarta. *Estatutos dos medios propios personificados.*

Ata que transcorran seis meses desde a entrada en vigor da presente lei e resulten exixibles, por tanto, as obrigaóns establecidas no artigo 32.2.d) respecto ao contido dos estatutos das entidades que teñan a condición de medio propio personificado, estas seguirán actuando cos seus estatutos vixentes sempre que cumpran co establecido nas letras a), b) e c) do número 2 do artigo 32.

Disposición transitoria quinta. *Instrucións internas de contratación.*

Os entes a que se refire o título terceiro deberán adaptar as súas instrucións internas de contratación ao establecido nos artigos 318 e 321 no prazo máximo de catro meses desde a entrada en vigor da presente lei. Ata entón, seguirán contratando de conformidade coas súas instrucións vixentes, sempre que non contradigan o establecido nos citados artigos.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

1. O artigo 27 dítase ao abeiro da regra 6.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre «lexislación procesual, sen prexuízo das necesarias especialidades que nesta orde deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas».

2. Os artigos que se indican a continuación dítanse ao abeiro das competencias exclusivas que corresponden ao Estado para ditar a lexislación civil e mercantil en virtude do disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> da Constitución, artigo 271.1, artigo 272.1 e 2, artigo 273.1, artigo 274, artigo 275 e artigo 276.

3. O número 3 do artigo 347 constitúe lexislación básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.18 da Constitución en materia de bases «do réxime xurídico das administracións públicas». Pola súa banda, os restantes artigos da presente lei constitúen lexislación básica ditada ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución en materia de lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas e, en consecuencia, son de aplicación xeral a todas as administracións públicas e organismos e entidades dependentes delas.

Con todo, non terán carácter básico os seguintes artigos ou partes deles: letra a) do número 1 do artigo 21; letra a) do número 1 do artigo 22; artigo 30; a letra c) do número 5 do artigo 32; artigos 45 e 46.1 a 46.3; artigo 69.3; artigo 71.1.f); artigo 76; artigo 83; artigo 95; artigo 104; artigo 105; parágrafo segundo do número 1 do artigo 107; segundo parágrafo do número 3 e número 5 do artigo 116; artigo 118.2; letras a) e c) do número 2 do artigo 119; letra b) do artigo 120.1; número 1 do artigo 121; números 5, 6 e 7 do artigo 122; artigos 123 e 124; cuarto parágrafo do número 4 do artigo 149; artigo 153; número 2 do artigo 154; artigo 191.2; artigo 192.2 e 3; artigo 193.2 a 5; artigo 194; números 2 e 5 do artigo 212; número 8 do artigo 215; artigo 228; números 1, 2, 5, o parágrafo segundo do número 6, e números 7 e 8 do artigo 229; artigo 230; números 1.e) e 4 do artigo 232; artigo 234; artigo 235; artigo 236; artigo 237; artigo 238.2; artigo 240; número 1 do artigo 241; o número 4, salvo a previsión da letra b) do primeiro parágrafo e o segundo parágrafo, e 5 do artigo 242; artigo 243; artigo 253; artigo 256; artigo 260; números 2 e 3 do artigo 263; artigo 266; número 5 do artigo 267; artigo 268; artigo 272.6; artigo 273.2; artigo 294.b; artigo 298; números 2 e 3 do artigo 300; artigo 302; artigo 303; artigo 304; artigo 305; números 2 e 3 do artigo 307; números 2 e 3 do artigo 313; números 3, 4, 5 e 6 do artigo 314; artigo 315; artigo 323; artigo 324; artigo 325; artigos 326 e 327; artigo 328, salvo o número 4; artigo 335.4; números 1, 2 e 7 do artigo 347; letra a) e segundo parágrafo da letra f) do número 1 da disposición adicional primeira; o parágrafo terceiro, número 1, da disposición adicional cuarta; disposición adicional décimo cuarta; disposición adicional décimo novena; disposición adicional vixésima; disposición adicional vixésimo cuarta; disposición adicional vixésimo novena; disposición adicional trixésima; disposición transitoria primeira; disposición derradeira sétima; e disposición derradeira oitava.

Para os mesmos efectos previstos no parágrafo anterior, terán a consideración de mínimas as exixencias que para os contratos menores se establecen no artigo 118.1 e terán a consideración de máximos as seguintes porcentaxes, contías ou prazos:

A porcentaxe do 3 por 100 do artigo 106.2.

A porcentaxe do 5 por 100 do artigo 107.1 e 2.

As contías do artigo 131.4.

Os prazos dun mes establecidos nos números 2 e 4 do artigo 210.

4. As previsións desta lei serán de aplicación ás comunidades autónomas de acordo co establecido nos números 1, 2 e 3 anteriores, sen prexuízo das posicións singulares que en materia de sistema institucional, e no que respecta ás competencias exclusivas e compartidas, en materia de función pública e de autoorganización, en cada caso resulten de aplicación en virtude do disposto na Constitución española e nos estatutos de autonomía.

Disposición derradeira segunda. *Comunidade Foral de Navarra.*

En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo sen prexuízo do disposto na Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

Disposición derradeira terceira. *Comunidade Autónoma do País Vasco.*

En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do disposto nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto na Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico vasco da Comunidade Autónoma do País Vasco.

Disposición derradeira cuarta. *Normas aplicables aos procedementos regulados nesta lei e aos medios propios personificados.*

1. Os procedementos regulados nesta lei rexeranse, en primeiro termo, polos preceptos contidos nela e nas súas normas de desenvolvemento e, subsidiariamente, polos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nas súas normas complementarias.

2. En todo caso, nos procedementos iniciados por solicitude dun interesado para os cales non se estableza especificamente outra cousa e que teñan por obxecto ou se refiran á reclamación de cantidades, ao exercicio de prerrogativas administrativas ou a calquera outra cuestión relativa á execución, cumprimento ou extinción dun contrato administrativo, unha vez transcorrido o prazo previsto para a súa resolución sen notificarse esta, o interesado poderá considerar desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, sen prexuízo da subsistencia da obrigaçión de resolver.

3. En relación co réxime xurídico dos medios propios personificados, no non previsto na presente lei resultará de aplicación o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante a presente lei incorpóranse ao ordenamento xurídico a Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE; así como a Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á adxudicación de contratos de concesión, sen prexuízo do incorporado respecto desta última directiva a través da Lei sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación normativa en materia de uso de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, e uso de factura electrónica.*

1. Autorízase o ministro de Facenda e Función Pública para aprobar, logo de ditame do Consello de Estado, as normas de desenvolvemento da disposición adicional décimo sexta que poidan ser necesarias para facer plenamente efectivo o uso de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos nos procedementos regulados nesta lei.

2. Igualmente, o ministro de Facenda e Función Pública, mediante orde, definirá as especificacións técnicas das comunicacións de datos que se deban efectuar en cumprimento da presente lei e establecerá os modelos que se deban utilizar.

3. O Consello de Ministros, por proposta dos ministros de Facenda e Función Pública e de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, adoptará as medidas necesarias para facilitar que as persoas e entidades que contraten co sector público estatal emitan facturas electrónicas, e garantirá a gratuidade dos servizos de apoio que se establezan para as empresas cuxa cifra de negocios no ano inmediatamente anterior e para o conxunto das súas actividades sexa inferior ao limiar que se fixe na orde a que se refire o parágrafo anterior.

Disposición derradeira sétima. *Fomento da realización de negocios e subscripción de contratos en materia de investigación, desenvolvemento e innovación.*

Mediante acordo de ministros poderanse reservar fondos destinados ao financiamento de negocios e contratos relacionados co ámbito da investigación, do desenvolvemento e da innovación a que se refire o artigo 8.

Disposición derradeira oitava. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, poderá ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido nesta lei.

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 8/1989, do 13 de abril, do réxime xurídico das taxas e dos prezos públicos.*

Engádese unha nova letra c) ao artigo 2 da Lei 8/1989, do 13 de abril, do réxime xurídico das taxas e dos prezos públicos, coa seguinte redacción:

«c) As tarifas que aboan os usuarios pola utilización da obra ou pola prestación do servizo aos concesionarios de obras e de servizos conforme a lexislación de contratos do sector público, que son prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias.»

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. Modifícase o ordinal 8.º do artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«8.º A) As entregas de bens e prestacións de servizos realizadas directamente polas administracións públicas, así como polas entidades a que se refiren as letras C) e D) deste número, sen contraprestación ou mediante contraprestación de natureza tributaria.

B) Para estes efectos, consideraranse administracións públicas:

a) A Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local.

b) As entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social.

c) Os organismos autónomos, as universidades públicas e as axencias estatais.

d) Calquera entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, dependente das anteriores que, con independencia funcional ou cunha especial autonomía recoñecida pola lei, teña atribuídas funcións de regulación ou control de carácter externo sobre un determinado sector ou actividade.

Non terán a consideración de administracións públicas as entidades públicas empresariais estatais e os organismos asimilados dependentes das comunidades autónomas e entidades locais.

C) Non estarán suxeitos ao imposto os servizos prestados en virtude das encargas executadas polos entes, organismos e entidades do sector público que teñan, de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei de contratos do sector público, a condición de medio propio personificado do poder adjudicador que ordenase a encarga, nos termos establecidos no referido artigo 32.

D) Así mesmo, non estarán suxeitos ao imposto os servizos prestados por calquera ente, organismo ou entidade do sector público, nos termos a que se refire o artigo 3.1 da Lei de contratos do sector público, a favor das administracións públicas de que dependan ou doutra integramente dependente destas, cando as ditas administracións públicas posúan a titularidade íntegra deles.

E) A non consideración como operacións suxeitas ao imposto que establecen as dúas letras C) e D) anteriores será igualmente aplicable aos servizos prestados entre as entidades a que estes se refiren, integramente dependentes da mesma Administración pública.

F) En todo caso, estarán suxeitas ao imposto as entregas de bens e prestacións de servizos que as administracións, entes, organismos e entidades do sector público realicen no exercicio das actividades que a continuación se relacionan:

a') Telecomunicacións.

b') Distribución de auga, gas, calor, frío, enerxía eléctrica e demais modalidades de enerxía.

c') Transportes de persoas e bens.

d') Servizos portuarios e aeroportuarios e explotación de infraestruturas ferroviarias, incluídas, para estes efectos, as concesións e as autorizacións exceptuadas da non suxeición do imposto polo ordinal 9.º seguinte.

e') Obtención, fabricación ou transformación de produtos para a súa transmisión posterior.

f') Intervención sobre produtos agropecuarios dirixida á regulación do mercado destes produtos.

g') Explotación de feiras e de exposicións de carácter comercial.

h') Almacenaxe e depósito.

i') As de oficinas comerciais de publicidade.

j') Explotación de cantinas e comedores de empresas, economatos, cooperativas e establecementos similares.

k') As de axencias de viaxes.

l') As comerciais ou mercantís dos entes públicos de radio e televisión, incluídas as relativas á cesión do uso das súas instalacións.

m') As de matadoiro.»

Dous. Modifícase o ordinal 3.º do número dous do artigo 78, que queda redactado da seguinte forma:

«78. Dous.3.º As subvencións vinculadas directamente ao prezo das operacións suxeitas ao imposto.

Consideraranse vinculadas directamente ao prezo das operacións suxeitas ao imposto as subvencións establecidas en función do número de unidades entregadas

ou do volume dos servizos prestados cando se determinen con anterioridade á realización da operación.

Con todo, non se considerarán subvencións vinculadas ao prezo nin integran en ningún caso o importe da contraprestación a que se refire o número un do presente artigo as achegas pecuniarias, sexa cal for a súa denominación, que as administracións públicas realicen para financiar:

- a) A xestión de servizos públicos ou de fomento da cultura nos cales non exista unha distorsión significativa da competencia, sexa cal for a súa forma de xestión.
- b) Actividades de interese xeral cando os seus destinatarios non sexan identificables e non satisfagan ningunha contraprestación.»

Tres. Modifícase o número cinco do artigo 93, que queda redactado da seguinte forma:

«93. Cinco. Os suxeitos pasivos que realicen conxuntamente operacións suxeitas ao imposto e operacións non suxeitas por aplicación do establecido no artigo 7.8.º desta lei poderán deducir as cotas soportadas pola adquisición de bens e servizos destinados de forma simultánea á realización dunhas e doutras operacións en función dun criterio razoable e homoxéneo de imputación das cotas correspondentes aos bens e servizos utilizados para o desenvolvemento das operacións suxeitas ao imposto; inclúense, para estes efectos, as operacións a que se refire o artigo 94.Un.2.º desta lei. Este criterio deberá ser mantido no tempo, salvo que por causas razoables se deba modificar.

Para estes efectos, poderase atender á proporción que represente o importe total, excluído o imposto sobre o valor engadido, determinado para cada ano natural, das entregas de bens e prestacións de servizos das operacións suxeitas ao imposto, respecto do total de ingresos que obteña o suxeito pasivo en cada ano natural polo conxunto da súa actividade.

O cálculo resultante da aplicación do dito criterio poderase determinar provisionalmente atendendo aos datos do ano natural precedente, sen prexuízo da regularización que proceda ao final de cada ano.

Non obstante o anterior, non serán deducibles en ningunha proporción as cotas soportadas ou satisfeitas polas adquisicións ou importacións de bens ou servizos destinados, exclusivamente, a realizar as operacións non suxeitas a que se refire o artigo 7.8.º desta lei.

As deducións establecidas neste número axustaranse tamén ás condicións e aos requisitos previstos no capítulo I do título VIII desta lei e, en particular, aos que se refiren á regra de pro rata.

O previsto neste número non será de aplicación ás actividades de xestión de servizos públicos nas condicións sinaladas na letra a) do artigo 78.Dous.3.º desta lei.»

Catro. Suprímese o ordinal 4.º do número tres do artigo 78.

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación da disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

A disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional primeira. *Prestacións patrimoniais de carácter público.*

1. Son prestacións patrimoniais de carácter público aquelas a que se refire o artigo 31.3 da Constitución que se exixen con carácter coactivo.
2. As prestacións patrimoniais de carácter público citadas no número anterior poderán ter carácter tributario ou non tributario.



Terán a consideración de tributarias as prestacións mencionadas no número 1 que teñan a consideración de taxas, contribucións especiais e impostos a que se refire o artigo 2 desta lei.

Serán prestacións patrimoniais de carácter público non tributario as demais prestacións que, exixidas coactivamente, respondan a fins de interese xeral.

En particular, consideraranse prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias aquelas que, tendo tal consideración, se exixan pola prestación dun servizo xestionado de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta.

En concreto, terán tal consideración aquelas exixidas pola explotación de obras ou pola prestación de servizos, en réxime de concesión ou sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de dereito privado.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Modifícase o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, engadindo un novo número 6 ao artigo 20, nos seguintes termos:

«6. As contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos a que se refire o número 4 deste artigo, realizada de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario conforme o previsto no artigo 31.3 da Constitución.

En concreto, terán tal consideración aquelas exixidas pola explotación de obras ou pola prestación de servizos, en réxime de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de dereito privado.

Sen prexuízo do establecido no artigo 103 da Lei de contratos do sector público, as contraprestacións económicas a que se refire este número regularanse mediante ordenanza. Durante o procedemento de aprobación da dita ordenanza, as entidades locais solicitarán informe preceptivo daquelas administracións públicas ás cales o ordenamento xurídico lles atribúese algunha facultade de intervención sobre elas.»

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.*

Modifícase a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, nos seguintes termos:

Un. O artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

1. A presente lei aplícase ao sector público, que abrangue:

- a) A Administración xeral do Estado.
- b) As administracións das comunidades autónomas.
- c) As entidades que integran a Administración local.
- d) O sector público institucional.

2. O sector público institucional está integrado:

a) Por calquera organismo público e entidade de dereito público vinculado ou dependente das administracións públicas.

b) Polas entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas, que quedarán suxeitas ao disposto nas normas desta lei que especificamente se refiran a elas e, en todo caso, cando exerzan potestades administrativas.

c) Polas universidades públicas, que se rexerán pola súa normativa específica e, supletoriamente, polas previsións da presente lei.

3. Teñen a consideración de administracións públicas a Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas, as entidades que integran a Administración local, así como os organismos públicos e entidades de dereito público previstos na letra a) do número 2.»

Dous. Modifícase o artigo 3.2, que queda redactado como segue:

«A presente lei aplicarase aos documentos elaborados ou custodiados polas administracións e organismos do sector público.»

Tres. Modifícase o artigo 7.1 nos seguintes termos:

«Poderase aplicar unha tarifa pola subministración de documentos para a súa reutilización nas condicións previstas na normativa estatal vixente ou, de ser o caso, na normativa que resulte de aplicación no ámbito autonómico ou local, que se limitará aos custos marxinais en que se incorra para a súa reprodución, posta á disposición e difusión.

No caso de que unha Administración ou organismo do sector público reutilice os documentos como base para actividades comerciais alleas ás funcións propias que teña atribuídas, deberanse aplicar á entrega de documentos para as ditas actividades as mesmas taxas ou prezos públicos e condicións que se apliquen aos demais usuarios.»

Catro. Modifícase o artigo 7.6, que queda redactado como segue:

«As administracións e organismos do sector público publicarán por medios electrónicos, sempre que sexa posible e apropiado, as tarifas fixadas para a reutilización de documentos que estean en poder de organismos do sector público, así como as condicións aplicables e o importe real deles, incluída a base de cálculo utilizada.

No resto dos casos en que se aplique unha tarifa, o organismo do sector público de que se trate indicará por adiantado que factores se terán en conta para o seu cálculo. Cando se solicite, o dito organismo tamén indicará como se calculou esa tarifa en relación coa solicitude de reutilización concreta.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro.*

Engádesse un número 4 ao artigo 43 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro:

«4. Terán a consideración de centros especiais de emprego de iniciativa social aqueles que, cumprindo os requisitos que se establecen nos ordinais 1.º e 2.º deste artigo, son promovidos e participados en máis dun 50 por cento, directa ou indirectamente, por unha ou varias entidades, xa sexan públicas ou privadas, que non teñan ánimo de lucro ou que teñan recoñecido o seu carácter social nos seus estatutos, xa sexan asociacións, fundacións, corporacións de dereito público, cooperativas de iniciativa social ou outras entidades da economía social, así como tamén aqueles cuxa titularidade corresponde a sociedades mercantís nas cales a

maioría do seu capital social sexa propiedade dalgunha das entidades sinaladas anteriormente, xa sexa de forma directa ou ben indirecta a través do concepto de sociedade dominante regulado no artigo 42 do Código de comercio, e sempre que en todos os casos nos seus estatutos ou en acordo social se obriguen ao reinvestimento íntegro dos seus beneficios para crear oportunidades de emprego para persoas con discapacidade e a mellora continua da súa competitividade e da súa actividade de economía social, tendo en todo caso a facultade de optar por reinvestilos no propio centro especial de emprego ou noutros centros especiais de emprego de iniciativa social.»

Disposición derradeira décimo quinta. *Modificación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

Modifícase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que queda redactada como segue:

Un. O segundo parágrafo do número 1 do artigo 82 queda redactado nos seguintes termos:

«A integración e xestión do dito inventario e a súa publicación dependerán da Intervención Xeral da Administración do Estado.»

Dous. O último parágrafo do número 2 do artigo 84 queda redactado nos seguintes termos:

«O disposto neste número non será de aplicación á participación do Estado en organismos internacionais ou entidades de ámbito supranacional, nin á participación nos organismos de normalización e acreditación nacionais ou en sociedades creadas ao abeiro da Lei 27/1984, do 26 de xullo, sobre reconversión e reindustrialización.»

Disposición derradeira décimo sexta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos catro meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, a letra a) do número 4 do artigo 159 e a letra d) do número 2 do artigo 32 farano aos dez meses da citada publicación; os artigos 328 a 334, así como a disposición derradeira décima, farano o día seguinte ao da referida publicación.

O terceiro parágrafo do número 1 do artigo 150 entrará en vigor no momento en que o faga a disposición regulamentaria a que se refire.

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de novembro de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO I

## Traballos recollidos no artigo 13

En caso de diferentes interpretacións entre CPV e NACE, aplicarase a nomenclatura CPV.

NACE Rev.2 (1)					Código CPV
Sección F			Construción		
División	Grupo	Clase	Descrición	Observacións	
45			Construción.	Esta división abrangue: – as construcións novas, obras de restauración e reparacións correntes.	45000000
	45,1		Preparación de obras.		45100000
		45,11	Demolición de inmobles; movementos de terras.	Esta clase abrangue: – a demolición e o derrubamento de edificios e doutras estruturas, – a limpeza de cascallos, – os traballos de movemento de terras: escavación, enchemento e nivelación de lugares de obras, escavación de gabias, remoción de rochas, voaduras, etc., – a preparación de explotacións mineiras: – obras subterráneas, retirada de coberteira e outras actividades de preparación de minas.  Esta clase abrangue tamén: – a drenaxe de lugares de obras, – a drenaxe de terreos agrícolas e forestais.	45110000
		45,12	Perforacións e sondaxes.	Esta clase abrangue: – as perforacións, sondaxes e mostraxes con fins de construción, xeofísicos, xeolóxicos ou outros.  Esta clase non abrangue: – a perforación de pozos de produción de petróleo e gas natural (véxase 11.20), – a perforación de pozos hidráulicos (véxase 45.25), – a escavación de pozos de minas (véxase 45.25), – a prospección de xacementos de petróleo e gas natural e os estudos xeofísicos, xeolóxicos ou sísmicos (véxase 74.20).	45120000
	45,2		Construción xeral de inmobles e obras de enxeñaría civil.		45200000

NACE Rev.2 (1)					Código CPV
Sección F			Construción		
División	Grupo	Clase	Descrición	Observacións	
		45,21	Construción xeral de edificios e obras singulares de enxeñaría civil (pontes, túneles, etc.).	<p>Esta clase abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a construción de todo tipo de edificios, a construción de obras de enxeñaría civil;</li> <li>- pontes (incluídas as de estradas elevadas), viadutos, túneles e pasos subterráneos,</li> <li>- redes de enerxía, comunicación e condución de longa distancia,</li> <li>- instalacións urbanas de tubaxes, redes de enerxía e de comunicacións,</li> <li>- obras urbanas anexas,</li> <li>- a montaxe <i>in situ</i> de construcións prefabricadas.</li> </ul> <p>Esta clase non abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- os servizos relacionados coa extracción de gas e de petróleo (véxase 11.20),</li> <li>- a montaxe de construcións prefabricadas completas a partir de pezas de produción propia que non sexan de formigón (véxanse as divisións 20, 26 e 28),</li> <li>- a construción de equipamentos de estadios, piscinas, ximnasios, pistas de tenis, campos de golf e outras instalacións deportivas, excluídos os seus edificios (véxase 45.23),</li> <li>- as instalacións de edificios e obras (véxase 45.3),</li> <li>- o acabamento de edificios e obras (véxase 45.4),</li> <li>- as actividades de arquitectura e enxeñaría (véxase 74.20),</li> <li>- a dirección de obras de construción (véxase 74.20).</li> </ul>	<p>45210000</p> <p>Excepto</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 45213316</li> <li>45220000</li> <li>45231000</li> <li>45232000</li> </ul>
		45,22	Construción de cubertas e estruturas de cerramento.	<p>Esta clase abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a construción de tellados,</li> <li>- a cuberta de tellados,</li> <li>- a impermeabilización de edificios e balcóns.</li> </ul>	45261000
		45,23	Construción de autoestradas, estradas, campos de aterraxe, vías férreas e centros deportivos.	<p>Esta clase abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a construción de autoestradas, rúas, estradas e outras vías de circulación de vehículos e peóns,</li> <li>- a construción de vías férreas,</li> <li>- a construción de pistas de aterraxe,</li> <li>- a construción de equipamentos de estadios, piscinas, ximnasios, pistas de tenis, campos de golf e outras instalacións deportivas, excluídos os seus edificios,</li> <li>- a pintura de sinais en estradas e aparcadoiros.</li> </ul> <p>Esta clase non abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- o movemento de terras previo (véxase 45.11).</li> </ul>	<p>45212212 e DA03</p> <p>45230000</p> <p>Excepto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 45231000</li> <li>- 45232000</li> <li>- 45234115</li> </ul>
		45,24	Obras hidráulicas.	<p>Esta clase abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a construción de:</li> <li>- vías navegables, instalacións portuarias e fluviais, portos deportivos, esclusas, etc.,</li> <li>- presas e diques,</li> <li>- dragaxes,</li> <li>- obras subterráneas.</li> </ul>	45240000

NACE Rev.2 (1)					Código CPV
Sección F			Construción		
División	Grupo	Clase	Descrición	Observacións	
		45,25	Outros traballos de construción especializados.	<p>Esta clase abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- as actividades de construción que se especialicen nun aspecto común a diferentes tipos de estrutura e que requiran aptitudes ou materiais específicos,</li> <li>- obras de cimentación, incluído o afinamento de esteos,</li> <li>- construción e perforación de pozos hidráulicos, escavación de pozos de minas,</li> <li>- montaxe de pezas de aceiro que non sexan de produción propia,</li> <li>- curvamento do aceiro,</li> <li>- colocación de ladrillos e pedra,</li> <li>- montaxe e desmantelamento de estadas e plataformas de traballo, incluído o seu alugamento,</li> <li>- montaxe de chemineas e fornos industriais.</li> </ul> <p>Esta clase non abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- o alugamento de estadas sen montaxe nin desmantelamento (véxase 71.32).</li> </ul>	45262000 45250000
	45,3		Instalación de edificios e obras.		45300000
		45,31	Instalación eléctrica.	<p>Esta clase abrangue:</p> <p>a instalación en edificios e outras obras de construción de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- cables e material eléctrico,</li> <li>- sistemas de telecomunicación,</li> <li>- instalacións de calefacción eléctrica,</li> <li>- antenas de vivendas,</li> <li>- alarmas contra incendios,</li> <li>- sistemas de alarma de protección contra roubos,</li> <li>- ascensores e escaleiras mecánicas,</li> <li>- pararraios, etc.</li> </ul>	45213316 45310000 Excepto: - 45316000
		45,32	Traballos de illamento.	<p>Esta clase abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a instalación en edificios e outras obras de construción de illamento térmico, acústico ou antivibratorio.</li> </ul> <p>Esta clase non abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a impermeabilización de edificios e balcóns (véxase 45.22).</li> </ul>	45320000
		45,33	Fontanaría.	<p>Esta clase abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a instalación en edificios e outras obras de construción de:</li> <li>- fontanaría e sanitarios,</li> <li>- aparellos de gas,</li> <li>- aparellos e conducións de calefacción, ventilación, refrixeración ou aire acondicionado,</li> <li>- a instalación de extintores automáticos de incendios.</li> </ul> <p>Esta clase non abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a instalación e reparación de instalacións de calefacción eléctrica (véxase 45.31).</li> </ul>	45330000
		45,34	Outras instalacións de edificios e obras.	<p>Esta clase abrangue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a instalación de sistemas de iluminación e sinalización de estradas, portos e aeroportos,</li> <li>- a instalación en edificios e outras obras de construción de aparellos e dispositivos non clasificados noutra parte.</li> </ul>	45234115 45316000 45340000
	45,4		Acabamento de edificios e obras.		45400000

NACE Rev.2 (1)					Código CPV
Sección F			Construción		
División	Grupo	Clase	Descrición	Observacións	
		45,41	Recebo.	Esta clase abrangue: – a aplicación, en edificios e outras obras de construción, de xeso e estuco interior e exterior, incluídos os materiais de revestimento correspondentes.	45410000
		45,42	Instalacións de carpintaría.	Esta clase abrangue: – a instalación de portas, ventás e marcos, cociñas equipadas, escaleiras, mobiliario de traballo e similares de madeira ou outros materiais, que non sexan de produción propia, – acabamentos interiores, como teitos, revestimentos de madeira para paredes, tabiques móbiles, etc. Esta clase non abrangue: – os revestimentos de parqué e outras madeiras para pisos (véxase 45.43).	45420000
		45,43	Revestimento de pisos e paredes.	Esta clase abrangue: – a colocación en edificios e outras obras de construción de: – revestimentos de cerámica, formigón ou pedra tallada para paredes e pisos, – revestimentos de parqué e outras madeiras para pisos e revestimentos de moqueta e linóleo para pisos, – incluídos o caucho ou os materiais plásticos, – revestimentos de terrazo, mármore, granito ou lousa para paredes e pisos, – papeis pintados.	45430000
		45,44	Pintura e acristalamiento.	Esta clase abrangue: – a pintura interior e exterior de edificios, – a pintura de obras de enxeñaría civil, – a instalación de cristais, espellos, etc. Esta clase non abrangue: – a instalación de ventás (véxase 45.42).	45440000
		45,45	Outros acabamentos de edificios e obras.	Esta clase abrangue: – a instalación de piscinas particulares, – a limpeza ao vapor, con chorro de area ou similares, do exterior dos edificios, – outras obras de acabado de edificios non citadas noutra parte. Esta clase non abrangue: – a limpeza interior de edificios e obras (véxase 74.70).	45212212 e DA04 45450000
	45,5		Alugamento de equipamento de construción ou demolición dotado de operario.		45500000
		45,50	Alugamento de equipamento de construción ou demolición dotado de operario.	Esta clase non abrangue: – o alugamento de equipamento e maquinaria de construción ou demolición desprovisto de operario (véxase 71.32).	45500000

(1) Regulamento (CEE) n.º 1893/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, que establece a clasificación europea de actividades económicas.

## ANEXO II

**Lista de produtos recollidos no artigo 21.1.a) no que se refire aos contratos de subministración adxudicados polos órganos de contratación do sector da defensa**

Capítulo 25:	Sal, xofre; terras e pedras; xesos, cales e cementos.
Capítulo 26:	Minerais, escouras e cinzas.
Capítulo 27:	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas, ceras minerais. excepto: ex ex 27.10: carburantes especiais.
Capítulo 28:	Produtos químicos inorgánicos; compostos inorgánicos ou orgánicos dos metais preciosos, dos elementos radioactivos, dos metais das terras raras ou de isótopos, excepto: ex ex 28.09: explosivos. ex ex 28.13: explosivos. ex ex 28.14: gases lacrimóxenos. ex ex 28.28: explosivos. ex ex 28.32: explosivos. ex ex 28.39: explosivos. ex ex 28.50: produtos toxicolóxicos. ex ex 28.51: produtos toxicolóxicos. ex ex 28.54: explosivos.
Capítulo 29:	Produtos químicos orgánicos, excepto: ex ex 29.03: explosivos. ex ex 29.04: explosivos. ex ex 29.07: explosivos. ex ex 29.08: explosivos. ex ex 29.11: explosivos. ex ex 29.12: explosivos. ex ex 29.13: produtos toxicolóxicos. ex ex 29.14: produtos toxicolóxicos. ex ex 29.15: produtos toxicolóxicos. ex ex 29.21: produtos toxicolóxicos. ex ex 29.22: produtos toxicolóxicos. ex ex 29.23: produtos toxicolóxicos. ex ex 29.26: explosivos. ex ex 29.27: produtos toxicolóxicos. ex ex 29.29: explosivos.
Capítulo 30:	Produtos farmacéuticos.
Capítulo 31:	Fertilizantes.
Capítulo 32:	Extractos para curtume ou tinturaría; taninos e os seus derivados; pigmentos e demais materias corantes; pinturas e vernices; mástiques; tintas.
Capítulo 33:	Aceites esenciais e resinoides; preparacións de perfumaría, de toucador ou de cosmética.
Capítulo 34:	Xabóns, operadores de superficie orgánicos, preparacións para lavar, preparacións lubricantes, ceras artificiais, ceras preparadas, produtos de limpeza, candeas e artigos similares, pastas para modelar, ceras para odontoloxía e preparacións para odontoloxía a base de xeso.
Capítulo 35:	Materias albuminoideas; colas; enzimas.
Capítulo 37:	Produtos fotográficos ou cinematográficos.
Capítulo 38:	Produtos diversos das industrias químicas, excepto: ex ex 38.19: produtos toxicolóxicos.



Capítulo 39:	Materias plásticas, éteres e ésteres da celulosa, resinas artificiais e manufacturas destas materias, excepto: ex ex 39.03: explosivos.
Capítulo 40:	Caucho natural ou sintético, caucho facticio e manufacturas de caucho, excepto: ex ex 40.11: pneumáticos para automóviles.
Capítulo 41:	Peles (excepto a peletaría) e coiros.
Capítulo 42:	Manufacturas de coiro, artigos de gornicionaría ou de talabartaría; artigos de viaxe, bolsos de man e continentes similares; manufacturas de tripa.
Capítulo 43:	Peletaría e confeccións de peletaría; peletaría artificial ou facticia.
Capítulo 44:	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira.
Capítulo 45:	Cortiza e as súas manufacturas.
Capítulo 46:	Manufacturas de espartaría ou de cestaría.
Capítulo 47:	Materias destinadas á fabricación de papel.
Capítulo 48:	Papel e cartón; manufacturas de pasta de celulosa, de papel ou de cartón.
Capítulo 49:	Artigos de librería e produtos das artes gráficas.
Capítulo 65:	Chapeus e demais toucados, e as súas partes.
Capítulo 66:	Paraugas, quitasoles, bastóns, látegos, fustas e as súas partes.
Capítulo 67:	Plumas e penuxe preparadas e artigos de plumas ou penuxe; flores artificiais; manufacturas de cabelo.
Capítulo 68:	Manufacturas de pedra, xeso fraguable, cemento, amianto (asbesto), mica ou materias análogas.
Capítulo 69:	Produtos cerámicos.
Capítulo 70:	Vidro e as súas manufacturas.
Capítulo 71:	Perlas finas, pedras preciosas ou semipreciosas, metais preciosos, chapados de metal precioso (plaqué) e manufacturas destas materias; bixutería.
Capítulo 73:	Fundición, ferro e aceiro.
Capítulo 74:	Cobre.
Capítulo 75:	Níquel.
Capítulo 76:	Aluminio.
Capítulo 77:	Magnesio, berilio.
Capítulo 78:	Chumbo.
Capítulo 79:	Cinc.
Capítulo 80:	Estaño.
Capítulo 81:	Outros metais comúns.
Capítulo 82:	Ferramentas, artigos de coitelaría e cubertos de mesa, de metal común, excepto: ex ex 82.05: ferramentas. ex ex 82.07: pezas de ferramentas.
Capítulo 83:	Manufacturas diversas de metal común.
Capítulo 84:	Caldeiras, máquinas, aparellos e artefactos mecánicos, excepto: ex ex 84.06: motores. ex ex 84.08: os demais propulsores. ex ex 84.45: máquinas. ex ex 84.53: máquinas automáticas de tratamento da información. ex ex 84.55: pezas do n.º 84.53. ex ex 84.59: reactores nucleares.

Capítulo 85:	Máquinas e aparellos eléctricos e obxectos que sirvan para usos electrotécnicos, excepto: ex ex 85.13: telecomunicacións. ex ex 85.15: aparellos de transmisión.
Capítulo 86:	Vehículos e material para vías férreas, aparellos de sinalización non eléctricos para vías de comunicación, excepto: ex ex 86.02: locomotoras blindadas. ex ex 86.03: as demais locomotoras blindadas. ex ex 86.05: vagóns blindados. ex ex 86.06: vagóns taller. ex ex 86.07: vagóns.
Capítulo 87:	Vehículos automóviles, tractores, velocípedos e demais vehículos terrestres, excepto: ex ex 87.08: tanques e demais vehículos automóviles blindados. ex ex 87.01: tractores. ex ex 87.02: vehículos militares. ex ex 87.03: vehículos para reparacións. ex ex 87.09: motocicletas. ex ex 87.14: remolques.
Capítulo 89:	Navegación marítima e fluvial, excepto: ex ex 89.01A: barcos de guerra.
Capítulo 90:	Instrumentos e aparellos de óptica, fotografía ou cinematografía, de medida, control ou de precisión; instrumentos e aparellos medicocirúrxicos, excepto: ex ex 90.05: binoculares. ex ex 90.13: instrumentos diversos, láser. ex ex 90.14: telémetros. ex ex 90.28: instrumentos de medida eléctricos ou electrónicos. ex ex 90.11: microscopios. ex ex 90.17: instrumentos médicos. ex ex 90.18: aparellos para mecanoterapia. ex ex 90.19: aparellos para ortopedia. ex ex 90.20: aparellos de raios X.
Capítulo 91:	Fabricación de reloxo.
Capítulo 92:	Instrumentos musicais, aparellos de gravación ou reprodución de son, aparellos de gravación ou reprodución de imaxes e son en televisión, e as partes e accesorios destes aparellos.
Capítulo 94:	Mobles; mobiliario medicocirúrxico; artigos de cama e similares, excepto: ex ex 94.01A: asentos para aeronaves.
Capítulo 95:	Materias para tallar ou moldear, traballadas (incluídas as manufacturas).
Capítulo 96:	Manufacturas de cepillaría, brochas e pinceis, vasoiras, borlas, barutos, peneiras e cribas.
Capítulo 98:	Mercadorías e produtos diversos.

## ANEXO III

### Información que debe figurar nos anuncios

A) Información que debe figurar nos anuncios de publicación dun anuncio de información previa nun perfil de contratante, de información previa, de licitación, de formalización e de modificación de contratos de obras, subministracións e servizos.

Sección 1. Información que debe figurar nos anuncios da publicación dun anuncio de información previa nun perfil de contratante:

1. Nome, número de identificación, enderezo, incluído código NUTS, número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.
2. Tipo de poder adxudicador e principal actividade exercida.
3. Cando cumpra, indicación de que o poder adxudicador é unha central de compras, ou de que se vai utilizar, ou se pode utilizar, algunha outra forma de contratación conxunta.
4. Códigos CPV.
5. Enderezo da internet do «perfil de contratante» (URL).
6. Data de envío do anuncio relativo á publicación dun anuncio de información previa no perfil de contratante.

Sección 2. Información que debe figurar nos anuncios de información previa cando non proceda a aplicación da sección 3 seguinte:

1. Nome, número de identificación, enderezo, incluído código NUTS, número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.
2. Enderezo electrónico ou da internet no cal estarán dispoñibles os pregos da contratación para un acceso libre, directo, completo e gratuíto.

Cando non se dispoña dun acceso libre, directo, completo e gratuíto polos motivos previstos no artigo 138, unha indicación sobre o modo de acceso aos pregos da contratación.

3. Tipo de poder adxudicador e principal actividade exercida.
4. Cando cumpra, indicación de que o poder adxudicador é unha central de compras, ou de que se vai utilizar, ou se pode utilizar, algunha outra forma de contratación conxunta.
5. Códigos CPV cando a concesión estea dividida en lotes; esta información facilitarase para cada lote.
6. Código NUTS da localización principal das obras, no caso dos contratos de obras, ou código NUTS do lugar principal de entrega ou de execución nos contratos de subministración e de servizos. Cando a concesión estea dividida en lotes, esta información facilitarase para cada lote.
7. Breve descrición da contratación: natureza e alcance das obras, natureza e cantidade ou valor das subministracións, natureza e alcance dos servizos.
8. Cando este anuncio non se utilice como medio de convocatoria de licitación, as datas estimadas para a publicación dun ou varios anuncios de licitación con respecto ao contrato ou aos contratos a que se refira este anuncio de información previa.
9. Data de envío do anuncio.
10. Se procede, outras informacións.
11. Indicación de se o ACP é aplicable ao contrato.

Sección 3. Información que debe figurar nos anuncios de información previa de servizos especiais do anexo IV:

1. Nome, número de identificación (cando estea previsto na lexislación nacional), enderezo, incluído código NUTS, enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador.
2. Breve descrición do contrato de que se trate, incluídos o valor estimado total do contrato e os números de referencia á nomenclatura CPV.

3. Na medida en que xa se coñezan:

a) Código NUTS da localización principal das obras, no caso das obras, ou código NUTS do lugar principal de entrega ou de execución no caso das subministracións e dos servizos.

b) Calendario de entrega dos bens, da realización das obras ou da prestación dos servizos e duración do contrato.

c) Condicións para a participación e, en concreto:

Cando cumpra, indicación de se o contrato público está restrinxido a talleres protexidos ou se se prevé que sexa executado unicamente no marco de programas de emprego protexido,

Cando cumpra, indicarse se, conforme disposicións legais, regulamentarias ou administrativas, se reserva a prestación do servizo a unha determinada profesión;

d) Breve descrición das características principais do procedemento de adxudicación que se vai aplicar.

Sección 4. Información que debe figurar nos anuncios de licitación cando non proceda a aplicación da sección 5 seguinte:

1. Nome, número de identificación, enderezo, incluído código NUTS, número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.

2. Enderezo electrónico ou da internet no cal estarán dispoñibles os pregos da contratación para un acceso libre, directo, completo e gratuíto.

Cando non se dispoña dun acceso libre, directo, completo e gratuíto polos motivos recollidos no artigo 138, unha indicación sobre o modo de acceso aos pregos da contratación.

3. Tipo de poder adxudicador e principal actividade exercida.

4. Cando cumpra, indicación de que o poder adxudicador é unha central de compras ou de que se vai utilizar algunha outra forma de contratación conxunta.

5. Códigos CPV cando a concesión estea dividida en lotes; esta información facilitarase para cada lote.

6. Código NUTS da localización principal das obras, no caso dos contratos de obras, ou código NUTS do lugar principal de entrega ou de execución nos contratos de subministración e de servizos. Cando a concesión estea dividida en lotes, esta información facilitarase para cada lote.

7. Descrición da licitación: natureza e alcance das obras, natureza e cantidade ou valor das subministracións, natureza e alcance dos servizos. Se o contrato está dividido en lotes, esta información facilitarase para cada lote. Se procede, descrición de posibles variantes.

8. Orde de magnitude total estimada do contrato ou contratos: cando os contratos estean divididos en lotes, esta información facilitarase para cada lote.

9. Admisión ou prohibición de variantes.

10. Calendario para a entrega das subministracións ou das obras ou para a prestación dos servizos e, na medida do posible, duración do contrato.

a) Cando se utilice un acordo marco, indicación da súa duración prevista, xustificando, de ser o caso, toda duración superior a catro anos; na medida do posible, indicación do valor ou da orde de magnitude e da frecuencia dos contratos que se van adxudicar, do número e, cando cumpra, número máximo proposto de operadores económicos que van participar.

b) No caso dun sistema dinámico de adquisición, indicación da duración prevista do sistema; na medida do posible, indicación do valor ou da orde de magnitude e da frecuencia dos contratos que se van adxudicar.

11. Condicións de participación, entre elas:
  - a) Cando cumpra, indicación de se o contrato público está restrinxido a talleres protexidos ou se se prevé que sexa executado unicamente no marco de programas de emprego protexido.
  - b) Cando cumpra, indicación de se as disposicións legais, regulamentarias e administrativas reservan a prestación do servizo a unha profesión determinada; referencia á dita disposición legal, regulamentaria ou administrativa.
  - c) Enumeración e breve descrición dos criterios relativos á situación persoal dos operadores económicos que poden dar lugar á súa exclusión, así como dos criterios de selección; niveis mínimos aceptables; indicación da información exixida (declaracións dos interesados, documentación).
12. Tipo de procedemento de adxudicación; cando cumpra, motivos para a utilización dun procedemento acelerado (nos procedementos abertos, restrinxidos ou de licitación con negociación).
13. Se procede, indicación de se:
  - a) Se aplica un acordo marco.
  - b) Se aplica un sistema dinámico de adquisición.
  - c) Se utiliza unha poxa electrónica (nos procedementos abertos, restrinxidos ou de licitación con negociación).
14. Cando o contrato se vaia subdividir en lotes, indicación da posibilidade de presentar ofertas para un dos lotes, para varios ou para todos eles; indicación de se o número de lotes que se poderá adxudicar a cada licitador estará limitado. Cando o contrato non estea subdividido en lotes, indicación das razóns para iso, salvo que esta información se facilite no informe específico.
15. No caso dos procedementos restrinxidos, de licitación con negociación, de diálogo competitivo ou de asociación para a innovación, cando se faga uso da facultade de reducir o número de candidatos que se convidarán para presentaren ofertas, a negociar ou a participar no diálogo: número mínimo e, de ser o caso, máximo proposto de candidatos e criterios obxectivos que se utilizarán para elixir os candidatos en cuestión.
16. Para o procedemento de licitación con negociación, o diálogo competitivo ou a asociación para a innovación, indicárase, se procede, que se recorrerá a un procedemento que se desenvolverá en fases sucesivas co fin de reducir progresivamente o número de ofertas que haxa que negociar ou de solucións que se deban examinar.
17. Se procede, condicións particulares a que está sometida a execución do contrato.
18. Criterios que se utilizarán para adxudicar o contrato ou os contratos. Excepto no suposto en que a mellor oferta se determine sobre a base do prezo exclusivamente, indicáranse os criterios que a determinen, de conformidade co artigo 145, así como a súa ponderación, cando os ditos criterios non figuren no prego de condicións ou, en caso de diálogo competitivo, no documento descritivo.
19. Prazo para a recepción de ofertas (procedementos abertos) ou solicitudes de participación (procedementos restrinxidos, procedementos de licitación con negociación, sistemas dinámicos de adquisición, diálogos competitivos e asociacións para a innovación).
20. Enderezo ao cal se deberán transmitir as ofertas ou solicitudes de participación.
21. Cando se trate de procedementos abertos:
  - a) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta.
  - b) Data, hora e lugar da apertura das plicas.
  - c) Persoas autorizadas a asistir á dita apertura.
22. Lingua ou linguas en que se deberán redactar as ofertas ou as solicitudes de participación.

23. Se procede, indicación de se:
  - a) Se aceptará a presentación electrónica de ofertas ou de solicitudes de participación.
  - b) Se utilizarán pedidos electrónicos.
  - c) Se aceptará facturación electrónica.
  - d) Se utilizará o pagamento electrónico.
24. Información sobre se o contrato está relacionado cun proxecto ou programa financiado con fondos da Unión.
25. Nome e enderezo do órgano competente nos procedementos de recurso e, de ser o caso, de mediación. Indicación dos prazos de presentación de recursos ou, en caso necesario, o nome, o enderezo, os números de teléfono e de fax e o enderezo electrónico do servizo do cal se poida obter a dita información.
26. Datas e referencias de publicacións anteriores no «Diario Oficial de la Unión Europea» relevantes para o contrato ou os contratos que se dean a coñecer no anuncio.
27. No caso dos contratos periódicos, calendario estimado para a publicación de posteriores anuncios.
28. Data de envío do anuncio.
29. Indicación de se o ACP é aplicable ao contrato.
30. Se procede, outras informacións.

Sección 5. Información que debe figurar nos anuncios de licitación relativos a contratos de servizos especiais do anexo IV:

1. Nome, número de identificación, enderezo, incluído código NUTS, enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador.
2. Código NUTS da localización principal das obras, no caso dos contratos de obras, ou código NUTS do lugar principal de entrega ou de execución, nos contratos de subministración e de servizos.
3. Breve descrición do contrato de que se trate, incluídos os números de referencia á nomenclatura CPV.
4. Condicións para a participación e, en concreto:
  - Cando cumpra, indicación de se o contrato público está restrinxido a talleres protexidos ou se se prevé que sexa executado unicamente no marco de programas de emprego protexido,
  - Cando proceda, indicación de se, conforme disposicións legais, regulamentarias ou administrativas, se reserva a prestación do servizo a unha determinada profesión.
5. Prazo(s) para pórse en contacto co poder adxudicador, con vistas a participar.
6. Breve descrición das características principais do procedemento de adxudicación que se vai aplicar.

Sección 6. Información que debe figurar nos anuncios de formalización de contratos cando non proceda a aplicación da sección 7 seguinte:

1. Nome, número de identificación, enderezo, incluído código NUTS, número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.
2. Tipo de poder adxudicador e principal actividade exercida.
3. Cando cumpra, indicación de se o poder adxudicador é unha central de compras ou de se se vai utilizar algunha outra forma de contratación conxunta.
4. Códigos CPV.
5. Código NUTS da localización principal das obras, no caso dos contratos de obras, ou código NUTS do lugar principal de entrega ou de execución, nos contratos de subministración e de servizos.

6. Descrición da licitación: natureza e alcance das obras, natureza e cantidade ou valor das subministracións, natureza e alcance dos servizos. Se o contrato está dividido en lotes, esta información facilitarase para cada lote. Se procede, descrición de posibles variantes.

7. Tipo de procedemento de adxudicación; no caso de que se utilizase un procedemento negociado sen publicación previa, deberase xustificar esta elección.

8. Se procede, indicación de se:

- a) Se aplicou un acordo marco;
- b) Se aplicou un sistema dinámico de adquisición.

9. Criterios previstos no artigo 145 que se utilizaron para adxudicar o contrato ou os contratos. Cando cumpra, indicación de se se utilizou unha poxa electrónica (nos procedementos abertos, restrinxidos ou de licitación con negociación).

10. Data da adxudicación do contrato ou contratos ou do acordo ou acordos marco tras a decisión de concesión ou subscripción.

11. Número de ofertas recibidas con respecto a cada adxudicación e, en concreto:

- a) O número de ofertas recibidas de operadores económicos que sexan pequenas e medianas empresas.
- b) Número de ofertas recibidas doutro Estado membro ou dun país terceiro.
- c) Número de ofertas recibidas por vía electrónica.

12. Para cada adxudicación, nome, NIF, enderezo, incluído código NUTS, número de teléfono e de fax, enderezo electrónico e da internet do licitador ou licitadores seleccionados, especificando:

- a) Se o licitador adxudicatario é unha pequena e mediana empresa;
- b) Se o contrato se adxudicou a unha agrupación de empresas.

13. Valor da oferta ou ofertas seleccionadas ou valores das ofertas de maior e de menor custo tomadas en consideración para a adxudicación ou as adxudicacións de contratos.

14. Cando cumpra, para cada adxudicación, valor e proporción dos contratos que se prevea subcontratar a terceiros.

15. Información sobre se o contrato está relacionado cun proxecto ou programa financiado con fondos da Unión.

16. Nome e enderezo do órgano responsable dos procedementos de recurso e, de ser o caso, de mediación. Indicación do prazo de presentación de recursos ou, en caso necesario, o nome, o enderezo, os números de teléfono e de fax e o enderezo electrónico do servizo do cal se poida obter a dita información.

17. Datas e referencias de publicacións anteriores no «Diario Oficial de la Unión Europea» relevantes para o contrato ou os contratos que se dean a coñecer no anuncio.

18. Data de envío do anuncio.

19. Se procede, outras informacións.

Sección 7. Información que debe figurar no anuncio de formalización dos contratos de servizos sociais e outros servizos específicos:

1. Nome, número de identificación (cando estea previsto na lexislación nacional), enderezo, incluído código NUTS, enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador.

2. Breve descrición do contrato de que se trate, incluídos o número ou números de referencia da nomenclatura CPV.

3. Código NUTS da localización principal das obras, no caso dos contratos de obras, ou código NUTS do lugar principal de entrega ou execución, nos contratos de subministración e de servizos.

4. Número de ofertas recibidas.

5. Prezo ou gama de prezos (mínimo/máximo) pagados.

6. Para cada adxudicación, nome e enderezo, incluído código NUTS, NIF, enderezo electrónico e da internet do operador ou operadores económicos adxudicatarios.

7. Se procede, outras informacións.

Sección 8. Información que debe figurar nos anuncios de concursos de proxectos:

1. Nome, número de identificación, enderezo, incluído código NUTS, número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.

2. Enderezo electrónico ou da internet en que estarán dispoñibles os pregos da contratación para un acceso libre, directo, completo e gratuíto.

Cando non se dispoña dun acceso libre, directo, completo e gratuíto polos motivos recollidos no artigo 138, unha indicación sobre o modo de acceso aos pregos da contratación.

3. Tipo de poder adxudicador e principal actividade exercida.

4. Cando cumpra, indicación de se o poder adxudicador é unha central de compras ou de se se vai a utilizar algunha outra forma de contratación conxunta.

5. Códigos CPV cando a concesión estea dividida en lotes; esta información facilitarase para cada lote.

6. Descrición das principais características do proxecto.

7. Se procede, número e importe dos premios.

8. Tipo de concurso (aberto ou restrinxido).

9. Cando se trate de concursos abertos, prazo para presentar proxectos.

10. Cando se trate de concursos restrinxidos:

a) Número de participantes considerado.

b) Nomes dos participantes xa seleccionados, de ser o caso.

c) Criterios de selección dos participantes.

d) Prazo para as solicitudes de participación.

11. De ser o caso, indicación de se a participación está restrinxida a unha profesión específica.

12. Criterios que se aplicarán para valorar os proxectos.

13. Indicación de se a decisión do xurado é vinculante para o poder adxudicador.

14. Se procede, posibles pagamentos a todos os participantes.

15. Indicarase se os contratos subseguintes ao concurso serán ou non adxudicados ao gañador ou aos gañadores do dito concurso.

16. Data de envío do anuncio.

17. Se procede, outras informacións.

Sección 9. Información que debe figurar nos anuncios sobre os resultados dun concurso de proxectos:

1. Nome, número de identificación, enderezo, incluído código NUTS, número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.

2. Tipo de poder adxudicador e principal actividade exercida.

3. Cando cumpra, indicación de se o poder adxudicador é unha central de compras ou de se se vai utilizar algunha outra forma de contratación conxunta.

4. Códigos CPV.

5. Descrición das principais características do proxecto.

6. Importe dos premios.

7. Tipo de concurso (aberto ou restrinxido).

8. Criterios que se aplicaron para valorar os proxectos.

9. Data da decisión do xurado.



10. Número de participantes.
  - a) Número de participantes que sexan pemes.
  - b) Número de participantes estranxeiros.

11. Nome, enderezo, incluído código NUTS, NIF, número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do gañador ou gañadores do concurso e indicación de se se trata de pequenas e medianas empresas.

12. Información sobre se o concurso de proxectos está relacionado cun proxecto ou programa financiado con fondos da Unión Europea.

13. Datas e referencias de publicacións anteriores no «Diario Oficial de la Unión Europea» relevantes para o proxecto ou os proxectos que se dean a coñecer no anuncio.

14. Data de envío do anuncio.

15. Se procede, outras informacións.

Sección 10. Información que debe figurar nos anuncios de modificación dun contrato durante a súa vixencia:

1. Nome, número de identificación, enderezo, incluído código NUTS, número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.

2. Códigos CPV.

3. Código NUTS da localización principal das obras, no caso dos contratos de obras, ou código NUTS do lugar principal de entrega ou de execución, nos contratos de subministración e de servizos.

4. Descrición da contratación antes e despois da modificación: natureza e alcance das obras, natureza e cantidade ou valor das subministracións, natureza e alcance dos servizos.

5. Cando cumpra, incremento de prezo causado pola modificación.

6. Descrición das circunstancias que fixeron necesaria a modificación.

7. Data de adxudicación do contrato.

8. Cando cumpra, nome e enderezo, incluído código NUTS, NIF, número de teléfono e fax, enderezo electrónico e da internet do novo operador ou operadores económicos.

9. Información sobre se o contrato está relacionado cun proxecto ou programa financiado con fondos da Unión.

10. Nome e enderezo do organismo de supervisión e do órgano responsable dos procedementos de recurso e, de ser o caso, de mediación. Indicación do prazo de presentación de recursos ou, en caso necesario, o nome, o enderezo, os números de teléfono e de fax e o enderezo electrónico do servizo do cal se poida obter a dita información.

11. Datas e referencias de publicacións anteriores no «Diario Oficial de la Unión Europea» relevantes para o contrato ou os contratos que se dean a coñecer no anuncio.

12. Data de envío do anuncio.

13. Se procede, outras informacións.

B) Información que debe figurar nos anuncios de licitación, formalización e modificación de contratos de concesión de obras e de concesión de servizos.

Sección 1. Información que debe figurar nos anuncios de licitación dos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos:

1. Nome, número de identificación (cando estea previsto na lexislación nacional), enderezo (incluído o código NUTS), número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador ou da entidade adxudicadora e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.

2. Tipo de poder adxudicador ou entidade adxudicadora e principal actividade desenvolvida.

3. Se as solicitudes van ir acompañadas de ofertas, enderezo electrónico e da internet onde se poden consultar, cun acceso directo, completo, gratuito e sen restricións, os documentos de concesión. Cando non se dispoña dun acceso directo, completo, gratuito e sen restricións nos casos recollidos no artigo 138, unha indicación sobre o modo de consulta da documentación da contratación.

4. Descrición da concesión: natureza e magnitude das obras, natureza e magnitude dos servizos, orde de magnitude ou valor indicativo e, se é posible, duración do contrato. Cando a concesión estea dividida en lotes, esta información facilitarase para cada lote. Se procede, descrición de posibles variantes.

5. Número(s) de referencia da nomenclatura do CPV. Cando a concesión estea dividida en lotes, esta información facilitarase para cada lote.

6. Código NUTS da localización principal das obras, no caso de concesións de obras, ou do lugar principal de prestación, se se trata de concesións de servizos; cando a concesión estea dividida en lotes, esta información facilitarase para cada lote.

7. Condicións de participación, entre elas:

a) Se procede, indicación de se a concesión está restrinxida a talleres protexidos ou se a súa execución está restrinxida ao marco de programas de protección de emprego.

b) Se procede, indicación de se a prestación do servizo está reservada, conforme disposicións legais, regulamentarias e administrativas, a unha determinada profesión; referencia da dita disposición legal, regulamentaria ou administrativa;

c) Lista e descrición breve dos criterios de selección, se procede; nivel ou niveis mínimos que se poden exixir; indicación da información exixida (declaracións dos interesados, documentación).

8. Data límite de presentación das solicitudes ou de recepción das ofertas.

9. Criterios que se aplicarán na adxudicación da concesión, cando non aparezan noutros documentos relativos á concesión.

10. Data de envío do anuncio.

11. Nome e enderezo do órgano competente para os procedementos de recurso e, se procede, de mediación. Indicación precisa do prazo de presentación de recursos ou, en caso necesario, o nome, enderezo, números de teléfono e de fax e enderezo electrónico do servizo do cal se poida obter a dita información.

12. Se procede, condicións particulares a que está sometida a execución da concesión.

13. Enderezo ao cal se deban enviar as solicitudes de participación ou as ofertas.

14. Se procede, indicación das condicións e dos requisitos relativos ao uso de medios electrónicos de comunicación.

15. Información de se a concesión garda relación cun proxecto ou programa financiado pola Unión Europea.

16. Para as concesións de obras, indicarse se a concesión está cuberta polo ACP.

Sección 2. Información que debe figurar nos anuncios de formalización dos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos cando non proceda a aplicación da sección 5 seguinte:

1. Nome, número de identificación, enderezo (incluído o código NUTS) e, se procede, número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador ou da entidade adxudicadora e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.

2. Tipo de poder adxudicador ou entidade adxudicadora e principal actividade desenvolvida.

3. Códigos CPV.

4. Código NUTS da localización principal das obras, no caso de concesións de obras, ou do lugar principal de prestación, se se trata de concesións de servizos.

5. Descrición da concesión: natureza e magnitude das obras, natureza e magnitude dos servizos, duración do contrato. Cando a concesión estea dividida en lotes, esta información facilitarase para cada lote. Se procede, descrición de posibles variantes.

6. Descrición do procedemento de adxudicación utilizado; en caso de adxudicación sen publicación previa, xustificación desta.

7. Criterios previstos no artigo 145 que se utilizarán para a adxudicación da concesión ou concesións.

8. Data da decisión ou decisións de adxudicación das concesións.

9. Número de ofertas recibidas para cada adxudicación, con especificación:

a) Do número de ofertas recibidas de operadores económicos que son pequenas e medianas empresas.

b) Do número de ofertas recibidas do estranxeiro.

c) Do número de ofertas recibidas por vía electrónica.

10. Para cada adxudicación, nome, enderezo (incluído o código NUTS), NIF e, se procede, número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do licitador ou licitadores seleccionados, especificando:

a) Se o licitador adxudicatario é unha pequena e mediana empresa.

b) Se a concesión se adxudicou a un consorcio.

11. Valor e principais condicións económicas da concesión adxudicada, en particular:

a) Honorarios, prezos e multas, de habelas.

b) Primas e pagamentos, de habelos.

c) Calquera outro detalle pertinente para o valor da concesión, conforme o establecido no número 3 do artigo 101.

12. Información de se a concesión garda relación cun proxecto ou programa financiado por fondos da Unión.

13. Nome e enderezo do órgano responsable dos procedementos de recurso e, se procede, de mediación. Indicación precisa do prazo de presentación de recursos ou, en caso necesario, o nome, enderezo, números de teléfono e de fax e enderezo electrónico do servizo do cal se poida obter a dita información.

14. Datas e referencias de anteriores publicacións no «Diario Oficial de la Unión Europea» que garden relación coa concesión ou concesións obxecto do anuncio.

15. Data de envío do anuncio.

16. Método utilizado para calcular o valor estimado da concesión, se non se especifica noutros documentos relativos á concesión de conformidade co artigo 101.

17. Se procede, outras informacións.

Sección 3. Información que debe figurar nos anuncios de información previa de concesións de servizos especiais do anexo IV:

1. Nome, número de identificación, enderezo (incluído o código NUTS), número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador ou da entidade adxudicadora e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.

2. Se procede, enderezo electrónico ou da internet onde estarán dispoñibles as especificacións e posibles documentos adicionais.

3. Tipo de poder adxudicador ou entidade adxudicadora e principal actividade desenvolvida.

4. Códigos CPV; cando a concesión estea dividida en lotes, esta información facilitarase para cada lote.

5. Código NUTS da localización principal de realización ou prestación das concesións de servizos.

6. Descrición dos servizos, orde indicativa de magnitude ou valor.

7. Condicións de participación.
8. Se procede, prazo(s) para pórse en contacto co poder adxudicador ou coa entidade adxudicadora, con vistas a participar.
9. Se procede, descrición breve das principais características do procedemento de adxudicación.
10. Se procede, outras informacións.

Sección 4. Información que debe figurar nos anuncios de modificación dos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos:

1. Nome, número de identificación (cando estea previsto na lexislación nacional), enderezo (incluído o código NUTS), número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador ou da entidade adxudicadora e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.
2. Códigos CPV.
3. Código NUTS da localización principal das obras, no caso de concesións de obras, ou código NUTS do lugar principal de prestación, se se trata de concesións de servizos.
4. Descrición da concesión antes e despois da modificación: natureza e magnitude das obras, natureza e magnitude dos servizos.
5. Se procede, modificación do valor da concesión, incluído o incremento de honorarios ou prezos causado pola modificación.
6. Descrición das circunstancias que fixeron necesaria a modificación.
7. Data de adxudicación da concesión.
8. Se procede, nome e enderezo (incluído o código NUTS), NIF, número de teléfono e de fax e enderezo electrónico e da internet do novo operador ou operadores económicos.
9. Información de se a concesión garda relación cun proxecto ou programa financiado por fondos da Unión.
10. Nome e enderezo do órgano responsable dos procedementos de recurso e, se procede, de mediación. Indicación precisa do prazo de presentación de recursos ou, en caso necesario, o nome, enderezo, números de teléfono e de fax e enderezo electrónico do servizo do cal se poida obter a dita información.
11. Datas e referencias de anteriores publicacións no «Diario Oficial de la Unión Europea» que garden relación coa concesión ou concesións obxecto do anuncio.
12. Data de envío do anuncio.
13. Se procede, outras informacións.

Sección 5. Información que debe figurar nos anuncios de formalización de concesións de servizos sociais do anexo IV:

1. Nome, número de identificación (cando estea previsto na lexislación nacional), enderezo (incluído o código NUTS), se procede, número de teléfono e de fax, e enderezo electrónico e da internet do poder adxudicador ou da entidade adxudicadora e, en caso de ser diferente, do servizo do cal se poida obter información complementaria.
2. Tipo de poder adxudicador ou entidade adxudicadora e principal actividade desenvolvida.
3. Códigos CPV; cando a concesión estea dividida en lotes, esta información facilitarase para cada lote.
4. Indicación resumida do obxecto da concesión.
5. Número de ofertas recibidas.
6. Valor da oferta adxudicada, incluídos honorarios e prezos.
7. Nome e enderezo (incluído o código NUTS), número de teléfono e de fax, enderezo electrónico e da internet do licitador ou licitadores seleccionados.
8. Se procede, outras informacións.

## ANEXO IV

**Servizos especiais a que se refiren os artigos 22.1.c), 135.5 e a disposición adicional trixésimo sexta**

Código CPV	Descrición
75200000-8; 75231200-6; 75231240-8; 79611000-0; 79622000-0 [Servizos de subministración de persoal doméstico] 79624000-4 [Servizos de subministración de persoal de enfermaría] e 79625000-1 [Servizos de subministración de persoal médico] de 85000000-9 a 85323000-9; 98133100-5, 98133000-4; 98200000-5; 98500000-8 [Casas particulares con persoas empregadas] e 98513000-2 a 98514000-9 [Servizos de man de obra para particulares, servizos de persoal de axencia para particulares, servizos de persoal administrativo para particulares, persoal temporal para particulares, servizos de axuda en tarefas domésticas e servizos domésticos].	Servizos sociais e de saúde e servizos conexas.
85321000-5 e 85322000-2, 75000000-6 [Servizos de Administración pública, defensa e servizos de seguridade social], 75121000-0, 75122000-7, 75124000-1; de 79995000-5 a 79995200-7; de 80000000-4 Servizos educativos e de formación a 80660000-8; de 92000000-1 a 92342200-2; de 92360000-2 a 92700000-8; 79950000-8 [Servizos de organización de exposicións, feiras e congresos], 79951000-5 [Servizos de organización de seminarios], 79952000-2 [Servizos de eventos], 79952100-3 [Servizos de organización de eventos culturais], 79953000-9 [Servizos de organización de festivais], 79954000-6 [Servizos de organización de festas], 79955000-3 [Servizos de organización de desfiles de modas], 79956000-0 [Servizos de organización de feiras e exposicións].	Servizos administrativos sociais, educativos, sanitarios e culturais.
75300000-9.	Servizos de seguridade social de afiliación obrigatoria.
75310000-2, 75311000-9, 75312000-6, 75313000-3, 75313100-4, 75314000-0, 75320000-5, 75330000-8, 75340000-1.	Servizos de prestacións sociais.
98000000-3; 98120000-0; 98132000-7; 98133110-8 e 98130000-3.	Outros servizos comunitarios, sociais e persoais, incluídos os servizos prestados por sindicatos, organizacións políticas, asociacións xuvenís e outros servizos prestados por asociacións.
98131000-0.	Servizos relixiosos.
55100000-1 a 55410000-7; 55521000-8 a 55521200-0 [55521000-8 Servizos de subministración de comidas para fogares, 55521100-9 Servizos de entrega de comidas a domicilio, 55521200-0 Servizos de entrega de comidas]. 55520000-1 Servizos de subministración de comidas desde o exterior, 55522000-5 Servizos de subministración de comidas para empresas de transporte, 55523000-2 Servizos de subministración de comidas para outras empresas e institucións, 55524000-9 Servizos de subministración de comidas para escolas. 55510000-8 Servizos de cantina, 55511000-5 Servizos de cantina e outros servizos de cafetería para clientela restrinxida, 55512000-2 Servizos de xestión de cantina, 55523100-3 Servizos de comidas para escolas.	Servizos de hostalaría e restaurante.
79100000-5 a 79140000-7; 75231100-5.	Servizos xurídicos distintos dos referidos no artigo 19.2.d).
75100000-7 a 75120000-3; 75123000-4; 75125000-8 a 75131000-3.	Outros servizos administrativos e servizos gobernamentais.
75200000-8 a 75231000-4.	Prestación de servizos para a comunidade.

Código CPV	Descrición
75231210-9 a 75231230-5; 75240000-0 a 75252000-7; 794300000-7; 98113100-9.	Servizos relacionados coas prisións, servizos de seguranza pública e servizos de salvamento distintos dos referidos no artigo 19.2.f).
79700000-1 a 79721000-4 [Servizos de investigación e seguranza, servizos de seguranza, servizos de vixilancia de sistemas de alarma, servizos de vixilancia, servizos relacionados co sistema de localización, servizos de busca de prófugos, servizos de patrullas, servizos de expedición de distintivos de identificación, servizos de investigación e servizos de axencia de detectives] 79722000-1 [Servizos de grafoloxía], 79723000-8 [Servizos de análise de residuos].	Servizos de investigación e seguranza.
98900000-2 [Servizos prestados por organizacións e entidades extraterritoriais] e 98910000-5 [Servizos específicos de organizacións e entidades extraterritoriais].	Servizos internacionais.
64000000-6 [Servizos de correos e telecomunicacións], 64100000-7 [Servizos postais e de correo rápido], 64110000-0 [Servizos postais], 64111000-7 [Servizos postais relacionados con periódicos e revistas], 64112000-4 [Servizos postais relacionados con cartas], 64113000-1 [Servizos postais relacionados con paquetes], 64114000-8 [Servizos de portelo de correos], 64115000-5 [Alugamento de apartados de correos], 64116000-2 [Servizos de lista de correos], 64122000-7 [Servizos de correo interno].	Servizos de correos.
50116510-9 [Servizos de recauchutado de pneumáticos], 71550000-8 [Servizos de ferraría].	Servizos diversos.

## ANEXO V

**Listaxe de convenios internacionais no ámbito social e ambiental a que se refire o artigo 201**

- Convenio OIT n.º 87, sobre a liberdade sindical e a protección do dereito de sindicación.
- Convenio OIT n.º 98, sobre o dereito de sindicación e de negociación colectiva.
- Convenio OIT n.º 29, sobre o traballo forzoso.
- Convenio OIT n.º 105, sobre a abolición do traballo forzoso.
- Convenio OIT n.º 138, sobre a idade mínima.
- Convenio OIT n.º 111, sobre a discriminación (emprego e ocupación).
- Convenio OIT n.º 100, sobre igualdade de remuneración.
- Convenio OIT n.º 182, sobre as peores formas de traballo infantil.
- Convenio de Viena para a protección da capa de ozono e o seu Protocolo de Montreal relativo ás substancias que esgotan a capa de ozono.
- Convenio para o control da eliminación e o transporte transfronteirizo de residuos perigosos (Convenio de Basilea).
- Convenio de Estocolmo sobre contaminantes orgánicos persistentes (COP).
- Convenio de Rotterdam sobre o procedemento de consentimento fundamentado previo aplicable a certos praguicidas e produtos químicos perigosos obxecto de comercio internacional (PNUMA/FAO) (Convenio PIC), Rotterdam, 10 de setembro de 1998, e os seus tres protocolos rexionais.

## ANEXO VI

### **Códigos CPV dos servizos e subministracións a que se refire a disposición adicional cuarta, relativa aos contratos reservados**

Servizos de limpeza:

90610000-6, 90611000-3, 77211500-7, 77310000-6, 77311000-3, 77313000-7, 77314000-4, 90917000-8, 77211400-6, 90910000-9, 90911300-9, 90919200-4, 90690000-0.

Servizo de recollida e reciclaxe:

90511300-5, 90511400-6, 90531000-8.

Servizos forestais:

77200000-2, 77231000-8, 77231800-6, 77312000-0, 77312100-1, 79930000-2.

Servizos de lavandaría:

98311100-7, 98311200-8, 98312100-4, 98314000-7, 98315000-4, 98311000-6.

Servizo de hostalaría e cátering:

79952000-2, 55130000-0, 79952100-3, 55120000-7, 79950000-8, 55512000-2, 55330000-2, 55400000-4, 55410000-7.

Servizos de transporte:

60112000-6.

Servizos de imprenta:

79824000-6, 79821000-5, 79820000-8, 79800000-2, 79810000-5, 79823000-9, 79971000-1, 79971200-3, 79971100-2.

Servizos sociais:

85320000-8, 85312000-9, 85300000-2, 85310000-5.

Servizos de almacenamento e repartición:

63100000-0, 63120000-6, 63121100-4.

Servizos de hospedaxe e turismo rural:

63500000-4, 75125000-8.

Servizos de traballos administrativos:

92500000-6, 92510000-9, 92511000-6, 92512000-3, 79500000-9, 98341120-2, 98341130-5, 79511000-9, 92520000-2, 92521000-9, 92521100-0, 72312000-5.

Servizos de xestión e traballos auxiliares:

45233294-6, 45316000-5, 79993100-2, 79993000-1.

Servizos de correo e publicidade:

79571000-7, 79340000-9, 79341000-6, 64121100-1, 64121200-2, 79520000-5, 79920000-9, 79921000-6.

Servizos de mantemento e reparación:

45422000-1, 45420000-7, 50850000-8, 45262500-6, 45262520-2, 50000000-5, 71314100-3, 45330000-9, 45442100-8, 50232200-2, 45262680-1, 45259000-7, 50115000-4.

Produción e venda de plantas de tempada, de composta, de planta e arbusto, de mobiliario de xardín:

03121100-6, 03451300-9, 39142000-9, 03110000-5.

Produción e venda de xabóns de man:

33711900-6, 33741100-7, 39831700-3.

Produción e venda de ferramentas de cociña de madeira:

39220000-0, 44410000-7, 39221100-8, 39221180-2, 39141000-2.

Produción e venda de mobiliario de carpintaría:

39100000-3, 03419100-1, 37800000-6, 37810000-9.

Venda e distribución:

30199000-0, 39000000-2.

Artigos para eventos:

18530000-3.

Regalos e obsequios de empresa:

39516000-2, 39295500-1, 39561140-5, 39200000-4, 39290000-1, 39170000-4, 44111300-4, 39298900-6, 44812400-9.